



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 138
14 de xaneiro de 2025



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.4. Acordos, resolucións ou propostas de comisións especiais ou de investigación

■ Aprobación do Ditame da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica e formulación de votos particulares [56816](#)

■ Votos particulares formulados ao Ditame emitido pola Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica

— G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 15864) [56900](#)

— G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 15882) [56921](#)

— G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 15883) [57025](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

■ 15672 (12/PRE-002950)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Insua Lema, Óscar

Sobre determinadas cuestións en relación coa crise demográfica que atravesas as comarcas de Deza e de Tabeirós-Terra de Montes [57031](#)

■ 15678 (12/PRE-002951)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre o número de animais vacinados contra a doenza da lingua azul por parte de persoal externo á xestión da Xunta de Galicia durante os anos 2023 e 2024 [57034](#)

■ 15886 (12/PRE-002952)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para mellorar o servizo de transporte público de persoas por estrada, na comarca do Baixo Miño [57037](#)

■ 15891 (12/PRE-002953)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego de establecer un diálogo coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e co Concello de Oia para mellorar o estado actual do encoro de Loureza e para garantir a legalidade da comunidade de regantes do Folón [57041](#)



I 15900 (12/PRE-004257)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**

Sobre determinadas cuestións acerca do Plan de axilización e simplificación dos trámites de dependencia e de discapacidade anunciado pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia

[57045](#)**I 15912 (12/PRE-004258)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**

Sobre a implantación, por parte da Xunta de Galicia, do Plan galego de residencias libres de suxeicións

[57048](#)**I 15949 (12/PRE-005564)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a avaliación que fai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da aplicación do protocolo educativo para a prevención, a detección e tratamento do acoso e do ciberacoso escolar

[57051](#)**I 15955 (12/PRE-005565)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre os criterios que avalaron o informe favorable a autorización de envío a verificación do grao de Dereito da Universidade Intercontinental (UIE)

[57053](#)**I 15960 (12/PRE-005566)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a eventual asignación por parte da Xunta de Galicia dun coidador/a no CPI Cernadas de Castro, de Lousame

[57056](#)**I 15966 (12/PRE-005567)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos**

Sobre o nivel de coordinación que mantén a Consellería do Mar co sector marisqueiro extractivo para a posta en marcha de axudas e a valoración que fai o Goberno das mesmas en termos de sustentabilidade de postos de traballo

[57058](#)**1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular****Admisión a trámite e publicación****I 16011 (12/PDC-000013)**

Pregunta de iniciativa popular relativa á implementación efectiva da Lei de alertadores de Galicia

[57061](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.4. Acordos, resolucións ou propostas de comisións especiais ou de investigación

Aprobación do Ditame da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica e formulación de votos particulares

(12/CCIN-000004)

Publicación da solicitude de creación, BOPG nº 87, do 19.09.2024

Publicación do acordo, BOPG nº 87, do 19.09.2024

Publicación das normas de funcionamento, BOPG nº 102f3, do 17.10.2024

Ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Ditame e dos votos particulares formulados ao Ditame emitido pola Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica.

- G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 15864)
- G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 15882)
- G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 15883)

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

COMISIÓN NON PERMANENTE DE INVESTIGACIÓN SOBRE A CONTRATACIÓN PÚBLICA DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Ditame da Comisión

A Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica, na súa sesión do día 27 de decembro de 2024, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión

(12/SCI-000004)

Publicación da solicitude de creación, BOPG nº 87, do 19.09.2024

Publicación do acordo, BOPG nº 87, do 19.09.2024

Publicación das normas de funcionamento, BOPG nº 102f3, do 17.10.2024

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



Ditame da Comisión non permanente especial de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica

ESTRUTURA

A) ANTECEDENTES

B) FEITOS RELEVANTES

B.1. Sobre o contexto

B.2. Sobre o Hospital público Álvaro Cunqueiro

B.3. Sobre a transparencia na contratación pública

C) CONCLUSIÓN

Sobre o Hospital público Álvaro Cunqueiro

C.1. Sobrecusto

C.2. A colaboración público-privada

C.3. Única alternativa

C.4. Modelo concesional

Sobre a contratación da Xunta de Galicia

D) RECOMENDACIÓN

E) RESUMO EXECUTIVO



A) ANTECEDENTES

Con data de 17 de setembro de 2024, a Mesa do Parlamento acordou a creación e composición da Comisión de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica (12/SCI-000004) tras examinar

- O documento núm. 11141 dos 25 deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, polo que solicitan, ao abeiro do disposto no artigo 52.1 *bis* do Regulamento do Parlamento de Galicia, a creación dunha comisión de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica.

A Mesa e a Xunta de Portavoces adoptan o seguinte acordo:

1º) Fixar en 17 membros a composición da Comisión de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica.

- 9 membros do G. P. Popular de Galicia.
- 5 membros G. P. do Bloque Nacionalista Galego.
- 2 membros G. P. dos Socialistas de Galicia.
- 1 membro do G. P. Mixto.

2º) Abrir un prazo, que remata ás 18.30 horas do 23 de setembro de 2024, para que os grupos parlamentarios comuniquen cadansúa representación na comisión.

3º) Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

4º) Publicar este acordo e o documento núm. 11141 no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Os grupos parlamentarios, a través dos documentos 11690, 11695, 11717 e 11812, proceden á designación dos membros da Comisión, quedando esta constituída na súa sesión do 4 de outubro de 2024, coa composición que a seguir se detalla:

Polo G. P. Popular de Galicia:

- Raquel Arias Rodríguez
- María Elena Candia López
- Miguel Fidalgo Iglesias
- Julio García Comesaña
- José Alberto Pazos Couñago
- Carmen María Pomar Tojo
- Roberto Rodríguez Martínez
- Cristina Sanz Arias
- Ethel María Vázquez Mourelle



Polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego:

- Xosé Luís Bará Torres
- Óscar Insua Lema
- Ana Belén Pontón Mondelo
- María Montserrat Prado Cores
- Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Polo G. P. dos Socialistas de Galicia:

- María Elena Espinosa Mangana
- José Ramón Gómez Besteiro

Polo G. P. Mixto:

- Armando Ojea Bouzo

Na mesma sesión procedeuse á elección dos membros da Mesa da Comisión e resultaron elixidos:

Mesa:

Presidenta: María Elena Candia López (P)

Vicepresidenta: Carmen María Pomar Tojo (P)

Secretario: Xosé Luís Bará Torres (BNG)

As normas de funcionamento da Comisión foron aprobadas na súa sesión do 4 de outubro de 2024, logo do debate das suxestións formuladas polos grupos parlamentarios nos docs. núms. 12963 e 12929, con base no proxecto aprobado pola Mesa.

Nelas recóllense o obxecto e a duración así como a súa organización, funcionamento, medios de acción, plan de traballo, comparecentes e ditame, co teor literal seguinte:

I. Obxecto e duración**Artigo 1**

A Comisión créase co obxecto de investigar a contratación pública da Administración autonómica co seguinte ámbito de actuación: sobrecusto de 470 millóns de euros na contratación polo sistema de concesión da construción e xestión do Hospital Álvaro Cunqueiro, incluíndo os servizos non clínicos (limpeza, lavandaría, restauración, aparcadoiro...); contratación da administración autonómica, incluídos os entes instrumentais, coas empresas do grupo EULEN entre 2009 e 2024; procedementos de contratación da Administración autonómica sen concorrência, negociados sen publicidade e contratación menor entre os anos 2009 e 2024; e os contratos de emerxencia tramitados pola Xunta e polo sector público autonómico entre os anos 2020



e 2024, nomeadamente os contratos de emerxencia da covid-19 adxudicados ás empresas UNIVERSAL SUPPORT, SIBUCU 360 e MAPE ASESORES.

Artigo 2

A Comisión extinguirase ao remate do labor encomendado e, en todo caso, ao concluír a lexislatura.

II. Organización

Artigo 3

A Mesa é o órgano de dirección e impulso das actividades da Comisión e exercerá as seguintes funcións:

- a) Recompilar toda a información e documentación imprescindible para realizar a tarefa encomendada. Esta información deberá estar á disposición dos deputados e deputadas que conforman a Comisión coa maior brevidade posible.
- b) Organizar as actividades que se consideren necesarias para dotar a Comisión de todo tipo de informacións de interese para a elaboración das conclusións.
- c) Preparar os documentos que deban ser sometidos á deliberación da Comisión.
- d) Executar os acordos adoptados pola Comisión.
- e) Propoñerlle á Comisión un plan de traballo e un calendario xeral de actividades, logo de escoitar as propostas dos distintos grupos parlamentarios.
- f) Aquelas que en calquera momento lle asigne a Comisión.

Artigo 4

1. A Comisión poderá designar unha ponencia cando as circunstancias do traballo así o aconsellasen.
2. As comparecencias terán lugar en comisión, agás que, por acordo da propia Comisión, se acorde levalas a cabo en ponencia.

III. Funcionamento

Artigo 5

A Comisión será convocada pola súa Presidencia, de acordo coa súa Mesa.

Artigo 6

A Comisión entenderase validamente constituída cando asistan a metade máis un dos seus membros. Os acordos tomaranse por maioría simple.

Artigo 7

1. Os traballos e as deliberacións da Comisión axustaranse ao previsto no artigo 70 do Regulamento do Parlamento de Galicia.



2. A actuación dos deputados e deputadas deberá axustarse ao previsto no artigo 13 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

IV. Medios de acción

Artigo 8

1. A Comisión, a través da Presidencia do Parlamento, poderá exercer as facultades previstas no artigo 44 do Regulamento da Cámara.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, calquera deputado ou deputada poderá facer uso da facultade de información recoñecida no artigo 9 do Regulamento da Cámara.

Artigo 9

1. Sempre que se solicítase a presenza dalgunha autoridade ou particular para comparecer na Comisión ou, se é o caso, na ponencia, os asuntos sobre os que deba informar deberán serlle comunicados cunha antelación mínima de cinco días hábiles, debendo ser advertido dos seus dereitos e obrigas.

2. As persoas requiridas en forma legal e baixo apercibimento que deixasen de comparecer incorrerán nas responsabilidades previstas no artigo 502 do Código penal.

Artigo 10

Sempre que o axeitado funcionamento da Comisión o precise, o Parlamento, a través da Mesa, poderá contratar, con carácter temporal, o auxilio de persoas expertas, nos termos que se especifican na disposición derradeira cuarta do Regulamento da Cámara.

V. Plan de traballo

Artigo 11

A Comisión aprobará un plan de traballo sobre a proposta elaborada pola Mesa desta Comisión, oído o parecer e as achegas dos portavoces e dos portavoces dos grupos parlamentarios, e nel poderá figurar o calendario xeral de actividades para a Comisión.

O plan de traballo incluírá os mecanismos para a incorporación de novas comparecencias ou solicitudes de información en función do desenvolvemento da propia Comisión.

VI. Comparecencias

Artigo 12

Serán admitidas todas as preguntas que formulen os grupos parlamentarios en cada comparecencia, sempre que versen sobre o obxecto da Comisión.

VII. Ditame

Artigo 13

1. Se a Comisión designase unha ponencia, esta elaborará un proxecto de ditame no que se reflectirán as conclusións da investigación. O proxecto seralle elevado á Comisión para o seu debate e aprobación.



No caso de que non se designase unha ponencia, será a propia Comisión a que elabore o proxecto.

2. Poderá redactarse, así mesmo, unha memoria na que figuren a metodoloxía seguida, o material utilizado e cantos datos se xulguen de interese.

Artigo 14

O proxecto de ditame deberá conter, a título indicativo:

- a) Un relatorio de feitos.
- b) A busca e constatación dos aspectos relativos á contratación pública da Administración autonómica nos ámbitos de actuación descritos.
- c) A análise e a valoración das responsabilidades, se é que as houbese.
- d) A avaliación das consecuencias e as medidas que se deban adoptar para o futuro.

Artigo 15

Ultimado o proxecto de ditame, a Presidencia da Comisión remitirállelo aos membros desta, no prazo previsto no calendario de actividades, e daralle conta á Presidencia da Cámara destas circunstancias.

Artigo 16

Os membros da Comisión poderán presentar emendas ao proxecto de ditame no prazo de cinco días hábiles desde a súa remisión.

Artigo 17

O proxecto de ditame, coas emendas presentadas, será obxecto de debate no seo da Comisión, para a súa aprobación definitiva.

Artigo 18

Os grupos parlamentarios e os deputados e as deputadas poderán formular votos particulares ao ditame aprobado para amosar a súa discrepancia con el ou en relación con aquelas emendas que fosen rexeitadas. Os votos particulares deberán presentarse dentro dos dous días hábiles seguintes á finalización do ditame.

Artigo 19

O ditame, cos votos particulares se os houber, seralle remitido á Mesa do Parlamento, no prazo dos cinco días hábiles seguintes á súa aprobación.

A Mesa do Parlamento dispoñerá a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.



Artigo 20

O ditame será sometido a debate e votación no Pleno e, para tal fin, a Presidencia do Parlamento —oída a Mesa e a Xunta de Portavoces— ordenará o debate, concederá a palabra e fixará os tempos das intervencións.

Artigo 21

1. O ditame aprobado polo Pleno será publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e comunicado á Xunta de Galicia, sen prexuízo de que a Mesa do Parlamento acorde o seu traslado ao Ministerio Fiscal.

2. Por petición do grupo parlamentario propoñente publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* os votos particulares rexeitados.

Disposición derradeira

En todo o non previsto por estas normas aplicarase supletoriamente o Regulamento do Parlamento de Galicia.

Tanto o G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 1354) como do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 13540) rexistran senllos escritos solicitando o informe xurídico que poñía en cuestión a adecuación regulamentaria dalgunha das suxestións formuladas, cuestión que a presidenta da Comisión, D^a Elena Candia, aclara que foi unha advertencia oral da letrada para o caso de que algunha das propostas fosen aceptadas, circunstancia que non aconteceu.

A Mesa da Comisión, reunida o 15 de outubro de 2024, solicitou dos grupos a presentación de propostas de plan de traballo.

Con data 28 de outubro de 2024 tiveron entrada no Rexistro da Cámara os documento núm. 13817, do G. P. dos Socialistas de Galicia, o documento núm. 13819, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, e o documento núm. 13823, do G. P. do Partido Popular de Galicia, co seguinte contido:

Documento do G. P. dos Socialistas 13817

Á Mesa da Comisión de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz, presenta ante esa Mesa a seguinte proposta de Plan de traballo da Comisión de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica

PLAN DE TRABALLO

OBXECTIVO DA COMISIÓN (ARTIGO 1 DAS NORMAS DE FUNCIONAMENTO APROBADAS).

A Comisión créase co obxecto de investigar a contratación pública da Administración autonómica co seguinte ámbito de actuación: sobrecusto de 470 millóns de euros na contratación polo sistema de concesión da construción e xestión do Hospital Álvaro Cunqueiro, incluíndo os servizos non clínicos (limpeza, lavandaría, restauración, aparcadoiro...); contratación da Administración autonómica, incluídos os entes instrumentais, coas empresas



do grupo EULEN entre 2009 e 2024; procedementos de contratación da Administración autonómica sen concorrência, negociados sen publicidade, e contratación menor entre os anos 2009 e 2024; e os contratos de emerxencia tramitados pola Xunta e polo sector público autonómico entre os anos 2020 e 2024, nomeadamente os contratos de emerxencia da covid-19 adxudicados ás empresas Universal Support, Sibucu 360 e Mape Asesores.

PROPOSTA DE COMPARECENTES

Presidentes da Xunta de Galicia 2009–2024

- Alfonso Rueda Valenzuela
- Alberto Núñez Feijóo

Conselleiros/as de Sanidade 2009–2024

- Pilar Farjas
- Rocío Mosquera
- Jesús Vázquez Almuiña
- Julio García Comesaña
- Antonio Gómez Caamaño

Outros cargos de xestión. Consellería de Sanidade

- Secretarios/as xerais técnicos da Consellería de Sanidade 2009–2024
- Directores/as xerais de Recursos Económicos da Consellería 2009–2024
- Xerentes/as (ou secretarios/as xerais) do Servizo Galego de Saúde 2009–2024

En relación co proceso sobre o cambio de modelo na construción e financiamento do Hospital Álvaro Cunqueiro que provocou o sobrecusto sinalado polo Consello de Contas:

- Juan Carlos Aladro, conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia. O Consello realiza o informe que alerta da diferenza de custo entre as distintas posibilidades existentes.
- Tomás Pérez Vidal, conselleiro de área do Servizo Galego de Saúde no Consello de Contas, e anteriormente membro do Consello de Administración de Puentes y Calzadas, integrante da sociedade concesionaria do Hospital Álvaro Cunqueiro.
- Elena Muñoz, interventora xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, que informou favorablemente o contrato.
- José Ramón Fernández Antonio, conselleiro de Economía do Goberno da Xunta de Galicia 2009.
- María Xosé Rubio, conselleira de Sanidade 2009.
- Cayetano Rodríguez Escudero, secretario xeral do Servizo Galego de Saúde 2009.
- Representante da UTE Copasa – Iridium – OHL – San José Construtora e outras. Presentouse ao contrato e foi inadmitida.
- Representante da entidade Herráez Arquitectura SLP, encargada da redacción do proxecto de execución.
- Representante da Concesionaria Novo Hospital de Vigo.
- Representante de Galicia, Empresa Pública de Servizos Sanitarios SA, encargada da oficina técnica de seguimento durante as obras de construción.



- Ana María Sánchez Fernández, directora da Oficina Técnica de Seguimento do Hospital Álvaro Cunqueiro ata 2015.

- Belén Baltar, directora da Oficina Técnica de Seguimento do Hospital Álvaro Cunqueiro desde 2015.

- Representante de Pricewaterhousecoopers Corporate Finance SL, que realizou o estudio de viabilidade económico-financeira do proxecto e asesoramento na valoración das ofertas.

En relación cos procesos de contratación da Administración que son obxecto de estudo da comisión:

- Juan Carlos Aladro Fernández, conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia, organismo que publica informe de fiscalización de contratos de emerxencia durante a pandemia.

- María Jesús Piñeiro Bello, directora xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, que asina a adxudicación dalgúns contratos que son obxecto de investigación.

- Elena Barba Pan, secretaria da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, sobre a publicación e forma dos contratos menores en Galicia.

- Tomás Otero Ferreiro. Presidente do TACGAL, sobre os distintos problemas de contratación e reclamacións recibidas.

- Micaela Núñez Feijóo, directora de EULEN para o noroeste de España e apoderada de EULEN Seguridad, polo seu volume de contratación coa Administración.

- Eloína Núñez, xerente do área sanitaria de Santiago, polo volume de contratación con EULEN e a súa vinculación familiar.

- Ignacio Pío Cárdenas Botas, director comercial de Konecta, polo seu volume de contratación coa Administración.

- Rafael Ignacio Botas Díaz, director financeiro de Universal Support.

- José María Pácecho Guardiola, CEO de Konecta.

- César Elizaga Viana. Nervo Group.

- Juan Ramón Güell Cancela. Nervo Group.

- Federico Chouza, delegado da CIG en Universal Support.

- Iván Cordeiro, responsable Contact Center CCOO-Galicia.

- Felipe Recio, administrador solidario de FCS.

- Gumersindo Cachafeiro, fundador e presidente de MAPE. polo seu volume de contratación coa Administración.

- Fernando Javier Camino Maculet, conselleiro de MAPE asesores.

- Alberto González Amador, dono de Maxwel Cremona SL, empresa intermediaria da contratación entre MAPE asesores e a Xunta de Galicia.

- Patricia Argerey Vilar, exdirectora da Axencia Galega de Innovación, que asinou unha licitación para un grupo de empresas entre as que está Cipherbit, empresa coa que se asinou.

- Pedro Javier Becerra Rubio, xerente da UTE na que se integra Cipherbit.

- María Xesús Lorenzana, conselleira de Economía e Industria no momento da adxudicación do contrato con Cipherbit.



- *Francisco Conde, conselleiro de Economía, Industria e Innovación no momento en que se inicia o proceso.*
- *Tomás Díaz Ayuso, copropietario ao 50 % de Sismédica SL, polo seu volume de contratación coa Administración durante a época da pandemia.*
- *Joaquín Cuíña Barja, administrador de Gallaecia Patentes e Marcas, polo seu volume de contratación coa Administración.*
- *Beatriz Cuíña Barja, secretaria xeral de Presidencia.*
- *Xosé Manuel Merelles, director da Axencia de Turismo de Galicia 2023-actualidade, polo volume de contratación con Gallaecia Patentes e Marcas.*
- *María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia de Turismo de Galicia 2013-2023, polo volume de contratación con Gallaecia Patentes e Marcas.*
- *Francisco Antonio Otero Illodo, socio de Allwork vestuario laboral, polo seu volume de contratación coa Administración.*
- *Paula Prado del Río, secretaria xeral do PP de Galicia, vicevoceira parlamentaria do PP e muller de Francisco Antonio Otero Illodo.*
- *José González Vázquez, conselleiro de Medio Rural 2018-2024.*
- *Luisa Piñeiro Arcos, directora xerente do SEAGA, polo volume de contratación con Allwork.*
- *Tomás Pérez Vidal, expresidente de EPTISA en Galicia, polo seu volume de contratación coa Administración con contratos no límite legal para evitar concurso público, expresidente do Parlamento e conselleiro do Goberno da Xunta de Galicia.*
- *Francisco José Dosil Blanco, José Ángel Juncal Castro e Diego Mata Tojo, administradores solidarios de Sibucu360, polo seu volume de contratación coa Administración.*

DOCUMENTACIÓN QUE SE SOLICITA

En relación co proceso sobre o cambio de modelo na construción e financiamento do Hospital Álvaro Cunqueiro que provocou o sobrecusto sinalado polo Consello de Contas:

- *Expediente completo de todo o procedemento referido á contratación e adxudicación do Hospital Álvaro Cunqueiro.*
- *Estudos de viabilidade económico-financeira do proxecto e asesoramento das ofertas que elaborou a Xunta de Galicia con medios propios.*
- *Estudios de viabilidade económico-financeira do proxecto e asesoramento das ofertas que a Xunta de Galicia encargou a empresas ou entidades externas.*

En relación cos procesos de contratación da Administración que son obxecto de estudo da Comisión:

- *Todos os acordos dos consellos de Goberno da Xunta de Galicia sobre adxudicación dos contratos polo procedemento de emerxencia entre 2020-2024 por razóns da pandemia da covid-19.*
- *Todos os expedientes completos de contratación e adxudicación das empresas que se citan a continuación coa Xunta de Galicia, empresas, entes ou organismos públicos dependentes da Xunta de Galicia:*



Grupo EULEN desde 2009 a 2024

UNIVERSAL SUPPORT SA, desde 2009 a 2024

SUM TALK INICIATIVAS SA, desde 2009 a 2024

o NERVO GROUP INVESTMENT, desde 2009 a 2024

MAPE Asesores, desde 2009 a 2024

a UTE Tecnobit – Aertec, desde 2016 a 2024

Gallaecia Patentes y Marcas SL, desde 2009 a 2024

Allwork Vestuario Laboral, desde 2018 a 2024.

Eptisa, desde 2018 a 2024

Sibucu 360, desde 2020 a 2024

Maxwel Cremona SL, desde 2015 a 2024

STD MULTIOPCION, desde 2009 a 2024

GRUPO KONECTA, desde 2009 a 2024

Sismédica SL, desde 2015 a 2024

– Sinalando de cada contrato adxudicado:

O expediente completo do contrato. (Orde de inicio de contratación, memoria xustificativa, documentos de selección, documentación acreditativa de solvencia técnica e económica, documentación de representación, documentación acreditativa das condicións dos produtos ou servizos obxecto de licitación, invitación aos contratistas, proposta e orde de adxudicación, contrato asinado, orde de publicación no portal de contratación, facturas proforma, certificado de recepción do pedido, certificado de homologación ou incumprimento das características da subministración, acordos de modificación do contrato, se é o caso, facturas comerciais e ordes de pagamento, e informe de intervención; calquera outro informes emitido ou solicitado, de Policía Nacional, policía municipais, servizos de prevención, entidades certificadoras, de calidade de produto, Aenor, axencias médicas, etc., en relación coa contratación).

Correos, emails ou calquera comunicación remitida polo contratista ofrecéndose para subministrar material sanitario, ou de calquera outra persoa, sexa privada ou exercendo algunha función na Administración, ente ou organismo público que supuxese unha suxestión, orde ou consello para contratar coa empresa, así como calquera outra comunicación ou correo sobre calquera asunto relacionado co contrato, intercambiado co contratista ou persoa que intermediou para a súa contratación; correos, emails ou calquera comunicación remitida polo contratista, ou de calquera outra persoa, sexa privada ou exercendo algunha función na Administración, ente ou organismo público, intercambiado cos responsables públicos da tramitación, ou entre os responsables públicos da contratación sobre a contratación.

- Informe de todas as comunicacións rexistradas entre persoal vinculado á Xunta de Galicia e as empresas que se citan a continuación, onde figure calquera rexistro posible (correos electrónicos, cartas, publicacións e calquera outro formato) e as persoas participantes.

Grupo EULEN desde 2009 a 2024

UNIVERSAL SUPPORT SA, desde 2009 a 2024

SUM TALK INICIATIVAS S.A, desde 2009 a 2024



NERVO GROUP INVESTMENT, desde 2009 a 2024

MAPE Asesores, desde 2009 a 2024

a UTE Tecnobit – Aertec, desde 2016 a 2024

Gallaecia Patentes y Marcas SL, desde 2009 a 2024

Allwork Vestuario Laboral, desde 2018 a 2024

Eptisa, desde 2018 a 2024

Sibucu 360, desde 2020 a 2024

Maxwel Cremona SL, desde 2015 a 2024

Sismédica SL, desde 2015 a 2024

STD MULTIOPCION, desde 2009 a 2024

GRUPO KONECTA, desde 2009 a 2024

- Informe sobre todas as subvencións ou axudas públicas concedidas por parte da Xunta de Galicia, empresas, entes ou organismos públicos dependentes da Xunta de Galicia ás empresas que se citan a continuación, e no que figuren as convocatorias, data, contías adxudicadas e motivación da concesión:

Grupo EULEN desde 2009 a 2024

NIVERSAL SUPPORT SA, desde 2009 a 2024

SUM TALK INICIATIVAS S.A, desde 2009 a 2024

NERVO GROUP INVESTMENT, desde 2009 a 2024

MAPE Asesores, desde 2009 a 2024

a UTE Tecnobit-Aertec, desde 2016 a 2024

Gallaecia Patentes y Marcas SL, desde 2009 a 2024

Allwork Vestuario Laboral, desde 2018 a 2024

Eptisa, desde 2018 a 2024

Sibucu 360, desde 2020 a 2024

Maxwel Cremona SL, desde 2015 a 2024

Sismédica SL, desde 2015 a 2024

STD MULTIOPCION, desde 2009 a 2024

GRUPO KONECTA, desde 2009 a 2024

- Información que se solicitará ao Servizo Galego de Saúde:

A información sobre os datos de chamadas recibidas e atendidas a través do Servizo Galego de Saúde da liña 900400116 entre marzo de 2020 a febreiro do 2023 como canle de comunicación e información á cidadanía sobre os síntomas e a resolución de dúbidas en relación coa covid-19.

A información sobre os datos de chamadas realizadas, recibidas e atendidas a través do Servizo Galego de Saúde da liña 900400116 entre maio do 2020 a maio do 2022 como



enquisas epidemiolóxicas, recadar a información dos contactos dos infectados, e realizar a vixilancia diaria destes (rastrexadores) en relación coa covid-19.

A información sobre os datos de chamadas realizadas, recibidas e atendidas a través do Servizo Galego de Saúde da liña 900400116 para os servizos de xestión de certificados covid e de autocita para vacinación.

Datos facturación á Xunta de Galicia mes a mes dos servizos vinculados á liña 900400116 entre marzo de 2020 e maio de 2023.

Reclamacións presentadas entre 2020 e 2023 en relación co servizo de atención telefónica do Servizo Galego de Saúde a través do teléfono 900400116.

Ao GRUPO EULEN

Todos os contratos laborais, comerciais ou mercantís que se produciron entre Micaela Núñez Feijóo e o GRUPO EULEN.

Información sobre as relacións económicas, préstamos, doazóns, ou societarias, ou situacións de participación de propiedades de inmobles ou accións que poida manter Micaela Núñez Feijóo co GRUPO EULEN.

A UNIVERSAL SUPPORT

Todos os contratos laborais, comerciais ou mercantís que se produciron entre IGNACIO CÁRDENAS BOTAS e UNIVERSAL SUPPORT.

Nóminas, facturas ou documentos que acrediten calquera clase de remuneración percibida por IGNACIO CÁRDENAS BOTAS de UNIVERSAL SUPPORT.

Información sobre as relacións económicas, préstamos, doazóns, ou societarias, ou situacións de participación de propiedades de inmobles ou accións que poida manter IGNACIO CÁRDENAS BOTAS con UNIVERSAL SUPPORT.

Documentación sobre a adquisición por UNIVERSAL SUPPORT de SUM TALK INICIATIVAS SA en 2019, vendida por parte da NERVO GROUP INVESTMENT.

Ao GRUPO KONECTA

Todos os contratos laborais, comerciais ou mercantís que se produciron entre IGNACIO CÁRDENAS BOTAS e calquera empresa do GRUPO KONECTA.

Nóminas, facturas ou documentos que acrediten calquera clase de remuneración percibida IGNACIO CÁRDENAS BOTAS e calquera empresas do GRUPO KONECTA.

Información sobre as relacións económicas, préstamos, doazóns, ou societarias, ou situacións de participación de propiedades de inmobles ou accións que poida manter IGNACIO CÁRDENAS BOTAS e calquera empresas do GRUPO KONECTA.

Documentación da entrada no accionariado de SUM TALK INICIATIVAS SA a través de UNIVERSAL SUPPORT polo GRUPO KONECTA en 2019.

A MAPE ASESORES

Todos os contratos laborais, comerciais ou mercantís que se produciron entre ALBERTO GONZALEZ AMADOR e calquera empresas do GRUPO MAPE ASESORES.

Nóminas, facturas ou documentos que acrediten calquera clase de remuneración percibida por ALBERTO GONZÁLEZ AMADOR e calquera empresas do GRUPO MAPE ASESORES.



Información sobre as relacións económicas, préstamos, doazóns, ou societarias, ou situacións de participación de propiedades de inmobles ou accións que poida manter ALBERTO GONZÁLEZ AMADOR e calquera empresas do GRUPO MAPE ASESORES.

Todos os contratos laborais, comerciais ou mercantís que se produciron, entre FERNANDO JAVIER CAMIÑO MACULET e calquera empresas do GRUPO MAPE ASESORES.

Nóminas, facturas ou documentos que acrediten calquera clase de remuneración percibida FERNANDO JAVIER CAMIÑO MACULET e calquera empresas do GRUPO MAPE ASESORES.

Información sobre as relacións económicas, préstamos, doazóns, ou societarias, ou situacións de participación de propiedades de inmobles ou accións que poida manter FERNANDO JAVIER CAMIÑO MACULET e calquera empresas do GRUPO MAPE ASESORES.

Documentación contractual e societaria sobre a operación de adquisición de material sanitario por parte de MAPE a través da empresa FCS en 2020, coa intermediación de MAXWEL CREMONA.

– Información que se solicitará á Axencia Tributaria:

Declaracións do imposto sobre o valor engadido das sociedades realizadas entre os anos 2019-2023, ambos inclusive, de UNIVERSAL SUPPORT, BUENA SENDA PROYECTOS SL, NERVO GROUP INVESTMENT, GRUPO KONECTA, MAPE ASESORES, SIBUCU 360, realizadas entre os anos 2019-2023, ambos inclusive.

Modelo 347: Declaración anual de operacións con terceiras persoas de UNIVERSAL SUPPORT, BUENA SENDA PROYECTOS SL, SUM TALK INICIATIVAS SA, NERVO GROUP INVESTMENT, GRUPO KONECTA, MAPE ASESORES, SIBUCU 360 realizadas entre os anos 2019-2023, ambos inclusive.

Modelo de imposto de sociedades presentados por UNIVERSAL SUPPORT BUENA SENDA PROYECTOS SL, NERVO GROUP INVESTMENT, SUM TALK INICIATIVAS SA GRUPO KONECTA, MAPE ASESORES, SIBUCU 360 realizadas entre os anos 2019-2023, ambos inclusive.

Toda a documentación relacionada coas inspeccións fiscais que se levaran a cabo pola AEAT ás sociedades GRUPO KONECTA, UNIVERSAL SUPPORT, GRUPO EULEN, BUENA SENDA PROYECTOS SL, NERVO GROUP INVESTMENT, SUM TALK INICIATIVAS SA GRUPO KONECTA, MAPE ASESORES, SIBUCU 360 desde 2018 ata a actualidade.

Documentación que acredite a existencia de débedas por parte das sociedades GRUPO KONECTA, UNIVERSAL SUPPORT, GRUPO EULEN, BUENA SENDA PROYECTOS SL, NERVO GROUP INVESTMENT GRUPO KONECTA, MAPE ASESORES, SIBUCU 360 á AEAT desde 2019 ata a actualidade.

Declaracións de IRPF de IGNACIO CÁRDENAS BOTAS dos anos fiscais 2015–2023, ambos incluídos.

Declaracións de IRPF de MICAELA NÚÑEZ FEIJÓO dos anos fiscais 2015–2023, ambos incluídos.

Declaracións tributarias da operación de venda/fusión/absorción de SUM TALK INICIATIVAS SA a UNIVERSAL SUPPORT, por parte da NERVO GROUP INVESTMENT no 2020.

– Información que se solicitará á Inspección de Traballo e Seguridade Social:

Toda a documentación relacionada coas inspeccións de traballo que levou a cabo a Inspección de Traballo e Seguridade Social nas sociedades GRUPO KONECTA, UNIVERSAL SUPPORT, GRUPO EULEN GRUPO KONECTA, MAPE ASESORES, SIBUCU 360 desde 2019 ata a actualidade.



Documentación que acredite a existencia de débedas por parte das sociedades GRUPO KONECTA, UNIVERSAL SUPPORT, GRUPO EULEN GRUPO KONECTA, MAPE ASESORES, SIBUCU 360 á Tesourería Xeral á Seguridade Social desde 2019 ata a actualidade.

Ao REXISTRO MERCANTIL

Certificación de vixencia e cargos emitida polo Rexistro Mercantil das sociedades GRUPO KONECTA, UNIVERSAL SUPPORT, SUM TALK INICIATIVAS SA, GRUPO EULEN, NERVO GROUP INVESTMENT GRUPO KONECTA, MAPE ASESORES, SIBUCU 360 desde 2019 ata a actualidade, así como certificado de titularidade real, e accionariado.

Depósitos de contas anuais presentadas das sociedades GRUPO KONECTA, UNIVERSAL SUPPORT, GRUPO EULEN, NERVO GROUP INVESTMENT, SUM TALK INICIATIVAS S.A GRUPO KONECTA, MAPE ASESORES, SIBUCU 360 desde 2010 á actualidade. Certificación de vixencia e cargos emitida polo Rexistro Mercantil de respecto de IGNACIO CÁRDENAS BOTAS.

Certificación de vixencia e cargos emitida polo Rexistro Mercantil respecto de MICAELA NÚÑEZ FEIJOÓ.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2024

Documento do G. P. do Bloque Nacionalista Galego 13819

Á Mesa da Comisión non permanente especial de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no acordo da Mesa da Comisión celebrada o 15 de outubro de 2024, presenta a seguinte **proposta para a elaboración do plan de traballo da Comisión.**

“Plan de traballo da Comisión non permanente especial de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica.

A Comisión non permanente especial de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica ten o seguinte ámbito de actuación: sobrecusto de 470 millóns de euros na contratación polo sistema de concesión da construción e xestión do Hospital Álvaro Cunqueiro, incluíndo os servizos non clínicos (limpeza, lavandaría, restauración, aparcadoiro...); contratación do Goberno autonómico, incluídos os entes instrumentais, co grupo EULEN entre 2009 e 2024; procedementos de contratación da Administración autonómica sen concorrancia, negociados sen publicidade e contratación menor entre os anos 2009 e 2024; e os contratos de emerxencia entre os anos 2020 e 2024, nomeadamente os contratos de emerxencia da covid-19 coas empresas UNIVERSAL SUPPORT, SIBUCU 360 e MAPE ASESORES.

Con esta finalidade, o Grupo Parlamentario do BNG propón as seguintes fases e achegas para a elaboración do plan de traballo da Comisión de investigación:

1ª fase. Solicitude de documentación, para a que se debería establecer un prazo máximo de vinte días hábiles:

- Estudo de viabilidade completo da construción do Hospital Álvaro Cunqueiro.*
- Estudo de viabilidade económico-financeira elaborado por Price Waterhouse Coopers.*
- Acordo de substitución do estudo de viabilidade completo polo de viabilidade económico-financeira.*



- *Expediente íntegro do contrato de concesión de obras públicas do novo hospital de Vigo (Álvaro Cunqueiro) para a redacción do proxecto técnico, financiamento, construción e explotación de determinados servizos non clínicos do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (Chuvi), que comprenderá todos os documentos relativos ás fases de estudo, preparación, licitación, adxudicación e execución do contrato.*
- *Documentos relativos ao estudo, preparación e licitación: expropiación, convenio entre consellarías, informe económico-financieiro.*
- *Expediente de autorización do gasto realizado pola Consellería de Sanidade e elevado ao Consello da Xunta, especificamente os informes xurídicos e de intervención sobre a adecuación á legalidade do contrato.*
- *Documentos relativos á fase de adxudicación: actas das mesas de contratacións e informes xurídicos e de intervención emitidos.*
- *Documentos e expedientes adicionais tramitados con ocasión da execución do contrato: modificados, comunicacións entre consellaría e concesionaria, informes da vendas de accións, da non redución.*
- *Expediente completo da Oficina Técnica de Seguimento (OTS); desde a encomenda da mesma GALARIA, seguindo polas adxudicacións e formalizacións dos contratos coas empresas integrantes da OTS, así como toda a documentación relativa á comprobación dos gastos e facturas presentadas polas adxudicatarias.*
- *Copia de todas as comunicacións entre a Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo e o Goberno galego ata a data de hoxe.*
- *Informes emitidos por calquera servizo da Administración autonómica en relación coa concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro.*
- *Copia de requirimentos, autos ou sentenzas xudiciais relacionadas coa concesión do HAC.*
- *Contas de resultados e informes de auditoría da Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo.*
- *Relación de contratos subscritos coas empresas do grupo Eulen (Eulen, SA, Eulen Servicios Sociosanitarios, SA, Eulen Seguridad, SA Eulen Centro Especial de Empleo, S.A) en cada un dos exercicios desde o ano 2000 ata a actualidade, coa expresión do tipo de procedemento, obxecto e contía do contrato, así como entidade adxudicadora.*
- *Expedientes de contratos adxudicados á empresa Eulen Seguridad, SA polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.*
- *Expedientes de contratos adxudicados á empresa Eulen Seguridad, SA polo Servizo Galego de Saúde.*
- *Expedientes de contratos adxudicados á empresa Eulen Seguridad, SA polo Servizo Galego de Saúde.*
- *Expedientes de contratos adxudicados á empresa Eulen Servicios Sociosanitarios, SA polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.*
- *Expedientes de contratos adxudicados á empresa Eulen Seguridad, SA pola CRTVG.*
- *Expedientes relativos aos contratos menores realizados polo sector público autonómico coas empresas do grupo Eulen (Eulen, SA, Eulen Servicios Sociosanitarios, SA, Eulen Seguridad, SA Eulen Centro Especial de Empleo, S.A).*



- Expedientes relativos aos contratos celebrados polo sector público autonómico coa empresa Allwork, Vestuario Laboral, SL
- Expediente para a contratación do servizo de vixilancia e seguridade en edificios xudiciais da Xunta de Galicia (2023).
- Plans de contratación da Xunta de Galicia de 2009 a 2024, e das diferentes consellarías, organismos autónomos, entidades públicas instrumentais e axencias públicas autonómicas.
- Todos os Informes de reparo sobre contratos menores en todos os departamentos de intervención da Xunta de Galicia e dos centros xestores do ámbito sanitario.
- Documentos elaborados polos xestores das políticas de gasto sanitario que conteñan os criterios que se deben seguir en materia de xestión de recursos propios.
- Expedientes completos de todos os contratos de emerxencia adxudicados a UNIVERSAL SUPPORT (grupo Conecta) entre 2020-2022.
- Expedientes completos de todos os contratos de emerxencia adxudicados a MAPE ASESORES entre 2020-2022.
- Expedientes completos de todos os contratos de emerxencia adxudicados a SIBUCU 360 SL entre 2020-2022.
- Expedientes completos de todos os contratos de emerxencia adxudicados a MOONOFF entre 2020-2022.
- Expedientes completos de todos os contratos adxudicados a Sismédica SL.

2ª fase. Comparecencias, que se debería iniciar unha vez recibida a documentación solicitada:

1. Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta (2009-2022).
2. Alfonso Rueda Valenzuela, presidente da Xunta (2022-2024).
3. Pilar Farjas, conselleira de Sanidade (2009-2012).
4. Rocío Mosquera, conselleira de Sanidade (2012-2015).
5. Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade (2015-2020).
6. Francisco Soriano Paredes, xerente da Área Sanitaria de Vigo (2009-2013).
7. Mario González González, xerente da Área Sanitaria de Vigo (2013-2015).
8. Félix Rubial Bernárdez, xerente da Área Sanitaria de Vigo (2015-2019).
9. Julio García Comesaña, xerente da Área Sanitaria de Vigo (2019-2020).
10. Marta Fernández Currás, conselleira de Facenda 2009.
11. Elena Muñoz Fonteriz, interventora xeral da Xunta 2009.
12. Manuel González Moreira, presidente da Xunta de Persoal da Área Sanitaria de Vigo entre 2011 e 2015, voceiro de SOS Sanidade Pública.
13. Antón Beiras Cal, economista, avogado e auditor.
14. Almudena Chacón Piches, interventora xeral da Xunta en 2012.
15. Pablo Torres Arrojo, director xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde.
16. Persoas titulares da Xerencia de Galaria entre 2011 e 2017.



17. Miguel Corgos López Prado, exdirector xeral de Orzamentos, exdirector xeral de Planificación e Orzamentos, e conselleiro de Facenda (2021-2024).
18. Ana Rodríguez Martín, subdirectora xeral de Control Financeiro Permanente e Auditoría do Sector Público 2009.
19. Persoa titular da Subdirección Xeral de Investimento da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde no 2009.
20. Persoa titular da xefatura de Servizo de Coordinación do Control Financeiro Permanente do Servizo Galego de Saúde.
21. Persoa titular da xefatura do Servizo de Supervisión do Control Financeiro Permanente do Servizo Galego de Saúde.
22. Nava Castro Domínguez, exdirectora da Axencia Turismo de Galicia.
23. Perfecto Rodríguez Muíños, xerente do Consorcio Galego Igualdade e Benestar.
24. Alfonso Sánchez Izquierdo, director xeral da CRTVG.
25. Micaela Núñez Feijóo, delegada para a zona noroeste no grupo Eulen.
26. José María Regueiro Frey, fundador da empresa Allwork, Vestuario Laboral, SL
27. M^a Lourdes López Otero, xefa de servizo de control interno.
28. Arturo López Iglesias, director xeral de Planificación e Orzamentos.
29. José María Gimeno Feliú, catedrático de Dereito Administrativo (Facultade de Dereito da Universidade de Zaragoza), director do Observatorio de Contratación Pública (www.obcp.es), que funciona desde outubro de 2011.
30. Pilar Jiménez Rius, subdirectora adxunta da Fiscalía do Tribunal de Contas de España.
31. Fernando Camino Maculet, presidente de Quirón Prevención, membro do Consello de Administración de Mape Asesores.
32. Alberto González Amador, propietario de Maxwell Cremona.
33. Ignacio Cárdenas Botas (Universal Support).
34. Diego Mata Tojeiro, socio de Sibucu 360 SL.
35. José Ramón García González (Moonoff e exsocio de Sibucu 360 SL).
36. Gumersindo Cachafeiro López, conselleiro delegado de Mape Asesores.
37. Javier Humberto Rodríguez Alonso, xornalista de O Salto.
38. Juan Oliver, xornalista de Público.
39. Eloíña Núñez Masid, exxerente da Área Sanitaria de Santiago-Barbanza (2017-2024).
40. Beatriz Cuiña Barja, secretaria xeral da Presidencia da Xunta de Galicia.
41. Joaquín Cuiña Barja, Gallaecia Patentes y Marcas SL

3ª Fase: Elaboración das conclusións:

Tendo en conta a documentación, informes e comparecencias antes relacionadas, e unha vez constituída, iniciaranse os traballos de elaboración da proposta de ditame en ponencia. No transcurso dos traballos da ponencia, se fose necesario para elaborar a proposta de ditame,



e por iniciativa dun grupo parlamentario, a Comisión decidirá se solicita novos informes, documentos ou aclaracións referidos ao obxecto da Comisión.”

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2024

Documento do G. P. Popular de Galicia 13823

Á Mesa da Comisión non permanente especial de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, Alberto Pazos Couñago, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE PLAN DE TRABAJO

Coa finalidade de precisar o traballo que vai desenvolver a Comisión abordaranse os seguintes ámbitos de análise:

PRIMEIRA FASE: DOCUMENTACIÓN E COMPARECENCIAS

1º. SOLICITUDE E ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN

A Comisión solicitará a seguinte documentación, co rogo de que sexa incorporada a ela coa maior brevidade posible:

- 1. Informe de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo*
- 2. Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde. Exercicio 2022*
- 3. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2022*
- 4. Informe de fiscalización sobre a aplicación dos ingresos do Fondo extraordinario e a xestión económico-financeira da pandemia na Comunidade Autónoma de Galicia. Exercicio 2021*
- 5. Informe de fiscalización sobre as contas anuais das sociedades*
- 6. Informe de fiscalización do Sistema de rendición da información contractual do sector público autonómico. Exercicios 2021-2022*
- 7. Informe de fiscalización dos criterios de adxudicación e da contratación menor das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma Galega*
- 8. Informe de fiscalización do impacto da pandemia covid-19 no ámbito da contratación do Servizo Galego de Saúde*
- 9. Informe de fiscalización dos contratos-programa subscritos entre as fundacións sanitarias e o Servizo Galego de Saúde*
- 10. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde. Exercicio 2021*
- 11. Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas. Exercicio 2021*
- 12. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma
Exercicio 2021*
- 13. Informe de fiscalización fondos europeos. Exercicio 2021*
- 14. Informe de fiscalización sobre as medidas adoptadas no ámbito autonómico para a implementación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia*
- 15. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde. Exercicio 2020*
- 16. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2020*



17. Informe de fiscalización sobre a aplicación e suficiencia dos ingresos do fondo covid-19 para a xestión da pandemia na Comunidade Autónoma de Galicia. Exercicio 2020
18. Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas. Exercicio 2020
19. Informe de fiscalización dos fondos europeos. Exercicio 2020.
20. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde. Exercicio 2019
21. Informe de fiscalización da execución da contratación do Servizo Galego de Saúde. Exercicios 2012 a 2017
22. Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas. Exercicio 2019
23. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2019
24. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2018
25. Informe de fiscalización dos gastos en bens correntes e servizos na Administración xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2017
26. Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas. Exercicio 2018
27. Informe de fiscalización dos fondos europeos. Exercicio 2018
28. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde. Exercicio 2018
29. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde. Exercicio 2017
30. Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas. Exercicio 2017
31. Informe de fiscalización do concerto co Hospital Povisa (2019)
32. Informe de fiscalización dos fondos europeos. Exercicio 2017
33. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2017
34. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (elaborado en 2018)
35. Informe de fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do Servizo Galego de Saúde, exercicios 2015-2016
36. Informe de fiscalización da tesouraría da Administración xeral, exercicios 2014-2016
37. Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas
38. Informe de fiscalización de fondos europeos (elaborado en 2018)
39. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, exercicio 2016, que inclúe a declaración definitiva sobre o seu exame e comprobación
40. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (elaborado en 2017)
41. Informe de fiscalización da Conta xeral da Administración (elaborado en 2017)
42. Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas (elaborado en 2017)
43. Informe de fiscalización de fondos europeos (exercicio 2017)
44. Declaración definitiva da Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2015)
45. Fiscalización da contratación do Servizo Galego de Saúde 2012-2014



46. Informe económico-financieiro das entidades instrumentais autonómicas (exercicio 2014)
47. Informe de fiscalización dos fondos europeos (exercicio 2014)
48. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2014)
49. Informe de fiscalización sobre os obxectivos da área do Servizo Galego de Saúde formulados no documento orzamentario, exercicios 2011-2013
50. Declaración definitiva sobre o exame e a comprobación da Conta
51. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2014)
52. Informe económico-financieiro das entidades instrumentais autonómicas (exercicio 2013)
53. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2013)
54. Declaración definitiva sobre o exame e a comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2013)
55. Informe de fiscalización Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2013)
56. Informe de fiscalización de fondos europeos (exercicio 2012)
57. Informe de fiscalización da Conta xeral da CCAA (exercicio 2012)
58. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Administración (exercicio 2011)
59. Informe de fiscalización da contratación administrativa (exercicios 2010-2011)
60. Declaración definitiva sobre o exame e comprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2012)
61. Declaración definitiva sobre o exame e comprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2011)
62. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2012)
63. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2011)
64. Informe económico-financieiro das entidades instrumentais (exercicio 2011-2012)
65. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2010)
66. Declaración definitiva sobre o exame e comprobación da Conta xeral
67. Informe de fiscalización dos fondos europeos (exercicio 2010)
68. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2010). Tomos I e II
69. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2009)
70. Declaración definitiva sobre a Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2009)
71. Proxecto de informe de fiscalización de fondos europeos (exercicio 2009)
72. Informe económico-financieiro das entidades instrumentais autonómicas (exercicios 2009-2010)
73. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2009)
74. Informe de fiscalización sobre a resolución das listas de espera a través da autoconcertación e da concertación con centros privados (elaborado en 2012)
75. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2009)



76. *Declaración definitiva sobre a Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2008)*
77. *Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2008)*
78. *Informe da actividade económico-financeira das entidades públicas dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2008)*
79. *Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2007)*
80. *Informe de fiscalización da contratación de servizos xerais nos hospitais do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2007)*
81. *Declaración definitiva e Conta xeral da Administración da Comunidade Autónoma (vols. 1 e 2) (exercicio 2006)*
82. *Declaración definitiva e Conta xeral da Administración da Comunidade Autónoma (vols. 1 e 2)*
83. *Informe de fiscalización do concerto sanitario co Hospital POVISA SA 2006*
84. *Informe de fiscalización da área de contratación do Servizo Galego de Saúde 2006*
85. *Informe de fiscalización Conta xeral da Administración da Comunidade Autónoma (vols. 1 e 2) (exercicio 2005)*
86. *Declaración definitiva sobre o exame e comprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2005)*
87. *Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (vols. 1 e 2) (exercicio 2005)*
88. *Informe de fiscalización do servizo de alimentación hospitalaria: Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (exercicio 2005)*
89. *Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde 2005 (vols. 1 e 2)*
90. *Copia do informe do Servizo Galego de Saúde sobre os contratos de subministracións polo trámite de urxencia realizados durante a crise sanitaria, elaborado por instancia da Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19 do Parlamento de Galicia*
91. *Acordo básico pola saúde na área sanitaria de Vigo (ano 2006)*
92. *Informe PWC sobre a análise, fórmula de xestión e financiamento de infraestruturas hospitalarias (abril 2007)*
93. *Plan de infraestruturas sanitarias 2008-2013*
94. *Presentación do novo hospital de Vigo*
95. *Proposta de colaboración e asesoramento legal para o deseño e articulación dun modelo xurídico-económico que permita afrontar a construción de catro novos centros hospitalarios sen incidencia nos obxectivos de estabilidade orzamentaria a que queda suxeita a Administración da Xunta de Galicia (Garrigues Abogados, abril de 2008) e documentación complementaria relacionada con este encargo*
96. *Informe sobre a definición e viabilidade do modelo xurídico para o financiamento, construción e explotación de centros hospitalarios por medio dunha sociedade mixta desde a perspectiva da desconsolidación orzamentaria (maio de 2008. Garrigues Abogados)*



97. *Documento de conclusións do Informe sobre a definición e viabilidade do modelo xurídico para o financiamento, construción e explotación de centros hospitalarios por medio dunha sociedade mixta desde a perspectiva da desconsolidación orzamentaria (maio de 2008. Garrigues Abogados).*

98. *Argumentario para apoiar a viabilidade do modelo xurídico para o financiamento, construción e explotación de centros hospitalarios por medio dunha sociedade mixta desde a perspectiva da desconsolidación orzamentaria (xullo de 2008. Garrigues Abogados).*

99. *Documento de síntese sobre a proposta do modelo xurídico para o financiamento, construción e explotación de infraestruturas sanitarias por medio dunha sociedade mixta desde a perspectiva da desconsolidación orzamentaria (setembro de 2008. Garrigues Abogados)*

100. *Documentación relativa á modificación dos estatutos de METEC para a súa conversión en Galaria (Garrigues Abogados, 2008).*

101. *Expediente da concesión do novo hospital de Vigo*

102. *Informe do Grupo de Traballo de Contabilidade Nacional sobre a contratación, polo Servizo Galego de Saúde, da redacción do proxecto técnico, financiamento e construción do novo hospital de Vigo e explotación de determinados servizos non clínicos do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo*

103. *Proxecto construtivo do Hospital Álvaro Cunqueiro*

104. *Convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a construción do novo hospital de Vigo (2008)*

105. *Sentenza 1/2021 do Xulgado do Contencioso nº 1 de Santiago de Compostela*

106. *Sentenza 242/19, do 7.10.19, do Xulgado do Contencioso nº 2 de Santiago de Compostela*

107. *Sentenza 6/2020 de 17/1/2020 do Xulgado do Contencioso nº 2 de Santiago de Compostela*

108. *Sentenza 288/2021 do Xulgado do Contencioso nº 1 de Santiago de Compostela*

109. *Sentenza 95/20, do 31.03.20, do Xulgado do Contencioso nº 1 de Santiago de Compostela*

110. *Sentenza 108/2021, do 26.03.2021, do Xulgado do Contencioso nº 1 de Santiago de Compostela*

111. *Sentenza 421/2021, do 26.03.2021, do Xulgado do Contencioso nº 1 de Santiago de Compostela*

112. *Sentenza 438/2022, do 29.11.2022, do Xulgado do Contencioso nº 1 de Santiago de Compostela*

113. *Sentenza do 20.01.2023 do Xulgado do Contencioso nº 2 de Santiago de Compostela*

114. *Información detallada das actuacións (contratos ou axudas) que implicaron o destino de recursos públicos ás empresas Grupo Eulen, Universal Support, SA, Sum Talk Iniciativas, SA e Nervo Group Investment, correspondente aos períodos 2005 a 2008 e 2009 a 2023.*

115. *Informes do Grupo de Traballo de Contabilidade Nacional (formado polo INE, Banco de España e a Intervención Xeral da Administración do Estado -IXAE-) no que analiza a transferencia de riscos e conclúe que o custo do investimento realizado para a construción do novo hospital de Vigo non terá incidencia sobre o déficit*



116. *Estatutos da sociedade Sogaserso (Sociedade Galega de Servizos Sociais) cando participaba no seu accionariado a Xunta de Galicia*

117. *Orzamentos xerais das Comunidade Autónoma de Galicia de 2005 a 2024.*

118. *Plan económico-financeiro da Sociedade Pública de Investimentos (SPI) relativo aos anos 2008-2009*

2º. COMPARECENCIAS

Solicítanse as comparecencias das seguintes persoas ou representacións:

1. *Alfonso Rueda Valenzuela, presidente da Xunta*
2. *Salvador Illa Roca, exministro de Sanidade*
3. *Manuel Pillado Quintás, secretario xeral da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.*
4. *María José Rubio Vidal, conselleira de Sanidade (2005-2009)*
5. *Pilar Farjas Abadía, conselleira de Sanidade (2009-2011)*
6. *Mª Rocío Mosquera Álvarez, conselleira de Sanidade (2012-2015)*
7. *Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade (2015-2020)*
8. *Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade (2020-2023)*
9. *Antonio Gómez Camaño, conselleiro de Sanidade (2024-actualidade)*
10. *Marta Fernández Currás, conselleira de Facenda (2009-2011)*
11. *Helena Muñoz Fonteriz, conselleira de Facenda (2011-2015)*
12. *Miguel Corgos López-Prado, conselleiro de Facenda (2021-actualidade)*
13. *María Xosé Caride Estévez, conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (2005-2009)*
14. *Juan Carlos Aladro Fernández, conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia*
15. *José Antonio Redondo López, conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia*
16. *José Ramón Gómez Fernández, subdirector xeral de Asistencia Sanitaria (2005-2009).*
17. *José Flores Arias, xerente da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés (xerente do Servizo Galego de Saúde durante a pandemia)*
18. *Pablo Torres Arrojo, director xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde (2009-2014)*
19. *Javier Puente Prieto, xerente da Área Sanitaria de Vigo*
20. *Alberto Baz López, exsubdirector xeral de compras do Servizo Galego de Saúde*
21. *Lara María Otero López, subdirectora xeral de compras do Servizo Galego de Saúde*
22. *Cayetano Rodríguez Escudero, exsecretario xeral do Servizo Galego de Saúde*
23. *Antolín Rodríguez Martínez, exsecretario xeral do Servizo Galego de Saúde.*
24. *Félix Rubial Bernárdez, exxerente do Hospital Xeral e primeiro xerente do Hospital Álvaro Cunqueiro.*



25. *Alberto Fernández Villar, xefe do servizo de Pneumoloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro.*
26. *Benito Regueiro García, xefe do Servizo de Microbioloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo*
27. *Alejandro Vila Alonso, Xefe persoal subalterno do Hospital Álvaro Cunqueiro*
28. *Andrés Íñiguez Romo, Xefe Servizo Cardiología do Hospital Álvaro Cunqueiro*
29. *Elva Iglesias Lago, Supervisora xeral do Hospital Álvaro Cunqueiro*
30. *Almudena Chacón Pichel, interventora xeral*
31. *José M^a Barreiro Díaz, director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio*
32. *Francisco Menéndez Iglesias, presidente do Sociedade Pública de Investimentos de Galicia*
33. *Santiago Pérez, director do proxecto novo hospital de Vigo UTE Acciona-Puentes*
34. *Enrique Nieto, xerente da sociedade concesionaria do hospital de Vigo*
35. *Actual Xerente da UTE Novo Hospital de Vigo*
36. *Representante de Garrigues Abogados*
37. *Manuel Aguilar López, Sogaserro*
38. *Alberte Soto, exsecretario xeral da Consellería de Medio Rural (2005-2009)*
39. *Rubén Cela Díaz, exdirector xeral de Xuventude*

De existir algún condicionante que impida a comparecencia, facer factible a remisión de informes ou da documentación que corresponda.

SEGUNDA FASE. TRABALLO EN PONENCIA

Tendo en conta a documentación, informes e comparecencias antes relacionadas, e unha vez constituída, iniciaranse os traballos de elaboración do proxecto de ditame en ponencia, que culminará coa redacción do borrador do documento de conclusións xerais.

No transcurso dos traballos da ponencia, se for necesario para elaborar o proxecto de ditame, por iniciativa dun grupo parlamentario, a Comisión decidirá se solicita novos informes, documentos ou aclaracións referidos ao obxecto da Comisión.

TERCEIRA FASE. DEBATE DE CONCLUSIÓNS EN PLENO

Debate e aprobación da proxecto de ditame pola Comisión para a súa elevación ao Pleno.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2024

A Mesa da Comisión, na reunión que tivo lugar o día 7 de novembro de 2024, elaborou a proposta do plan de traballo da Comisión, logo do exame das achegas presentadas polos grupos parlamentarios, que foi obxecto de debate e votación no seo da Comisión na súa sesión do 8 de novembro de 2024 e no que, entre outras, se produciron as seguintes deliberacións:

A presidenta da Comisión dá a palabra aos voceiros e voceiras dos grupos parlamentarios para a defensa das súas propostas:

A señora ESPINOSA MANGANA:



«Boas tardes, presidenta.

¿Cal é a nosa postura con respecto a esta Comisión de investigación? A ver, eu se teño que pórlle un título, poríalle ningún veto, ese sería o título que eu lle dedicaría a esta comisión: ningún veto. Eu non vou cuestionar as persoas que propón para comparecer aquí o Partido Popular, independentemente de que a min me pareza que teñen ou non teñen relación cos feitos. Da mesma forma que non me cuestiono o que poña o BNG encima da mesa. Creo que se queremos ser realmente transparentes, se queremos saír fóra á calle coa cabeza ben alta, o único que deberíamos facer é eliminar aqueles nomes que por razón obvia se poden repetir, porque o propoñen os tres grupos ou dous dos grupos, e deixar, loxicamente, unha proposta de traballo que satisfaga absolutamente a todo o mundo...»

A señora PONTÓN MONDELO:

«Moitas grazas, señora presidenta.

Á hora de poñer sobre a mesa quen ten que vir comparecer, cal é a documentación que se require, porque o fundamental desta comisión de investigación é esclarecer estes feitos. Cando unha parte quere torcer esa balanza e quere impoñer o seu plan, quere impoñer que persoas veñen comparecer, quere impoñer tamén cal é a documentación que requirimos, aquí o que estamos vendo pois é unha fraude democrática, e a deriva antidemocrática e autoritaria do Partido Popular, que lle ten pavor a esta comisión de investigación e por iso ten que recorrer a métodos que, honestamente, non teñen cabida nun sistema democrático e que me preocupa moito, moito, a deriva que neste inicio de lexislatura están tomando, porque ter maioría absoluta non nos fai propietarios do Parlamento. O Parlamento é de todos os galegos e de todas as galegas, e o Partido Popular ten que respectar os miles de galegos e galegas que representa aquí a oposición.»

O señor PAZOS COUÑAGO:

«Moitas grazas, presidenta.

Eu véxome na obriga de recordar que esta comisión, ademais de polo impulso dos 25 deputados do BNG, créase porque foi este grupo maioritario, o do Partido Popular, quen propiciou unha modificación do Regulamento desta Cámara para convertela nunha excepción e que, efectivamente, a oposición tivese a posibilidade de crear una comisión de investigación.

Porque, a pesar deste lamentable xeito de entender a política, nós si imos facer un esforzo de xenerosidade para que os galegos teñan toda a información que merecen e tamén para limpar o bo nome das persoas ás que vostedes levan quince anos insultando e calumniando, sen achegar ata o de agora nin unha soa proba.

A oferta que nós pretendíamos trasladar, ademais dos 39 comparecentes incluídos no borrador inicial, incorporaba aportacións realizadas por ambos os grupos nos seus plans de traballo ata superar os 50 comparecentes, 54 ou 55, creo recordar, que chegamos a propoñer. Unha oferta —e hai que dicilo— que incorporaba a todos, todos, o 100 % os conselleiros solicitados por vostede, tamén os altos cargos, e ex altos cargos da Xunta de Galicia que tiveron relación directa coas supostas contratacións irregulares que vostedes denuncian, os representantes da concesionaria do Hospital Álvaro Cunqueiro, e tamén un representante de cada unha das empresas que motivaron esta comisión de investigación, e iso debe saberse. Unha proposta que permitía investigar os antecedentes de construción do Hospital Álvaro



Cunqueiro, do seu deseño, do proceso de licitación, da adxudicación da súa posta en marcha; unha proposta que permitía investigar a contratación da Xunta coas empresas que vostedes sinalaron, non en base a que vostedes impoñan os nomes que queiran, senón en base a que expliquen cal é a relación destes nomes con esta investigación, algo que ata o de agora non foron quen de facer.

A nosa proposta, a nosa proposta ampliada encaixaba perfectamente co compromiso que adquirimos con vostedes cando impulsamos esta comisión, que era facilitar a máxima transparencia e impedir calquera tentativa de converter un órgano parlamentario —e o Parlamento de Galicia mesmo— nun circo ou nunha caza de bruxas, e dixémolo desde o minuto un... Eu, vólvollo repetir, nós estamos dispostos a tender a man e a chegar a acordos, pero non aceptamos que se nos dean nomes, aceptamos que se nos dean razóns que xustifiquen a presenza de determinadas persoas aquí. Se vostedes queren reconsiderar esa postura, e que volvemos falar, ou voltemos falar destes nomes, destas persoas, podemos facelo. Se vostedes simplemente se negan, como se negaron ata o de agora, a alcanzar ningún acordo...

...En todo caso, reitero a miña oferta de man tendida. Se vostedes recapacitan nalgún momento, o meu despacho está aberto, o meu teléfono está dispoñible, e reitero e quero aclarar isto: neste momento e antes de proceder á votación, reitero a oferta que fixemos de transacción e, se se acepta esa oferta da transacción, nós incorporámola, voten vostedes o que voten. Se non se acepta, pois, evidentemente, vémonos obrigados, non temos con quen transaccionar, pois a votar a proposta orixinal...»

A Presidenta da Comisión anuncia un receso para facilitar unha posible transacción entre os grupos. Logo dunha pausa de máis de trinta minutos, anúnciase que non hai acordo e procédese á votación, quedando aprobado o seguinte plan de traballo:

PLAN DE TRABALLO APROBADO POLA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN SOBRE A CONTRATACIÓN PÚBLICA DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA NA SÚA SESIÓN DO 8 DE NOVEMBRO DE 2024

PRIMEIRA FASE. DOCUMENTACIÓN E COMPARECENCIAS

1º. SOLICITUDE E ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN

A Comisión solicitará a seguinte documentación, co rogo de que sexa incorporada a ela coa maior brevidade posible:

1. Informe de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo
2. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde. Exercicio 2022
3. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2022
4. Informe de fiscalización sobre a aplicación dos ingresos do Fondo extraordinario e a xestión económico-financeira da pandemia na Comunidade Autónoma de Galicia. Exercicio 2021
5. Informe de fiscalización sobre as contas anuais das sociedades
6. Informe de fiscalización do Sistema de rendición da información contractual do sector público autonómico. Exercicios 2021-2022



7. Informe de fiscalización dos criterios de adxudicación e da contratación menor das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma galega
8. Informe de fiscalización do impacto da pandemia covid-19 no ámbito da contratación do Servizo Galego de Saúde
9. Informe de fiscalización dos contratos-programa subscritos entre as fundacións sanitarias e o Servizo Galego de Saúde
10. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde. Exercicio 2021
11. Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas. Exercicio 2021
12. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma.
Exercicio 2021
13. Informe de fiscalización de fondos europeos. Exercicio 2021
14. Informe de fiscalización sobre as medidas adoptadas no ámbito autonómico para a implementación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia
15. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde. Exercicio 2020
16. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2020
17. Informe de fiscalización sobre a aplicación e suficiencia dos ingresos
do fondo covid-19 para a xestión da pandemia na Comunidade Autónoma de Galicia.
Exercicio 2020.
18. Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas. Exercicio 2020.
19. Informe de fiscalización dos fondos europeos. Exercicio 2020.
20. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde. Exercicio 2019
21. Informe de fiscalización da execución da contratación do Servizo Galego de Saúde.
Exercicios 2012 a 2017
22. Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas. Exercicio 2019
23. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2019
24. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2018
25. Informe de fiscalización dos gastos en bens correntes e servizos na Administración Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2017
26. Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas. Exercicio 2018
27. Informe de fiscalización dos fondos europeos. Exercicio 2018



28. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde. Exercicio 2018
29. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde. Exercicio 2017
30. Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas. Exercicio 2017
31. Informe de fiscalización do concerto co Hospital Povisa (2019)
32. Informe de fiscalización dos fondos europeos. Exercicio 2017
33. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2017
34. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (elaborado en 2018)
35. Informe de fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do Servizo Galego de Saúde, exercicios 2015-2016
36. Informe de fiscalización da tesourería da Administración xeral, exercicios 2014-2016
37. Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas
38. Informe de fiscalización de fondos europeos (elaborado en 2018)
39. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, exercicio 2016, que inclúe a declaración definitiva sobre o seu exame e comprobación
40. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (elaborado en 2017)
41. Informe de fiscalización da Conta xeral da Administración (elaborado en 2017)
42. Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas (elaborado en 2017)
43. Informe de fiscalización de fondos europeos (exercicio 2017)
44. Declaración definitiva da Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2015)
45. Fiscalización da contratación do Servizo Galego de Saúde 2012-2014
46. Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas (exercicio 2014)
47. Informe de fiscalización dos fondos europeos (exercicio 2014)
48. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2014)
49. Informe de fiscalización sobre os obxectivos da área do Servizo Galego de Saúde formulados no documento orzamentario, exercicios 2011-2013
50. Declaración definitiva sobre o exame e a comprobación da Conta
51. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2014)



52. Informe económico-financieiro das entidades instrumentais autonómicas (exercicio 2013)
53. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2013)
54. Declaración definitiva sobre o exame e a comprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2013)
55. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2013)
56. Informe de fiscalización de fondos europeos (exercicio 2012)
57. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2012)
58. Informe de fiscalización da Conta xeral da Administración (exercicio 2011)
59. Informe de fiscalización da contratación administrativa (exercicios 2010-2011)
60. Declaración definitiva sobre o exame e comprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma (Exercicio 2012)
61. Declaración definitiva sobre o exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2011)
62. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2012)
63. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2011)
64. Informe económico-financieiro das entidades instrumentais (exercicio 2011-2012)
65. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2010)
66. Declaración definitiva sobre o exame e comprobación da Conta xeral
67. Informe de fiscalización de fondos europeos (exercicio 2010)
68. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2010). Tomos I e II
69. Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2009)
70. Declaración definitiva sobre a Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2009)
71. Proxecto do informe de fiscalización de fondos europeos (exercicio 2009)
72. Informe económico-financieiro das entidades instrumentais autonómicas (exercicios 2009-2010)
73. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2009)



74. Informe de fiscalización sobre a resolución das listas de espera a través da autoconcertación e da concertación con centros privados (elaborado en 2012)
75. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2009)
76. Declaración definitiva sobre a Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2008)
77. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2008)
78. Informe da actividade económico-financeira das entidades públicas dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2008)
79. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2007)
80. Informe de fiscalización da contratación de servizos xerais nos hospitais do Servizo Galego de Saúde (exercicio 2007)
81. Declaración definitiva e Conta xeral da Administración da Comunidade Autónoma (vols. 1 e 2) (exercicio 2006)
82. Declaración definitiva e Conta xeral da Administración da Comunidade Autónoma (vols. 1 e 2)
83. Informe de fiscalización do concerto sanitario co Hospital POVISA SA 2006
84. Informe de fiscalización da área de contratación do Servizo Galego de Saúde 2006
85. Informe de fiscalización da Conta xeral da Administración da Comunidade Autónoma (vols. 1 e 2) (exercicio 2005)
86. Declaración definitiva sobre o exame e comprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma (exercicio 2005)
87. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde (vols. 1 e 2) (exercicio 2005)
88. Informe de fiscalización do servizo de alimentación hospitalaria: Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (exercicio 2005)
89. Informe de fiscalización da Conta xeral do Servizo Galego de Saúde 2005 (vols. 1 e 2)
90. Copia do informe do Servizo Galego de Saúde sobre os contratos de subministracións polo trámite de urxencia realizados durante a crise sanitaria, elaborado por instancia da Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19 do Parlamento de Galicia
91. Acordo básico pola saúde na área sanitaria de Vigo (ano 2006)
92. Informe PWC sobre a análise, fórmula de xestión e financiamento de infraestruturas hospitalarias (abril 2007)
93. Plan de infraestruturas sanitarias 2008-2013
94. Presentación do novo hospital de Vigo



95. Proposta de colaboración e asesoramento legal para o deseño e articulación dun modelo xurídico-económico que permita afrontar a construción de catro novos centros hospitalarios sen incidencia nos obxectivos de estabilidade orzamentaria a que queda suxeita a Administración da Xunta de Galicia (Garrigues Abogados, abril do 2008) e documentación complementaria relacionada con este encargo
96. Informe sobre a definición e viabilidade do modelo xurídico para o financiamento, construción e explotación de centros hospitalarios por medio dunha sociedade mixta desde a perspectiva da desconsolidación orzamentaria (maio de 2008. Garrigues Abogados)
97. Documento de conclusións do Informe sobre a definición e viabilidade do modelo xurídico para o financiamento, construción e explotación de centros hospitalarios por medio dunha sociedade mixta desde a perspectiva da desconsolidación orzamentaria (maio de 2008. Garrigues Abogados)
98. Argumentario para apoiar a viabilidade do modelo xurídico para o financiamento, construción e explotación de centros hospitalarios por medio dunha sociedade mixta desde a perspectiva da desconsolidación orzamentaria (xullo de 2008. Garrigues Abogados)
99. Documento de síntese sobre a proposta do modelo xurídico para o financiamento, construción e explotación de infraestruturas sanitarias por medio dunha sociedade mixta desde a perspectiva da desconsolidación orzamentaria (setembro de 2008, Garrigues Abogados)
100. Documentación relativa á modificación dos estatutos de METEC para a súa conversión en Galaria (Garrigues Abogados, 2008)
101. Expediente da concesión do novo hospital de Vigo
102. Informe do Grupo de traballo de contabilidade nacional sobre a contratación, polo Servizo Galego de Saúde, da redacción do proxecto técnico, financiamento e construción do novo hospital de Vigo e explotación de determinados servizos non clínicos do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo
103. Proxecto construtivo do Hospital Álvaro Cunqueiro
104. Convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a construción do novo hospital de Vigo (2008)
105. Sentenza 1/2021 do Xulgado do Contencioso nº 1 de Santiago de Compostela
106. Sentenza 242/19, do 7.10.19, do Xulgado do Contencioso nº 2 de Santiago de Compostela
107. Sentenza 6/2020, do 17.1.2020, do Xulgado do Contencioso nº 2 de Santiago de Compostela
108. Sentenza 288/2021 do Xulgado do Contencioso nº 1 de Santiago de Compostela



109. Sentenza 95/20, do 31.03.20, do Xulgado do Contencioso nº 1 de Santiago de Compostela
110. Sentenza 108/2021, do 26.03.2021, do Xulgado do Contencioso nº 1 de Santiago de Compostela
111. Sentenza 421/2021, do 26.03.2021, do Xulgado do Contencioso nº 1 de Santiago de Compostela
112. Sentenza 438/2022, do 29.11.2022, do Xulgado do Contencioso nº 1 de Santiago de Compostela
113. Sentenza do 20.01.2023 do Xulgado do Contencioso nº 2 de Santiago de Compostela
114. Información detallada das actuacións (contratos ou axudas) que implicaron o destino de recursos públicos ás empresas Grupo Eulen, Universal Support, SA, Sum Talk Iniciativas, SA e Nervo Group Investment, correspondente aos períodos 2005 a 2008 e 2009 a 2023
115. Informes do Grupo de Traballo de Contabilidade Nacional (formado polo INE, Banco de España e a Intervención Xeral do Estado -IXAE-) no que analiza a transferencia de riscos e conclúe que o custo do investimento realizado para a construción do novo hospital de Vigo non terá incidencia sobre o déficit
116. Estatutos da sociedade Sogaserso (Sociedade Galega de Servizos Sociais) cando participaba no seu accionariado a Xunta de Galicia
117. Orzamentos xerais das Comunidade Autónoma de Galicia, de 2005 a 2024
118. Plan económico-financeiro da Sociedade Pública de Investimentos (SPI) relativo aos anos 2008-2009

2º. COMPARECENCIAS

Solicítanse as comparecencias das seguintes persoas ou representacións:

1. Alfonso Rueda Valenzuela, presidente da Xunta
2. Salvador Illa Roca, exministro de Sanidade
3. Manuel Pillado Quintás, secretario xeral da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia
4. María José Rubio Vidal, conselleira de Sanidade (2005-2009)
5. Pilar Farjas Abadía, conselleira de Sanidade (2009-2011)
6. M^a Rocío Mosquera Álvarez, conselleira de Sanidade (2012-2015)
7. Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade (2015-2020)
8. Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade (2020-2023)
9. Antonio Gómez Camaño, conselleiro de Sanidade (2024-actualidade)
10. Marta Fernández Currás, conselleira de Facenda (2009-2011)



11. Helena Muñoz Fonteriz, conselleira de Facenda (2011-2015)
12. Miguel Corgos López-Prado, conselleiro de Facenda (2021-actualidade)
13. María Xosé Caride Estévez, conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (2005-2009)
14. Juan Carlos Aladro Fernández, conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia
15. José Antonio Redondo López, conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia
16. José Ramón Gómez Fernández, subdirector xeral de Asistencia Sanitaria (2005-2009)
17. José Flores Arias, xerente da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés (xerente do Servizo Galego de Saúde durante a pandemia)
18. Pablo Torres Arrojo, director xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde (2009-2014)
19. Javier Puente Prieto, xerente da Área Sanitaria de Vigo
20. Alberto Baz López, exsubdirector xeral de compras do Servizo Galego de Saúde
21. Lara María Otero López, subdirectora xeral de compras do Servizo Galego de Saúde
22. Cayetano Rodríguez Escudero, exsecretario xeral do Servizo Galego de Saúde
23. Antolín Rodríguez Martínez, exsecretario xeral do Servizo Galego de Saúde
24. Félix Rubial Bernárdez, exxerente do Hospital Xeral e primeiro xerente do Hospital Álvaro Cunqueiro
25. Alberto Fernández Villar, xefe do servizo de Pneumoloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro
26. Benito Regueiro García, xefe do Servizo de Microbioloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo
27. Alejandro Vila Alonso, xefe de persoal subalterno do Hospital Álvaro Cunqueiro
28. Andrés Íñiguez Romo, Xefe do Servizo de Cardioloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro
29. Elva Iglesias Lago, supervisora xeral do Hospital Álvaro Cunqueiro
30. Almudena Chacón Pichel, interventora xeral
31. José M^a Barreiro Díaz. Director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
32. Francisco Menéndez Iglesias, presidente do Sociedade Pública de Investimentos de Galicia
33. Santiago Pérez, director do proxecto novo hospital de Vigo UTE Acciona-Puentes
34. Enrique Nieto, xerente da Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo



35. Actual Xerente da UTE Novo Hospital de Vigo

36. Representante de Garrigues Abogados

37. Manuel Aguilar López, Sogaserso.

38. Alberte Soto, exsecretario xeral da Consellería de Medio Rural (2005-2009)

39. Rubén Cela Díaz, exdirector xeral de Xuventude

De existir algún condicionante que impida a comparecencia, facer factible a remisión de informes ou da documentación que corresponda.

SEGUNDA FASE. TRABALLO EN PONENCIA

Tendo en conta a documentación, informes e comparecencias antes relacionadas, e unha vez constituída, inicianse os traballos de elaboración do proxecto de ditame en ponencia, que culminará coa redacción do borrador do documento de conclusións xerais.

No transcurso dos traballos da ponencia, se for necesario para elaborar o proxecto de ditame, por iniciativa dun grupo parlamentario, a Comisión decidirá se solicita novos informes, documentos ou aclaracións referidos ao obxecto da comisión.

TERCEIRA FASE. DEBATE DE CONCLUSIÓN EN PLENO

Debate e aprobación da proxecto de ditame pola Comisión para a súa elevación ao Pleno.

Cómpre salientar que, a pesar de que o plan de traballo foi aprobado finalmente co voto a favor do G. P. Popular de Galicia, se corroborou un alto grao de coincidencia entre as propostas realizadas polos distintos grupos. En concreto, 16 dos comparecentes finalmente citados foron propostos ou polos tres grupos ou polo G. P. Popular en coincidencia coa proposta do grupo parlamentario nacionalista ou socialista. E a mesma cuestión pode deducirse da documentación solicitada.

A devandita sesión da Comisión tivo lugar no día sinalado logo de que a súa sesión fose declarada de urxencia, logo da solicitude do G. P. Popular de Galicia, no escrito núm. 14185, asinado por 40 deputadas e deputados, e de obter a preceptiva autorización pola Mesa do Parlamento.

Esta circunstancia levou o G. P. do Bloque Nacionalista Galego a presentar unha solicitude de reconsideración da aprobación do plan de traballo, que non tiña carácter suspensivo e que foi examinada pola Mesa do Parlamento o 18 de novembro de 2024, e que se desestimou cos argumentos incorporados no ditame unánime dos Servizos Xurídicos, que polo seu interese reproducimos na súa literalidade e que asinaron todos os letrados do Parlamento.





Nota sobre o escrito documento núm. de Rexistro 14484 dos deputados e das deputadas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego membros da Comisión de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica

1.- Antecedentes.

O 13 de novembro de 2024 tivo entrada no Rexistro da Cámara o escrito núm. de Rexistro 14484, dos deputados e das deputadas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego membros da Comisión de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica, no que, ao abeiro do disposto no artigo 42.1 do Regulamento da Cámara, solicita a súa convocatoria para tratar sobre o seguinte asunto: *“Revogación dos plans de traballo aprobados pola Comisión na sesión celebrada o 8 de novembro de 2024 e aprobación dun novo plan de traballo congruente e adecuado ao obxecto da Comisión”*.

2.- Fundamentos xurídicos.

Primeiro.- O alcance da creación de comisión de investigación conforme ao artigo 52.1 bis do Regulamento do Parlamento de Galicia.

O artigo 52.1 bis do RPG dispón: *“Poderase crear de xeito automático unha única comisión de investigación por lexislatura de o solicitaren un terzo dos deputados e das deputadas da Cámara que pertencen a un mesmo grupo parlamentario, ou as dúas quintas partes dos deputados e deputadas da Cámara.”*

Como pode comprobarse da lectura do precepto, contéplase a creación *ex lege* dun órgano parlamentario como consecuencia do cumprimento de determinados requisitos *de facto*. Esta creación, ubicada sistematicamente no artigo regulador das comisións de investigación no Parlamento de Galicia, ten o alcance previsto polo Regulamento, é dicir, o carácter inevitable ou non obviaíble da creación do órgano unha vez que se verifique mediante unha cualificación xurídica o cumprimento dos requisitos normativos para ese fin (art. 30.1.5ª do RPG). Este mecanismo é habitual en numerosos procedementos parlamentarios: a obrigada admisión a trámite de proposicións de lei e a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento cando compren os requisitos regulamentarios, ou a vinculante declaración de urxencia dos procedementos cando a súa solicitude respecta os requisitos previstos no artigo 98 do RPG entre outros moitos que poden citarse. Estes acordos son actos parlamentarios regrados.

Unha vez que se crea un órgano parlamentario por iniciativa dun suxeito facultado regulamentariamente para promover a súa creación, ou cando, por exemplo, unha proposición de lei é tomada en consideración polo Pleno, o grupo parlamentario promotor ou autor, respectivamente, non conserva nin adquire ningún dereito sobre o órgano ou a proposición de lei distinto dos dereitos e facultades que o Regulamento lles confire ao resto dos grupos parlamentarios. En todos estes casos, as vicisitudes posteriores





sométense aos principios e regras xerais de funcionamento do Regulamento, singularmente á regra do artigo 84.1 que dispón que «os acordos serán válidos unha vez aprobados pola maioría dos membros presentes do órgano correspondente, sen prexuízo das maiorías especiais que establecen o Estatuto de Galicia, as demais leis de Galicia e mais este Regulamento.» Polo tanto, o argumento segundo o cal da facultade de creación automática dunha Comisión de investigación (art. 52 bis do RPG) deriva un suposto dereito particular do grupo parlamentario promotor da súa creación a que se impoña a súa vontade no referido ás persoas que serían citadas para comparecer ou á documentación que se requiriría na fase instrutora do procedemento, non pode xuridicamente admitirse, non so porque non ten cobertura regulamentaria se non porque non resulta conciliable co principio democrático das maiorías aplicable aos parlamentos. Neste sentido, a sentenza do TC 5/1981 di “que nuestra Constitución ha instaurado una democracia basada en el juego de las mayorías”. A sentenza 179/89 indica “que corresponderá al Reglamento la fijación de las mayorías necesarias para la adopción de acuerdos en los diferentes supuestos de actividad parlamentaria”. Na STC 136/2011, de 13 de setembro, recolle o seguinte: “En suma, nuestra Constitución ha instaurado una democracia basada en el juego de las mayorías, previendo tan sólo para supuestos tasados y excepcionales una democracia de acuerdo basada en mayorías cualificadas o reforzadas” [STC 5/1981, de 13 de febrero, FJ 21 A); 127/1994, de 5 de mayo, FJ 3 A) a); y 124/2003, de 19 de junio, FJ 11], de modo tal que, como señala el representante del Senado, el procedimiento legislativo se ha ordenado con arreglo al denominado principio mayoritario que constituye una “afirmación del principio democrático, respecto del cual toda mayoría cualificada ... debe mantenerse en términos de excepción a la regla” (STC 212/1996, de 19 de diciembre, FJ 11), al ser excepcional “la exigencia de mayoría absoluta y no la simple para su votación y decisión parlamentaria” [STC 160/1987, de 27 de octubre, FJ 2; y 127/1994, de 5 de mayo, FJ 3 A)]”.

O dereito a solicitar a creación dunha comisión de investigación, de conformidade co disposto no artigo 52.1 bis RPG, esgótase co seu exercicio. O seu funcionamento e os seus acordos acomodaranse ás disposicións que, con carácter xeral, se recollen no Regulamento do Parlamento para as demais comisións, sen prexuízo das especialidades contempladas no artigo 52 RPG para as comisións de investigación. Polo tanto, os deputados e as deputadas solicitantes non se convirten en deputados ou deputadas de mellor condición que as restantes deputadas e deputados que formen parte da comisión creada simplemente porque foron os promotores do seu nacemento. Tampouco os votos das deputadas e dos deputados solicitantes da creación da comisión de investigación teñen maior valor nin contan con voto de calidade, porque non existe previsión regulamentaria a este respecto que o sustente.

Por todo o antedito, cabe afirmar que, unha vez creada a comisión de investigación, tanto as normas de funcionamento como o plan de traballo e os outros acordos que deban tomarse, sométense ao principio democrático de adopción de acordos por maioría, de conformidade co recollido no artigo 84.1 do RPG.





Así debe entenderse o dereito de creación da comisión de investigación. É un dereito de configuración legal de alcance limitado, polo que, logo de exercitado, non limita ou condiciona o dereito dos deputados ou das deputadas do órgano a que este os acordos no sentido que sexa compatible co principio democrático da maioría.

Segundo.- A alteración do obxecto da comisión de investigación.

A delimitación do obxecto da comisión de investigación ven dada polo acordo plenario no caso das comisións de investigación ordinarias que pola súa solicitude de creación nos casos das comisións previsto no artigo 52.1 *bis* do Regulamento.

No caso que nos ocupa, o obxecto da investigación é a contratación pública da Administración autonómica, en concreto conforme a solicitude dos vinte cinco deputados e deputadas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego de data 13 de setembro de 2024: *"sobrecusto de 470 millóns de euros na contratación polo sistema de concesión da construción e xestión do Hospital Álvaro Cunqueiro, incluíndo os servizos non clínicos (limpeza, lavandería, restauración parking...); contratación do goberno autonómico, incluídos os entes instrumentais, co grupo EULEN entre 2009 e 2024; procedementos de contratación da administración autonómica sen concorrancia, negociados sen publicidade contratación menor entre os anos 2009 e 2024; e os contratos de emerxencias entre os anos 2020 e 2024, nomeadamente os contratos de emerxencia da COVID 19 coas empresas UNIVERSAL SUPPORT, SIBUCU 360 e MAPE ASESORES"*.

Os distintos documentos presentados polos tres grupos parlamentarios, nos que se conteñen as súas achegas ao respecto do plan de traballo, foron vistos e examinados pola Mesa da Comisión, no proceso de elaboración da súa proposta de plan de traballo, de acordo co establecido no artigo 11 das Normas de funcionamento da Comisión de Investigación. Polo tanto, non se apreciou por ese órgano desviación algunha das previsións regulamentarias que impediran a súa tramitación. Posteriormente, no seo da Comisión celebrada o día 8 de novembro de 2024, todos os grupos parlamentarios tiveron ocasión de defender o contido das súas achegas e propostas e replicar as propostas dos demais, producíndose ademais a votación de todas elas, con carácter previo á votación da proposta de plan de traballo elaborada pola Mesa da Comisión.

Non existe no Regulamento limitación material respecto da solicitude de comparecencias nas comisións, sendo bo exemplo desta afirmación a previsión do artigo 44.1 que posibilita a solicitude de presenza de funcionarios, autoridades e particulares de xeito xenérico. Tal regulación é conforme a unha concepción ampla do status dos parlamentarios e parlamentarias que, no ámbito da súa actuación representativa, poden valorar con plena liberdade o contido das iniciativas parlamentarias a presentar.

A comisión de investigación é o órgano competente para pronunciarse sobre as solicitudes de información ou de comparecencias. A decisión de non incluír comparecencias ou solicitudes de información tampouco afecta ao núcleo do dereito de





participación do artigo 23 da Constitución, pois debe terse en conta que é o órgano competente para tomar tal decisión. Ademais, o propio plan de traballo aprobado pola Comisión contempla a posibilidade de que nun momento posterior poida ampliarse con novas actuacións.

Terceiro.- O control do goberno como núcleo da función representativa.

Do deseño institucional do artigo 152 da Constitución Española e do artigo 10.1.b) do Estatuto de Autonomía, tírase que una función esencial do Parlamento de Galicia é o exercicio do control do executivo. Neste sentido, o Regulamento da Cámara contempla numerosos instrumentos para levalo a cabo e o núcleo esencial do *ius in officium* consiste en que os suxeitos lexitimados para exercer o control, co cumprimento dos requisitos regulamentarios, poden presentar cantas iniciativas estimen oportunas a tal efecto. É o que o Tribunal Constitucional ten denominado *ius ut procedatur*, entendido como o dereito a poñer en marcha eses procedementos de control que, como todas as iniciativas que se substancia nas cámaras parlamentarias, debe vehiculizarse a través dos órganos parlamentarios e cos acordos correspondentes das súas presidenciais e Mesas ao respecto. Nesta orde de cousas, resulta de aplicación o exposto pola Sentenza do TC 12/2019 que describe un caso de dilación e retraso nos traballos dunha comisión de investigación nas Cortes de Castela e León.

A decisión da Mesa da Comisión de investigación, respecto da convocatoria solicitada, axustarase ao marco dos dereitos constitucionais dos deputados e das deputadas na medida en que se adopte no seu ámbito de competencias previsto regulamentariamente. Polo demais, en opinión dos Servizos Xurídicos, os acordos tomados pola Mesa da Comisión e pola propia Comisión axustáronse, segundo quedou exposto, ao previsto no Regulamento e nas normas reguladoras dela. Os grupos parlamentarios interviñeron no debate e votación tanto das achegas presentadas polos grupos parlamentarios para os efectos da elaboración da proposta de plan de traballo por parte da súa Mesa (art. 11 das normas) como da proposta de plan de traballo, na sesión do día 8 de novembro. Dese debate e votación, levado a cabo conforme ao previsto no Regulamento da Cámara e das normas reguladoras da Comisión, resultou o plan de traballo.

3.- Conclusión.

A Mesa da Comisión de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica, analizado o escrito núm. de rexistro 14484, pode responder á solicitude de acordo aos fundamentos xurídicos contidos na presente nota.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2024

Polos Servizos Xurídicos

PARLAMENTO DE GALICIA
SERVIZOS XURÍDICOS



CRITERIOS DE PROGRAMACIÓN

O día 19 de novembro de 2024, a través do doc. núm. 3777, o presidente do Parlamento de Galicia require, coa maior brevidade, a documentación incluída no plan de traballo.

Tres días despois, con data do 22 de novembro de 2024, o Parlamento de Galicia recibe e pon á disposición dos membros da Comisión:

- A documentación remitida polo Consello de Contas de Galicia (doc. núm. de rexistro 14830)
- A documentación achegada pola Xunta de Galicia (doc. núm. de rexistro 14831)

Polo tanto, a documentación está dispoñible o mesmo día no que ten lugar a primeira das comparecencias, a primeira vez que acontece consultadas as comisións de investigación precedentes, nas que a documentación se entregaba máis tarde e, a partir desa data, a Mesa da Comisión convoca as sesións necesarias para desenvolver a programación do plan de traballo.

As comparecencias substantiváronse nas sesións da Comisión seguindo o seguinte detalle:

Día 22 de novembro de 2024:

- Ás 11.30 h: Francisco Menéndez Iglesias, presidente da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia
- Ás 13.00 h: Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade entre 2020 e 2023
- Ás 17.30 h: Alejandro Vila Alonso, xefe do persoal subalterno no Hospital Álvaro Cunqueiro
- Ás 19.00 h: Rocío Mosquera Álvarez, conselleira de Sanidade entre 2012 e 2015

Día 26 de novembro de 2024:

- Ás 10.00 h: Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade entre 2015 e 2020
- Ás 11.30 h: Benito Regueiro García, xefe do Servizo de Microbioloxía do Complexo Universitario de Vigo
- Ás 13.00 h: Manuel Enrique Nieto Rodiño, xerente da sociedade concesionaria do hospital de Vigo
- Ás 16.00 h: Félix Rubial Bernárdez, ex xerente do Hospital Xeral e primeiro xerente do Hospital Álvaro Cunqueiro
- Ás 17.30 h: Marta Fernández Currás, conselleira de Facenda entre 2009 e 2011
- Ás 19.00 h: Elva Iglesias Lago, supervisora xeral do Hospital Álvaro Cunqueiro



Día 27 de novembro de 2024:

- Ás 10.00 h: Juan Carlos Aladro Fernández, conselleiro maior do Consello de Contas
- Ás 13.00 h: Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade
- Ás 16.00 h: Pablo Torres Arrojo, director xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde
- Ás 17.30 h: Alberto Fernández Villar, xefe do Servizo de Pneumoloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro
- Ás 19.00 h: María Xosé Caride Estévez, conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (2005-2009)

Día 28 de novembro de 2024:

- Ás 11.30 h: Representante de Garrigues Abogados: Alfredo Rancaño
- Ás 13.00 h: Miguel Corgos López-Prado, conselleiro de Facenda e Administración Pública
- Ás 16.00 h: José Antonio Redondo López, exconselleiro maior do Consello de Contas de Galicia
- Ás 17.30 h: Elena Muñoz Fonteriz, conselleira de Facenda entre 2011 e 2015
- Ás 19.00 h: Antolín Rodríguez Martínez, exsecretario xeral do Servizo Galego de Saúde durante o Bipartito

Día 29 de novembro de 2024:

- Ás 11.30 h: Manuel Pillado Quintáns, secretario xeral da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia
- Ás 13.00 h: Alfonso Rueda Valenzuela, presidente da Xunta de Galicia
- Ás 16.00 h: Pilar Farjas Abadía, conselleira de Sanidade entre 2009 e 2011
- Ás 17.30 h: Almudena Chacón Pichel, interventora xeral da Xunta de Galicia

Día 2 de decembro de 2024:

- Ás 10.00 h: Santiago Pérez Pérez, director do Proxecto novo hospital de Vigo, UTE Acciona-Puentes. (Mediante o sistema de videoconferencia, previamente autorizada por unanimidade na Comisión)
- Ás 11.30 h: Javier Puente Prieto, xerente da Área Sanitaria de Vigo

Día 5 de decembro de 2024:

- Ás 10.00 h: Alberto Baz López, exsubdirector xeral de Compras do Servizo Galego de Saúde
- Ás 11.30 h: Lara María Otero López, subdirectora xeral de Compras do Servizo Galego de Saúde
- Ás 13.00 h: María José Rubio Vidal, conselleira de Sanidade entre 2005 e 2009
- Ás 16.00 h: José María Barreiro Díaz, director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio



- Ás 17.30 h: José Manuel Flores Arias, xerente da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés e xerente do Servizo Galego de Saúde durante a pandemia
- Ás 19.00 h: Cayetano Rodríguez Escudero, exsecretario xeral do Servizo Galego de Saúde

Día 9 de decembro de 2024:

- Ás 16.00 h: Manuel Aguilar López (Sogaserso). (Mediante o sistema de videoconferencia, previamente autorizada por unanimidade na Comisión)
- Ás 17.30 h: Andrés Íñiguez Romo, xefe de CardioloXía do Hospital Álvaro Cunqueiro

Día 11 de decembro de 2024:

- Ás 16.00 h: Rubén Cela Díaz, exdirector xeral de Xuventude e Solidariedade
- Ás 17.30 h: Alberto Souto Souto, exsecretario xeral de Medio Rural (2005-2009)

A seguir, e tal e como figura na orde do día da Comisión, procedeuse á modificación do plan de traballo como consecuencia dos escritos presentados por D. José Ramón Gómez Fernández e por D. Salvador Illa Roca, dos que se deu conta á Mesa, e que derivan na supresión das súas comparecencias, cuestión que se aproba por maioría.

Finalmente, e tal e como estaba previsto na orde do día desta sesión, procedeuse á designación e constitución da ponencia encargada de elaborar o proxecto de ditame, no que se reflectirán as conclusións da investigación.

Esta queda constituída por:

G. P. Popular de Galicia:

- Roberto Rodríguez Martínez (titular)
- Julio García Comesaña (suplente)

G. P. do Bloque Nacionalista Galego:

- Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (titular)
- Óscar Insua Lema (suplente)

G. P. dos Socialistas de Galicia:

- María Elena Espinosa Mangana (titular)
- Patricia Iglesias Rey (suplente)

G. P. Mixto:

- Armando Ojea Bouzo

A seguir, na mesma sesión da Comisión, tivo lugar a constitución da ponencia, coa presenza de todos os membros previamente designados, titulares e suplentes, e da presidenta, D^a Elena Candia López.

A ponencia reuniuse o venres 13 e o luns 16 de decembro de 2024 para a elaboración do proxecto de ditame.



B) FEITOS RELEVANTES

B.1. Sobre o contexto:

A reforma do Regulamento de Galicia de agosto de 2015 prevé, entre outras novidades, a creación dunha comisión de investigación de xeito automático en cada lexislatura cando for solicitado por un grupo parlamentario que represente polo menos un terzo dos membros da Cámara ou polas dúas quintas partes dos deputados e das deputadas da Cámara. Esta posibilidade só está prevista no Parlamento de Galicia e no Parlamento de Cataluña.

Curiosamente, a referida reforma regulamentaria -a mesma que permitiu ao BNG impulsar en solitario esta Comisión de investigación- contou entón co rexeitamento expreso dos nacionalistas, que a consideraban un “golpe á democracia”, argumento semellante ao que volveron utilizar agora para cuestionar as decisións adoptadas durante os traballos ao abeiro da maioría parlamentaria e democrática do Grupo Parlamentario Popular.

Os feitos demostran a falsidade dos argumentos dos grupos da oposición nesta comisión de investigación, á que desde o primeiro momento acudiron interpretando un papel impostado: o da imposición e o victimismo.

- O 41 % das comparecencias solicitadas polo Grupo Popular coinciden coas solicitadas polo Grupo da oposición. Desde xeito, 16 das 39 comparecencias solicitadas polo Grupo Popular coinciden cos nomes propostos polo BNG e/ou polo PSdeG-PSOE.
- O Grupo Parlamentario Popular acudiu ás reunións con man tendida, ofrecendo a posibilidade de votar a favor das solicitudes de toda a documentación solicitada polo BNG e a maior parte das comparecencias, sen máis limitacións que as persoas concretas, por entender que buscaban criminalizar particulares alleos á política. No seu lugar ofreceuse citar persoas representantes das empresas polas que os grupos da oposición amosaban interese en ampliar información. As propostas de negociación do Grupo Popular foron sistematicamente rexeitadas.
- Nas reunións preparatorias do plan de traballo observouse un punto de inflexión na postura do BNG, que acabou cristalizando na súa renuncia a incorporar comparecentes ao plan de traballo.
- Por unha parte, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia propuxo un sistema proporcional para a designación de comparecentes, proposta lexítima, pero carente de calquera respaldo regulamentario e ante a que o BNG semellou quedar sen argumentos.
- Ese cambio de criterio, tamén discursivo, tomou forma definitiva cando o BNG foi incapaz de responder á pregunta de se algún familiar ou persoa do contorno directo de D^a Ana Pontón tivera contratos menores con algunha administración pública gobernada polo BNG. Pedíase unha resposta concreta: si ou non. Pero, en lugar de responder, o BNG mudou de criterio e de discurso. Negouse a transaccionar a lista de comparecentes e acentuou o seu discurso victimista como consecuencia dunha suposta imposición. Impostura en estado puro.



- A maiores, a pretensión do BNG de ignorar as disposicións regulamentarias e vulnerar o principio das maiorías democráticas foi reconducida por un informe unánime dos Servizos Xurídicos do Parlamento de Galicia, no que, entre outras consideración, aclara:

«Unha vez que se crea un órgano parlamentario por iniciativa dun suxeito facultado regulamentariamente para promover a súa creación, ou cando, por exemplo, unha proposición de lei é tomada en consideración polo Pleno, o grupo parlamentario promotor ou autor, respectivamente, non conserva nin adquire ningún dereito sobre o órgano ou a proposición de lei distinto dos dereitos e facultades que o Regulamento lles confire ao resto dos grupos parlamentarios. En todos estes casos, as vicisitudes posteriores sométense aos principios e regras xerais de funcionamento do Regulamento, singularmente á regra do artigo 84.1 que dispón que «os acordos serán válidos unha vez aprobados pola maioría dos membros presentes do órgano correspondente, sen prexuízo das maiorías especiais que establecen o Estatuto de Galicia, as demais leis de Galicia e mais este Regulamento.» Polo tanto, o argumento segundo o cal da facultade de creación automática dunha Comisión de investigación (art. 52 bis do RPG) deriva un suposto dereito particular do grupo parlamentario promotor da súa creación a que se impoña a súa vontade no referido ás persoas que serían citadas para comparecer ou á documentación que se requiriría na fase instrutora do procedemento, non pode xuridicamente admitirse, non só porque non ten cobertura regulamentaria senón porque non resulta conciliable co principio democrático das maiorías aplicable aos parlamentos. Neste sentido, a sentenza do TC 5/1981 di "que nuestra Constitución ha instaurado una democracia basada en el juego de las mayorías."»

Entre outras cuestións, os Servizos Xurídicos tamén especifican que:

«O dereito a solicitar a creación dunha comisión de investigación, de conformidade co disposto no artigo 52.1 bis do RPG, esgótase co seu exercicio. O seu funcionamento e os seus acordos acomodaranse ás disposicións que, con carácter xeral, se recollen no Regulamento do Parlamento para as demais comisións, sen prexuízo das especialidades contempladas no artigo 52 do RGP para as comisións de investigación. Polo tanto, os deputados e as deputadas solicitantes non se converten en deputados ou deputadas de mellor condición que as restantes deputadas e deputados que formen parte da comisión creada simplemente porque foron os promotores do seu nacemento. Tampouco os votos das deputadas e dos deputados solicitantes da creación da comisión de investigación teñen maior valor nin contan con voto de calidade, porque non existe previsión regulamentaria a este respecto que o sustente.

Por todo o antedito, cabe afirmar que, unha vez creada a comisión de investigación, tanto as normas de funcionamento como o plan de traballo e os outros acordos que deban tomarse sométense ao principio democrático de adopción de acordos por maioría, de conformidade co recollido no artigo 84.1 do RPG.»

Cómpre lembrar que a mecánica de conformación do plan de traballo e o funcionamento da Comisión de investigación obxecto deste ditame seguiu un procedemento idéntico ao observado na Comisión de investigación sobre a totalidade das actuacións públicas referentes á Cidade da Cultura desde o seu inicio ata a actualidade. A referida comisión de investigación foi constituída na VII lexislatura do Parlamento de Galicia cos votos dunha maioría parlamentaria diferente á actual e conformada daquela polo PSdeG-PSOE e polo BNG, que entón sumaban 38 dos 75 escanos da Cámara. Os Servizos Xurídicos do



Parlamento de Galicia estaban integrados por practicamente os mesmos letrados que na actualidade. O letrado oficial maior segue a ser o mesmo. Sorprende, por tanto, que os grupos da oposición manifesten agora unha radical desconformidade cun procedemento xurídico que outrora lles parecía correcto.

Malia o volume de documentación requirido (arredor de 40 caixas), as deputadas e deputados integrantes da Comisión de investigación puideron acceder a esta información antes do inicio das comparecencias. É a primeira vez que a documentación chega á Cámara galega antes do inicio das comparecencias nunha comisión de investigación.

B.2) Sobre o Hospital público Álvaro Cunqueiro

No ano 2005 había unha forte demanda dun novo hospital que integrase parte da atención sanitaria, fraccionada entre varios centros sanitarios, e permitise o crecemento profesional, tecnolóxico e sobre todo asistencial para abordar unha demanda cada vez maior.

O Goberno da Xunta xa tiña dado pasos como a constitución do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (Chuvi) en maio de 2004.

Entre maio de 2004 e maio de 2005 desenvólvese o Plan estratéxico do Chuvi, que establece no seu apartado “Modelo de hospital” a configuración dun gran centro cunha única porta de entrada de urxencias, e establece que o Hospital Povisa actuará como un centro concertado ao uso.

En xuño de 2005 o Goberno da Xunta aproba o acordo polo que se licita o proxecto básico e de execución dun novo centro situado na parcela onde agora se encontra o Hospital Álvaro Cunqueiro. Este acordo publicouse no *DOG* no mes de xuño do 2005.

Co cambio no Goberno en xuño de 2005, o acordo queda sen efecto e licítase a elaboración dun plan funcional.

En marzo de 2006 asínase un convenio entre a Xunta e o Concello de Vigo para, entre outras cousas, a cesión dos terreos, cuxo custo correría a cargo do concello.

En xuño de 2006 asínase o Acordo pola sanidade de Vigo, entre a Xunta (o PSdeG e o BNG), os sindicatos, a Universidade e o Hospital Povisa, que entre outras cousas blinda o emprego no Hospital Povisa e establece que manterá o seu carácter de Hospital Xeral.

En outubro de 2006 prodúcese unha substitución na secretaría xeral da consellaría e volve licitarse un novo plan funcional.

En xuño de 2007 desenvólvese o concurso de ideas para o deseño do novo hospital e adxudícase á firma francesa Valode e Piste.

Iníciase a continuación un novo plan funcional que remata en outubro de 2008.



O Goberno da Xunta durante este período analiza distintas iniciativas para a construción e explotación do hospital, desde a orzamentaria á concesión público-privada, pasando polo SPI, con investimento directo ou a través dunha empresa mixta co 90 % de capital privado e un 10 % da Xunta, con igual capacidade de decisión. Encargáronse varios informes para tal efecto. Todos eles inciden na necesidade de que o modelo seleccionado non computara débeda seguindo as regras do SEC 95, debendo para iso transferir os riscos de construción e dispoñibilidade.

A tres meses das eleccións de 2009 o Goberno da Xunta fixa o seu modelo, formulando a construción a través de SPI, pero sen establecer se SPI directamente ou SPI a través de empresa mixta co 90 % de capital privado e 10 % público. Decide esperar ás eleccións para comunicalo.

A pesar da vontade do Goberno da Xunta e o traballos desenvolto entre 2005 e 2009, pasados catro anos desde a decisión de licitar o proxecto básico e de execución en 2005, no ano 2009 non se iniciaran as obras nin se tiña adxudicado nada.

O Goberno da Xunta, en 2009, toma a decisión de licitar o proxecto de execución e mais a obra, a través dun modelo de concesión publico-privada, con transferencia de risco de construción e de dispoñibilidade, concesionando os servizos non clínicos, moitos dos cales xa se prestaban na propia área sanitaria nun modelo de concesión.

O expediente de concesión foi analizado polo Grupo de Traballo de Contabilidade Nacional formado polo INE, o Banco de España e a IXAE. A principal conclusión do informe emitido era que tanto o risco de construción como o risco de dispoñibilidade estaban correctamente transferidos á sociedade concesionaria, e polo tanto o custo de construción do hospital non tería efectos nin no déficit nin na débeda da Administración.

Tras resolver os problemas derivados de non asumir o Concello de Vigo as súas obrigas no convenio de 2006, e asumindo a Xunta de Galicia o importe e o desenvolvemento das expropiacións, a obra iníciase no 2011.

Durante a obra a Oficina Técnica de Seguimento, constituída para o efecto, designada pola Consellería, desenvolve o control dela e non se asume, por parte da Consellería, ningún risco de construción.

A obra finaliza en abril de 2015, en menos de catro anos e sen ningún sobrecusto de construción. O hospital construído cumpre os pregos licitados para o efecto, ten máis camas que o establecido no último plan funcional de 2008 e a superficie establecida no proxecto de execución.

O novo hospital entra en funcionamento en xuño de 2015 cos primeiros pacientes de Nefroloxía e todo o proceso remátase a finais de 2015 coa reestruturación completa de toda a Área Sanitaria (peche asistencial do Rebullón, configuración do Hospital Nicolás



Peña como Centro Hospitalario de Saúde Mental, peche dos centros de especialidades, peche da maior parte do Xeral, especialización do Meixoeiro nos procesos ambulatorios, diagnósticos e de Oncoloxía Radioterápica, e concentración no Hospital Álvaro Cunqueiro de toda a patoloxía complexa e aguda, cunha única porta de urxencias para o sector do Chuvi).

Os resultados asistenciais en 2019, tras a consolidación do mapa de recursos sanitarios en Vigo, demostran una redución notable nas listas de agarda da área sanitaria, que diminúe nun 44 %; así mesmo, o acceso a probas e consultas tamén se reduce notablemente.

Non se incorreu en ningún sobrecusto de construción, tal e como recoñece o propio informe do Consello de Contas de Galicia.

Os graos de satisfacción de profesionais e usuarios coa estrutura desenvolta e os servizos prestados están no rango do 90 %.

O Instituto de Salud Carlos III acredita o Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur con sede principal no Cunqueiro.

Durante a pandemia o Hospital Álvaro Cunqueiro converteuse en referencia en Galicia e en España en procesos innovadores como o covid-auto, o cribado das residencias de maiores de toda a comunidade e o desenvolvemento de técnicas diagnósticas como o *pooling*, que permitiu facer probas ambulatorias a toda a cidadanía galega a través de mostras de saliva recollidas nas farmacias.

A capacidade do Hospital Álvaro Cunqueiro nunca se viu comprometida, nin nos peores momentos da pandemia, chegando incluso a recibir pacientes de UCI e planta doutros hospitais galegos, como os de Ferrol, Ourense ou Pontevedra. Mesmo tivo unha planta disposta para recibir pacientes portugueses. Nunca foi preciso formular a necesidade dun hospital de campaña na Área Sanitaria de Vigo.

O grao de dispoñibilidade de todos os servizos concesionados é máximo, e mesmo a concesionaria ten asumido riscos de demanda como o derivado do financiamento por parte do Concello de Vigo dun aparcadoiro libre de pagamento, que non afectou as tarifas, manténdose como as máis baratas de toda a cidade.

O modelo de concesión na Área Sanitaria de Vigo cumpriu os requirimentos de transferir o risco, non computar como débeda e, o máis importante, ofrecer un excelente servizo aos cidadáns da área sur de Galicia, que acoden a ela para servizos de referencia.

O grao de execución do contrato de concesión é óptimo e a Xunta desenvolve axeitadamente o labor de seguimento del.



A Área Sanitaria seguiu dotándose de tecnoloxía punteira nestes anos, e a estrutura hospitalaria adaptouse ás novas exixencias; exemplos: a unidade de imaxe cardioloXía avanzada, o incremento dos equipos de hemodinámica e electrofisioloXía, o quirófano híbrido, o TC intraoperatorio ou a incorporación dos tratamentos CAR-T.

Os galegos e as galegas do sur de Galicia dispoñen dun hospital público punteiro, na vangarda tecnolóXica, que ofrece servizos do maior nivel de calidade e satisfacción e onde a fragmentación que había no ano 2009, e no ano 2005, pasou á historia.

B.3) Sobre a transparencia na contratación pública

A contratación menor xa contaba con regulación legal antes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, polo que convén analizar a súa regulación nas últimas normas de contratación administrativa.

A Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, xa fai referencia á figura do contrato menor, para referirse a unha tipoloxía de contratos que se definen exclusivamente pola súa contía e que posúen unhas características específicas, que as distinguen dos demais regulados nesta normativa. A regulación en relación coa contratación menor exige que a tramitación do expediente conteña a aprobación do gasto e a incorporación a el da factura correspondente, e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo da existencia de proxecto cando normas específicas así o requiran.

O Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, engade que estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos.

Esta norma establece que o Rexistro Público de Contratos é o instrumento de soporte da estatística sobre contratación pública para fins estatais, para permitir o coñecemento dos contratos celebrados polas distintas administracións públicas, impondo a todos os seus órganos de contratación a obriga de remitir á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa a información sobre os contratos regulamentariamente determinada, para efectos do cumprimento da normativa internacional.

As previsións da Lei de contratos das administracións públicas relativas ao Rexistro Público de Contratos foron desenvolvidas polo Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, establecendo no seu artigo 114 o contido do rexistro e, no seu artigo 115 e anexo IX, a forma de remisión de datos.

En concreto, o dito artigo 114 sinala que no Rexistro Público de Contratos se tomará nota de todos os contratos que celebre a Administración, coa exclusión dos contratos menores. Polo tanto, a contratación menor non se inclúe neste primeiro momento entre a información que se incorporaba ao Rexistro Público de Contratos a nivel estatal.



Esta situación modifícase a partir da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que modifica determinados puntos da regulación da contratación menor, entre outros a súa obriga de rexistro.

O artigo 308 da Lei de contratos do sector público do ano 2007 regula o Rexistro Público de Contratos.

Esta Lei de contratos do sector público do ano 2007 configurou o Rexistro de Contratos como o sistema oficial central de información sobre a contratación pública en España.

A contratación menor é un sistema de contratación previsto no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Este artigo establece de xeito claro as limitacións que existen no eido da contratación menor.

Así, considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

Polo tanto, a lei prevé de xeito expreso que por debaixo destes limiares económicos a contratación menor é perfectamente legal.

Debe lembrarse que estamos falando dunha norma estatal, que ten carácter básico, polo que o Goberno central, que modificou en numerosas ocasións a norma noutros aspectos, podería ter modificado estes límites económicos, pero non o fixo.

A Lei continúa no seu artigo 118 establecendo unha serie de garantías na contratación menor: a tramitación do expediente exixirá a emisión dun informe do órgano de contratación no que se xustifique de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto, co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos anteriormente.

É importante destacar que o apartado 3 deste mesmo artigo, desde a modificación operada no ano 2020 na Lei de contratos (feita polo Goberno central presidido polo señor Sánchez), exceptiona da obriga deste informe xustificativo do órgano de contratación, naqueles contratos cuxo pagamento se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagamentos menores, a condición de que o valor estimado do contrato non exceda os 5.000 euros.

Estas regras, en definitiva, configuran os contratos menores como de adxudicación directa e non exixen a previa tramitación dun expediente de contratación ordinaria para a súa tramitación e adxudicación. Non se require legalmente nin sequera a petición doutras ofertas.

Pero, ademais, o artigo 29 da mesma Lei de contratos do sector público indica que os contratos menores do sector público non poden ter unha duración superior a un ano nin prorrogarse.

Do mesmo xeito, o gran número de contratos da Xunta de Galicia que abarcan varias anualidades poñen de manifesto que existe unha planificación na licitación daqueles



contratos que responden a necesidades permanentes e que se tramitan e licitan mediante procedementos abertos, pero esta preeminencia da contratación mediante contratos abertos non supón que non poidan realizar contratación menor as administracións públicas, todas elas, sempre respectando as garantías previstas na lei.

Polo tanto, a contratación mediante contrato menor é perfectamente legal e de uso común polas administracións públicas (comunidades autónomas, deputacións provinciais e concellos) e o Goberno central (que ten competencia plena en materia de contratos) non impulsou reforma para limitar o seu uso, así que debe de atoparse cómodo con este procedemento.

Segundo as intervencións dos grupos da oposición, téñense vertido afirmacións de que a Xunta non cumpre a lei, por utilizar a figura de contrato menor e mesmo incluso usala moi habitualmente, pero quedou claro, segundo diversas comparecencias, *que "a contratación menor é unha figura legal, prevista na normativa estatal básica en materia de contratación."*

Así, se acudimos ao Informe anual de supervisión 2024 da Oirescon (Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, adscrita para efectos organizativos e orzamentarios ao Ministerio de Facenda), relativo ás cifras da contratación pública en 2023 en España, podemos comprobar que se atendemos á distribución do volume de licitacións en España (incluíndo o sector público estatal, autonómico e local) por tipo de procedemento, no ano 2023 foi licitado a través do procedemento aberto un 70,56 % do volume global licitado, e a través do procedemento aberto simplificado un 5,58 %, o que fai un total dun 76,14 % licitado a través de calquera das modalidades do procedemento aberto.

Pois ben, se analizamos os datos porcentuais das consellarías ou Administración xeral da Xunta de Galicia, no ano 2023 licitouse a través do procedemento aberto o 80,36 % do volume global das licitacións, polo tanto, unha porcentaxe superior á media indicada no informe da Oirescon.

Ademais, é importante sinalar a información que se desprende do visor de contratación da Oirescon, do que se deduce que no ano 2023 a cifra adxudicada polo sector público estatal mediante procedementos negociados sen publicidade ascende a 6.088,24 millóns de euros, fronte aos 1.980,05 millóns de euros no ano 2022, o que supón máis de 4.000 millóns de euros de incremento respecto ao ano anterior, polo tanto un incremento de máis do 200 %.

Polo tanto, a contratación menor é unha figura totalmente legal e o seu uso non supón ningunha vulneración legal nin irregularidade administrativa, e que queda sometida aos controis pertinentes dos órganos de control internos e externos.

Así, tal e como xa se explicou nesta comisión, a contratación da Xunta de Galicia realízase cumprindo minuciosamente o procedemento previsto na normativa e os expedientes de contratación están sometidos a todos os controis por parte da Asesoría Xurídica e da Intervención.

Ademais, a maior porcentaxe de contratos licitados polas distintas consellarías da Xunta de Galicia son licitados mediante procedementos abertos, procedemento que garante a



máxima concorrência. Na adxudicación destes contratos ten un papel fundamental a mesa de contratación, que é un órgano colexiado, de composición fundamentalmente técnica, que ten como finalidade evitar a discrecionalidade e garantir o bo desenvolvemento do procedemento de licitación; estas mesas de contratación están compostas basicamente de persoal empregado público e contan coa presenza dunha persoa da Asesoría Xurídica e doutra da Intervención.

Non pode cuestionarse a legalidade e a lexitimidade da actuación deste persoal empregado público, que actúa cun perfil totalmente técnico, pero que si ten posto en cuestión algún grupo da oposición durante as sesións da Comisión.

Tamén explicaron varios comparecentes que seguiremos avanzando na dotación de medidas de mellora dos procedementos de contratación menor, na plataforma de contratos e no Portal de Transparencia.

Pero, ademais, a contratación menor é unha figura utilizada desde hai moitos anos por todas as administracións públicas, como se puxo de manifesto en varias ocasións, así como que a Xunta de Galicia publica no Portal de Transparencia a información que a lei exige como publicidade activa en materia de contratación, polo que pode afirmarse que se cumpren todos os requirimentos legais tanto de tramitación como de publicidade na Xunta de Galicia.

Impulso da transparencia desde o ano 2009:

- Publicación da declaración patrimonial dos membros do Goberno.
- Limitación, unificación e publicación das retribucións de todo o persoal directivo das entidades instrumentais da Administración autonómica.
- En 2010 púxose en marcha unha Plataforma de contratación de Galicia con todos os datos e documentos sobre os diferentes procedementos de licitación dos nosos contratos.
- Obrigación ás administracións locais de que, para poderen recibir subvencións autonómicas, teñen que render as súas contas ao Consello de Contas.
- Aprobación do Código ético institucional da Administración autonómica, no que se definen as condutas adecuadas e as que non o son dun cargo público o dun empregado público.
- Programa de impulso democrático coa aprobación de seis leis e cincuenta medidas (acordo do Consello da Xunta do 27 de xaneiro de 2015) co propósito de incrementar a participación da cidadanía no impulso e control das actividades das administracións públicas, entre eles una nova Lei de transparencia.
- En Galicia, aprobouse a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que no seu artigo 13 estableceu que a información relativa os contratos menores, coa indicación do obxecto, duración, importe de licitación e adxudicación, número de licitadores participantes e identidade do adxudicatario, publicárase, polo menos trimestralmente, no portal web de transparencia.
- Galicia foi unha das comunidades autónomas que contribuíu con máis medidas ao IV Plan de Goberno aberto promovido pola Administración do Estado.



- En materia de prevención da corrupción a Xunta de Galicia foi a única comunidade autónoma, xunto con Canarias, que se someteu a un informe de diagnóstico dos seus sistemas de prevención da corrupción realizado por un órgano externo e independente como é o Consello de Contas, concretamente nos anos 2019 e 2023, rexistrando unha evolución favorable.
- Programa marco de integridade institucional (aprobado en maio de 2021), que establece os elementos da infraestrutura ética á que se somete a acción do Goberno, a dos seus responsables máximos e a do conxunto dos empregados públicos (dispoñible no Portal de Transparencia).
- Galicia foi a primeira comunidade autónoma (e tamén a primeira administración en España) en aprobar un Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, en decembro de 2021, referendado polo último informe do Tribunal de Contas de España.
- Recollendo todas as recomendacións do último informe do Consello de Contas, en maio de 2023 aprobouse a revisión do Plan antifraude: Incremento do compromiso ético na xestión de todos os fondos públicos, mellora dos procedementos de xestión de conflito de intereses, adaptación á Lei 2/2023, de protección do informante, diferenciación de fondos, novo sistema de avaliación de riscos.
- Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de Prevención de Riscos de Xestión (Decreto 11/2024, do 11 de xaneiro).
- Galicia cumpriu en prazo a Lei 2/2023, de protección do informante, no que se refire á súa canle interna de denuncias.
- Así mesmo, mediante a Lei de acompañamento:
 - Elevouse a rango legal o Sistema interno de información da Xunta de Galicia (coa modificación do artigo 51 *quater* da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno).
 - Regulouse a Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante, que se adscribe á Valedoría do Pobo, presidida por unha profesional designada polo Parlamento e con ampla experiencia na protección da cidadanía.

O BNG non apoiou ningunha das seis leis autonómicas que desenvolven o programa de impulso democrático que trouxemos a esta Cámara:

1. Lei de reforma do Regulamento do Parlamento galego.
2. Lei de participación cidadá no Parlamento galego.
3. Lei de reforma do Consello de Contas.
4. Lei de financiamento dos partidos políticos.
5. Lei de transparencia e bo goberno.
6. Lei de asistencia xurídica do sector público autonómico.

Destes seis textos lexislativos de impulso democrático **o PSdeG-PSOE** votou a favor de **dúas**, abstívose en **tres** e rexeitou **unha**.



BNG:

A FAVOR (0)	Ningunha
EN CONTRA (4)	Lei Consello de Contas, participación cidadá, Regulamento financiamento
ABSTENCIÓN (2)	Lei de transparencia, Lei de asistencia xurídica

PSdeG-PSOE:

A FAVOR (2)	Lei Regulamento + Lei de transparencia
EN CONTRA (1)	Lei de participación cidadá
ABSTENCIÓN (3)	Lei Contas, financiamento e asistencia xurídica

Este programa de impulso democrático tiña como finalidade:

- Incrementar e reforzar a transparencia na actividade pública, a través de obrigas de publicidade activa na Administración xeral e nas entidades instrumentais do sector público autonómico.
- Recoñecer e garantir o acceso á información, regulado como un dereito, e ampliando os contidos de publicidade activa.
- Regular os gobernos en funcións.
- Establecer as obrigas do bo goberno que deben cumprir os responsables públicos, así como as consecuencias xurídicas derivadas do seu incumprimento.
- Establecer un réxime de conflitos de interese

Para nós, isto é rexeneración democrática: máis controis, máis transparencia e máis capacidade de participación á cidadanía de Galicia.



C) CONCLUSIÓN

A Comisión corrobora, tanto da información facilitada polos distintos comparecentes ao longo das súas intervencións como tras a análise da documentación achegada, moita da cal non se coñecía durante o mandato do Goberno autonómico bipartito porque non existían os mecanismos de transparencia que hoxe si están habilitados, que non hai nin unha soa tacha de legalidade no proceso de construción do Hospital público Álvaro Cunqueiro, nin nos procesos de contratación menor da Xunta de Galicia nin na contratación de emerxencia efectuada pola Administración pública autonómica e, particularmente, polo Servizo Galego de Saúde, durante a pandemia.

SOBRE A CONTRATACIÓN POLO SISTEMA DE CONCESIÓN DA CONSTRUCCIÓN E XESTIÓN DO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO, INCLUÍNDOS OS SERVIZOS NON CLÍNICOS (LIMPEZA, LAVANDARÍA, RESTAURACIÓN, APARCADOIRO...)

C.1. Sobrecusto

Quedou plenamente acreditado que non existiu sobrecusto na execución do contrato nin na parte relativa á obra nin na relativa á prestación do servizo.

En primeiro lugar, acreditouse documentalmente que nunca houbo afirmación ningunha por parte do Consello de Contas de existencia de sobrecusto no Álvaro Cunqueiro: O CONSELLO DE CONTAS NUNCA DIXO QUE EXISTIRA SOBRECUSTO. Estas son as referencias a sobrecusto que fai o Consello de Contas en todo o seu informe de fiscalización:

- Páxina 16: “A Administración non asumiu sobrecustos pola execución da obra”
- Páxina 60: “No ano 2014 a concesionaria reclama a cantidade de 7.991.642€ (sen IVE) en concepto de sobrecustos de estrutura e cimentación.” A solicitude foi desestimada.
- Páxina 62: “Sobre o déficit de débeda pública é posible incluír tres tipos de riscos”, entre eles “de construción”, que inclúe, entre outros, “o pagamento a terceiros derivado (...) de sobrecustos ou deficiencias técnicas.”
- Páxina 69: “Importe reclamado polo concesionaria en concepto de sobrecustos pola execución da obra (...), que non foi aboado pola Administración argumentando que o posible sobrecusto entraría dentro do risco da construción asumido pola adxudicataria.”

En conclusión, as únicas referencias no informe do Consello ao sobrecusto son para evidenciar que non se produciu ou para indicar que entraba no risco da adxudicataria.

Así o asegurou o conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia, D. Juan Carlos Aladro, e D. Enrique Nieto, representante da Empresa Concesionaria Novo Hospital de Vigo, entre outros comparecentes.

De D. Juan Carlos ALADRO FERNÁNDEZ:

«...el tema de los riesgos es un tema que no es menor. Es fundamental poner de manifiesto que la Administración transfirió el de demanda, de reposición, el de conservación, de la prestación de servicios no dinerarios y también el de financiación... El único riesgo no transferido se deriva posteriormente del expediente



de reequilibrio económico derivado de los mayores costes financieros... La Administración presentó un recurso sobre esta cuestión que dio lugar a una modificación de esa valoración de riesgo... Por tanto, entiendo que sí, que sí que se transfirieron los riesgos.»

O que di o informe do Consello de Contas, e así declarou explicitamente o seu conselleiro maior na súa comparecencia, é que a alternativa da licitación separada da obra por un lado e dos servizos por outro daría resultados similares a un menor custo, o que en ningún caso é un sobrecusto. Trátase de alternativas teóricas.

Feitos corroborados polo propio conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia, D. Juan Carlos Aladro.

De D. Juan Carlos ALADRO FERNÁNDEZ:

«...No se puede acudir a la valoración del VAN contrato de obras para la construcción de servicios del edificio y formalización de contratos de servicios para los servicios objeto de la concesión, comparando valor con uno y comparando valor con otro.»

Ao contrario, na páxina 18 do informe dise que “a Administración realizou un control efectivo na fase de execución do contrato”, para engadir na páxina 19: “Obsérvase un adecuado seguimento das incidencias producidas nas prestacións dos servizos.”

De D. Juan Carlos ALADRO FERNÁNDEZ:

«... la Administración ha estado especialmente diligente sobre el control de la concesión...»

Polo tanto, o Consello fai unha comparación teórica de dúas alternativas de licitación da obra, aínda que asemade recoñece a inviabilidade na práctica dunha delas, a que considera menos custosa, ao dicir expresamente na páxina 17 do informe: “A licitación da obra baixo a modalidade anterior exixiría a renuncia da Administración á execución de gasto corrente ou doutros investimentos para cumprir co obxectivo de déficit para os efectos de estabilidade orzamentaria.”

Neste aspecto, é contundente a afirmación do Sr. Aladro de que a alternativa da licitación da obra con fondos públicos só é posible nun escenario óptimo, polo cal esa alternativa na práctica non existía.

De D. Juan Carlos ALADRO FERNÁNDEZ:

“Si me permiten, (la opción 100 % pública) parte de un escenario óptimo, un escenario óptimo donde la Administración fuese capaz de financiar la inversión con recursos propios. Por eso decimos un escenario óptimo, que no es el caso.»

Como confirmou o conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia, D. Juan Carlos Aladro, durante a súa comparecencia.

De D. Juan Carlos ALADRO FERNÁNDEZ:



«...tras a análise dos datos en relación coa capacidade orzamentaria, o informe conclúe tamén que a Administración non estaría en condicións de afrontar a licitación pública do contrato de obras sen incumplir os obxectivos de déficit para os efectos da estabilidade orzamentaria. A opción pola alternativa pública implicaría, polo tanto, ou ben incumplir a regra de déficit ou ben renunciar á execución de gastos correntes ou doutros investimentos...»

C.2. A colaboración público-privada

Sobre o modelo de colaboración público-privada elixido para a construción do Hospital Álvaro Cunqueiro, acreditouse:

- Que a colaboración pública privada era a única opción viable nun contexto de crise económica extrema e de incapacidade para recorrer á débeda pública, e, como tal, foi unha opción explorada polo Bipartito, como se acreditou na documentación e nas comparecencias da Comisión.
- Que non existía durante o Goberno bipartito ningunha documentación, nin informe técnico nin económico, en relación coa construción e o financiamento da construción do hospital, nin proxecto nin crédito orzamentario comprometido.
- Que durante o Goberno bipartito non había dotación orzamentaria para afrontar a construción do hospital, porque o Plan económico financeiro da Sociedade Pública de Investimentos unicamente concreta compromisos orzamentarios anuais, sendo para o ano 2009 de 21 millóns de euros para toda a sanidade galega, estando pendente de concretar os compromisos orzamentarios ou financeiros, público ou privado, para a obra.
- Que financialo con fondos públicos “exixiría a renuncia da Administración á execución do gasto corrente ou doutros investimentos.”
- Que era imposible ou inasumible acceder a crédito para un investimento de tal envergadura no contexto da crise económica do 2008, máis as circunstancias económicas concretas herdadas do Goberno bipartito (liquidación negativas de 4.500 millóns de euros) no contexto de crise. E, de ser posible e asumible, resultaría máis caro e levaría máis tempo, como por exemplo ocorreu cos hospitais de Asturias, Valdecilla ou Málaga; un tempo do que a Área Sanitaria de Vigo non dispoñía.

Así o testemuñaron diferentes comparecentes, entre eles D. Francisco Menéndez Iglesias, D^a Marta Fernández Currás e D. Miguel Corgos:

De D. Francisco MENÉNDEZ IGLESIAS:

«O Goberno anterior da Xunta de Galicia chegou a encomendarlle en 2009 á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia a execución do novo hospital de Vigo; pero non dera ningún paso máis, nin tan sequera remitira o proxecto para a súa licitación no momento do cambio de goberno, a pesar de que xa se prevía gasto no



2009 nos orzamentos da Xunta, algo que xa era materialmente imposible. O Goberno anterior da Xunta prevía un sobrecusto ou un custo adicional do 52 % sobre o custo da execución da obra en gastos fundamentalmente financeiros, en concreto máis de 157 millóns de euros sobre os 300 de custo de construción do novo hospital.»

Igualmente acreditouse documentalmente e a través das distintas comparecencias:

- Que no 2007 o Goberno bipartito encargou a PWC (PriceWaterhouseCoopers) un estudo xurídico-financeiro sobre *"Análisis de fórmulas de gestión y financiación de los proyectos de infraestructuras hospitalarias del Servicio Galego de Saúde"*, que descartaba a posibilidade de financiar o hospital polo modelo tradicional (alto custo, imposibilidade de aceso a crédito, maior tempo de execución e ademais computaría na débeda autonómica), apostando polo modelo concesional (redución dos prazos, traspaso dos riscos á concesionaria e non computaría na débeda para efectos de estabilidade orzamentaria).
- Que posteriormente no 2008 encargaron a Garrigues o estudo *"Consideraciones jurídicas para la definición y viabilidad del modelo jurídico para la financiación, construcción y explotación de centros hospitalarios por medio de una sociedad mixta"* (Garrigues, 2008) e entre todos os modelos posibles escolleron o da colaboración público-privada a través dunha sociedade mixta cun 10 % de capital público e un 90 % de capital privado con financiamento bancario.
- Que, con base no recomendado neste estudo, se procedeu a transformar o MEDTEC en GALARIA para explotar por si ou por medio de terceiros toda clase de infraestructuras sanitarias, porque eses mesmos informes concluían que era conveniente que esa participación na sociedade mixta non fora co fin de trasladar por completo o risco da operación a esa sociedade mixta.

Testemuña do cal ofreceu o comparecente D. Alfredo Fernández Rancaño, representante de Garrigues Abogados.

De D. Alfredo FERNÁNDEZ RANCAÑO:

«Nos contactaron para que elaborase un informe jurídico para valorar la viabilidad de la ejecución de infraestructuras hospitalarias, en concreto respecto del hospital de Vigo, a través de un modelo de sociedad mixta que evitase la consolidación presupuestaria. Básicamente lo que tenía que hacer era, lógicamente, diseñar, financiar, construir y explotar el hospital.

(...)

La conclusión era que la SPI, como ningún otro organismo de la Xunta de Galicia en aquel momento, podía abordar la generación de infraestructuras sin impactar en el endeudamiento público.

(...)



La sociedad necesariamente mixta tendría que tener una estructura de capital en la que el 90 % del capital fuese capital privado, y solo el 10 % de capital público, porque el 10 % era el mínimo que la Xunta de Galicia podía tener en una sociedad pública en aquel momento. Y, en segundo lugar, que los estatutos no adjudicasen ningún tipo de privilegio ni facultades de control diferentes a la Xunta que aquellas que venían de la mano de su 10 % de capital.

(...)

En el año 2008 no era posible generar infraestructuras, en este caso hospitalarias, impactando en la estabilidad, salvo incrementando el déficit; por tanto, todas las administraciones públicas buscaban alternativas para poder seguir generando infraestructuras y, por tanto, proveer los servicios públicos a través de ellas, con mecanismos alternativos.

(...)

Cuando se nos encargó un informe se nos indicó que el modo que quería sondear el Gobierno bipartito en aquel momento era el de la colaboración público- privada institucionalizada, y, por tanto, ese es el único que se analiza en el informe.»

C.3. Única alternativa

Resultou acreditado que a única alternativa existente á colaboración público-privada para facer o novo hospital para a Área Sanitaria de Vigo era non facelo. Por iso, a Xunta de Galicia decidiu construír un centro á vangarda a nivel nacional, co aval da Intervención Xeral do Estado e do Banco Europeo de Investimentos.

É difícil avaliar de forma ponderada desde a perspectiva de 2024 (co maior orzamento da historia de Galicia) unha decisión adoptada no ano 2009, cando atravesabamos a maior crise económica da democracia e a capacidade de gasto da Xunta se reducía, ano a ano, en centos de millóns de euros.

Nese contexto, extraordinariamente complicado, a Xunta entendeu que Vigo non podía agardar máis para ter un novo hospital, tal e como referiron distintos expertos e expertas da área sanitaria de Vigo, así como as condicións extremadamente deterioradas e tensionadas nas que se encontraban tanto as infraestruturas sanitarias do vello hospital de Vigo e mesmo a atención sanitaria en varias especialidades.

Fíxose o novo hospital que Vigo necesitaba a través da única alternativa que era economicamente viable nese momento, e na que coincidiron varios comparecentes nas distintas sesións da Comisión.

A Xunta fixo un hospital coa única opción viable naquel momento. E esa opción fixo posible que Vigo estrease en menos de cinco anos o mellor hospital de España, fronte aos quince que suporía un contrato de obra pública ordinario.



Grazas a esa decisión, Vigo afrontou a pandemia desde o mellor hospital de España. E así toda a Área Sanitaria de Vigo resistiu mellor que ninguén a covid-19.

Así o testemuñou o propio conselleiro de Facenda, D. Miguel Corgos, durante a súa comparecencia.

De D. Miguel CORGOS LÓPEZ-PRADO:

«Expuxen con datos as razóns que levaron a este goberno a apostar por unha forma de colaboración público-privada para que a cidade de Vigo teña desde hai case xa unha década o mellor hospital de España, e optamos por un modelo que sería o mesmo que empregaría o Goberno bipartito se seguise gobernando e tamén os pasos para implantalo. Como queda acreditado, tamén, estou seguro de que todos estamos de acordo en que o modelo contractual escollido era o único óptimo, eficiente, a única alternativa que permitiría a construción do novo hospital de Vigo.»

C.4. O modelo concesional

Acreditouse ao longo da Comisión:

- Que si houbo un estudo de viabilidade económico-financeira previo á licitación, elaborado en 2010 por Price Waterhouse Coopers, que determinou a decisión de construír o novo hospital e explotar o servizos non clínicos en réxime de concesión.
- Que a legalidade da concesión foi avalada polo informe emitido en 2010 polo Grupo de Traballo de Contabilidade Nacional formado polo INE, o Banco de España e a IXAE *sobre la contratación por el Servicio Galego de Saúde de la redacción del proyecto técnico, financiación y construcción del nuevo hospital de Vigo y explotación de determinados servicios no clínicos del Complejo Hospitalario Universitario de Vigo.*

Feitos corroborados pola conselleira de Sanidade, D^a Rocío Mosquera, e a conselleira de Facenda, D^a Marta Fernández Currás, que participaron directamente neses trámites.

De D^a Rocío MOSQUERA ÁLVAREZ:

«Cando xa iamos licitar o concurso para facer a obra do hospital, pensamos que como comunidade autónoma tiñamos a autonomía para facelo. É aquí que nos din que precisamos a autorización da Intervención Xeral do Estado e do Banco de España. Repito: o dos homes de negro estaban a fiscalizarnos. E a exixencia primeira é limitativa, era que ningún investimento se computase en débeda pública, polo que había que facer transferencia de risco á empresa concesionaria. Enviamos toda a documentación á Intervención Xeral do Estado, non podía ser doutra maneira, pero non foi suficiente. Chamáronnos a exame tras a análise, cónstame que exhaustiva e rigorosa, de toda a documentación que enviamos; como digo, chamáronnos a Madrid para defender o proxecto ante o equipo da Intervención Xeral do Estado e do Banco de España.

Señorías, téñolles que dicir que foi un auténtico exame, rigoroso e exhaustivo. Tivéronnos unhas cantas horas preguntándonos polo proxecto, analizando cada número, cada parágrafo e cada palabra que estaba escrita nese proxecto. E si fomos



quen de demostrar que se transferira o risco á concesionaria e, por tanto, non computaba en débeda. E non só tivemos a autorización emitida en maio de 2010 (Goberno de Zapatero), senón que nos felicitaron polos pregos presentados.»

- Que non houbo modificación do prazo de duración da concesión, xa que o estudo de viabilidade é un documento previo só vinculante no caso de que conclúa a inviabilidade do proxecto. Son os pregos os que deben determinar, con precisión e concreción, o prazo concesional recomendable para garantir a eficiencia orzamentaria na prestación dos servizos.
- Que, en relación coa superficie construída: non hai redución da superficie hospitalaria construída pese á modificación do plan funcional.
- Que o informe do Consello unicamente ten en conta a superficie útil hospitalaria e non a superficie construída (que é o parámetro máis adecuado para efectuar as comparativas).
- Que do proxecto básico ao prego de contratación se decidiu non executar uns 13.500 m² (coa conseguinte redución do prezo de execución en 17 millóns de euros).
- Que posteriormente a Administración modificou o plan funcional e propuxo unha nova ordenación dos espazos (distinta á do proxecto básico), máis eficiente, que, sen supoñer redución da superficie construída, permite unha superficie útil máis ordenada con mellores circulacións e patios máis grandes, aumentando a superficie non útil.
- Que o Consello de Contas exclúe da análise determinada partes que figuraban no proxecto básico e que efectivamente se executaron, pero que non computan como superficie construída, pese a seren necesarias para o funcionamento do hospital, por exemplo os 22.600 m² da planta 5ª, que alberga todas as instalacións do edificio que de estaren distribuídas nas distintas plantas, como estaban no proxecto básico, sen dúbida terían sido computadas. Comparando a superficie do proxecto básico que se licitou, 271.945 m², coa executada, 281.541 m², pode observarse que tras a adxudicación do contrato o edificio construído ten unha superficie total superior que a licitada. Non compartimos esta exclusión.

Como asegurou na súa comparecencia D. Enrique Nieto, en representación da Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo.

De D. Enrique NIETO:

«O hospital construído é máis grande que o que estaba nos pregos. Isto é así e pódese comprobar.»

Que a fórmula de actualización do canon concesional prevista no contrato foi avalada polos informes preceptivos legais (informe de Asesoría Xurídica e da Intervención) e non foron impugnados en ningún momento.

Como conclusión, ningunha das sospeitas vertidas nesta comisión por parte dos grupos da oposición supuxo ningún tipo de ilegalidade a xuízo do Consello de Contas.



De D. Juan Carlos ALADRO FERNÁNDEZ:

«Si hubiera existido algún tipo de ilícito penal que se derivara de cualquier fórmula utilizada como forma de malversación o forma de defraudación, hubiese sido remitido por el Consello de Contas a la Fiscalía. Y todo ello sin perjuicio de que -- vuelvo a reiterar-- todas nuestras actuaciones son remitidas al Tribunal de Cuentas, que evalúa la responsabilidad contable.»

Sobre a contratación da Xunta de Galicia

2. CONTRATACIÓN DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA, INCLUÍDOS OS ENTES INSTRUMENTAIS, COAS EMPRESAS DO GRUPO EULEN ENTRE 2009 e 2024; PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA SEN CONCORRENCIA, NEGOCIADOS SEN PUBLICIDADES E CONTRATACIÓN ENTRE OS ANOS 2009 E 2024 E OS CONTRATOS DE EMERXENCIA TRAMITADOS POLA XUNTA E POLO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO ENTRE O ANOS 2020 E 2024, NOMEADAMENTE OS CONTRATOS DE EMERXENCIA DA COVID-19 COAS EMPRESAS UNIVERSAL SUPPORT, SIBUCU 360 E MAPE ASESORES

Con carácter xeral e previa análise dos aspectos concretos obxecto da presente Comisión non permanente de investigación acreditouse que a **contratación da Xunta de Galicia** se realiza cumprindo todo o procedemento que está previsto na normativa e, en particular, sometendo os expedientes de contratación a todos os controis internos exixidos e exixibles, tanto por parte da Asesoría Xurídica como por parte da Intervención, así como das posteriores auditorías externas por parte dos organismos competentes.

Como confirmaron nas súas comparecencias o conselleiro de Facenda e Administración Pública, D. Miguel Corgos, o secretario xeral da Asesoría Xurídica, D. Manuel Pillado, a interventora xeral da Xunta de Galicia, D^a Almudena Chacón, e o director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, D. José María Barreiro.

A modo de resume desta constatación, atopamos a explicación ofrecida por D. Miguel Corgos cando confirmaba:

De D. Miguel CORGOS LÓPEZ-PRADO:

«Estas formas de control (función interventora, control financeiro, control financeiro de ciclo continuo no Servizo Galego de Saúde) abranguen todos os actos de contido económico que realicen os servizos, entidades instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia, entre as que se atopan todos os contratos, independentemente da súa forma de adxudicación.» É máis, afondando nesta mesma idea, insistiu en que "o Goberno galego cumpre escrupulosamente a normativa vixente e incluso intenta introducir melloras de maneira continua, extensibles á contratación menor, e que se transparentan de xeito periódico na web da Xunta de Galicia, cumprindo os requirimentos establecidos na Lei de transparencia. Ademais, planificamos licitacións daqueles contratos que permiten acometer necesidades permanentes da Administración, con esta modalidade. Os contratos plurianuais cada vez teñen un maior peso no total dos procedementos empregados; por iso son os que se tramitan, por tanto, por procedemento aberto na súa inmensa maioría.»



Acreditouse tamén que nos procedementos de contratación que así o requiren o ente contratante está asistido, para a adxudicación, por unha mesa de contratación, como órgano de asistencia técnica especializada. Esta mesa está constituída de conformidade co previsto na Lei de contratos e dela forma parte un representante da Asesoría Xurídica e un representante da Intervención Delegada da Consellería.

Cuestións das que deu conta nas súas comparecencias tanto D. Manuel Pillado como a interventora xeral da Xunta de Galicia, D^a Almudena Chacón, entre outros.

De D. Manuel PILLADO QUINTÁNS:

«Tamén os letrados da Xunta de Galicia teñen un papel fundamental xunto, por exemplo, aos membros e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nas mesas de contratación, dado que figuran necesariamente nelas. Así mesmo, a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia asume unha serie de funcións de asesoramento que se prevén expresamente no programa de control e nos distintos plans de prevención.»

De D^a Almudena CHACÓN PICHEL:

“Non se pode entender que estamos ante supostos de contratos que carecen de procedemento. Existe un procedemento, iso si, máis sinxelo, para axilizar a xestión que os exceptúa da necesidade de convocatoria dunha licitación pública.»

Que con base no informe de valoración das ofertas realizado polos técnicos expertos na materia e na proposta de adxudicación da mesa de contratación, o órgano de contratación adxudica o correspondente contrato.

Constatouse, tal e como xa estaba acreditado, que, cada ano, o Consello de Contas fiscaliza as contas xerais da Comunidade Autónoma, nas que se inclúen todos os datos relativos aos pagamentos realizados pola Xunta de Galicia e entes do sector público autonómico.

Como indicou o presidente da Xunta, D. Alfonso Rueda, durante a súa intervención.

De D. Alfonso RUEDA VALENZUELA:

«Todos os contratos do material e os servizos necesarios para a xestión da pandemia fixéronse de acordo coa lexislación, lexislación estatal, porque houbo normas marco ás que había que atermarse, acordos, marcos estatais con provedores de referencia; eses provedores foron cos que contactou a Xunta de Galicia. E, polo tanto, todo foi feito de acordo coa legalidade. Señorías, aquí non houbo Koldo nin Aldamas, iso pasou no Goberno de España. En Galicia, afortunadamente, non sucedeu e, polo tanto, non temos nada de que avergoñarnos. Todos os contratos da Administración autonómica son sometidos a controis exigibles que están nas leis: Asesoría Xurídica, Intervención, Consello de Contas. Esta comisión dixerón motivala nun informe do Consello de Contas, e o Consello de Contas fiscaliza as contas xerais da Xunta de Galicia con controis específicos, nos que se inclúe toda a nosa actividade económica. Polo tanto, o sistema de control institucional, por moito que queiran dar unha imaxe



distorsionada aquí en Galicia, si que funciona; non se pode dicir o mesmo noutros sitios, polo que estamos sabendo.»

2.1. CONTRATACIÓN DO GOBERNO AUTONÓMICO, INCLUÍDOS ENTES INSTRUMENTAIS, CO GRUPO EULEN ENTRE 2009 E 2024

No sector público autonómico existen uns 73 órganos de contratación asistidos polas súas respectivas mesas de contratación, que son un órgano colexiado que garante o bo desenvolvemento dos procedementos de licitación e exerce o control financeiro, do gasto público e da legalidade del, e están formadas por persoal técnico xurídico.

En canto ao parentesco como circunstancia limitativa da contratación con administracións públicas, a legalidade vixente xa establece numerosas cautelas e prohibicións de contratar, que non se dan neste caso. Non é discutible que non se pode limitar o lexítimo dereito ao traballo por conta allea ou a traxectoria profesional dunha persoa polo mero feito de ter relación de parentesco cun responsable da devandita administración, pero si se pode controlar que non se dea lugar a situacións nas que exista un conflito de intereses co titular do órgano de contratación que realice os contratos, de acordo coas previsións para o efecto da lexislación contractual.

Ao longo da comisión quedou acreditado a través da documentación achegada no plan de traballo que os importes de adxudicación a EULEN non presentan unha especial diferenza nos diferentes períodos de contratación:

- Volume total de contratos adxudicados a EULEN (2005-2008): 18,6 millóns de euros
- Volume total de contratos adxudicados a EULEN (2009-2023): 70,8 millóns de euros

En termos anuais é moi similar. O Goberno na Xunta do Bipartito adxudicou 4,67 millóns ao ano a esta empresa e os gobernos seguintes desde 2009 adxudicaron 4,72 millóns. De igual xeito, tampouco presenta unha especial diferenza respecto doutras empresas do sector de características similares.

Quedou igualmente acreditado, á vista do exame realizado no seu día polo Consello de Contas e da contabilidade oficial da Xunta, que **non se conclúe que existise relación causa-efecto entre a facturación da empresa e a identidade dos distintos cargos directivos.**

2.2. PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA SEN CONCORRENCIA, NEGOCIADOS SEN PUBLICIDADE E CONTRATACIÓN ENTRE OS ANOS 2009 E 2024

Para a contratación menor, a normativa regula un procedemento para a súa tramitación que, obviamente, é mais sinxelo que para aqueles contratos que superan os limiares da contratación menor (15.000 euros en subministracións e servizos e 40.000 en obras). Non poden ter unha duración superior a un ano nin prorrogarse, o que obriga o órgano de contratación a ser moi dilixente na previsión e control das contratacións que deben realizarse.

Poderán adxudicarse estes contratos menores directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación. O expediente debe conter como mínimo os seguintes documentos:



- Informe motivado do órgano de contratación, que debe conter a necesidade do contrato e ademais a xustificación de que non se está fraccionando o obxecto do contrato e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen os importes límites do contrato menor
- A aprobación do gasto
- A incorporación da factura
- No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, o proxecto cando así se requira e o informe das oficinas ou unidades de supervisión cando o traballo afecte a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra

O órgano de contratación é o encargado de supervisar e xustificar o cumprimento destes requisitos.

Ao longo desta comisión quedou acreditado que a Xunta de Galicia está a cumprir toda a normativa prevista na Lei de transparencia e na Lei de contratos do sector público, tamén en relación cos contratos menores coa súa publicación no Portal de Contratos e de Transparencia:

- Os contratos menores incorpóranse ao portal todos os días cando son contabilizados.
- O portal ofrece por defecto os datos do último trimestre, pero é posible consultar a contratación dos últimos cinco anos, indicando polo menos o seu obxecto, duración, importe de adxudicación e identidade do adxudicatario.
- Os datos do portal poden copiarse noutros formatos e ser exportados.
- A información ofrécese por órgano de contratación.

De D^a Almudena CHACÓN PICHEL:

«Os contratos menores que son obxecto de control por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma (...) o sistema de control deste tipo de contratos, todos se remiten a Intervención e verifica se se cumpre cos requisitos do artigo 118 da Lei de contratos do sector público, a procedencia do procedemento de contrato menor, a ausencia de fraccionamento, a existencia de crédito axeitado e suficiente e a competencia do órgano que propón o gasto, a existencia de conformidade por parte do órgano xestor coa subministración, obra ou servizo e a adecuación da factura aos requisitos previstos na normativa estatal de facturación.»

Acreditouse que a contratación menor se vén efectuando con normalidade e dentro dos parámetros que a lei establece.

O Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma do exercicio 2022 amosa que un 11 % do gasto total dos contratos na actualidade se destina a contratación menor, e o volume deste tipo de contratos sobre o orzamento total é moi similar ao que supoñía no período 2005-2008.

Na lexislatura do Bipartito, os contratos menores supuxeron un 8,2 % sobre o total do orzamento.



Nas lexislaturas desde 2009 supuxeron un 8,6 % sobre o orzamento total.

Pero esta comparativa non resulta homoxénea de todo, porque en 2023 inclúense os datos de 30 entidades das que só a metade transparentaban as súas contas no sistema contable da Xunta de Galicia co Bipartito, tales como o Igape, o Inega, a Agader ou o Consorcio de Benestar e Igualdade.

En xeral, polas súas dimensións e características, a actividade contractual do Servizo Galego de Saúde é moi elevada, presentando en materia de concorrência certas circunstancias específicas que hai que ter en conta, quedando acreditado en todo caso que a devandita contratación se desenvolveu sen tacha ou reparo de legalidade:

- No que se refire ao procedemento negociado sen publicidade, por razóns de exclusividade, as peculiaridades da actividade asistencial e as necesidades de contratación do Servizo Galego de Saúde explican a utilización deste procedemento, que en todo momento se xustifica nos expedientes administrativos.
- Estes expedientes están previstos na normativa de contratación e contan co informe favorable de Asesoría Xurídica e coa correspondente fiscalización.
- Unha das peculiaridades da actividade do Servizo Galego de Saúde que implica a utilización deste procedemento contractual é o caso da subministración de medicamentos. Dadas as características dos produtos, tratándose de medicamentos exclusivos sometidos a protección de patente e sen alternativas terapéuticas, o procedemento aplicable é habitualmente o negociado sen publicidade con base no previsto na Lei de contratación do sector público.
- Tamén se dá esta circunstancia na contratación de determinados contratos de servizos, como algúns mantementos de equipos, xa que pola especificidade dos aparellos só unha empresa está autorizada ou rexistrada para poder mantelos; como exemplo, aqueles que se caracterizan pola necesidade de atoparse acreditada ante o Consello de Seguridade Nuclear.

Por último, o desenvolvemento da Comisión de investigación sobre a contratación pública da Xunta de Galicia deixou en evidencia a diferente vara de medir do BNG, e tamén do PSdeG-PSOE, respecto dos distintos procedementos e modalidades de contratación: deféndena cando exercen responsabilidades de goberno e demonízana cando desenvolven labores de oposición. Así, as comparecencias do Sr. Cela Díaz e do Sr. Souto Souto, exdirector xeral de Xuventude e exsecretario xeral da Consellería do Medio Rural do Goberno bipartito respectivamente, ambos cunha ampla experiencia na xestión privada, resultaron clarificadoras deste dobre discurso.

Mentres que as deputadas e os deputados do BNG trataron de demonizar a colaboración público-privada, e tamén a contratación pública da Xunta, nomeadamente a utilización dos contratos menores, para defender a existencia de trato de favor a familiares amigos ou empresas achegadas, os dous ex altos cargos do Bipartito defenderon que se trata de procedementos admisibles de uso frecuente.

O Sr. Cela Díaz recordou:



De D. Rubén CELA DÍAZ:

«Os contratos menores en si non teñen ningún problema. Son unha fórmula xurídica que está recollida na Lei de contratos do sector público; son totalmente legais e son útiles para unha administración pública, entre outras cousas pola súa axilidade. Están recollidos na Lei de contratos e son para usar.»

Pola súa banda, o Sr. Souto Souto compartiu os seus extensos coñecementos sobre as fórmulas de colaboración público-privada, sen demonizala en ningún momento, como fixeron os deputados nacionalistas. Admitiu que:

De D. Alberte SOUTO SOUTO:

«...a nivel normativo non había ningún tipo de restrición (...) para escoller un modelo ou outro.»

De igual xeito defendeu que:

De D. Alberte SOUTO SOUTO:

«...a contratación administrativa da Consellería do Medio Rural no período 2005-2009, e en xeral toda a política de gasto público, estaba en primeiro lugar sometida a fiscalización e intervención previa pola Intervención Xeral; en segundo lugar, estaba sometida a control financeiro permanente pola Intervención da Xunta de Galicia; en terceiro lugar, sometida na súa maior parte, dado que a maior parte ao financiamento eran fondos comunitarios, tamén a auditorías de fondos europeos; e, finalmente, tamén estivo sometida ao control externo do Consello de Contas.»

Isto é, exactamente igual que a contratación desenvolvida entre 2009 e 2024, tal e como así acreditou nos seus informe o Consello de Contas.

2.3. OS CONTRATOS DE EMERXENCIA TRAMITADOS POLA XUNTA E POLO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO ENTRE OS ANOS 2020 E 2024, NOMEADAMENTE OS CONTRATOS DE EMERXENCIA DA COVID-19 COAS EMPRESAS UNIVERSAL SUPPORT, SIBUCU 360 E MAPE ASESORES

2.3.1. OS CONTRATOS DE EMERXENCIA TRAMITADOS POLA XUNTA E POLO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO ENTRE O ANOS 2020 E 2024

Esta contratación foi auditada polo Consello de Contas e fiscalizada polo Goberno do Estado; polo tanto, foi sometida a un dobre control sen tacha ningunha de legalidade.

O Goberno da Xunta de Galicia remitiu, en decembro de 2020, un informe completo ao Parlamento con todas as adxudicacións realizadas mediante contratos de emerxencia.

O Grupo Parlamentario Popular apoiou, en 2021, unha proposta do BNG para que o Consello de Contas auditase a contratación de emerxencia que fixo Galicia no eido sanitario.

Quedou novamente acreditado que, de toda esa información pública e de toda ese labor auditor, non hai nin unha soa acusación de que ningún cargo do Goberno autonómico se enriquecese con contratos públicos de material sanitario, como hai indicios serios de que



si ocorreu noutras institucións e gobernos. O informe do Consello de Contas recomenda melloras na tramitación dos contratos por procedemento de emerxencia.

Acreditouse que a contratación de emerxencia da Comunidade Autónoma de Galicia, durante a pandemia, foi marxinal e plenamente xustificada:

- Como ten avaliado o Consello de Contas, no exercicio 2020 só representou o 4,43 % do volume de adxudicación anual (80,5 millóns de euros) adxudicados en 863 contratos.
- En 2021, a contratación de emerxencia diminúe ata o 1,32 % da adxudicación anual, para regresar ao seu carácter residual no exercicio 2022.

Acreditouse novamente que, en todo caso, como se desprende dos informes do Consello de Contas, a contratación de emerxencia analizada estivo relacionada coa adopción de medidas para facer fronte á crise sociosanitaria, axustándose ao marco normativo establecido. Así, acreditouse:

- Que os expedientes tramitados tiveron a necesaria xustificación do carácter de emerxencia mediante unha memoria destacando que “tan só se dá conta do procedemento seguido, sen reparo de legalidade, incluso poñendo de manifesto que a mecánica seguida era plenamente xustificable debido á situación de anormalidade á que había que facer fronte.”
- Que o procedemento de adxudicación directa mediante contrato verbal é legal baixo a contratación de emerxencia e que os procedementos con máis concorrência requirirían dun tempo naquel momento inexistente, ademais de ter a dificultade da enorme variabilidade de prezos.
- Que, por razóns máis que obvias, a estratexia de compras se baseou na diversificación das fontes de subministración a fin de minimizar os riscos de ruptura de *stocks*. Por iso, solicitáronse ofertas a todas as empresas que estaban en condicións de subministrar o material necesario. E nun 78 % as adxudicatarias foron provedores habituais do Servizo Galego de Saúde. Tan só 14 dun total de 62 empresas non o eran, pero, en todo caso, os seus produtos cumpriron a normativa e pagáronse a prezo de mercado.
- Que se puxo á disposición do Consello de Contas a totalidade da contratación do Servizo Galego de Saúde, e foi o Consello o que escolleu como mostra os servizos centrais e as áreas sanitarias con maior volume de contratación. Non houbo ocultismo ningún, tratouse dunha selección metodolóxica.

As incidencias detectadas foron basicamente de carácter formal, tal como indicaron varias persoas comparecentes expertas na materia. Neste sentido, o Consello de Contas tamén sinala deficiencias na contratación por parte das administracións locais, noutro informe publicado o pasado mes de marzo do ano 2024, como no caso dos concellos de Lugo, Monforte de Lemos ou Santiago de Compostela.

O Consello de Contas fai á Xunta de Galicia recomendacións de mellora na xestión “sen que supoñan un reparo de legalidade”, mentres que no caso da contratación do Goberno



de España son a Fiscalía, a Audiencia Nacional e o Tribunal Supremo os que detectan indicios de branqueo de capitais, suborno, organización criminal e tráfico de influencias.

Nomeadamente sobre esta cuestión preguntouse ao conselleiro maior e ao exconselleiro maior do Consello de Contas se, de ter constatado o Consello calquera indicio que implicara a existencia de responsabilidades contables ou que puider constituír ilícitos penais ou supuxer responsabilidades de calquera outra natureza, o tería posto en coñecemento da Fiscalía.

Como asegurou o actual conselleiro maior do Consello de Contas, D. Juan Carlos Aladro, e o seu antecesor, D. Antonio Redondo López,

De D. Juan Carlos ALADRO FERNÁNDEZ

«Si hubiera existido algún tipo de ilícito penal que se derivara de cualquier fórmula utilizada como forma de malversación o forma de defraudación, hubiese sido remitido por el Consello de Contas a la Fiscalía. Y todo ello sin perjuicio de que —vuelvo a reiterar— todas nuestras actuaciones son remitidas al Tribunal de Cuentas, que evalúa la responsabilidad contable.»

Cuestión sobre a que tamén se pronunciou o exconselleiro maior, D. Antonio Redondo López, que asegurou:

De D. Antonio REDONDO LÓPEZ:

«Se nalgún momento chega algunha cuestión na que vexamos algo delituoso, calquera cuestión deste tipo ponse en coñecemento da Fiscalía, coa que ademais tivemos sempre moi boa relación.»

Por outro lado, acreditouse que os contratos de emerxencia subscritos na pandemia da covid-19 foron publicados no seu día no Portal de Transparencia da Xunta, ata que foi posible tecnicamente a súa incorporación á Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

Así o expresaron o conselleiro de Facenda e Administración Pública, D. Miguel Corgos, o secretario xeral da Asesoría Xurídica, D. Manuel Pillado, a interventora xeral da Xunta de Galicia, D^a Almudena Chacón, e o director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, D. José María Barreiro.

A interventora xeral, D^a Almudena Chacón, reforzaba esta idea de transparencia ao explicar que:

De D^a Almudena CHACÓN PICHEL:

«Publicamos ademais todos os contratos menores, independentemente da súa contía, tanto no Portal de Transparencia como no Rexistro de Contratos. A forma de adxudicación queda completamente xustificada sempre e cando non se excedan os limiares, e polo que atinxe á comprobación da ausencia de fraccionamento, nel, o informe deberá xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato de forma artificial para evitar a aplicación dos limiares.»



Igualmente, en decembro de 2020 remitiuse ao Parlamento de Galicia unha relación detallada de toda a contratación de emerxencia, coa identificación de obxecto, adxudicatarios e importes.

Acreditouse tamén que a Xunta cumpre a normativa, tanto na contratación pública como no acceso aos expedientes en cumprimento da normativa reguladora en materia de transparencia.

No caso da solicitude formulada polo BNG no mes de xullo do ano 2024, de acceso á documentación dos expedientes de contratación tramitados polo Servizo Galego de Saúde durante a pandemia, atendido o volume da documentación solicitada e o amplo número de expedientes, o acceso foi concedido mediante consulta presencial, coa exhibición dos documentos integrantes dos expedientes solicitados, citándoos para tal efecto nas dependencias da Consellería de Sanidade, onde se facilitou a consulta dos expedientes.

Polo tanto, non houbo ningunha ocultación de datos nin de información; esta foi posta á disposición dos deputados e deputadas, que puideron vela e analizala e tomar as notas correspondentes, en contra do que pretenden facer ver.

2.3.2. CONTRATOS DE EMERXENCIA DA COVID-19 COAS EMPRESAS UNIVERSAL SUPPORT, SIBUCU 360 E MAPE ASESORES

2.3.2.1. CONTRATACIÓN COA EMPRESA UNIVERSAL SUPPORT

O obxecto desta licitación foi a prestación do servizo de atención telefónica por parte de persoal non sanitario que atendía as chamadas na liña ou liñas de información do covid-19, en xornada de 9 a 22 horas de luns a domingo.

A súa solvencia técnica acreditouse a través da existencia da relación dos servizos ou traballos efectuados polos licitadores no curso dos tres últimos anos do mesmo tipo ou natureza ao que correspondía o obxecto do contrato, e que estes alcanzasen un importe anual acumulado, no ano de maior execución, de polo menos o 70 % da metade do valor estimado do acordo marco.

Deste xeito, a Mesa de Contratación comprobou que Universal Support presentou certificados de servizos de atención telefónica prestados a empresas por importe de 5,2 millóns de euros.

Nesta liña explicouse o xerente do Servizo Galego de Saúde, naquel momento, D. José Flores.

De D. José FLORES ARIAS:

«En Galicia exploramos o panorama nacional e, como lles digo, non había ninguén. Soamente había unha empresa que leva moi pouco tempo, porque levaba pouco tempo a pandemia, facendo un labor que parece encaixar co que nós necesitabamos aquí en Galicia, e esa empresa foi Universal Support, coa que contactamos a través do Samur, do Servizo de Emerxencias en Madrid, de recoñecido prestixio. Recomendaron unha empresa que tiña primeiro dúas fortalezas que nós vimos como un valor, que era a capacidade de desenvolver unha estrutura de persoas necesaria.



Nós queríamos ter en 48 horas uns 100 teleoperadores dispostos a coller as chamadas dos galegos que estaban en cola entre un. E, por outra parte, que tiña unha experiencia previa, en canto ao mercado de telemárketing. Puxémonos en contacto a través do Samur, como lles digo, con esa empresa; esa empresa asegurounos que si podía conseguir estes retos que plantexabamos (...) E así foi como comezou a relación con esta empresa, que despois (non o sabíamos nese momento) se converteu nunha peza moi importante na xestión da covid-en Galicia e de cuxos resultados non vou falar deles, porque son obxectivables e non opinables.»

Acreditouse, ademais da súa solvencia, que o contrato de emerxencia subscrito coa empresa UNIVERSAL SUPPORT estaba xustificado porque era a única empresa en todo o territorio nacional que podía poñer á disposición en 48 horas 100 teleoperadores para desenvolver o labor encomendado logo de decretarse a emerxencia sanitaria con motivo da covid-19.

O propio D. José Flores descartaba trato de favor ao confirmar que finalmente esta empresa perdeu o novo concurso, cuestión ratificada polo Tribunal Administrativo.

De D. José FLORES ARIAS:

«Cando a situación se foi normalizando e cando tiñamos un momento no que puidemos pensar que había un certo control sobre a pandemia, aínda que estaba a vivir con nós moi intensamente, retomouse a situación habitual. Licitouse o contrato pertencente a este tipo de servizos, por unha parte da información e por outra parte o seguimento de casos e contactos. E esta empresa que iniciara e os seus servizos connosco, e que era que máis experiencia tiña nese momento, perdeu parte dese contrato, parte desa licitación, e quedaron soamente coa parte de información para covid co tema de pasaporte covid, que por outra parte tamén reflicte un pouco o que é a súa experiencia, xa que o propio Goberno central os contratou para o tema do pasaporte covid. Incluso lembro que durante a licitación houbo un recurso que despois perderon dentro do TACGAL e que lle deu a contratación ou o contrato definitivo, e continuou co labor iniciado por esta primeira empresa.»

Hai que lembrar que o Goberno da Xunta de Galicia remitiu, en decembro de 2020, un informe completo ao Parlamento con toda a información de todos os contratos de subministracións da pandemia dentro da Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19.

Débese lembrar tamén que o Partido Popular de Galicia votou a favor de incluír no plan de traballo do Consello de Contas de 2021 unha auditoría sobre todos estes contratos, que xa foi realizada polo Consello, concluíndo que os expedientes tramitados tiveron a necesaria xustificación do carácter de emerxencia mediante unha memoria, destacando que “sen reparo de legalidade, incluso poñendo de manifesto que a mecánica seguida era plenamente xustificable debido á situación de anormalidade á que había que facer fronte.”

Asemade, foi tamén fiscalizada polo Goberno do Estado. Polo tanto, foi sometida a un dobre control, sen tacha ningunha de legalidade.



2.3.2.2. CONTRATACIÓN COA EMPRESA SIBUCU 360, SL

Resultou acreditado que as compras realizadas ao provedor SIBUCU 360 SL de máscaras FFP2 no ano 2020 dispoñían da marcaxe CE e certificación do organismo correspondente. Tal é así que nunca se tramitou ningunha alerta sanitaria ao respecto, xa que todas as adquiridas eran conformes coa normativa vixente nese momento.

Hai que lembrar que o Goberno da Xunta de Galicia remitiu, en decembro de 2020, un informe completo ao Parlamento con toda a información de todos os contratos de subministracións da pandemia, dentro da Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19.

Débese lembrar tamén que o Partido Popular de Galicia votou a favor de incluír no plan de traballo do Consello de Contas de 2021 unha auditoría sobre todos estes contratos, que xa foi realizada polo Consello, concluíndo que os expedientes tramitados tiveron a necesaria xustificación do carácter de emerxencia mediante unha memoria, destacando que “sen reparo de legalidade, incluso poñendo de manifesto que a mecánica seguida era plenamente xustificable debido á situación de anormalidade á que había que facer fronte.”

Asemade, foi tamén fiscalizada polo Goberno do Estado. Polo tanto, foi sometida a un dobre control, sen tacha ningunha de legalidade.

De igual xeito, hai que lembrar que, por razóns máis que obvias, a estratexia de compras durante a pandemia se baseou na diversificación das fontes de subministración a fin de minimizar os riscos de ruptura de *stocks*. Por iso, solicitáronse ofertas a todas as empresas que estaban en condicións de subministrar o material necesario. Pero nun 78 % as adxudicatarias foron provedores habituais do Servizo Galego de Saúde. Tan só 14 dun total de 62 empresas non o eran, pero en todo caso os seus produtos cumpriron a normativa e pagáronse a prezo de mercado.

2.3.2.3. CONTRATACIÓN COA EMPRESA MAPE ASESORES

Acreditouse que as compras realizadas ao provedor MAPE ASESORES de material de protección cumpriron coa normativa e os requisitos de calidade requiridos para cada produto. Tal é así que nunca se tramitou ningunha alerta sanitaria ao respecto, xa que todas as adquiridas eran conformes coa normativa vixente nese momento.

Hai que lembrar que o Goberno da Xunta de Galicia remitiu, en decembro de 2020, un informe completo ao Parlamento con toda a información de todos os contratos de subministracións da pandemia, dentro da Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19.

Débese lembrar tamén que o Partido Popular de Galicia votou a favor de incluír no plan de traballo do Consello de Contas de 2021 unha auditoría sobre todos estes contratos, que xa foi realizada polo Consello, concluíndo que os expedientes tramitados tiveron a necesaria xustificación do carácter de emerxencia mediante unha memoria, destacando que “sen reparo de legalidade, incluso poñendo de manifesto que a mecánica seguida era plenamente xustificable debido á situación de anormalidade á que había que facer fronte.”



Asemade, foi tamén fiscalizada polo Goberno do Estado. Polo tanto, foi sometida a un dobre control, sen tacha ningunha de legalidade.

De igual xeito, hai que lembrar que, por razóns máis que obvias, a estratexia de compras durante a pandemia se baseou na diversificación das fontes de subministración a fin de minimizar os riscos de ruptura de *stocks*. Por iso, solicitáronse ofertas a todas as empresas que estaban en condicións de subministrar o material necesario. Pero nun 78 % as adxudicatarias foron provedores habituais do Servizo Galego de Saúde. Tan só 14 dun total de 62 empresas non o eran, pero, en todo caso, os seus produtos cumpriron a normativa e pagáronse a prezo de mercado.

En resumo:

As diferentes etapas da Comisión de investigación sobre a contratación pública da Xunta de Galicia deixaron en evidencia a diferente vara de medir do BNG, e tamén do PSdeG-PSOE, respecto dos procedementos de contratación: deféndena cando exercen responsabilidades de Goberno e tratan de demonizala cando desenvolven labores de oposición.

As dúas derradeiras comparecencias na Comisión de investigación, as do exdirector xeral de Xuventude do Goberno bipartito, Rubén Cela Díaz, e do exsecretario xeral da Consellería do Medio Rural, Alberto Souto Souto, os dous tamén cunha ampla experiencia na xestión privada, resultaron clarificadoras deste dobre discurso.

Mentres que as deputadas e deputados do BNG trataron de demonizar a colaboración público-privada, e tamén a contratación pública da Xunta, nomeadamente a utilización dos contratos menores, os dous altos cargos do Bipartito defenderon que se trata de procedementos admisibles de uso frecuente.

- Rubén Cela recordou que

De D. Rubén CELA DÍAZ:

«Os contratos menores en si non teñen ningún problema. Son unha fórmula xurídica que está recollida na Lei de contratos do sector público; son totalmente legais e son útiles para unha administración pública, entre outras cousas pola súa axilidade. Están recollidos na Lei de contratos e son para usar.»

- Pola súa banda, Alberto Souto compartiu os seus extensos coñecementos sobre as fórmulas de colaboración público-privada, sen demonizala en ningún momento, como fixeron os deputados nacionalistas. Admitiu que

De D. Alberte SOUTO SOUTO:

«a nivel normativo non había ningún tipo de restrición (...) para escoller un modelo ou outro.»

A modo de conclusión en relación co procedemento de control, o actual presidente da Xunta de Galicia, D. Alfonso Rueda Valenzuela, explicou:



De D. Alfonso RUEDA VALENZUELA:

«En Galicia, señorías, levamos anos reforzando a calidade institucional e a transparencia na nosa actuación.

Hai anos que dispoñemos dun programa de impulso democrático, así chamado, está composto por 6 leis e 50 medidas. ¿Para que? Para mellorar o funcionamento, a rendición de contas da Xunta de Galicia, a nosa transparencia e o control que hai que exercer sobre a nosa actuación.

Hai moitos exemplos; por citar algún, a actualización do Regulamento do Parlamento galego producido hai un tempo e que motiva esta comisión, volvo dicir, fai que poidamos estar aquí, poder estar funcionando, ao contrario do que pasa no resto de parlamentos autonómicos.

Coa Lei de participación cidadá no Parlamento galego houbo varias comparecencias ao abeiro desa lei. A Lei de reforma do Consello de Contas dotou de mecanismos de prevención da corrupción. A Lei de financiamento dos partidos políticos. A Lei de asistencia xurídica do sector público autonómico. A Lei de transparencia e bo goberno, e ademais ten novidades importantes no Portal de Transparencia, que marcou a cantidade de información á disposición dos cidadáns e ademais ten moitísimas consultas, aumentou ademais moito nestes dous últimos anos, e creo que iso é bo. Ou o comisionado da transparencia que adscribimos á Valedoría do Pobo e que se constituíu ao abeiro desta Lei de transparencia e bo goberno.»



D) RECOMENDACIÓNS

1. A Administración debe evitar a substitución do estudo de viabilidade completo polo estudo de viabilidade económico-financeira, en actuacións de natureza e características similares á que levou á execución do Hospital público Álvaro Cunqueiro, de Vigo.
2. Aquelas establecidas polo Consello de Contas de Galicia, no Informe de fiscalización do impacto da pandemia covid-19 no ámbito da contratación do Servizo Galego de Saúde.
3. Desenvolver plans de continxencia o suficientemente extensos, para que non se produzan situacións de carencia de produtos e equipamentos esenciais, incluído o mantemento dun *stock* estratéxico, coa dimensión que os pertinentes estudos consideren preciso.
4. Afondar na compra centralizada dos produtos de consumo máis recorrente nos centros sanitarios, o que permitiría continuar avanzando na obtención de economías de escala, coa conseguinte adaptación do sistema loxístico de reposición deste material.
5. Continuar avanzando na contratación electrónica.

En relación coa contratación menor, esta Comisión recomenda:

1. Seguir empregando a contratación menor, que non é un procedemento excepcional senón ordinario, sempre e cando a entidade do seu obxecto o aconselle, a contía se corresponda coa prevista legalmente e se circunscriba a aqueles supostos taxados pola lexislación vixente. Baixo estas condicións é un procedemento garantista, que resulta axeitado para aqueles gastos de pequena contía que, pola súa natureza, non resulta oportuno someter a un procedemento de contratación aberta, que só levaría á atrasar a posta á disposición do ben ou servizo contratado e, en consecuencia, a paralizar o funcionamento da Administración.
2. Nos supostos de contratación no ámbito sanitario, continuar na liña de incrementar os supostos de contratación centralizada, deixando que o contrato menor sexa a forma de adxudicación cando se trate de compras de produtos farmacéuticos e sanitarios, posto que se trata de consumos baixos e personalizados e condicionados en función de determinadas patoloxías, utilizando o procedemento negociado para novidades terapéuticas ou medicamentos sometidos a protección de patente, naqueles casos, pois, nos que a súa adquisición non é posible en procesos de contratación centralizada de fármacos, así como seguir afondando na prescrición de xenéricos ou de principios activos, onde a sanidade pública galega un referente.
3. Seguir avanzando na adopción de medidas de mellora da transparencia da contratación menor e na implantación de técnicas que faciliten a explotación adecuada dos datos que se ofrecen na Plataforma de Contratos.
4. Continuar os procesos de planificación da actividade contractual, identificando as necesidades que se van reiterar ao longo do exercicio e aquelas que se manteñen por un tempo superior a un ano.



5. Seguir avanzando no programa do impulso democrático e na posta á disposición da información contractual da Xunta, a través do Portal de Transparencia, baixo o convencemento de que a rexeneración democrática exige máis controis, máis transparencia e máis capacidade de participación da cidadanía de Galicia.

E) RESUMO EXECUTIVO

Contexto e consideración previas

- A reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia de 2015 permite a creación automática dunha comisión de investigación por lexislatura cando for solicitado por un grupo parlamentario que represente polo menos un terzo dos membros da Cámara ou polas dúas quintas partes dos deputados e das deputadas.
- Esta posibilidade só se contempla en Galicia e Cataluña.
- A referida reforma regulamentaria -que permitiu ao BNG impulsar en solitario esta Comisión de investigación- contou entón co rexeitamento expreso dos nacionalistas, que a consideraban un “golpe á democracia”, argumento semellante ao que volveron utilizar agora para cuestionar as decisións adoptadas durante os traballos ao abeiro da maioría parlamentaria e democrática do Grupo Parlamentario Popular.
- Os feitos demostran a falsidade dos argumentos dos grupos da oposición nesta Comisión de investigación, á que desde o primeiro momento acudiron interpretando un papel impostado: o da imposición e o victimismo.
- O 41 % das comparecencias solicitadas polo Grupo Popular coinciden coas solicitadas pola oposición: **16 das 39 comparecencias** solicitadas polo Grupo Popular coinciden cos nomes propostos polo BNG e/ou polo PSdeG-PSOE.
- O Grupo Parlamentario Popular acudiu ás reunións con man tendida, ofrecendo a posibilidade de votar a favor das solicitudes de toda a documentación solicitada polo BNG e a maior parte das comparecencias, sen máis limitacións que as persoas concretas, por entender que buscaban criminalizar particulares alleos á política. No seu lugar ofreceuse citar representantes das empresas. As propostas de negociación do Grupo Popular foron sistematicamente rexeitadas.
- Nas reunións preparatorias do plan de traballo observouse un progresivo cambio de postura do BNG, que tomou forma coa súa renuncia a incorporar comparecentes.
- Subxace, detrás dos sucesivos cambios de criterio, o intento de articular unha causa xeral -xa albiscada na denominación inicial da Comisión, que mestura conceptos múltiples e inconexos- contra a totalidade da xestión pública da Xunta de Galicia, sen obxectivo concreto nin limitación temporal ningunha.



- En ausencia de argumentos sólidos cos que cuestionar a xestión da Administración autonómica, o BNG, secundado polo PSdeG-PSOE, tratou de articular unha investigación prospectiva ou *inquisitio generalis* -expresamente prohibida polo Tribunal Constitucional dentro do dereito a un proceso con todas as garantías-, vetada no ámbito xurídico e inviable, por analoxía, no ámbito parlamentario.
- Cando o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia propuxo un sistema proporcional para a designación de comparecentes (lexítimo, pero carente de respaldo regulamentario), o BNG semellou quedar sen argumentos.
- O xiro definitivo produciuse cando o BNG foi incapaz de responder á pregunta de se algún familiar ou persoa do contorno directo de D^a Ana Pontón tivera contratos menores con algunha administración pública gobernada polo BNG. Pedíase unha resposta concreta: si ou non. Pero, en lugar de responder, o BNG negouse a transaccionar a lista de comparecentes e acentuou o seu discurso vitimista.
- A maiores, a pretensión do BNG de ignorar as disposicións regulamentarias e vulnerar o principio das maiorías democráticas foi reconducida por un informe unánime dos Servizos Xurídicos do Parlamento de Galicia, no que, entre outras consideracións, aclara que

«Unha vez que se crea un órgano parlamentario por iniciativa dun suxeito facultado regulamentariamente (...), o grupo parlamentario promotor ou autor, respectivamente, non conserva nin adquire ningún dereito sobre o órgano ou a proposición de lei distinto dos dereitos e facultades que o Regulamento lles confire ao resto dos grupos parlamentarios (...). Neste sentido, a sentenza do TC 5/1981 di que “nuestra Constitución ha instaurado una democracia basada en el juego de las mayorías” (...). Os deputados e as deputadas solicitantes non se converten en deputados ou deputadas de mellor condición que as restantes deputadas e deputados que formen parte da comisión creada simplemente porque foron os promotores do seu nacemento (...). Unha vez creada a comisión de investigación, tanto as normas de funcionamento como o plan de traballo e os outros acordos que deban tomarse sométense ao principio democrático de adopción de acordos por maioría, de conformidade co recollido no artigo 84.1 do RPG.»

- Tanto a conformación do plan de traballo como o funcionamento da Comisión de investigación sobre a contratación pública da Xunta, obxecto deste ditame, seguiu un procedemento idéntico ao observado na Comisión de investigación sobre a totalidade das actuacións públicas referentes á Cidade da Cultura desde o seu inicio ata a actualidade. A referida Comisión de investigación foi constituída na VII lexislatura (18-7-05 ao 6-1-09) do Parlamento de Galicia cos votos dunha maioría parlamentaria diferente á actual e conformada daquela polo PSdeG-PSOE e polo BNG, que entón sumaban 38 dos 75 escanos da Cámara. Os Servizos Xurídicos do



Parlamento de Galicia estaban integrados por practicamente os mesmos letrados que na actualidade. O letrado oficial maior é o mesmo.

- Sorprende que os grupos da oposición manifesten agora unha radical desconformidade cun procedemento xurídico que outrora lles parecía correcto.
- Malia o volume de documentación requirido (arredor de 40 caixas), as deputadas e deputados integrantes da Comisión de investigación puideron acceder a esta información antes do inicio das comparecencias. É a primeira vez que a documentación chega á Cámara galega antes do inicio das comparecencias nunha comisión de investigación.

Resumo das conclusións

- A análise da documentación dispoñible, así como as sucesivas comparecencias rexistradas no seo da Comisión de investigación, permiten concluír a absoluta legalidade do proceso de construción do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, da contratación menor da Xunta de Galicia e dos contratos de emerxencia investigados.

Hospital Álvaro Cunqueiro

- A fórmula utilizada para a execución do Hospital Álvaro Cunqueiro, a colaboración público-privada, era a única opción viable naquel momento (ano 2009), de gravísima crise económica, ausencia de recursos financeiros e imposibilidade de utilizar débeda pública.
- A decisión adoptouse co aval da Intervención Xeral do Estado e o Banco Europeo de Investimentos. Posteriormente, en 2010, a legalidade da concesión foi avalada por un informe do Grupo de Traballo de Contabilidade Nacional, integrado pola INE, o Banco de España e a IXAE.
- Acreditouse que non houbo modificación do prazo de duración da concesión nin se reduciu a superficie hospitalaria construída.
- O Goberno bipartito explorou a posibilidade de utilizar unha fórmula público-privada, pero nada deixou feito, nin proxecto nin crédito orzamentario.
- Executar o hospital con fondos públicos exixiría que a Xunta renunciase ao seu gasto corrente ou aos demais investimentos previstos.
- Aínda no suposto de ter contado con orzamento suficiente, a construción tería resultado máis cara e tardaría máis tempo, prazo do que a Área



Sanitaria non dispoñía, dado o colapso que presentaban daquela as infraestruturas sanitarias de Vigo.

- Quedou plenamente acreditado que non houbo sobrecusto.
- O Consello de Contas nunca afirmou que houbese sobrecusto.
- No seu informe de fiscalización, o Consello de Contas afirma:
- “A Administración non asumiu sobrecustos pola execución da obra.”
- “A Administración realizou un control efectivo na fase de execución do contrato.”
- “Obsérvase un adecuado seguimento das incidencias producidas nas prestacións de servizos.”
- A fórmula empregada permitiu dotar Vigo do mellor hospital de España en menos de cinco anos, fronte aos quince que supoñería un contrato de obra pública ordinaria.
- Grazas ao novo hospital, Vigo resistiu a covid-19 moito mellor que outras áreas.

Contratación da Administración autonómica

- A Comisión de investigación acreditou que a contratación pública, incluída a contratación menor, da Xunta de Galicia cumpre escrupulosamente a normativa legal, sometendo os expedientes a todos os controis internos e externos exixibles, tanto por parte da Asesoría Xurídica e a Intervención como polas posteriores auditorías externas por parte dos órganos competentes.
- Acreditase tamén a ausencia dunha relación causa-efecto entre a identidade dos cargos directivos e a facturación das empresas que prestan servizo á Xunta de Galicia.
- No caso da empresa EULEN, o volume de facturación coa Xunta é similar con independencia da cor política do Goberno autonómico.
 - O Goberno bipartito adxudicou unha media anual de 4,67 millóns de euros a EULEN.
 - Os gobernos posteriores a 2009 adxudicaron unha media anual de 4,72 millóns de euros a esta empresa.



- O volume da contratación menor efectuada pola Xunta de Galicia mantense en niveis similares con independencia da cor política do Goberno.
 - Durante o Goberno bipartito, os contratos menores supuxeron o 8,2 % do orzamento.
 - Nas lexislaturas posteriores a 2009, os contratos menores supoñen o 8,6 %. Pero a comparativa non resulta homoxénea, porque en 2023 inclúense os datos de 30 entidades, a metade das cales non transparentaban as súas contas co Bipartito.
- Acredítase tamén que a actividade contractual do Servizo Galego de Saúde, moi elevada e sometida a unha casuística específica, se desenvolveu sen tacha ou reparo de legalidade.
 - O procedemento negociado sen publicidade está previsto na normativa de contratación e utilízase para a adquisición de determinados medicamentos sometidos a patente e sen alternativa terapéutica ou para o mantemento de determinados equipos, como os que requiren unha acreditación do Consello de Seguridade Nuclear.
- Das comparecencias na Comisión de investigación e a análise da documentación achegada dedúcese que a contratación de emerxencia durante a pandemia da covid-19 foi marxinal e plenamente xustificada, consecuencia das medidas orientadas a facer fronte á crise sociosanitaria. Esta modalidade representou o 4,43 % do volume de adxudicación anual en 2020, reducíndose drasticamente ata o 1,32 % en 2021, e cun carácter residual no exercicio de 2022 e seguintes.
- O Consello de Contas fai á Xunta de Galicia recomendacións de mellora na xestión “sen que supoñan un reparo de legalidade”, mentres que, no caso da contratación do Goberno de España, son a Fiscalía, a Audiencia Nacional e o Tribunal Supremo os que detectan indicios de branqueo de capitais, suborno, organización criminal e tráfico de influencias.

Distinta vara de medir

- As diferentes etapas da Comisión de investigación sobre a contratación pública da Xunta de Galicia deixaron en evidencia a diferente vara de medir do BNG, e tamén do PSdeG-PSOE, respecto aos procedementos de contratación: deféndena e utilízana cando exercen responsabilidades de Goberno e tratan de demonizala cando desenvolven labores de oposición.



- Mentres que as deputadas e deputados do BNG trataron de demonizar a colaboración público-privada, e tamén a contratación pública da Xunta, nomeadamente a utilización dos contratos menores, dous altos cargos do Bipartito defenderon nas súas comparecencias que se trata de procedementos admisibles de uso frecuente.

Recomendacións

- Desenvolver plans de continxencia o suficientemente extensos para que non se produzan situacións de carencia de produtos e equipamentos esenciais.
- Afondar na compra centralizada dos produtos de consumo máis recorrente nos centros sanitarios.
- Fomentar a contratación electrónica.
- Seguir avanzando no programa do impulso democrático.

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2025

Carmen María Pomar Tojo
Presidenta en funcións da Comisión

Xosé Luís Bará Torres
Secretario da Comisión



Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 7 de xaneiro de 2025 en relación coas iniciativas parlamentarias que se citan

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 15672 (12/PRE-002950)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Insua Lema, Óscar

Sobre determinadas cuestións en relación coa crise demográfica que atravesas as comarcas de Deza e de Tabeirós-Terra de Montes

- 15678 (12/PRE-002951)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre o número de animais vacinados contra a doenza da lingua azul por parte de persoal externo á xestión da Xunta de Galicia durante os anos 2023 e 2024

- 15886 (12/PRE-002952)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para mellorar o servizo de transporte público de persoas por estrada, na comarca do Baixo Miño

- 15891 (12/PRE-002953)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego de establecer un diálogo coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e co Concello de Oia para mellorar o estado actual do encoro de Loureza e para garantir a legalidade da comunidade de regantes do Folón

- 15900 (12/PRE-004257)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre determinadas cuestións acerca do Plan de axilización e simplificación dos trámites de dependencia e de discapacidade anunciado pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia



- 15912 (12/PRE-004258)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre a implantación, por parte da Xunta de Galicia, do Plan galego de residencias libres de suxeicións

- 15949 (12/PRE-005564)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a avaliación que fai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da aplicación do protocolo educativo para a prevención, a detección e tratamento do acoso e do ciberacoso escolar

- 15955 (12/PRE-005565)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre os criterios que avalaron o informe favorable a autorización de envío a verificación do grao de Dereito da Universidade Intercontinental (UIE)

- 15960 (12/PRE-005566)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a eventual asignación por parte da Xunta de Galicia dun coidador/a no CPI Cernadas de Castro, de Lousame

- 15966 (12/PRE-005567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre o nivel de coordinación que mantén a Consellería do Mar co sector marisqueiro extractivo para a posta en marcha de axudas e a valoración que fai o Goberno das mesmas en termos de sustentabilidade de postos de traballo

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 7 de xaneiro de 2025, pola que se admite a trámite a pregunta de iniciativa popular relativa á implementación efectiva da Lei de alertadores de Galicia (doc. núm. 16011, 12/PDC-000013)

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:



1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

Admisión a trámite e publicación

- 16011 (12/PDC-000013)

Pregunta de iniciativa popular relativa á implementación efectiva da Lei de alertadores de Galicia

1º. A admisión a trámite e cualificación como pregunta de iniciativa popular.

2º. A súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º, De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 17 apartado terceiro da Lei 7/ 2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os deputados e deputadas poden asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do Rexistro Electrónico, aberto as 24 horas do día, poderá producirse a asunción só a partir das 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os deputados ou deputadas que manifesten a súa asunción, será asignada a pregunta ao primeiro que o solicite.

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





Á Mesa da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 18 das normas de funcionamento da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica, formula o seguintes voto particular, para a súa defensa en Pleno, respecto do ditame emitido pola Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica.

VOTO PARTICULAR ÚNICO. Proponse a modificación de todo o texto do ditame polo seguinte:

1. OBXECTIVO DA COMISIÓN

A Comisión créase co obxecto de investigar a contratación pública da Administración autonómica co seguinte ámbito de actuación: sobrecusto de 470 millóns de euros na contratación polo sistema de concesión da construción e xestión do Hospital Álvaro Cunqueiro, incluíndo os servizos non clínicos (limpeza, lavandaría, restauración, aparcadoiro...); contratación da Administración autonómica, incluídos os entes instrumentais, coas empresas do grupo EULEN entre 2009 e 2024; procedementos de contratación da Administración autonómica sen concorrência, negociados sen publicidade, e contratación menor entre os anos 2009 e 2024; e os contratos de emerxencia tramitados pola Xunta e polo sector público autonómico entre os anos 2020 e 2024, nomeadamente os contratos de emerxencia da Covid19 adxudicados ás empresas Universal Support, Sibucu 360 e Mape Asesores.

2. DESEÑO E CONFORMACIÓN DOS TRABALLOS





A Comisión sofre unha enorme vulneración da súa lexitimidade dende o primeiro momento. O Partido Popular utiliza a súa maioría para retorcer as normas de funcionamento da Comisión e, ao contrario de calquera outra Comisión nos parlamentos autonómicos ou estatal, neste caso non se permitirá o intercambio de preguntas e respostas e limitarase o debate a unha sucesión de dous ou tres monólogos do intervinte sobre o que os grupos políticos poderán facer valoracións e formular as súas visións, pero que a persoa comparecente non terá que responder. Así sucede en diversas ocasións en que os comparecentes, cargos do Goberno autonómico, evitan pronunciarse sobre contratacións citadas e constatadas a través de documentos oficiais, ou sobre as razóns de por que tomaron unhas ou outras decisións (como no caso do Hospital de Vigo).

Esta negativa a crear unha Comisión que verdadeiramente poida investigar os asuntos faise, ademais, utilizando unha mentira no día do debate ao apoiarse a Presidencia da Comisión nun suposto informe xurídico que desacredita as emendas presentadas polo Partido Socialista para facer unha Comisión máis transparente. O citado informe non se presenta, e ante o requirimento do Grupo Socialista demórase semanas en explicar que non existe e que foi apenas unha indicación oral dos técnicos parlamentarios que en ningún caso pode entenderse máis que como unha apreciación e que, ademais, non indicaba o que a Presidencia fixo saber. Non foi permitida a repetición do debate nin a Presidencia asumiu ningunha responsabilidade por mentir.

Para evitar algúns outros problemas, o Partido Popular veta as peticións que se lle fan de comparecencia de persoas involucradas nos procesos. Veta, así, a comparecencia de persoas implicadas como Alberto Núñez Feijoo, involucrado no cambio de decisión que provocou o sobrecusto de 470 millóns de euros no Hospital Álvaro Cunqueiro e tamén na contratación disparada de empresas nas que están involucrados familiares seus. O mesmo sucede con outros cargos da Administración que teñen familiares moi beneficiados por contratos da Xunta de





Galicia, como a secretaria xeral de Presidencia Beatriz Cuíña (beneficiado o seu irmán), a alto cargo do PP Paula Prado (beneficiado o seu marido) ou con Tomás Pérez Vidal, alto cargo da Administración nomeado polo Partido Popular, beneficiario de altos volumes de contratación menor así como partícipe no proceso de contratación do Álvaro Cunqueiro. De igual maneira vétanse as presenzas dos familiares ou de representantes de empresas con elevados beneficios en contratos menores coa Xunta de Galicia, e non suficientemente xustificadas.

Existiron chapuceiras actuacións por parte da Presidencia da Comisión, amparadas pola maioría do Partido Popular, para citar a comparecentes que observaban os seus nomes nos medios de comunicación e que se enteraban polos mesmos medios de que días debían comparecer. Esta trapallada deu a que en varias ocasións non se puidera contar cos comparecentes, e que a comisión tivese que modificar de maneira torticera convocatorias e citas. Deuse o caso, como expresaron algunhas persoas comparecentes, de que algunhas persoas observaron nos medios a súa citación antes de recibir ningunha documentación e que tamén souberon polo mesmo canal que tiñan solicitado non asistir, aínda que non fixeran nada ao respecto en ningún momento.

Este caos, provocado para converter a Comisión nun paripé, provocou a desatención xeral. A isto sumouse a acumulación de comparecentes en apenas 20 días, con sesións de 6 comparecentes ao día pero que non ocupaban máis de unha hora de sesión cada quen. Todo un sistema deseñado para impedir calquera proceso normal, e todo coa vontade de desdeñar a comisión e imposibilitar o traballo.

3. OS CASOS

Con fin de esclarecer as ideas e comprensión do sucedido, e as posibles conclusións desta Comisión, preséntase este informe en base ás dúas liñas de





traballo diferenciadas: o proceso de licitación e construción do Hospital Álvaro Cunqueiro e os procesos de contratación utilizados nos que se usan de maneira desmedida os contratos menores e nos que existe un patrón repetido de coincidencia de familiares de cargos do Goberno e o Partido Popular en empresas beneficiadas de contratos da Administración autonómica nos últimos 15 anos.

CASO 1. PROCESO DE LICITACIÓN E CONSTRUCIÓN DO GRAN HOSPITAL DE VIGO (POSTERIORMENTE HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO)

Informe do Consello de Contas

O “Informe de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo”, do Consello de Contas de Galicia, publicado o 29 de xullo de 2024, presenta a análise do procedemento que conclúe un desfase na contratación de 470.468.422 euros, que é a diferenza que se constata entre o modelo decidido executado e outras opcións que existían posibles para poder telo orientado. O cambio de goberno en Galicia no ano 2009 desvirtuou o modelo existente para derivalo a outro que presenta os problemas sinalados.

Este informe presenta avaliacións moi preocupantes. Entre elas, sinálanse algunhas graves a continuación:

O informe de Contas avalía o modelo escollido polo Goberno entrante en 2009 (Goberno Feijoo) e compárao con outra opción existente, concluindo que esta que se desbotou era :

“máis eficiente que o contrato de concesión realizado, xa que se poderían acadar resultados similares a un menor custo. A diferenza estimada entre o importe da proxección de pagos de





ambas alternativas é de 470.469.422 euros (con IVE)” (Apartado de Análise Económica do Contrato e Alternativas do informe do Consello de Contas)

E por se fora pouco, o informe incide na avaliación de alternativas. A priori parece evidente supoñer un esforzado traballo sobre a avaliación de alternativas, e un estudo a conciencia de ponderación de aspectos positivos e negativos. O Consello de Contas ofrece luz sobre isto:

A elección da opción de contratación realizouse sen unha análise comparativa previa en termos de eficiencia e eficacia con respecto a unha adxudicación de contrato público tradicional. (Apartado de Análise previa á elección do modelo).

Ademais a intervención sobre ese novo Gran Hospital en Vigo, o contrato fiscalizado que a Xunta asinou cunha UTE privada incluíu no ofrecido a servizos doutros hospitais públicos do área, introducindo a privatización de servizos. Sobre isto tamén Contas avalía e afirma que:

*A ampliación do obxecto do contrato ao Hospital Meixoeiro e ao Nicolás Peña, nos que non se realizou ningunha actividade construtiva, **non ten soporte legal** na definición de concesión de obra pública contida na lexislación de contratos vixente no intre da licitación. (Apartado sobre Modalidade de contratación do informe de fiscalización do Consello de Contas)*

E cabe ter en conta o que Contas apunta sobre un dos obxectivos do proxecto do Gran Hospital de Vigo, que o goberno Touriño (previo a 2009) deixara plasmado e que tiña como plan resolver a anomalía de que na área sanitaria de Vigo existisen decenas de milleiros de persoas que tiñan como centro de referencia un hospital concertado (Povisa). Acerca do cambio no tamaño e





recursos que o Goberno Feijoo introduciu, e que limitou o Hospital Público para seguir sendo dependentes do centro concertado, Contas indica que:

O obxectivo fixado na memoria de xustificación da necesidade do contrato era acadar 2.000 camas no CHUVI, mentres que o maior número de camas instaladas no período fiscalizado foi de 1.366 camas no ano 2020. O mesmo acontece cos obxectivos fixados en canto ao número de instalacións, procesos asistenciais e redución do peso relativo co sector privado (Povisa). (Apartado de eficacia do investimento).

Con toda esta información, a maiores do que durante os anos anteriores foise coñecendo sobre as redes de interese en torno á construción deste centro sanitario, a comisión debe facer un estudio e investigación.

O presidente de Consello de Contas de Galicia, Juan Carlos Aladro, que participou na comisión, refrendou o informe elaborado e todas as súas valoracións e conclusións.

Proceso de conformación da Comisión de Investigación

A conformación do listado de información a solicitar e de comparecentes que deberían esclarecer o caso é manipulada polo Partido Popular que nega a presenza de persoas involucradas naquel cambio de decisións políticas, e que inclúe na comisión a persoas que nada tiveron que ver sobre aquelas circunstancias.

A Comisión convértese, en boa parte das sesións, nunha conversa sobre aspectos clínicos e de funcionamento actual do Hospital Álvaro Cunqueiro, pero evítanse as cuestións referidas á contratación inicial. Este paripé que se





deseña dende o Partido Popular retorcendo a institución do Parlamento de Galicia para elo.

A realidade que se puido constatar é a seguinte:

Proxecto dun gran Novo Hospital de Vigo (2005 – 2009)

Como indicaron varios dos comparecentes na Comisión, particularmente os membros do goberno de Galicia 2005 – 2009, a súa chegada ao goberno atopou un sistema sanitario con máis de 400 millóns de euros en débedas sen pagar e, en parte, sen recoñecer. A maiores, herdaron un sistema cos centros sanitarios comarcais privatizados en formato de fundacións, e tamén unha área sanitaria de Vigo con milleiros de cidadáns que tiñan como referencia un centro sanitario concertado (Povisa). Aquel goberno resolveu aquel caixón de débedas do Sergas, incorporou ao sistema público os centros comarcais que hoxe son os Hospitais Comarcais, incrementou de maneira abrupta o persoal público no sistema sanitario, promoveu a Lei de saúde de Galicia (hoxe en vigor aínda que terxiversada por diversos cambios normativos posteriores dos seguintes gobernos) e afrontou a solución do problema da área de Vigo proxectando un novo Gran Hospital.

Como foi coñecido na Comisión, o goberno anterior tiña proxectado que a nosa construción dun hospital en Vigo non debía ser para agrupar o conxunto do área sanitaria nun centro público de referencia, senón que o obxectivo era construír un cuarto hospital en Vigo (na zona de Beade) para complementar aos xa existentes e persistir na situación anómala. O goberno 2005 – 2009 (goberno presidido por Emilio Pérez Touriño) formulou unha ambiciosa proposta dun Gran Hospital de Vigo que agrupara toda a cidadanía e que fose o de referencia xeral.





Ese gran proxecto precisaba un sistema de financiamento moi específico, polo seu volume. Aquel goberno avaliou e solicitou información de diversas opcións existentes, tanto a traballadores/as do sistema público como a empresas privadas que ofreceran distintas alternativas. Estes informes tamén se coñeceron non só durante a Comisión senón tamén previamente. A realidade é que o Consello de Goberno da Xunta de Galicia aproba, pouco tempo antes das eleccións, un novo proxecto que ten todas as validacións dos traballadores públicos para ser financiado a través dun mecanismo controlado integramente polo sistema público e no que participa a Sociedade Pública de Investimentos (SPI). Este sistema deseñado permitía solventar todos os atrancos financeiros, dotar os recursos para a construción do Hospital e facelo con absoluto control e titularidade pública.

Prodúcese a convocatoria electoral de 2009 e o Goberno decide que o proxecto quede aprobado tanto na vía arquitectónica como na orzamentaria, para ser iniciado xusto ao pasar o período electoral. Pero hai cambio de goberno nesas eleccións e o modelo é desbotado polo goberno entrante (con Alberto Núñez Feijóo como Presidente e Alfonso Rueda como vicepresidente). A partir de aí prodúcense os cambios e a decisión de orientar ese proxecto por outra vía, tanto na súa construción como na súa forma de financiamento. E isto é o que é avaliado polo Consello de Contas e que presenta notorios problemas que deberan ser avaliados e investigados na súa totalidade.

Cambio de decisión e sobrecusto

A presenza dalgúns dos cargos de Goberno en 2009 e anos posteriores que asistiron á Comisión de investigación presentaron dous argumentos repetidos e reiterados. Foron divertidamente coincidentes e incluso miméticos nas expresións utilizadas, o que pon en evidencia que unha gran cohesión de equipo ao ser quen de compartir as mesmas palabras e razóns para xustificar a situación. Foron, ademais, as mesmas argumentacións que usou o Partido





Popular de maneira reiterada durante a comisión. Toda unha sorpresa a enorme coincidencia.

Os dous argumentos reiterados foron:

- a) Non existía outra maneira de financiar o proxecto que aquela que escollemos e foi un gran modelo de financiamento.
- b) Atacar ao Consello de Contas e desprezar o informe e a súa valía.

O primeiro dos argumentos presentaba dous problemas, que ninguén foi capaz de responder. Un é ante a formulación de como é posible que os traballadores públicos validaran un procedemento que se aprobou no Consello da Xunta en 2009 xusto antes das eleccións, se non fose válido. Por outra banda, ninguén tampouco foi capaz de explicar por que, se o modelo era tan bo por que nunca máis foi utilizado.

Sobre o segundo deles, cabe mencionar algunhas intervencións como a de Marta Fernández Currás, quen afirmou sobre o informe de Contas que “ese traballo non é bo”, que “parte dunha hipótese imposible” ou que “non sei se ten sentido ese informe”. Pablo Torres Arrojo, quen fora xefe de recursos económicos do Sergas no momento, afirmou que “non entende de onde saen eses datos” e desmereceu o traballo de Contas.

Apoiados no permisivo das normas aprobadas para elo, ninguén deu resposta nin ás preguntas que se lle fixeron sobre estas cuestións nin explicou máis das súas afirmacións.

O que non se puido resolver





A manipulación burda que o PP fixo da Comisión de investigación impide resolver algunhas cuestións de moita importancia neste caso, e que son preocupantes para a transparencia e eficiencia dunha administración pública.

Enrique Nieto, representante da UTE que obtivo o contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, afirmou na sede parlamentaria, ante a pregunta do Grupo Socialista sobre a confluencia de intereses dalgún directivo das empresas da UTE e a fiscalización pública daqueles contratos que ese caso non existía, e que non había ningunha confluencia de intereses.

En 2009 un alto cargo do PP, Tomás Pérez Vidal, (presidente do Parlamento, conselleiro do Goberno, concelleiro en Ourense, entre outros) entra como conselleiro nunha empresa construtora xusto en canto o PP gaña as eleccións de 2009. Esa empresa, moi poucos meses despois, formaliza unha UTE para aspirar a financiar e construír o Novo Hospital. Pero esta é unha construción para a que o goberno Feijoo xa tivera tempo de cambiar o proxecto para facelo máis pequeno e con menos recursos, e sobre todo para cambiar o modelo de financiamento e facelo 470 millóns de euros máis caro como sinalou o Consello de Contas. Esa UTE na que está a empresa da que Pérez Vidal forma parte gaña o concurso e constrúe o Hospital.

Pasado o tempo, en 2020, comeza no Consello de Contas a esbozarse un informe que avalíe este procedemento (así o confirmou o señor Aladro). Tomás Pérez Vidal deixa a súa empresa e pasa a formar parte do Consello de Contas a proposta do PP. Alí é nomeado responsable, xustamente, de fiscalizar ao Sergas. Ese informe retárdase e sae á luz 4 anos despois, xa despois das eleccións autonómicas ademais. O señor Pérez Vidal non o firma nin elabora, a pesar de ser a súa área, e debe ausentarse cando ese informe se presenta ante o conxunto de membros de Contas, recoñecendo a súa confluencia de intereses. Ese problema non o observou cando tomou posesión e o nomearon responsable de fiscalizar o propio Sergas.





Cabe mencionar que Pérez Vidal decidiu non incluír no seu CV público na web do Consello de Contas que foi membro de tal empresa.

Os informes do proxecto do Hospital de Vigo, un dos maiores investimentos que puido facer, foron remitidos ás oficinas dos máximos responsables da administración en termos de control e validación xurídica (Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia) e financeira (Intervención Xeral da Xunta de Galicia). Un proxecto de centenaes de páxinas e cifrado en 800 millóns de euros inicialmente foi avaliado, por ambos despachos, en breves horas. No mesmo día en que foi recibido tamén foi validado.

Nin Manuel Pillado (responsable da Asesoría Xurídica) nin Elena Muñoz (da Intervención) explicaron a súa velocidade nesa avaliación, aínda que contaron na comisión que a realidade é que tiñan a información “con anterioridade” a que chegara ás súas oficinas formalmente. Manuel Pillado segue a ser o máximo responsable xurídico da Xunta, nun loable exercicio de permanencia e lonxevidade no cargo, e Elena Muñoz foi ascendida a Conselleira de Facenda pouco despois de validar o informe que provocou un sobrecusto para as contas públicas de 470 millóns de euros.

A comparecencia de Alfonso Rueda, membro do Consello de Goberno da Xunta que cambiou o proxecto do Gran Hospital de Vigo, non explicou en ningún momento por que o cambio de decisión que provocou o sobrecusto que sinala o Consello de Contas, e limitouse tanto a defender os vetos de documentación e comparecencias que o PP validou na comisión como a reiterar as argumentacións coincidentes entre PP e varios comparecentes que foron sinaladas anteriormente.

Valoración conclusiva do proceso de contratación do Hospital Álvaro Cunqueiro



A fórmula de colaboración público-privada (CPP) escollida polo Goberno galego foi nefasta para as arcas públicas. Foi opaca e non houbo estudo previo de viabilidade sobre as distintas opcións contractuais máis eficientes, supoñendo un endebedamento ata 2035 e un sobrecusto de 470M de euros. O expediente e procedemento presenta varios déficits graves que na comisión non se explicaron axeitadamente, por ausencia de documentación, ausencia de persoas relevantes para o caso que foron vetados polo PP e evasivas intervencións dalgunhas das persoas implicadas. Os máis importantes destes déficits foron:

1. No expediente non consta que houbera unha análise sólida previa á elección do modelo de CPP. A esolla realizouse sen análise comparativo previo en termos de eficiencia e eficacia respecto dunha adxudicación de contrato público tradicional.
2. Houbo modificacións sen xustificar da superficie útil hospitalaria sobre a que se ía realizar a obra de construción, e das áreas funcionais do Hospital. O proxecto básico aprobado inicialmente antes da contratación incluía 15 áreas funcionais con 104.168 m2 de superficie hospitalaria. Esta foi modificada en dúas ocasións, reducindo 10.927 m2 útiles no prego de prescricións técnicas (PPT) e na modificación do Plan Funcional, que reduce noutros 11.792 m2 útiles. Estas reducións evidencian unha planificación insuficiente da actuación e, no caso da segunda, contravén os principios de igualdade de trato, non discriminación, concorrencia e transparencia que deben rexer a contratación pública.
3. Houbo modificacións no prazo concesional sen motivar, coma se fose un traxe a medida para unha empresa. O estudo de viabilidade inclúe a prestación de servizos no Hospital de Vigo, pero tamén no Meixoeiro, no





Nicolás Peña e tamén no CAR-PAC de Vigo, e considera un prazo de 17 anos para a súa prestación. Non en tanto nos servizos licitados non se inclúe ese CAR-PAC e a súa prestación é de 20 anos.

4. Algunhas das hipóteses de investimento e fiscais ofrecen dúbidas sobre o seu cálculo, o que pode inducir a erros na cuantificación do importe do investimento e das necesidades de financiación.
5. A modalidade de contratación non ten amparo legal na lexislación e contratos vixente cando se licitou, o que podería supoñer a súa nulidade de pleno dereito no caso de que fose recorrida.
6. Non hai seguimento nas fases do expediente. Externalizouse a unha consultora (PwC) a realización do estudo de viabilidade, co conseguinte risco de conflito de intereses o de trasvase de información a eventuais licitadores que podían participar.

O control da execución da construción realizouse a través da Oficina Técnica de Seguemento (OTS), que foi encargada a Galaria e que, na práctica, foi entregada á propia concesionaria que foi quen contratou aos integrantes da OTS. Que a propia concesionaria controlada a OTS é un risco na efectividade do control, sen garantías das que debe ofrecer a contratación pública.

A propia concesionaria asume os gastos de funcionamento da OTS e do Plan de Comunicación.

7. Existiu opacidade e afectación ao principio de concorrencia: houbo só 2 empresas que participaron. Unha delas foi excluída por non alcanzar a puntuación mínima esixida, o que supuxo que só se valorase a adxudicatura final.
8. Existiu demora na execución do contrato na fase de construción. O prazo inicial previsto foi de 35 meses, pero o real foi de 55.





CASO 2

CONTRATACIÓN DA XUNTA DE GALICIA CON ABUSO DE CONTRATOS MENORES E COINCIDENCIA DE BENEFICIOS A EMPRESAS CON FAMILIARES DE ALTOS CARGOS DO GOBERNO E O PP

O proceso de análise e investigación dos casos de usos abusivos de contratación menor por parte da Xunta de Galicia (unha das máis elevadas do conxunto das CCAA de España segundo os informes anuais do Consello de Contas) coincide coa elevada presenza de familiares de altos cargos do PP en empresas enormemente beneficiadas por contratos coa Administración autonómica.

A Comisión de Investigación apenas puido avanzar nada sobre os datos constatados existentes que evidencian a necesidade de afondar na transparencia, debido aos vetos masivos do Partido Popular ás propostas de comparecentes (contratantes, contratados e familiares beneficiados) e á documentación vetada (contratos en sospeita e información sobre volumes de contratación o obxectos da mesma con determinadas empresas).

Este desprezo do asunto obxecto da comisión desvela o nulo interese por parte do grupo maioritario en coñecer o sucedido, e si evidencia a intención de aumentar a opacidade e o misterio sobre procesos que, de por si, deberan asumir a máxima transparencia. Esta actuación pon en destaque a importancia de seguir na procura desa información co fin de esclarecer o que sucede con este patrón de contratación e de beneficio de familiares que rodea ao PP na Administración autonómica.

Por explicar algúns dos casos que merecían ser estudados nesta comisión, e sobre os que a maioría do Partido Popular vetou a comparecencia das persoas





implicadas e os contratos reclamados por parte do Grupo Socialista, menciónanse algúns deles a continuación:

Casos de contratación impedidos na investigación da Comisión

Allwork Vestiario Laboral

Francisco Antonio Otero Illodo fíxose socio ao 50 % de Allwork Vestuario Laboral o día que se anuncia o confinamento en pandemia (13 de marzo de 2020). Esa empresa tiña facturado ata entón apenas 182€ coa Xunta de Galicia en toda a súa historia. Dende a entrada de Otero Illodo factura, nos meses seguintes, preto de 150.000€ (145.975,72 exactamente) vendendo EPIs especialmente á Consellería de Medio Rural e ao SEAGA.

Francisco Antonio Otero Illodo é o marido de Paula Prado, secretaria xeral do PPdeG.

Tomás Pérez Vidal

Pérez Vidal foi presidente de Eptisa en Galicia. Eptisa contratou coa Xunta, entre 2018 e 2023, máis de 600.000€ en sucesivos contratos menores por debaixo do límite para ter que facer concurso público.

Como curiosidade, Eptisa foi a empresa encargada de facer o recente informe que esgrimiu a Xunta de Galicia que rebaixaba o suposto custe de rescate da AP9, e que a Xunta utilizou para confrontar contra o Ministerio de Transportes. Tomás Pérez Vidal está involucrado, tamén, no proceso de contratación do Hospital Álvaro Cunqueiro como foi mencionado noutro apartado deste documento. A súa comparecencia na comisión tiña un obxectivo dobre e resulta a todas luces de interese, pero o PP vetou a súa comparecencia.

Gallaecia Patentes y Marcas S.L.

Gallaecia Patentes y Marcas S.L. facturou 782.666€ en 7 anos a diferentes organismos da Xunta de Galicia a través de 272 contratos menores, en





traballos de rexistro de marcas ou logos de publicidade institucional, labores para as que a meirande parte das administracións utilizan persoal propio. A Xunta de Galicia ten persoal propio con perfecta capacitación e formación para facer rexistro de marcas, logos e patentes.

Joaquín Cuíña é irmán de Beatriz Cuíña, actual Secretaria Xeral da Presidencia e membro continuamente dos equipos de Alfonso Rueda xa dende a súa labor como Vicepresidente da Xunta de Galicia.

Grupo Konecta

Universal Support, filial do Grupo Konecta, é unha empresa que facturou coa Xunta de Galicia un acumulado superior aos 19 millóns de euros durante a pandemia en contratacións de emerxencia sanitaria pola COVID. Universal Support non tiña entón ningunha experiencia no eido sanitario. A actividade principal foi a organización e xestión dos Call Center, os rastrexadores telefónicos ou os servizos de autocitas, que foron servizos polémicos e de moita discusión sobre a súa eficiencia. O exército tivo que colaborar na labor porque non era suficiente nin efectiva. Existiron numerosas queixas de traballadores sobre o incumprimento de convenios e garantías laborais.

A información solicitada por entón polo Grupo Parlamentario Socialista sobre o volume de contratación, persoal, condicións e labores xa nunca foi remitida.

TLMARK, tamén filial do Grupo Konecta, é unha empresa que tiña investimentos no mundo dos seguros, pero en 2018 obtén un contrato da Xunta de Galicia para xestionar o centro integrado do 112 de Galicia. 7,4 millóns de euros. Tras problemas e problemas co persoal e notorios incumprimentos de convenio, renova o seu contrato en 2023 por 7,8 millóns.

O Grupo Konecta é trágico protagonista de actuacións empresariais dúbidasas, como a obriga de continuar traballando aos membros dun centro de call center en Madrid mentres unha compañeira sufriu un infarto e faleceu no seu posto de traballo. Durante 3 horas, o persoal do centro tivo que seguir os seus labores





co cadáver presente. Durante o recente episodio de DANA en Málaga, o grupo Konecta decidiu descontar da nómina dos seus traballadores a ausencia do posto de traballo durante o peor día de afectación, dúas semanas despois dos fatídicos sucesos en Valencia pola mesma inclemencia meteorolóxica.

Ignacio Pío Cárdenas Botas é director comercial de Konecta dende 2019, xusto despois do contrato dunha das filiais para a xestión integral do call center de emerxencias e xusto antes de que se iniciasen os contratos millonarios da empresa coa Xunta de Galicia. Ignacio Pío Cárdenas Botas é, ademais, cuñado de Alberto Núñez Feijoo.

Dirección noroeste de Eulen

Eulen é unha das principais empresas provedoras de servizos como seguridade ou limpeza, entre outros, coas administracións públicas. Dende o ano 2016 facturou 54 millóns de euros coa Xunta de Galicia (37 co goberno Feijoo e 17 sendo titular Alfonso Rueda). Apenas un ano despois de iniciar ese gran aumento de facturación, Eulen contratou como directora para noroeste de España a Micaela Núñez Feijoo, irmá de Alberto Núñez Feijoo, e o volume continuou crescendo ata a actualidade.

Un dos grandes contratadores de Eulen, dentro da Xunta de Galicia, foi a xerencia do área sanitaria de Santiago de Compostela, que dirixiu ata 2024 Eloína Núñez, prima de ambos (Micaela Núñez e Alberto Núñez).

Só no 2024, a empresa obtivo da Xunta de Galicia ata 124 contratos menores por valor acumulado de 1,6 millóns de euros.

Explicacións na Comisión de investigación

As moi breves comparecencias (en número e en explicación) que ofreceron algunha información sobre as contratacións foron as decididas polo Partido





Popular, e nomeadamente dirixentes que non asinaron a maioría deses contratos. As liñas argumentais foron basicamente dúas:

1. Os contratos cumpren coa legalidade
2. Os xuízos sobre as persoas son opinións difamatorias

Non houbo maiores explicacións sobre cuestións máis profundas. Se ben é argumentable o primeiro dos puntos en cada un dos contratos especificamente, un dos razoables obxectos da investigación debería estar en analizar a coincidencia dos casos repetida e reiteradamente. Fai falta, por tanto, superar o simplismo dun análise individual que, suxeito á legalidade e ao proceder administrativo dos traballadores da Xunta de Galicia, pode acadar esa valoración legal. Pero a continuidade de coincidencias no tempo entre familiares do PP e empresas beneficiadas, así como a acumulación de contratos menores que poden supoñer fraccionamento de labores para un proxecto máis amplo si que poden ser avaliados dende outra perspectiva legal. Nada disto foi respondido nin analizado por parte dos intervinientes na Comisión.

Sobre a segunda das argumentacións, como tal que é en si mesmo unha opinión, non cabe moita valoración. Poderíase interpretar como difamación que fose feita unha acusación directa non fundada, pero como non foi posible investigar con información real e comparecentes implicados, nin sequera se pode argumentar tal cousa. En todo caso, o que se presenta aquí neste documento son os feitos, tal e como se quixeron presentar na Comisión de Investigación, e por tanto non poden ser acusados de difamatorios os feitos que son constatados e reais (os contratos e os datos), salvando que presentar os datos sexa considerado un feito difamatorio.

Nada do explicado aquí foi mencionado nin aclarado pola documentación (que se vetou) e por persoas comparecentes, pois non acudiron as principais implicadas.





4. CONCLUSIÓN

De maneira repetida, o desenvolvemento da Comisión de investigación foi ninguneado e manipulado polo PP, terxiversando as normativas parlamentarias e os procedementos para conformar unha pantomima de comisión que non permitiu esclarecer moitas das cuestión máis problemáticas que pretendía investigar.

A negativa a conformar un sistema de información transparente, ao negar a documentación relevante e a comparecencia de persoas directamente implicadas nos casos analizados, evidenciou unha enorme vontade de agochar os puntos clave dos procedementos coñecidos. A ocultación de datos e o proteccionismo sobre as persoas implicadas nas contratacións susceptibles de ser explicadas, así como sobre o proceso de cambio de modelo e licitación do Hospital Álvaro Cunqueiro, transfórmanse na maior evidencia de que existen aspectos turbios que merecen ser investigados. Esta labor intensa do PP no desenvolvemento da comisión dedicada a ocultar todo o relevante convida a que outras instancias puideran ter que verse involucradas neste proceder.

Os informes do Consello de Contas puxeron de manifesto o que dende o plano político e cidadá xa viña sendo denunciado con anterioridade. O proceso de contratación e construción do Hospital de Vigo (posteriormente Hospital Álvaro Cunqueiro) foi alterado e tivo intervención política que derivou nun sistema de contratación e de dotación orzamentaria que supuxo un sobrecusto de 470.468.422 euros para, ademais, obter un centro hospitalario máis pequeno e con menor dotación de recursos que o que inicialmente proxectara o goberno anterior.

Existe unha enorme sucesión de contratos que, dende a administración autonómica, favorecen a empresas que contan entre os seus directivos con familiares de altos cargos do Goberno galego e do PP. Esta coincidencia





resulta difícil asumila como casual. O PP vetou a participación na comisión de todas as persoas involucradas, e negou a posibilidade de que puideran explicar se estas sospeitas xerais estaban fundadas ou non. A opacidade mantida sobre esta vertente da comisión non axuda a esclarecer, e contribúe en realidade a aumentar a sombra de sospeita sobre o uso que o PP fai da contratación e os posibles beneficios que obteñen deste sistema os familiares dos dirixentes do partido.

A proliferación de empresas que obteñen contratos millonarios, ou que aumentan a facturación dende o momento en que toma parte nelas algún familiar directo dun dirixente do PP resulta bochornosa, e o exercicio de opacidade feito na comisión parece un recoñecemento implícito de culpabilidade por parte do propio Partido Popular.

5. RECOMENDACIÓNS

Cabería continuar coa investigación, procedendo á remisión de información e tendo a posibilidade de contar coa versión das persoas sinaladas. Esta tarefa, que debera ser motivo de actuación parlamentaria, pode ter percorrido externo de non solventarse no Parlamento.

É recomendación da comisión que se deba constituír unha nova Comisión de Investigación, que sexa composta de maneira equitativa polos grupos da cámara e na que as decisións deban asumirse por maioría cualificada de 2/3, na que as comparecencias poidan ter un formato que permita afondar nas cuestións e ser máis interactivo, e que reciba a documentación requirida.

De non ser así, sería recomendable que o Parlamento de Galicia poña a disposición das institucións xudiciais a información que ten recabado, as gravacións das comparecencias da Comisión e entregue todo o necesario para que se estime a posibilidade de que o percorrido sexa xudicial se a vía





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 15864
Data envío: 27/12/2024 17:31:45.901

parlamentaria (a que de maneira clara debía ser prioritaria) non pode ou non
quere facer o que sería o seu traballo.

Santiago de Compostela, 27 de decembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/12/2024 17:31:01

CSV: BGPISDRBG7j5sWNEGHW662
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56920

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 18 das Normas de funcionamento da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica, formula o seguinte **voto particular ao ditame emitido pola Comisión** o día 27 de decembro de 2024, para a súa defensa en Pleno.

VOTO PARTICULAR DO GRUPO PARLAMENTAR DO BNG AO DITAME DA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN SOBRE A CONTRATACIÓN PÚBLICA DA XUNTA DE GALIZA ENTRE 2009-2023

PRIMEIRA PARTE. ANTECEDENTES E CONTEXTO

1. A creación da Comisión de investigación é consecuencia das irregularidades na contratación pública autonómica recollidas nos informes de fiscalización do Consello de Contas, de diferentes informacións xornalísticas relativas á contratación da administración autonómica entre 2009 e 2023, así como dos datos extraídos -a pesar das restricións e limitacións da web de contratos- sobre contratación menor da Xunta no período 2018-2023.

Malia a relevancia e repercusión da información coñecida, o Grupo Parlamentario Popular e a Xunta impediron repetidamente o acceso á documentación da contratación e vetaron diversas propostas para a realización de auditorías externas e independentes.

Con respecto á denegación de información e o veto a comisións de investigación cómpre subliñar os seguintes feitos:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O día 3 de abril de 2024 o Grupo Parlamentar do BNG rexistrou unha iniciativa instando a Xunta de Galiza á inmediata realización dunha auditoría externa, a cargo de profesionais independentes, sobre as contratacións de emerxencia efectuadas polo sector público autonómico como consecuencia da pandemia derivada da COVID-19, a cal foi rexeitada polo Partido Popular no Pleno do Parlamento de Galiza na sesión celebrada o día 23 de abril.
- Logo de coñecerse o Informe de fiscalización do Consello de Contas sobre o contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, do 29 de xullo de 2024, o Grupo do BNG solicitou a convocatoria da Deputación Permanente do Parlamento demandando unha comparecencia monográfica en Pleno do presidente da Xunta para dar explicacións sobre esta, proposta que foi rexeitada pola maioría do Grupo Popular.
- O día 2 de setembro de 2024 o Grupo Parlamentar do BNG presentou a solicitude de creación dunha comisión de investigación, segundo o previsto no artigo 52.1 do Regulamento do Parlamento, sobre irregularidades, amiguismo e nepotismo na contratación da Xunta, con referencia específica ao sobrecusto de 470 millóns de euros na contratación polo sistema de concesión da construción e xestión do Hospital Álvaro Cunqueiro, a contratación co grupo EULEN entre 2009 e 2023 e os vínculos familiares desta empresa co ex-presidente da Xunta e actual Presidente do PP, e o coñecemento e fiscalización da documentación dos contratos de emerxencia da COVID nos anos 2020-2021, especialmente os contratos coas empresas UNIVERSAL SUPPORT, SIBUCU 360 e MAPE ASESORES.

A creación da comisión de investigación foi rexeitada polos votos en contra das deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

SEGUNDA PARTE.

CREACIÓN DA COMISIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE TRABALLO

Logo das reiteradas negativas do Grupo Parlamentario do PP, o BNG decidiu activar a creación da comisión de investigación sobre as irregularidades na contratación da Xunta entre 2009-2023, mediante escrito presentado o día 13 de setembro de 2024, ao abeiro do disposto no artigo 52.1 bis do regulamento do Parlamento de Galiza. A devandita Comisión tiña por obxecto a análise e estudo de:

- O sobrecusto de 470 millóns de euros detectado polo Consello de Contas na contratación polo sistema de concesión da construción e xestión do Hospital Álvaro Cunqueiro, incluíndo os servizos non clínicos (limpeza, lavandería, restauración, parking...).
- A contratación da administración autonómica, incluídos os entes instrumentais, coas empresas do grupo EULEN entre 2009 e 2024.
- Os procedementos de contratación da administración autonómica sen concorrência, negociados sen publicidade e contratación menor entre os anos 2009 e 2024.
- Os contratos de emerxencia tramitados pola Xunta e polo sector público autonómico entre os anos 2020 e 2024, nomeadamente os contratos de emerxencia da COVID 19 adxudicados ás empresas UNIVERSAL SUPPORT, SIBUCU 360 e MAPE ASESORES.

A admisión por parte da Mesa do Parlamento de Galiza da solicitude presentada polos 25 deputados e deputadas do BNG implicou, de conformidade co disposto no artigo 52.1 bis do Regulamento da Cámara, a automática creación da Comisión de investigación. Asemade, a Mesa do Parlamento na súa reunión de 17 de setembro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acordou establecer en 17 o número dos membros da Comisión e abriu un prazo para que cada grupo designase os seus representantes no órgano.

Diante desta situación pola que se creou de maneira automática a Comisión de investigación e vendo que era imposíbel freala, o Partido Popular decidiu boicoteala. En primeiro lugar, impedindo a comparecencia de persoas clave para abordar o obxecto da comisión de investigación, a comezar pola persoa que foi presidente da Xunta de Galiza durante os anos que debía analizar a comisión (2009-2022), Alberto Núñez Feijoo. En segundo lugar, impedindo o acceso a documentación fundamental para esclarecer os feitos que debían ser analizados.

Constituída a Comisión de investigación, en sesión celebrada o día 15 de outubro de 2024 aprobáronse as Normas de funcionamento única e exclusivamente cos votos do Grupo do Partido Popular e sen ter en conta as propostas presentadas polos demais grupos parlamentarios, nomeadamente as do BNG, autor da iniciativa que deu lugar a imperativa creación da Comisión de investigación.

En cumprimento do disposto nas Normas de funcionamento acórdase a apertura do prazo para a presentación de propostas para a elaboración do Plan de traballo. Os grupos parlamentarios dos Socialistas, do BNG e Popular cumpriron en tempo e forma o requirimento efectuado, mediante escritos con rexistro 13817, 13819 e 13823, respectivamente.

En data 7 de novembro de 2024 foi convocada, por vía de urxencia, sesión da Comisión non permanente de investigación, incluíndose na orde do día a aprobación da proposta de Plan de Traballo. A convocatoria foi precedida dun acordo da Mesa da Cámara do mesmo día 7, no que sen xustificación ningunha, se declaraba a urxencia da celebración da reunión da Comisión. Diante da inmotivación da urxencia, o Grupo Parlamentar do BNG solicitou a reconsideración da declaración da urxencia, escrito que foi desestimado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mediante Acordo de 18 de novembro, xa que logo posterior á celebración da sesión da Comisión.

Na sesión do día 7 de novembro aprobouse, a iniciativa da presidenta da Comisión, que a proposta de Plan de Traballo que se elevase á Comisión “sexa idéntica na súa literalidade á anteposta do Grupo Parlamentario Popular”.

Polo tanto, o Plan de traballo da Comisión de investigación foi o rexistrado polo Grupo Popular sen que se admitira achega ou suxestión de ningún dos grupos parlamentarios, nomeadamente do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, promotor da Comisión de investigación, creada contra a vontade expresa e reiterada do Grupo Parlamentario Popular que, finalmente, foi quen elaborou unilateralmente e en exclusiva o Plan de traballo da Comisión de investigación que rexeitaba.

A maior abastanza, cumpre sinalar que o Plan de traballo aprobado non é coherente co contido e obxectivos da Comisión de investigación, definidos no escrito asinado polos deputados e deputadas do grupo parlamentario promotor da Comisión e aprobado pola Mesa do Parlamento de Galiza na súa reunión de 17 de setembro, así como nas Normas de Funcionamento da propia Comisión.

A falta de correspondencia entre o Plan de traballo e o ámbito e obxectivos da Comisión de investigación foi exposto con reiteración, mesmo por escrito do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego de 13 de novembro dirixido á Mesa da Comisión, no que se interesaba que con carácter urxente se procedese a convocatoria, tamén por urxencia, da Comisión para abordar a “Revogación do plan de traballo aprobado pola Comisión na sesión de 8 de novembro e a aprobación dun novo congruente e axeitado aos obxectivos da Comisión”. Esa solicitude de reconsideración foi rexeitada tanto na súa tramitación pola vía de urxencia como na reconsideración do Plan de Traballo que se solicitaba.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Plan de traballo imposto pola maioría do Grupo Parlamentario Popular non contempla a comparecencia, entre outras persoas, de quen foi o máximo responsábel da Xunta de Galiza na licitación e adxudicación da construción e explotación do Hospital de Vigo e outros centros sanitarios, durante a maior parte do tempo ao que se refire a contratación discrecional investigada e o quen ten especial vinculación, persoal e familiar con empresas especialmente beneficiarias da contratación da Xunta de Galiza. Tampouco se permitiu a comparecencia de ningunha persoa ou cargo relacionado coas empresas adxudicatarias de contratación menor, de emerxencia e/ou con empresas relacionadas con persoas ou familiares de altos cargos do Partido Popular. En síntese, non foi aceptada ningunha comparecencia que non fose proposta polo propio Grupo do Partido Popular.

Asemade, non se incluíu no Plan de traballo documentación distinta á proposta polo Grupo Popular. Así por exemplo, non consta no Plan ningún expediente sobre contratación, nin menor, nin de emerxencia, nin coas empresas Eulen, Universal Support, Sibucu 360, Mape Asesores, Allwork Vestuario Laboral, Gallaecia Marcas y Patentes...

A vontade da Xunta de Galiza e do Grupo popular de impedir a transparencia, a interdicción das arbitrariedades e, finalmente, da persecución da corrupción, exprésase non só no boicot ao funcionamento da Comisión de Investigación, cuxa creación nunca quixo e sempre tentou evitar o Partido Popular, senón tamén no incumprimento do Regulamento do Parlamento de Galiza, pois a Xunta de Galiza tampouco cumpre coa súa obriga de remitir á Cámara a documentación que esta lle solicita.

Como exemplo abonda lembrar que o pasado 20 de novembro o Grupo Parlamentar do BNG rexistrou a solicitude de documentación (en moitos casos xa solicitada meses atrás) que, malia o tempo transcorrido, aínda segue pendente de remisión ao Parlamento:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Estudo de Viabilidade Completo da construción do Hospital Álvaro Cunqueiro.
- Estudo de Viabilidade Económico-financeira elaborado por Price Waterhouse Coopers.
- Acordo de substitución do Estudo de Viabilidade Completo polo de Viabilidade Económico-financeira.
- Expediente íntegro do contrato de concesión de obras públicas do Novo Hospital de Vigo (Álvaro Cunqueiro) para a redacción do proxecto técnico, financiamento, construción e explotación de determinados servizos non clínicos do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI), que comprenderá todos os documentos relativos ás fases de estudo, preparación, licitación, adxudicación e execución do contrato.
- Documentos relativos ao estudo, preparación e licitación: expropiación, convenio entre consellarías, informe económico-financeiro.
- Expediente de autorización do gasto realizado pola Consellería de Sanidade e elevado, ao Consello da Xunta. Especificamente os informes xurídicos e de intervención sobre a adecuación á legalidade do contrato.
- Documentos relativos á fase de adxudicación: actas das mesas de contratacións e informes xurídicos e de intervención emitidos.
- Documentos e expedientes adicionais tramitados con ocasión da execución do contrato: modificados, comunicacións entre consellería e concesionaria, informes da vendas de accións, da non redución.
- Expediente completo da Oficina Técnica de Seguimento, OTS; desde a encomenda da mesma GALARIA, seguindo polas adxudicacións e formalizacións dos contratos coas empresas integrantes da OTS, así como toda





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a documentación relativa á comprobación dos gastos e facturas presentadas polas adxudicatarias.

- Copia de todas as comunicacións entre a Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo e o Goberno galego até a data de hoxe.
- Informes emitidos por calquera servizo da administración autonómica en relación á concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro.
- Copia de requirimentos, autos ou sentencias xudiciais relacionadas coa concesión do HAC.
- Contas de resultados e informes de auditoría da Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo.
- Relación de contratos subscritos coas empresas do grupo Eulen (Eulen, S.A., Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A., Eulen Seguridad, S.A. Eulen Centro Especial de Empleo, S.A) en cada un dos exercicios dende o ano 2000 ante a actualidade. Con expresión do tipo de procedemento, obxecto e contía do contrato, así como entidade adxudicadora.
- Expedientes de contratos adxudicados polo Consorcio Gaelgo de Igualdade e Benestar ás empresas Eulen Seguridade e Eulen Servicios Sociosanitarios.
- Expedientes de contratos adxudicados á empresa Eulen Seguridade, S.A. polo Servicio Galego de Saúde.
- Expedientes de contratos adxudicados á empresa Eulen Seguridad, S.A. pola CRTVG.
- Expedientes relativos aos contratos menores realizados polo sector público autonómico coas empresas do grupo Eulen (Eulen, S.A., Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A., Eulen Seguridad, S.A. Eulen Centro Especial de Empleo, S.A).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Expedientes relativos aos contratos celebrados polo sector público autonómico coa empresa Allwork, Vestuario Laboral, S.L.
- Expediente para a contratación do servizo de vixilancia e seguridade en edificios xudiciais da Xunta de Galiza (2023).
- Plans de contratación da Xunta de Galiza de 2009 a 2024, e das diferentes consellerías, organismos autónomos, entidades públicas instrumentais e axencias públicas autonómicas.
- Todos os Informes de reparo sobre contratos menores en todos os departamentos de intervención da Xunta de Galiza e dos centros xestores do ámbito sanitario.
- Documentos elaborados polos xestores das políticas de gasto sanitario que conteñan os criterios que se deben seguir en materia de xestión de recursos propios.
- Expedientes completos de todos os contratos de emerxencia adxudicados a UNIVERSAL SUPPORT (grupo Conecta, MOONOFF, SIBUCU 360 e MAPE ASESORES dende 2020 ate a actualidade
- Expedientes completos de todos os contratos adxudicados a Sismédica SL.

O día 14 de novembro a mesa da Comisión, coa maioría das deputadas do Grupo Popular, acorda solicitar a documentación contida no Plan de traballo e sinalar o inicio das comparecencias dende día 21 de novembro, expresando a intención de que fosen 6 as persoas que depuxesen diariamente.

A présa no sinalamento das comparecencias foi tal que non foi posíbel realizar ás previstas para o día 21, iniciándose o venres 22 e prolongándose ate o mércores 11 de decembro na que o PP decidiu dar rematadas as mesmas. Para iso o Grupo do Partido Popular modificou o Plan de traballo coa mesma unilateralidade que o aprobou e obviando as previsión das normas de funcionamento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, a escasa e incompleta “**documentación**” púxose a disposición dos membros da comisión na tarde do día 25 de novembro, cando xa se produciran dúas xornadas de comparecencias, persoas ás cales nada se lle puido preguntar sobre a documentación, porque non tiveramos acceso a ela. E sen dar máis tempo para o seu estudo, ao día seguinte, o día 26 de novembro, as comparecencias seguiron o seu transcurso.

En todas as comparecencias se advertiu un flagrante incumprimento das normas de funcionamento da Comisión, pois ningún dos comparecentes -tampouco os membros da comisión- foi advertido na súa citación dos “extremos sobre os que debía informar”, producíndose casos nos que o contido do informe non tiña relación co cargo que podería motivar a súa presenza ou nos que se manifestaba o descoñecemento da razón de ser chamada á Comisión.

Constituída a ponencia o día 11 de decembro, o día 16 convócase reunión da mesma na que tras un curto debate o PP, coa súa maioría, impón o cronograma e desenvolvemento dos traballos. Así, no prazo de cinco horas, presentarían unha ditame, imposibilitando, que o grupo que creou a Comisión, o BNG, puidera facer o propio nun tempo prudencial, para ser logo emendado polo resto de grupos parlamentarios. Incluso o PP negou a posibilidade de establecer unha metodoloxía de traballo para elaborar o ditame da ponencia, vetando todas as posibilidades que se puxeron enriba da mesa polo resto de grupos parlamentarios, co fin de finalizar o máis axiña posible a comisión de investigación.

Diante deste amplo repertorio de métodos autoritarios e antidemocráticos, e a conseguinte vulneración de dereitos, o BNG viuse na obriga de presentar un recurso de amparo diante do Tribunal Constitucional.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

TERCEIRA PARTE. FEITOS RELATIVOS AO OBXECTO DA COMISIÓN

3.1 HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO

A construción dun novo hospital para a Área Sanitaria de Vigo foi unha prioridade desde o primeiro momento para o Goberno de coalición PSdG e BNG no período 2005-2009. Esta afirmación quedou amplamente demostrada nas comparecencias das persoas que tiñan responsabilidade na Consellaría de Sanidade e na documentación, que mostra a toma de decisións e polo tanto que había unha planificación para a construción do Novo Hospital de Vigo (NHV) a través da Sociedade Pública de Investimento (SPI).

- En setembro de 2005 contratouse unha asistencia para a elaboración do Plan Funcional.
- En febreiro de 2006 inicio do Plan Funcional.
- En decembro de 2006 procedeuse á contratación para o Proxecto Sectorial e Proxecto.
- O 7 de marzo de 2006 asínase un Convenio marco de cooperación entre a Xunta de Galiza, a través das Consellerías de Sanidade e Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, o SERGAS e o Concello de Vigo, para a construción dun novo hospital de Vigo (NHV) e a dotación das súas infraestruturas.
- Ao longo de 2006 procédese á elaboración do Plan Funcional e posteriormente levouse a cabo unha revisión do mesmo, de maneira que foi entregado en xuño de 2007.
- En 2007 contrátanse diversos informes co obxectivo de analizar as diferentes formas de xestión e financiamento e lévase a cabo un concurso internacional de ideas para la elaboración do proxecto arquitectónico do NHV do que sae ganadora a proposta formulada por Valode&Pistre.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Desde o mes de setembro de 2007 realízase o traballo de redacción do proxecto arquitectónico básico do NHV. O proxecto foi entregado en xuño de 2008.
- O 30 de xullo de 2008 publícase a Resolución da División de Recursos Económicos pola que se somete a información pública o proxecto sectorial, incluído o informe de sostibilidade ambiental (DOG nº 129 do 4 de xullo).
- En decembro de 2008 apróbase o orzamento da Xunta para 2009 no que se contempla unha partida de 11 millóns de euros para o NHV.
- O Consello da Xunta de 5 de febreiro de 2009 aproba o Plan Económico Financeiro Global (PEF) da Sociedade Pública de Investimentos S.A. (SPI-Galicia, S.A.) no que se contempla a previsión de execución, a través do PEF específico, do Novo Hospital de Vigo.
- O 12 de febreiro de 2009 ten lugar a aprobación definitiva polo Consello da Xunta do Proxecto Básico Sectorial de Incidencia Supramunicipal. (DOG número 31 de 13 de febreiro de 2009).
- Apróbase o Decreto 27/2009, de 12 de febreiro, polo que se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o novo Hospital de Vigo (DOG nº. 32, do 16 de febreiro de 2009).
- O 26 de febreiro de 2009 asínase o Plan Económico Financeiro Específico para a construción do NHV por valor de 300 millóns de € entre a Conselleira de Sanidade e o Presidente da SPI.
- O 6 de marzo de 2009 asínase convenio entre as Consellarías de Sanidade e de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para a execución das expropiacións derivadas do proxecto sectorial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O 30 de abril de 2009 o Consello da Xunta declara o proxecto sectorial para a construción do NHV como de incidencia supramunicipal.

Resulta evidente a existencia de decisións acreditadas, documentadas e aprobadas para a construción do NHV a través da SPI, Sociedade Pública de Investimento. Falta licitar conxuntamente o proxecto de execución e a obra.

O novo goberno do PP saído das eleccións ao Parlamento Galego do 1 de marzo de 2009, presidido por Alberto Núñez Feijoo, decide non seguir co proxecto que estaba en marcha e toma a decisión de construír o NHV por un modelo de contrato *de concesión* de obra pública, PFI.

Con ese obxectivo, comeza a tomar toda unha serie de decisións:

- Reduce o proxecto orixinario aprobado polo goberno da Xunta precedente, e programa un orzamento moi superior.
- Cambia o modelo de financiamento e xestión pública contido no Plan Económico-Financeiro aprobado pola Xunta no 5 de febreiro de 2009 para facelo a través da SPI, por contrato administrativo de concesión.
- Modifica o Plan Funcional e a Ordenación Integral da Área Sanitaria operando unha drástica redución do proxecto hospitalario aprobado polo Consello da Xunta o 12 de febreiro de 2009.
- Por acordo do Director de Recursos Económicos do SERGAS (Resolución do 15 de xaneiro de 2010) deciden substituír o Estudo de Viabilidade completo, preceptuado no art. 112.1 da Ley 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público, por un simple Estudo de Viabilidade Económico-Financeira. Non hai coñecido ningún informe motivado que avale o cambio, tal como establece o punto 6 do mencionado artigo 112.

A este respecto o informe do Consello de Contas na súa páxina 14 di:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Estudo de Viabilidade foi substituído polo Estudo de viabilidade económico-financeira. A actuación fiscalizada é un dos investimentos con maior impacto económico levado a cabo pola Administración autonómica, polo que non se sustenta a simplificación deste trámite administrativo”.

A partir da decisión de resolver utilizar a 'vía abreviada' do estudo de viabilidade, comenza unha carreira de 'tramitacións exprés', nunha axilidade burocrática sen precedentes:

- Inmediatamente, a consultora transnacional PWC entrega á Xunta o estudo de 'viabilidade abreviada'. O 20 de xaneiro, a dirección do SERGAS xa somete a exposición pública polo prazo dun mes o *Estudio de viabilidade económico-financeiro da concesión de obras públicas para a redacción do proxecto, financiamento, construción e explotación de determinados servizos non clínicos complementarios do Novo Hospital de Vigo*.
- Na información que foi trasladada pola Xunta de Galiza aparece este estudo elaborado por PriceWaterHouse Coopers cunha extensión de 21 páxinas, indicando “trámite de información pública” e logo outro informe tamén da mesma consultora co mesmo título de 154 páxinas indicando “Privado y confidencial”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estudio de viabilidade económico – financeira da
concesión de obras públicas para a redacción do
proxecto, financiamento, construción e
explotación de determinados servizos non clínicos
complementarios do “Novo Hospital de Vigo”



Trámite de Información Pública


XANEIRO 2010

PRICEWATERHOUSECOOPERS 





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Entre os dous informes hai diferenzas importantes no seu contido:

- O informe que se someteu a exposición pública establece: “Unha duración da concesión de 20 anos, a contar dende o día seguinte ao da formalización do contrato. Este prazo incorpora un período de construción estimado de dous anos e medio, coa terminación das obras no primeiro semestre de 2013 e posta en servizo do hospital estimada para o segundo semestre de 2013”
- No informe declarado confidencial amplían o tempo de construción a 3 anos.
- O informe sometido a exposición pública, no apartado B Perímetro da Concesión:







OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“A prestación de certos servizos complementarios non sanitarios propios do NHV seleccionados, segundo a táboa adxunta:

No informe declarado “privado e confidencial” dise: Adicionalmente se ha considerado la incorporación al contrato de concesión de la prestación de determinados servizos no sanitarios, tanto del NHV como en algunos outros centros seleccionados (hospitais Meixoeiro, Nicolás Peña y CAR-PAC.

Detallados no seguinte cadro:

• Expropiacións.

Con carácter enunciativo na Tabla 1 xúntase a lista de servizos non sanitarios que se consideraron serán obxecto de prestación pola **Sociedade do Novo Hospital de Vigo**.

Tabla 1: Servizos complementarios non sanitarios obxecto do Contrato:

Servizo	Novo Hospital de Vigo	Hospital do Meixoeiro	Hospital Nicolás Peña	CAR-PAC
1. Servizo de restauración e benestar				*
2. Servizo de lavandería e limpeza (a prezo de custo Mercado)				
3. Servizo de limpeza				
4. Servizo de mantemento de arquitectura				
5. Servizo de mantemento exterior		*	*	*
6. Servizo de desinfección, desinfectación e desparasitación				
7. Servizo de transporte interno - exterior e saída a emerxencias				
8. Servizo de seguridade e vigilancia				
9. Servizo de alimentación e pastas emulsionadas		*	*	*
10. Central de abastecemento e tratamento da auga (CATA)				
11. Servizo de reprografía e impresión				
12. Servizo de conservación de xeo e xaropes		*	*	*
*CAR-PAC: Centro de Alta Resolución Pública de Atención Comunitaria que se sitúa nas mesmas instalacións do Hospital San de Vigo, en Vigo, no distrito de Meixoeiro.				

Estudio de Viabilidade Económico-Financiera da Concesión de Obras Públicas para a redacción de proxecto, financiamento, constitución e explotación de determinados servizos non clínicos complementarios do novo hospital





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

SERGAS **PRICEWATERHOUSECOOPERS**

Privado y confidencial – Versión Final

II.3 Detalle de servicios no sanitarios y explotaciones comerciales incluidos en el perímetro de la concesión

Servicios no sanitarios:

La siguiente tabla muestra la lista de servicios a prestar por la sociedad concesionaria, tanto en el futuro hospital de Vigo, como en los distintos centros que conforman el perímetro de la Concesión.

Tabla 1 Servicios no clínicos a prestar por la sociedad concesionaria

Servicio	Nuevo Hospital de Vigo	Hospital do Maqueiro	Hospital Nicolás Peña	CAR - PAC
1. Servicio de restauración	✓	✓	✓	✓
2. Servicio de lavandería y linchoria	✓	✓	✓	✓
3. Servicio de limpieza	✓	✓	✓	✓
4. Servicio de mantenimiento de maquinaria	✓	✓	✓	✓
5. Servicio de mantenimiento general	✓	✓	✓	✓
6. Servicio de desinfección, desinsectación y desratización (DDO)	✓	✓	✓	✓
7. Servicio de transporte interno – estanco y gestión auxiliar	✓	✓	✓	✓
8. Servicio de seguridad y vigilancia	✓	✓	✓	✓
9. Servicio de suministros y gestión energética	✓	✓	✓	✓
10. Central de abastecimiento y tratamiento de agua (CATA)	✓	✓	✓	✓
11. Servicio de topografía e inmensa	✓	✓	✓	✓
12. Servicio de conservación de áreas y jardines	✓	✓	✓	✓

Elaborado por Unidad Económico Financiera de la Comisión de Obras Públicas para la construcción, remodelación, conservación y explotación del nuevo hospital de Vigo

Como se pode comprobar hai ampliación do tempo de construción, do perímetro da concesión e dos servizos non clínicos a concesionar con respecto á exposición pública.

O informe do Consello de Contas de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, na súa páxina 28 di ao respecto:

“Esta ampliación realizada pola referida normativa do obxecto do contrato de concesión á mera explotación de obras, sen actividade construtiva, foi criticada polo Consejo de Estado no seu ditame do 5 de decembro de 2013 e non atopa soporte legal na lexislación de contratos vixente no momento da licitación”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Continuando coa tramitación exprés, o 8 de abril, o Asesor Xurídico do SERGAS eleva o expediente á Dirección Xeral da Asesoría Xurídica da Xunta.
- O mesmo día 8 de abril, a subdirectora xeral de Investimentos remite a memoria xustificativa, e na mesma data redacta a memoria económica.
- O 3 de maio o Director de Recursos Económicos eleva o expediente á Intervención Xeral, requisito previo para poder levalo ao Consello da Xunta.
- O 5 de maio o Xefe de gabinete de Asesoramento e Apoio á Actualización Normativa resolve aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas tamén particulares, e noutro documento do mesmo día emite informe favorábel aos ditos pregos.
- No mesmo 5 de maio, teñen entrada na Intervención Xeral os devanditos pregos con tódolos informes anteriores.
- A Interventora Xeral de entón, Elena Muñoz Fonteriz, no mesmo día estuda toda esa documentación e emite informe favorábel.
- O Secretario Xeral da Asesoría xurídica fai un minimalista informe dunha soa folla.
- Ao día seguinte, 6 de maio de 2010, o Consello da Xunta autoriza, o expediente para a 'contratación da concesión de obra pública' do Novo Hospital de Vigo (NHV).
- Por parte do Grupo do Partido Popular alégase que a elección da opción de contratación a través dun contrato de colaboración público-privada realizouse tendo en conta, ademais doutros aspectos, a viabilidade financeira da operación, tamén comparada coa adxudicación dun contrato de obra de xeito tradicional; a pesar diso non se coñece ningún estudo que avale esta afirmación, a única análise previa comparativa é a contida no Estudo de viabilidade declarado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“secreto e confidencial”, pero referida exclusivamente á opción de incorporar no contrato de concesión de obra pública a prestación dos servizos dos hospitais Meixoeiro e Nicolás Peña no contrato.

- Por resolución do 19 de xaneiro do 2011 procédese á adxudicación definitiva da concesión a unha agrupación de licitadores que constituíran a Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo S.A (SCNHV). Os integrantes desa SCNHV serán: Acciona S.A., Puentes y Calzadas Grupo de Empresas S.A., Concessia Cartera y Gestión de Infraestructuras S.A., Altair Ingeniería y Aplicaciones S.A. e Obras Caminos y Asfaltos S.A.
- As entidades da UTE adxudicatarias para financiar e construír do NHV teñen intereses cruzados co Partido Popular:
 - Tomás Pérez Vidal, é accionista de Puentes y Calzadas. Ex-presidente do Parlamento Galego e conselleiro en gobernos de Manuel Fraga.
 - Agustín Hernández, foi directivo tamén de Puentes y Calzadas. Foi conselleiro tamén en gobernos da Xunta do Partido Popular
 - Rodrigo Rato, presidente de Bankia, entidade que financia a UTE concesionaria do NHV. Ministro en gobernos do Partido Popular e membro da súa dirección estatal.
 - Luis de Guindos, alto directivo de PriceWaterHouseCoopers, desde 2008, que ten claro protagonismo nos informes e adxudicación do NHV.

“Para o asesoramento na avaliación das ofertas o Sergas adxudicou o día 27 de setembro do 2010 un contrato de servizos á consultora Pricewaterhousecoopers Corporate Finance, S.L (DOG núm. 207 do 27 de outubro de 2010). O importe de adxudicación desta asistencia foi de 187.000





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

euros (sen IVE). A Mesa de contratación asumiu o contido do informe emitido pola dita consultora” Pax 38 do informe do Consello de Contas

- **Telmo Martín, alcalde de Sanxenxo e deputado polo PP, propietario de empresa subcontratada para construír o NHV.**
- A partir de aí, o proceso de execución do proxecto contratado pasa por unha sucesión de peripecias que poñen en evidencia eivas e deficiencias tanto técnicas coma financeiras da sociedade concesionaria, que redundaron en incumprimento de facto das condicións estipuladas no contrato da concesión:
 - Non se cumpre o prazo de construción, aumentando o mesmo en 20 meses, de 35 meses a 55, como reflicte o cadro da pax. 45 do informe do Consello de Contas, sen que se coñezan penalizacións á concesionaria.
 - Recortouse a superficie construída. A este respecto é moi clarificador o informe do Consello de Contas:

“Obsérvase unha minoración dos metros útiles en diversas áreas hospitalarias, como é o caso da área ambulatoria ou da área de hospitalización, cunha redución total da superficie útil hospitalaria de 11.792 m² para as 15 áreas ás que se fixo referencia anteriormente e duns 16.690 m² de aparcadoiro. As modificacións anteriores van máis alá dunha simple reestruturación de espazos e supoñen unha modificación substancial do contrato, afectando tanto á construción do propio edificio como ao custo da prestación dalgún dos servizos.

Neste sentido, o importe de licitación dos servizos de limpeza e mantemento xeral das instalacións cuantifícase en función da superficie, co que calquera modificación desta ten unha incidencia directa nos custos destes servizos” Paxs. 43-44.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Porén, a modificación descrita non supuxo ningunha variación do prezo do contrato nestes servizos.

O mesmo acontece co servizo de restauración e de lavandaría e lenzaría, que gardan unha relación directa coa superficie útil hospitalaria” Páx. 44.

“Estas reducións evidencian unha planificación insuficiente da actuación e, no caso da última [modificación do Plan Funcional], contravén os principios de igualdade de trato, de non discriminación, de concorrência e de transparencia que deben rexer a contratación pública”. Páx. 14.

No informe do Consello de Contas na pax.67, tamén se di:

“Do mesmo xeito, tampouco se minora o importe daqueles servizos para os que se apraza a prestación pola concesionaria ata o momento no que venzan os contratos vixentes, como é o caso do servizo de alimentación para o persoal sanitario de garda do Hospital Meixoeiro, que se demora ata a finalización do contrato vixente no ano 2029”.

- O informe do Consello de Contas é contundente a respecto da irregularidade e non xustificación da redución da superficie:

“A modificación dos contratos é unha das prerrogativas máis excepcionais outorgada á Administración en materia contractual, pero acoutada dobremente, por canto as circunstancias de interese público e as causas imprevistas deben quedar acreditadas e débense seguir os requisitos procedimentais establecidos.

Neste caso, ningunha das causas argumentadas responden a causas imprevistas ou que non puidesen terse en conta no momento da tramitación do expediente de contratación e tampouco se respectou o procedemento, por canto non se tramitou a modificación do contrato, senón que se realiza de facto a través da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

modificación do Plan funcional, cos cambios sinalados no Proxecto de execución”.



- A este respecto o Informe técnico ao Proxecto Básico e de Execución da concesionaria para o NHV de maio de 2012, realizada polo Xefe de Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos do Sergas, xa realiza toda unha serie de obxeccións graves respecto a diminución de superficies, calidades, seguridade de moitos dos elementos esenciais da construción.

Este informe non está incluído na documentación achegada pola Xunta de Galiza. O Grupo Parlamentario do Partido Popular negouse a solicitalo para que se incluíse.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Dirección de Recursos Económicos

CONCLUSIONES DEL INFORME TÉCNICO AL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE LA CONCESIONARIA PARA EL NUEVO HOSPITAL DE VIGO DE FECHA 20.04.2012

Para la elaboración del presente informe se han tenido en cuenta los siguientes documentos de referencia:

- Pliego de cláusulas administrativas particulares y pliego de prescripciones técnicas que rige el contrato de concesión de obra pública del nuevo hospital de Vigo
- Proyecto sectorial de incidencia supramunicipal del nuevo hospital de Vigo
- Proyecto básico elaborado por el equipo redactor de VALDE&PISTRE Arquitectos
- Plan de actuaciones previas Fase I aprobada el 17.06.2011 y OTS el 15.06.2011
- Plan de espacios (aprobada por la Dirección de Asistencia Sanitaria en fecha 28.12.2011)
- Proyecto básico y de ejecución de la concesionaria para el nuevo hospital de Vigo presentada en fecha 17.02.2012
- Proyecto básico y de ejecución de la concesionaria para el nuevo hospital de Vigo presentado en fecha 20.04.2012 (complementado con presupuesto en formato digital el 02.05.12)

Complementariamente se han tenido en cuenta:

- La oferta económica y técnica de la concesionaria en base a las aclaraciones efectuadas por la licitadora en fecha 14.10.2010 relativo a las mejoras propuestas por la empresa al órgano de contratación
- Informes de la oficina técnica de seguimiento de fechas 07.03.12 y 20.04.12.
- Informe de la oficina de supervisión de proyectos de fecha 14.03.12.
- Reuniones técnicas de fechas 20.03.12, 06.03.12, 15.03.12, 21.03.12, 09.04.12, 10.04.12, 11.04.12, 12.04.12, 16.04.12 y 19.04.12.

La documentación técnica anexada corresponde al PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE LA CONCESIONARIA PARA EL NUEVO HOSPITAL DE VIGO (en adelante PBEC(I) de fecha 17.02.12 y PBEC(2) de fecha 20.04.12) que aunque mantiene similitudes formales con el PROYECTO BÁSICO DE VALDE&PISTRE (en adelante PBVP) tiene importantes variaciones ESTRUCTURALES, SUPERFICIALES, FUNCIONALES, DISTRIBUTIVAS Y PRESTACIONALES, además de IMPLANTACIÓN, con respecto al mismo.

Antes de entrar en el análisis técnico del documento presentado es preciso hacer unas consideraciones previas importantes de carácter general.

1. El documento técnico presentado deberá estar firmado exclusivamente por Luis Vidal Gordo, según las condiciones de adjudicación de la concesión: único técnico con solvencia técnica de acuerdo con el pliego.






OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2024 12:33:13
Nº Rexistro: 15882
Data envío: 31/12/2024 12:33:13.732





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Igual negativa a solicitar documentación fundamental, que tería que estar incluída no expediente de concesión, mais non foi facilitada á comisión de investigación. Un claro exercicio de opacidade e intento de non permitir que a comisión de investigación cumprise co seu obxecto:

- Proxecto básico elaborado polo equipo redactor de VALODE&PISTRE Arquitectos.
- Oferta económica e técnica da concesionaria en base ás aclaracións efectuadas pola licitadora con data do 14 de outubro de 2010 relativo ás melloras propostas pola empresa ao órgano de contratación.
- Plan de espazos e Memoria descritiva do proxecto técnico para o Novo Hospital de Vigo.
- Memoria económica, con data do 8 de abril de 2010.
- Memoria complementaria, con data do 4 de maio de 2010.
- Adxudicación definitiva, con data do 14 de xaneiro de 2011.
- Acordo de suspensión do inicio do cómputo do prazo de execución das obras (pendente Fase 2), con data do 24 de xuño de 2011.
- Aprobación do proxecto executivo de construción do NHV, con data do 8 de maio de 2012.
- Modificación do Plan Funcional, con data do 4 de agosto de 2011.
- ...

Parece máis que razoábel concluír que as variacións estruturais, superficiais, funcionais, distributivas... detectadas neste informe e a ocultación de documentación, teñen relación coa seguinte afirmación contida na páx. 45 do informe Consello de Contas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“A obra debe ser executada conforme ao proxecto aprobado polo órgano de contratación e nos prazos previstos no PCAP. Ao rematar a obra, procede o levantamento da acta de comprobación, á cal se acompañará un documento de valoración da obra pública executada no que se fará constar o investimento executado. A relación valorada debe expedirse polo director de obra e realizarse tomando como base as medicións das unidades de obra executadas e os prezos de execución.

A relación valorada achegada á acta de comprobación non reúne os requisitos mínimos formais que debe conter o dito documento, por canto non reflicte as medicións das unidades executadas e os prezos de execución, consignando simplemente o importe dos capítulos.”

- A concesionaria non tiña solvencia financeira, o que tiña que ser coñecido pola Xunta de Galiza, máis non foi dilixente á hora de esixir garantías, igual en relación aos vínculos entre o PP e a concesionaria.
 - Varios socios da SCNHV entran en situación financeira crítica, é o caso de Bankia e CAM, ou que Obras Caminos y Asfaltos entra en concurso de acredores en 2013.
- O informe do Grupo de Traballo de Contabilidade Estatal sobre a contratación polo Sergas, da redacción do proxecto técnico, financiación e construción do NHV , nas súas conclusión di: “Respecto á las conclusiones efectuadas en esta nota, hay que señalar que están basadas en el análisis de la documentación disponible, formada por el Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) y el Pliego de Prescripciones Técnicas (PPT) y considerando exclusivamente los términos de las disposiciones del contrato, tal como han sido redactadas con fecha 30 de abril de 2010, por lo que cualquier modificación posterior de los términos contractuales que se han analizado, que afecte al reparto de los riesgos entre las partes, o a los criterios para fijar la retribución del





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

socio privado, requerirá un nuevo análisis que, en su caso, podrá modificar las conclusiones anteriores”.

A pesar de que o contrato establece con claridade que tanto a construción como o financiamento correrá a risco e ventura da concesionaria, a realidade é que estas modificáronse e polo tanto os riscos non foron transferidos tal como se requiría para que non se incurrixe en déficit:

- Ampliouse o prazo de construción en 20 meses.
- A Xunta buscoulle financiamento, xestionando un préstamo do Banco Europeo de Inversión. De xeito que na información que fai pública o BEI pódese consultar a referente ao préstamo concedido para o proxecto do NHV. Mentres noutros investimentos do BEI para o financiamento de concesións de obra pública aparece como prestataria a entidade concesionaria ou a bancaria que no seu caso opere como intermediaria, no caso do proxecto do NHV, aparece a Xunta de Galiza. A única explicación é que a Xunta garantiu ou afianzou ese préstamo, o que significaría ausencia de transferencia do risco financeiro, tal como xustificaron.

A afirmación realizada pola Sra Rocío Mosquera na Comisión corrobora o dito:

“Outro periplo importante foi conseguir o financiamento, moitas empresas non conseguían o financiamento, e aquí tamén teño que dar as grazas ao ICO (Instituto de Crédito Oficial) e ao BEI (o Banco Europeo de Inversión), que participaron directamente e avalaron o proxecto. Señorías, con estes avais pouco hai que discutir sobre a solidez financeira do proxecto”.

- O informe económico financeiro estaba feito para 20 anos (17+3). Foi outorgado por 20+3 , agasalláronselle 3 anos á concesionaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Informe Consello de Contas, páx. 65: “O prazo da concesión calculado aplicando a fórmula descrita e considerando os datos do PEF é de 17 anos, sen que conste xustificado no expediente os motivos que levaron a fixar un prazo de duración da concesión superior.”

- Non lle minoran servizos: páx. 67 do informe do Consello de Contas “Do mesmo xeito, tampouco se minora o importe daqueles servizos para os que se apraza a prestación pola concesionaria ata o momento no que venzan os contratos vixentes, como é o caso do servizo de alimentación para o persoal sanitario de garda do Hospital Meixoeiro, que se demora ata a finalización do contrato vixente no ano 2029”.
- O Consello de Contas no seu informe tamén detecta irregularidades no control da execución da construción que se realizou a través da Oficina Técnica de seguimento, OTS:

“A constitución desta oficina foi encomendada a Galaria e na práctica a contratación dos seus integrantes foi realizada pola propia concesionaria, coa supervisión de Galaria. Isto non só supuxo que as contratacións non se realizasen coas garantías que ofrece a lexislación para os contratos públicos, senón que tamén supón un risco na efectividade do control”

GALARIA externalizou a encomenda de xestión, realizada ao seu favor por parte da Consellaría de Sanidade, a favor da firma privada Efficientia Clinical Management, por valor de catro millóns de euros. A titular da mesma (Sra. Ana Sánchez) desempeñou anteriormente importantes cargos de responsabilidade nas Administracións Sanitarias con gobernos do Partido Popular (Dirección do Hospital Meixoeiro de Vigo, Dirección Xeral de Cohesión do Sistema Nacional de Saúde e de Alta Inspección coa ministra Ana Pastor, Xerencia do Hospital de Fuenlabrada de Madrid e Viceconsellería de Sanidade da mesma CA).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

SERVIZO GALEGO de SAÚDE

Galería, Empresa Pública de Servizos Sanitarios

Santiago Pérez Pérez
Presidente
SOCIEDADE CONCESIONARIA NOVO
HOSPITAL DE VIGO S.A.
Ctra. de la Estación, s/n
15888- Sigüeiro - A Coruña

Vigo, 27 de mayo de 2011

Estimado Señor Presidente:

Habiendo recibido el curriculum vitae del profesional que por ustedes nos ha sido propuesto para ejercer las funciones de dirección y asesoramiento de la Oficina Técnica de Seguimiento (OTS) del Nuevo Hospital de Vigo, órgano encargado del seguimiento, control y coordinación del conjunto de todas las acciones que han de ser necesarias para la adecuada puesta en marcha de dicha infraestructura hospitalaria, y cuya construcción e implantación le ha sido conferida a la mercantil que Ud. representa, debemos manifestarle nuestra conformidad expresa a la celebración de la pertinente contratación, muy especialmente en atención a la reciente entrevista profesional que hemos concertado con dicha candidata, a la que también asistió un representante de esa mercantil, al haber acreditado la experiencia y profesionalidad que del propio curriculum ya se infería.

Considerando que la candidata propuesta, Doña Ana Sánchez Fernández, según nos manifestó en la entrevista, prestaría sus servicios a través de una empresa mercantil por ella constituida, entendemos que el contrato que deberían celebrar para que dicha candidata pudiese ofrecer sus servicios profesionales sería un contrato mercantil. Por tal razón, les remitimos un borrador del documento contractual que entendemos debería ser suscrito entre la "Sociedad Concesionaria de Novo Hospital de Vigo S.A." y la empresa que dirige Doña Ana Sánchez, de tal suerte que cualquier cambio o modificación que pretenda ser introducido por cualquiera de las partes suscribientes sobre el texto propuesto deberá ser puesto en conocimiento de GALERIA, para su debida supervisión y aprobación, antes de que fuese formalizada dicha contratación.

En otro caso, esto es, en el supuesto de que el contenido del documento suscrito se correspondiera con el borrador que les facilitamos, deberán remitirnos una copia del contrato firmado, para nuestra debida constancia y archivo documental.

Sin otro particular, y reiterando nuestro agradecimiento por la colaboración ofrecida, reste recordarle que para cualquier aclaración o comentario que precise hacemos sobre el contenido de este correo no dude ponerse en contacto con nosotros.

Atentamente, recibe un cordial saludo.

[Firma]
María Luisa Grandt
Directora Gerente

Dirección Xaracola
Tel. 986 81 11 89 - Fax: 986 81 11 99
Hospital do Meixoeiro
Meixoeiro s/n
36200 Vigo - Pontevedra

SERVIZO GALEGO de SAÚDE | **Galería, Empresa Pública de Servizos Sanitarios**

Data: 27 MAYO 2011

ENTRADA Nº

SAÍDA Nº 67





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha empresa creada *ad hoc* definiu e redactou o Proxecto Definitivo, o Programa Funcional e o Plan de Xestión. Fíxoo desde as dependencias da mesma Concesionaria, situadas na mesma obra, traballando en equipo cos técnicos da empresas concesionaria.

Segundo o informe do Consello de Contas, ratificado polo Conselleiro Maior, Sr Aladro, na súa comparecencia na Comisión de Investigación:

“Igualmente, no marco desta fiscalización achegáronse facturas adicionais por importe de 2.395.000 euros aboadas pola concesionaria con cargo a gastos de funcionamento da OTS. Da análise dos conceptos destes gastos dedúcese que a cantidade de 430.260 euros está relacionada coas funcións da OTS. O importe restante corresponde a gastos facturados que foron aboados na súa totalidade pola concesionaria, se ben non gardan relación coas funcións da OTS ou non gardan relación directa co obxecto do contrato. Así, a cantidade de 710.259 euros son gastos de publicidade das obras en execución, confección e edición de vídeos ou documentos audiovisuais, documentación técnica e gráfica divulgativa, actos de protocolo de inicio e fin das obras e os correspondentes a asistencia técnica ás que fan referencia as cláusulas 9.3.c), 9.3.j) e 9.3.n) do PCAP. O importe restante son gastos aboados pola concesionaria referentes a gastos de investimento na humanización do hospital (337.086 euros) e a gastos de consultaría, traslados de mobiliario e redacción de proxectos técnicos referentes ao ámbito do CHUVI (917.396 euros).

“A conclusión dos traballos de fiscalización neste apartado é que non se garantiu o establecido no prego nin no acordo da encomenda de xestión en canto á contratación dos servizos de terceiros para o desenvolvemento das funcións da OTS, nin foron asumidos na súa totalidade o importe dos gastos previstos nos devanditos apartados da cláusula 9.3 do prego”.

O Consello de Contas no seu informe fai unha análise económica do contrato e alternativas e conclúe:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“A análise dos datos anteriores leva a concluír que a opción máis vantaxosa sería a licitación dun contrato de obras para a execución da infraestrutura, por unha banda, e a licitación de contratos de servizos, por outra”.

“En termos económicos, a alternativa da licitación da obra por unha banda e a licitación de contratos de servizos por outra, é máis eficiente que o contrato de concesión realizado, xa que se poderían acadar resultados similares a un menor custo. A diferenza estimada entre o importe da proxección de pagos de ambas alternativas é de 382.234.537 euros (sen IVE) e de 470.469.422 euros (con IVE) Pax 17.

Fai a consideración de que a licitación da obra baixo a modalidade anterior esixiría a renuncia da Administración á execución de gasto corrente ou doutros investimentos para cumprir o obxectivo de déficit para os efectos de estabilidade orzamentaria.

Mais na realidade o problema non é eludir a infracción formal da fórmula contábel correcta, senón as súas consecuencias financeiras. E isto xa foi advertido polo informe do Consello de Contas sobre o financiamento do SERGAS de 2011, pois no cadro 79 dese informe constaba que o importe total dos compromisos de gasto adquiridos a partir do 2011 ascendía a nada menos que 1.740,3 millóns de € -dos cales, 1.329 millóns derivados do contrato de concesión do NHV para os exercicios 2014-2033. Como consecuencia do contrato do NHV, os compromisos de gasto do SERGAS *con cargo a exercicios futuros*, incrementáronse nun 82% -o cal compromete a sustentabilidade financeira do SERGAS.



Informe de Rendición de Cuentas del Consejo de Contas de Galicia (2011-2015)



Cuadro 10. Componentes de gastos en el presupuesto (datos en miles de euros)

	2012	2013	2014	2015	2016 e seguintes	Total
Situación a finais de 2011	244.104	69.113	86.565	77.451	1.263.112	1.740.346

VI.8. OPERACIÓNS EXTRAORZAMENTARIAS

10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Conclusións

Resulta probada a decisión do Goberno de coalición PSdG e BNG (2005-2009) de levar a cabo a construción do NHV a través da SPI, Sociedade Pública de Investimento. Existencia de decisións acreditadas, documentadas e aprobadas, publicacións do Consello da Xunta, no Diario Oficial de Galiza:

- Convenio marco de cooperación entre a Xunta, SERGAS e Concello de Vigo para a súa construción.
- Proxecto Sectorial
- Proxecto arquitectónico básico
- Declaración de Incidencia Supramunicipal
- Proxecto de expropiación
- Plan Económico Financeiro
- Convenio entre a Sociedade Pública de Investimento e a Xunta
- ...

Había diferentes estudos de análise dos posíbeis modelos de como poder acometer este investimento. Despois de analizalos, había a decisión de non empregar o modelo PFI para o Novo Hospital de Vigo e facelo, a través da Sociedade Pública de Investimentos.


A decisión tomada polo Partido Popular de optar polo modelo PFI para levar a cabo o NHV foi política, acorde á súa ideoloxía neoliberal, de converter os servizos en nichos de negocio para as multinacionais. Nin era a única opción, nin a máis beneficiosa para as arcas públicas e para as galegas e galegos.

O propio informe de viabilidade económico-financeira elaborado por PriceWaterHouseCoopers di que o modelo de Empresa Pública polo que se tiña optado podía non consolidar e polo tanto non incorrer en déficit:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



A Conselleira de Sanidade 2005-2009, a Sra Rubio na súa comparecencia, tamén aclara que era posíbel:

“Arguméntase que a decisión de optar polo modelo de concesión privada era o único que era posible nese entorno económico. Ben, imos falar tamén do entorno económico do 2009. É certo que en abril do 2009, abril do 2009, xa pasaran as eleccións; o Goberno de España é cando envía o Pacto de estabilidade 2009-2013 a Europa para ser implementado, e pon —transcribo a data— en xaneiro do 2010, xaneiro de 2010. Ata agosto de 2011 non se modifica o artigo 135 da Constitución española. Pero é que ademais no ano 2012 —e aquí vou— nos presupostos xerais do Estado que xa gobernada Rajoy, no capítulo VI, adicado a inversións, aí respéctanse as inversións que se fan a orzamentos para inversións de empresas privadas e respéctanse nun 62 %”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Administración, para levar a cabo o investimento, optou polo contrato administrativo de concesión de obra pública, baixo a modalidade de colaboración público-privada para o seu financiamento. Tal e como fixo constar o Tribunal de Cuentas Europeo, o amplo alcance, o custo elevado e a prolongada duración deste modelo esixen unha dilixencia particular, xa que a posibilidade de rexistrar partidas fóra de balance é unha consideración importante para a elección desta opción, pero tamén se corre o risco de que iso afecte á relación calidade-prezo e á transparencia. Páx. 13

A elección da opción de contratación realizouse sen unha análise comparativa previa en termos de eficiencia e eficacia con respecto a unha adxudicación de contrato público tradicional. Páx. 14

O novo goberno do PP saído das eleccións ao Parlamento Galego do 1 de marzo de 2009, presidido por Alberto Núñez Feijoo decide non seguir co proxecto que estaba en marcha e toma a decisión de construír o NHV por un modelo de contrato *de concesión* de obra pública, PFI.

Empeza a tomar toda unha serie de decisións no obxectivo de drenar o máximo de recursos públicos posíbeis para a empresa concesionaria e que ao mesmo tempo a Área Sanitaria de Vigo continúe a ser dependente da sanidade privada.

O resultado foi un hospital que non dá resposta ás necesidades sanitarias da poboación da Área Sanitaria de Vigo, mais si resultou moi lucrativo para a UTE concesionaria, hoxe un grupo de multinacionais, lideradas pola francesa Meridiam, que é o seu propietario até 2035 en que tras pagar os canons anuais reverta á Xunta.

A continuación transcríbense algunhas das consideracións finais realizadas polo Sr. Cayetano Rodríguez, ex Secretario Xeral do Sergas, na súa comparecencia, por ser clarificadoras:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“A decisión foi facelo a través da SPI, Sociedade Pública de Investimento, para que non consolidase en déficit no caso de que houbera dificultades financeiras a través dunha sociedade mixta coa SPI.

O discurso do PP polo que optaron polo modelo PFI cáese a luz das evidencias, ademais de aspectos críticos dunha tramitación administrativa do proxecto con aspectos dubidosos e inquietantes.

Construíron un hospital, mais a pregunta é se cumpriron os obxectivos que anunciaron, e polos que xustificaron a elección do modelo.

- *Xustificación: é o único modelo posíbel naquel momento.*

Realidade: Polo menos había dúas posibilidades máis de facelo (SPI, sociedade mixta).

- *Xustificación: permite facelo en menos tempo.*

A previsión era a construción 2009-2013. Por frear o modelo deseñado polo bipartito, na vez de inaugurarse en 2013, como estaba previsto, fixérono en 2015

- *Xustificación: respéctanse os prazos de execución.*

Demorouse 20 meses, dos 35 meses establecidos na licitación pasaron a 55.

- *Xustificación: Construción e financiamento é a risco e ventura da concesionaria.*

A Xunta buscoulle financiamento a través do BEI (Banco Europeo de Investimento).

- *Xustificación: o modelo PFI non permite modificados nen cambios.*

Fixeron cambios non só sobre o proxecto básico, senón o que é gravísimo sobre o adxudicado, arredor de 31 mil m2 menos.

A planificación era resolver a demanda asistencial da Área Sanitaria de Vigo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os recortes feitos no proxecto básico e no de execución fixo imposíbel rematar cos déficits estruturais e asistenciais existentes.”

3.2 CONTRATACIÓN DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA CO GRUPO EULEN

A contratación da Xunta de Galiza coas empresas do grupo Eulen que, desde 2016 dirixe en Galiza a irmá de Alberto Núñez Feijoo, presidente da Xunta desde 2009 ate 2022, é un dos catro extremos que deron lugar á constitución da Comisión de Investigación no Parlamento de Galiza, creada a instancia do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego.

O frontal oposición do Grupo Parlamentario do Partido Popular a investigar a contratación discrecional da Xunta de Galiza, expresada en distintas votacións no Pleno do Parlamento como se indicou anteriormente, tivo a súa continuidade na Comisión de Investigación tanto na aprobación das normas de funcionamento como, no que foi máis importante, na elaboración e aprobación do Plan de Traballo da Comisión de Investigación sobre contratación pública.

Neste senso e en relación aos contratos coa empresa EULEN, **na documentación** requirida no Plan de Traballo non consta:

- NINGÚN expediente en relación coa contratación menor adxudicada, sen licitación e concorrancia, as empresas do grupo Eulen.
- NINGÚN expediente en relación cos contratos tramitados e adxudicados pola vía de emerxencia, sen licitación nin concorrancia, ás empresas do grupo Eulen.
- NINGÚN expediente en relación coa adxudicación de contratos a empresas do grupo Eulen no que concorren circunstancias que os fan merecentes de análise (adxudicación en inxustificada situación de baixa desproporcionada, sendo case a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

peor oferta económica, a non licitación en lotes de prestación de servizos susceptibles de división...)

As **comparecencias** propostas, e acordadas, polo Partido Popular tampouco palían as carencias na documentación:

- NINGÚN representantes de NINGUNHA das empresas do grupo Eulen-, nomeadamente a responsable na zona de Galiza, dona Micaela Núñez Feijoo.
- NINGUN/HA autoridade ou responsable da Xunta de Galiza ou sector público autonómico, relacionada coa adxudicación de contratos coas empresas do grupo Eulen (nin Alberto Núñez Feijoo -Presidente da Xunta 2009/2022-, Eloina Núñez Masid, ou responsabeis da Axencia Galega de Turismo, CRTVG, Consorcio Galego da Igualdade e Benestar...),

A única documentación achegada pola Xunta de Galiza que parcialmente contén información sobre contratación coas empresas do grupo Eulen é o documento denominado *“Información detallada das actuacións (contratos ou axudas) que implicaron o destino de recursos públicos ás empresas do grupo Eulen...correspondentes aos períodos 2005 a 2008 e 2009 a 2023”*

O documento denominado “Información detallada”, que carece da sinatura da autoridade que o elaborou e que a referende, é limitado no seu contido pois obvia calquera dato sobre o procedemento de adxudicación, sobre o tipo de contrato (contrato menor, de emerxencia, negociado sen publicidade, aberto) e, no caso, os criterios seguidos e determinantes para a súa adxudicación. Porén o máis grave é a falsidade do documento, pois a información que achega e as conclusión que se poderían extraer non se corresponden coa verdade. Abondan uns breves exemplos:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Contratos 2019

	Doc. “Información detallada”	Contratos menores 2018/23 (só menores, e só 18-23)
Grupo Eulen	26	278

	Doc. “Información detallada”		Contratos menores 2018/23 (só menores, e só 18-23)	
Eulen Servizos Sociosanitarios	1	828.800€	127 contratos	1.000.000 €
Adxudicados Consorcio Galego Igualdade e Benestar	0	0	200 contratos	1.000.000 €

Contratos 2020

	Doc. “Información detallada”	Contratos menores 2020
Grupo Eulen	32	219

Contratos 2021

	Doc. “Información detallada”	Contratos menores 2021
Grupo Eulen	31	328

Os referidos datos veñen a exemplificar a falsidade do contido no documento denominada “*información detallada*” que, reiteramos, foi a única que o Grupo Popular permitiu que fose remitida á Comisión de Investigación sobre a contratación pública no sector público autonómico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A imposición por parte do Grupo Parlamentario Popular dun Plan de traballo que non incluía ningún expediente de contratación administrativa, agás o relativo ao Hospital de Vigo – no que falta información fundamental e que xa se trata nun apartado específico-, impediu que a Comisión do Parlamento de Galiza puidese investigar a regularidade na contratación coas empresas do grupo Eulen, que na Galiza dirixe á irmá do que durante máis de 13 anos Presidente da Xunta e hoxe o é do Partido Popular, Sr. Núñez Feijoo. Grupo especialmente beneficiado na contratación discrecional e directa por parte da Xunta de Galiza, existindo numerosos indicios de irregularidades nos procedementos de contratación.

Sobre a contratación menor coas empresas do grupo Eulen:

Como ficou exposto, a Xunta de Galiza non achegou ningún expediente á Comisión de Investigación, nin información fiable sobre a contratación coas empresas do grupo Eulen, polo que a información analizada é a publicada no portal de transparencia (publicada en formato non editable e sen cumprir todos os requirimentos legais) e na que consta que só nos últimos 5 exercicios pechados (2019-2023) a Xunta de Galiza adxudicou ás empresas do grupo Eulen vía contratación menor (directamente e sen concorrência) 1.311 contratos por importe de 4.832.029,85 €.

No ano 2024 continuou a sucesión na adxudicación discrecional de contratos ás empresas do grupo Eulen; así, só ate o 25 de outubro de 2024, a Xunta de Galiza adxudicou vía contratación menor ás empresas do grupo 139 contratos por un importe de 1,569.658,34€.

A contratación menor é un procedemento legal, que por razóns de eficiencia, interese público e igualdade, así como por implicar un evidente risco de corrupción, debe ser utilizado en situacións excepcionais e debidamente xustificadas, sendo conveniente,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cando non preceptivo, a solicitude de ofertas a distintos provedores. En todo caso está expresamente prohibido o fraccionamento dos contratos.

A limitada información dispoñíbel evidencia a existencia de notábeis irregularidades na adxudicación directa de contratos a empresas do grupo Eulen. Practicamente todos os meses dende os últimos 5 anos se contratou directamente á empresa Eulen a limpeza de distintas escolas infantís, o que supuxo o desembolso mensual de máis de 10.000 €, (case un millón de euros nos últimos anos) todo sen concorrência, nin publicidade, non tendo outras empresas a oportunidade de mellorar a calidade da prestación do servizo ou dos prezos. Nos últimos anos só o Consorcio Galego da Igualdade e Benestar adxudicou máis de 1.000 contratos menores ás empresas do grupo Eulen, totalizando case 2.750.000 €, malia o que na Comisión de Investigación non compareceu ningún representante desta Entidade adxudicadora.

Mais non é o Consorcio a única entidade na que se fraccionan as prestacións para poder ser adxudicadas “a dedo”; así, por exemplo, a Consellaría de Sanidade adxudicou entre marzo de 2021 e decembro do 2022 á empresa Eulen 26 contratos por importe de 10.154,03 € cada un con conceptos tan pouco precisos e transparentes como “Edifícios e outras construcións”. Proceder e falta de transparencia que tampouco foi puntual nas adxudicacións discrecionais desta Consellaría a favor, curiosamente, das empresas Eulen, pois tamén entre os meses de maio de 2021 e setembro do 2022 fóronlle adxudicados 14 contratos menores curiosamente polo mesmo importe exacto, 10.834,55 € e pola mesma inconcreta prestación, “Seguranza”.

Non ofrece dúbida sobre o ilegal fraccionamento das prestacións para adxudicalas directamente como contratos menores, evitando a súa licitación pública e a concorrência. Esta discrecionalidade na adxudicación dos contratos que ten unha evidente beneficiaria, tamén ten unha evidente prexudicada, a cidadanía galega.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A irregularidade deste proceder xa foi denunciada pola Consello de Contas en diferentes informes de fiscalización, mesmo na comparecencia en Comisión do Conselleiro Maior do órgano fiscalizador deixou constancia de como debería actuar a Xunta de Galiza para garantir a concorrência, transparencia e unha eficiente xestión dos recursos públicos.

Neste sentido o Sr. Aladro Fernández manifestou que no canto da recorrer constantemente á discrecional contratación menor a Xunta debería *“planificar a actividade contractual identificando as necesidades que se van a reiterar, calcular o seu valor estimado atendendo á duración total do contrato e licitalos a través do procedemento axeitado en atención á súa contía”*.

Outro exemplo de *peculiaridades* na utilización da contratación menor en beneficio das empresas do grupo Eulen, témolo na CRTVG que chegou a concertar 20 contratos o mesmo día e co mesmo obxecto, adxudicándoos como menores cando a prestación no conxunto excedería do límite máximo legalmente establecido. Tampouco a documentación relativa a estes contratos foi achegada á Comisión, na que tampouco compareceu a representación da Compañía.

Sobre a licitación e adxudicación de contratos abertos ao grupo Eulen:

Tampouco a contratación por medio de procedementos abertos e con concorrência se ve exenta de feitos susceptibles de ser investigados e que non o van poder ser pola imposición do Plan de traballo do Grupo do Partido Popular.

Desde hai máis dunha década diversas Directivas Comunitarias promovían a división en lotes como unha práctica estándar nas contratacións públicas nos Estados membros da Unión Europea, para fomentar a competencia e facilitar que podan concorrer empresas de menor tamaño (PEMES e autónomas) que mesmo poden achegar unha maior experiencia en áreas específicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza, concretamente a Xerencia da Área Sanitaria de Vigo, procedeu á licitación do servizo de limpeza de distintos centros de saúde facéndoo en lotes polo que foi posíbel a participación de empresas de diverso tamaño. O resultado foi que dos 30 lotes licitados a mercantil Eulen unicamente resultou adxudicataria de 8.

Tras a sorprendente dimisión da Xerente do Servizo Galego de Saúde e o cese do Xerente da Área Sanitaria de Vigo, a seguinte adxudicación dun importante contrato de servizos, a seguridade en distintos hospitais e centros de saúde da Área Sanitaria da Coruña -tanto no propio concello como noutros concellos como Carballo, Betanzos ou Vilarmajor...- xa non foi en lotes, como sería lóxico e acorde coas directivas europeas, senón en conxunto, resultando adxudicataria a empresa do grupo Eulen.

A razón deste cambio de criterio, contravindo os criterios da U.E. e prexudicando a concorrência, e do que resultou claramente beneficiado o grupo Eulen, non puido ser obxecto de análise na Comisión de Investigación, pois o GP Popular non permitiu a remisión dos expedientes de contratación, nin a comparecencia de D. Mario González, na altura xerente da Área Sanitaria de Vigo.

Tampouco poderá ser obxecto de análise a adxudicación por parte do Consorcio Galego da Igualdade Benestar á empresa Eulen Servicios Sociosanitarios de dous contratos por importe de 2,7 M€, malia ser a quinta ou cuarta oferta económica das oito e cinco presentadas, respectivamente. Algo similar ao acontecido na empresa pública Augas de Galicia.

Tampouco puideron ser coñecidas as razóns presentadas pola empresa Eulen e grazas ás que a Sociedade Galega de Medio Ambiente lle adxudicou contratos, malia facer propostas en baixa desproporcionada.

Igualmente o Grupo do Partido Popular impediu que a Comisión parlamentaria puidese examinar a eventual existencia de causa de abstención e/ou conflito de intereses na intervención da xerente da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza – Dna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Eloína Núñez -na tramitación (aprobación expediente de contratación, PPTP, designación de membros mesa de contratación...) do contrato de servizo de vixilancia e seguridade en distintos hospitais e centros de saúde da área sanitaria, cun orzamento de licitación de máis de 4 M€-, e que finalmente foi adxudicado á empresa Eulen Seguridad, S.A. que na Galiza dirixe dona Micaela Núñez, cuxa declaración tamén foi vetada polo grupo Popular.

3.3. CONTRATACIÓN MENOR

Outro dos ámbitos do obxecto da comisión de investigación son os procedementos de contratación da administración autonómica sen concorrencia, negociados sen publicidade e contratación menor entre os anos 2009 e 2024.

En consecuencia, unha vez constituída a comisión, o grupo parlamentario do BNG, en tempo e forma, solicitou no seu plan de traballo a inclusión das comparecencias tanto de cargos políticos responsables finais destas contratacións, directores xerais, e xefes de servizo de control financeiro de distintos departamentos, relacionadas con este obxecto e a seguinte documentación entre outra:

- Plans de contratación da Xunta de Galiza de 2009 a 2024, e das diferentes consellerías, organismos autónomos, entidades públicas instrumentais e axencias públicas autonómicas.
- Todos os Informes de reparo sobre contratos menores en todos os departamentos de intervención da Xunta de Galiza e dos centros xestores do ámbito sanitario.
- Documentos elaborados polos xestores das políticas de gasto sanitario que conteñan os criterios que se deben seguir en materia de xestión de recursos propios.

No plan de traballo proposto polo GP do PP, e que foi aprobado de maneira unilateral, non consta ningún documento nin ningunha relación dos expedientes administrativos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contratación realizados mediante os procedementos de contratos menores. A única documentación á que tivo acceso este grupo parlamentario, respecto do ámbito que estamos a analizar, foi a información existente no portal de transparencia da Xunta de Galiza, que remite á plataforma de contratos de Galiza, e onde se poden visualizar os contratos menores da Xunta e dos organismos e entes instrumentais dependentes da mesma, dos últimos cinco anos.

Tendo en conta estes antecedentes, a investigación da comisión sobre este ámbito pódese concluír que foi practicamente nula. Non obstante, da escasa documentación aportada, da existente de acceso público e dalgunhas declaracións das persoas comparecentes, cabe resaltar o seguinte:

CONSELLO DE CONTAS

Dos diferentes informes do Consello de Contas, son de destacar algunhas das opinións e conclusións relacionadas directamente coa contratación, en especial á menor, e co cumprimento dos principios de transparencia, publicidade e competencia que deben rexer nestes procedementos, tanto na administración galega como nos entes instrumentais dependentes da mesma. No anexo 1 recolleemos unha relación de diferentes consideracións acerca das análises da documentación estudada en cada un deles, así como as opinións e conclusión do Consello de Contas. Non obstante, cabe resaltar que os contratos menores supuxeron o 95% do número total de contratos adxudicados polas entidades instrumentais, evidenciándose:

- A utilización irregular da contratación menor para atender necesidades recorrentes que deberon ser planificadas e licitadas a través doutros procedementos.
- A adxudicación separada, mediante contratos menores, de prestacións entre as que existía un vínculo operativo que esixiría a súa licitación conxunta a través doutros procedementos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A prestación continuada de servizos co mesmo obxecto e co mesmo contratista polo menos durante dous exercicios, incumprindo o límite de duración temporal dos contratos menores e as regras do cálculo do valor estimado.

- Ou que a solicitude de tres ofertas foi excepcional, os contratos menores adxudicáronse directamente sen efectuar unha mínima comparación de prezos e ofertas.

Mais esta forma de actuar non se reduce ás entidades instrumentais, senón que foi unha practica habitual nas distintas consellerías, á vista da información publicada na páxina da plataforma de contratos públicos de Galiza. Para corroborar isto, non fixo falla mais que escoitar as declaracións na comparecencia de Dña. Almudena Chacón Pichel, Interventora Xeral da Xunta de Galicia que afirmou e citamos textualmente que

“A adxudicación dos contratos aparece recollida no artigo 118 da Lei de contratos, que establece como os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte con habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118. Polo tanto, a lei permite a adxudicación directa sen que sexa necesario promover a concorrência nin solicitar outras ofertas”. Esta foi pois a practica habitual de toda a administración galega na contratación menor, ao estar avalada pola Interventora Xeral, a máxima autoridade no que se refire ao control e fiscalización do gasto da Xunta de Galiza.

DOCUMENTACIÓN DO PLAN DE TRABAJO

Como ben apuntabamos ao inicio, non se achegou á comisión de investigación mais que unha relación dos contratos das empresas que se nomearon no ámbito definido no texto da súa creación, no ámbito temporal que o Grupo Parlamentario Popular considerou, incluso fora do período de investigación, que comprendía entre os anos 2009 e 2024. Non se puido polo tanto ter acceso á ningún expediente contractual, nin a ningún dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contratos menores, tendo unicamente acceso á información publicada na plataforma de contratos públicos de Galiza, de onde puidemos extraer a seguinte información:

Dende o 9 de marzo de 2018 ate o 23 de outubro de 2024, aparecen publicados 1.048.576 de contratos menores, que suman un importe total de 4.443.329.577,92 €

A suma dos importes do gasto efectuado mediante procedementos de contrato menor por anualidades son os seguintes:

ANUALIDADE	IMPORTE DOS CONTRATOS MENORES EN €
2018	355.765.255,19
2019	654.405.279,43
2020	531.611.802,53
2021	790.067.161,75
2022	799.198.613,58
2023	711.224.795,48
2024	601.056.669,96
TOTAL	4.443,329,577,92

O artigo 63.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que “*A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente. A información a publicar para este tipo de contratos será, polo menos, o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e a identidade do adxudicatario, ordenándose os contratos pola identidade do adxudicatario*”.

Da información obtida da plataforma de contratos públicos de Galiza, puidemos comprobar a existencia de distintas irregularidades, algunhas delas xa recollidas nos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informes do Consello de Contas respecto da contratación menor, como contratos que excederon as cantidades dos límites establecidos no artigo 118 da lei 9/2017, contratos con obxectos non definidos, fragmentacións do obxecto dos contratos, contratacións con obxectos recorrentes no tempo e que se repiten ano tras ano, ou contratos que tendo o mesmo obxecto superan os umbrais ao repetirse no mesmo ano.

Tamén se comprobou a mala praxe da administración galega na utilización do contrato menor, en ocasións nas que procedía utilizar outro tipo de procedementos, como o negociado sen publicidade, sendo o caso onde as obras, as subministracións ou os servizos só poidan ser encomendados a un empresario determinado, por algunha das seguintes razóns: que non exista competencia por razóns técnicas ou que proceda a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial, tal e como dispón o artigo 168 da LCSP.

Así mesmo, e xa foi advertido nos informes do Consello de Contas, varios organismos utilizaron a contratación menor en substitución da contratación de emerxencia, no período da pandemia e postpandemia, rexistrando tales contratos como menores, e evitando o cumprimento normativo que se lle exige aos segundos.

COMPARECENCIAS

Das comparecencias propostas na comisión de investigación, moi poucas referencias se fixeron á contratación menor, centrándose a maior parte no contrato de concesión de redacción do proxecto, obra e explotación do hospital Álvaro Cunqueiro.

A señora Almudena Chacón Pichel, Interventora Xeral e o señor José M^a Barreiro Díaz, Director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, mais tamén Director Xeral Función Pública anteriormente non responderon a ningunha pregunta concreta feita polo Grupo do BNG, escapando con divagacións xenéricas ás cuestións precisas sobre a contratación menor ou sobre algún expediente público de contratación. Tendo en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conta a formación e profesión do señor Barreiro, este foi interpelado para que expuxese o seu parecer sobre a falta de definición de miles de contratos menores, cuestión que non foi respostada.

Sen embargo, o conselleiro de facenda, o señor Miguel Corgos López-Prado, si que falou sobre contratación menor, chegando a afirmar que era máis operativo utilizar o contrato menor, máis áxil e rápido, que elaborar uns pregos para realizar unha licitación aberta nun subministro ou nun servizo, o que supón por tanto unha vulneración da normativa, pois prefiren utilizar o contrato menor, por ser este máis rápido e áxil que facer uns pregos administrativos e técnicos e licitar o contrato en aberto, que é o que determina a lei de contratos

“Que pasa? Que no devir no tracto normal da Administración, cando temos, temos moitos gastos de pequena contía que pola súa natureza non resulta oportuno sometelos a un procedemento de contratación aberta porque se tardan seis meses en sacar unha licitación de contratación, entón non poderíamos paralizar o funcionamento da administración por esas pequenas compras que ten que ter substantividade propia “

O señor Alberto Baz López, ex subdirector xeral de Compras do SERGAS, na súa comparecencia do día 5 de decembro de 2024, afirmou na súa intervención que hai unha marxe de mellora considerable nos procedementos de contratación na Xunta, e en concreto no SERGAS, departamento onde el traballaba, o que indica de contrario, que non se está a realizar o gasto conforme os procedementos adecuados, entre outras cousas, porque a centralización de compras é mínima, o que supón que cada área hospitalaria contrate servizos ou subministracións co mesmo material ou obxecto, o que na practica é unha fragmentación da contratación global, e que dende logo provoca, ademais de incumprir a normativa, un gasto excesivo do erario público, pois ao non existir competencia, non se pode escoller a oferta económica máis vantaxosa do mercado, e por tanto, favorécese o dispendio a favor de determinados contratistas:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“si que hai unha marxe de mellora para min, marxe de mellora na contratación menor, principalmente en sanidade, e na xestión das áreas sanitarias, ou polo menos creo que é consellería, polo menos na Consellería de Sanidade, e nos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde, ou a contratación menor, como di o seu propio nome menor, se é importante por los problemas, determinados problemas estruturais nos hospitais, principalmente no tema de fármacos, e multitude tamén de produtos sanitarios que son de uso exclusivo”

“Ben, eu acabo de saír agora, 061, nos estábamos plantexando contra a contratar o mantemento dun ascensor de 900 euros, é o único ascensor que tiñamos, recorrente todos os anos. segundo esa norma, teríamos que evitar un contrato público. Non, mire, eu lle dixen e que nos vale máis reunir a Mesa de Contratación. É que gasta facer unha licitación, un concurso público, para gastar 900 euros. É dicir, o contrato menor é un contrato menor, un contrato legal e que debe ser utilizado para os gastos pequenos, e incluso creo eu, aínda que sexan recorrentes. Por dicir que se fan contratos menores. Para min non é, en principio dicir que estamos facendo algo ilegal, que o mellor sería facer contratos, ter contratos ao longo prazo, etcétera, etcétera. Así calquera organización, sempre prefire unha estabilidade na súa contratación e non estar facendo operación, operación, actos de compra”.

Na comparecencia do Sr. Andrés Íñiguez Romo, xefe de cardioloXía do Hospital Álvaro Cunqueiro, puidemos escoitar e comprobar as contradicións existentes entre a realidade e o que pensan que se fai os facultativos que solicitan as subministracións de produtos sanitarios, pois mentres na comisión escoitamos numerosas referencias dende o Grupo Popular a que a contratación menor no Sergas se debía a existencia de produtos sanitarios protexidos con patentes ou dereitos de propiedade industrial, para xustificar a excesiva contratación mediante a contratación menor (e non mediante o procedemento negociado sen publicidade, que sería o que correspondería), os facultativos como este comparecente afirmaba que hoxe en día existen moi poucos produtos sanitarios que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sexan exclusivos e non poidan ser subministrados por varios provedores no mercado. A preguntas do Grupo do BNG, o xefe de cardioloXía do CHUVI manifestou o seguinte:

“Respecto al único proveedor, pues es posible que en algún producto puntual haya solo un solo proveedor. Lo habitual es que las distintas casas comerciales tengan productos competitivos entre sí, más o menos diferencias entre uno u otro. Pero yo en lo que respecta a cardiología, por lo menos creo que queda claro que el la mayor parte de las contrataciones son por licitación, en la mayor parte de lo que yo conozco, y lo que no es licitación, desde luego no es voluntad mía que non sea por licitación. Es decir, es subministro quien de alguna manera marca los tiempos en la contratación y en las licitaciones”.

Tendo en conta o anterior, **podemos extraer as seguintes consideracións respecto da contratación menor na Xunta de Galiza publicada na plataforma de contratos públicos de Galiza:**

1ª- As condicións nas que se desenvolveu a comisión impediu avaliar o ámbito que se pretendía investigar, a contratación menor entre o ano 2009 e 2024. A documentación que se solicitou que se achegara para este cometido, a través do noso plan de traballo e a decisión de vetala polo PP, fixo moi difícil a análise da mesma. Non obstante, si puidemos acceder, mediante a plataforma de contratos públicos de Galiza, á información sobre os contratos menores dos últimos anos, mais non aos expedientes completos de cada un dos contratos menores entre 2009 e 2024.

2ª A escasa información que tivemos, unicamente as referencias determinadas no artigo 63.4 da LCSP da contratación menor dos últimos cinco anos, si evidenciou a existencia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de irregularidades e un abuso deste procedemento, cando en moitos casos debера utilizarse procedementos de contratación abertos, onde existira un mínimo de competencia, en aras de cumprir cos principios que deben rexer a contratación pública, e escollendo a mellor oferta, dende o punto de vista económico e de calidade, protexendo ao mesmo tempo, o interese xeral da administración.

3ª Tampouco foi posible ter acceso aos informes de reparo e de fiscalización dos órganos de intervención e control da administración galega, ao vetar expresamente o Grupo do PP esta posibilidade, recollida no Plan de traballo presentado polo Grupo do BNG. Distintos comparecentes afirmaron que estes informes de reparo existen, mais non se puxeron a disposición da comisión de investigación.

4ª Nesta información accesible, púdose comprobar a existencia de miles de contratos cun obxecto pouco ou nada definido, ou simplemente xenérico, tanto en contratos de subministracións como de servizos. A continuación, algúns dos exemplos que mostran o incumprimento flagrante da normativa máis básica da contratación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

CONTRATOS MENORES PUBLICADOS DOS ÚLTIMOS ANOS		
Obxecto do contrato	Nº de contratos	Importe total en millóns de euros
“material de laboratorio”	69.452	297,50
“outro material sanitario”	72.423	600,00
“produtos farmacéuticos e material sanitario”	271.656	1.677,94
“implantes”	72.423	348,00
“maquinaria, instalacións e utensilios”	14.189	32,70
“Vestuario”	2.659	7,70
“material non sanitario para consumo e reposición”	27.744	32,00
“outras subministracións”	7.785	11,20
“instrumental e pequenos utensilios sanitarios”	223.468	67,00
“instrumental e pequenos utensilios non sanitarios”	3.151	3,75
“outros”	12.047	31,00

5ª As intervencións dalgúns comparecentes evidencian que os sistemas de contratación son moi mellorables, mais na Xunta de Galiza prima a axilidade e rapidez contractual, por encima do cumprimento dos principios de publicidade, transparencia, igualdade de trato aos licitadores, libre competencia, liberdade de acceso ás licitacións e non discriminación. É mais operativo utilizar o contrato menor, aínda incumprindo a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

normativa, que estar sen cobertura contractual. Así o puxeron de manifesto algúns comparecentes, tal e como aparece reflectido nas transcricións anteriores.

6ª O sistema de compras centralizado da Xunta de Galiza non se utiliza máis que para un escaso número de servizos e subministracións, a pesar de consideralo como un medio ideal tanto para conseguir un aforro económico, como para facilitar a participación de todas as PEMES galegas que así o desexen. A súa utilización tras a pandemia revelou os efectos positivos do seu uso, mais é evidente que non se está a promover, porque impediría seguir utilizando de maneira discrecional o sistema do contrato menor, escollendo sen ningún tipo de presentación de ofertas os adxudicatarios que prefira.

7ª A obriga de planificar a contratación pública, recollida na LCSP, brilla pola súa ausencia na Xunta de Galiza. Ademais de non ter acceso á documentación que puidera existir, os feitos consumados mostran que esta é inexistente. Os miles de contratos menores en papelería, por exemplo, nas distintas consellerías e organismos dependentes, evidencian que as subministración se realizan a demanda, de forma permanente ano tras ano, e sen solicitar varias ofertas, e case sempre cos mesmos provedores, impedindo que moitas pequenas e medianas empresas poidan acceder a ditos contratos. Se existise unha planificación previa e anual, con licitacións de contratos cunha duración superior ao ano, existiría aforro e competencia.

8ª A Xunta de Galiza utiliza o contrato menor de forma irregular e fraudulenta, para satisfacer necesidades que non son extraordinarias, excepcionais, urxentes, imprevisibles, puntuais e esporádicas. Son centos as necesidades a satisfacer á administración galega, mediante servizos e subministracións, que teñen carácter





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

permanente no tempo e que superan con creces a duración dun ano, e que responden a demandas ordinarias do funcionamento regular dos organismos públicos.

3.4. CONTRATOS DE EMERXENCIA DURANTE A PANDEMIA DA COVID 2019 (anos 2020 e 2021)

Con respecto aos contratos de emerxencia da pandemia, podemos constatar o seguinte

1) A Xunta e o Grupo Parlamentario do PP vetaron o acceso á documentación dos contratos de emerxencia, que foron solicitados polo BNG ao abeiro do artigo 9 do regulamento do parlamento e como parte do Plan de traballo da Comisión de investigación.

O Grupo Parlamentar do BNG solicitou ao abeiro do artigo 9 do regulamento do parlamento a documentación dos expedientes dos contratos coas empresas UNIVERSAL SUPPORT, MAPE ASESORES, SIBUCU 360 e non se permitiu a consulta directa desta documentación. Logo de que se intentara substituír a consulta directa dos expedientes pola presentación parcial de información nunha pantalla (feito acontecido o 26 de xullo de 2024 na sede do SERGAS), o BNG volveu solicitar os expedientes dos contratos de emerxencia con estas empresas o 30 de xullo de 2024 (axúntase solicitude, aínda non respondida):

-Documentación de todos os contratos de emerxencia en 2020 e 2021.

-Documentación dos contratos de emerxencia coa empresa Universal Support, S.A. nos anos 2020 e 2021.

-Documentación dos contratos de emerxencia coa empresa MAPE ASESORES nos anos 2020, 2021 e 2022.

-Documentación dos contratos con SIBUCU 360 SL nos anos 2019-2022.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Grupo do BNG solicitou esta mesma documentación, en repetidas ocasións, como parte do Plan de traballo e encontrámonos unha e outra vez co veto do Grupo do PP. Todo isto lévanos á conclusión de que o goberno da Xunta e o Grupo Popular están impedindo o exercicio dos dereitos que asisten ás deputadas e deputados e están ocultando deliberadamente información sensible que pode poñer en dúbida o cumprimento da legalidade ou pode poñer de manifesto o trato de favor con determinadas empresas.

- Resulta importante remarcar que a “documentación” enviada pola Xunta ao parlamento constitúe un falseamento da realidade, xa que o enviado é unha relación parcial de contratos e non inclúe a información de cada un dos expedientes dos contratos de emerxencia realizados.

2) Varios dos comparecentes e o propio ditame do PP fan referencia como fonte fiable de información e como exemplo de transparencia a remisión ao Parlamento, en decembro de 2020, “dunha relación detallada de toda a contratación de emerxencia con identificación do obxecto, adxudicatarios e importes”, (Documento núm. 90 “*Copia do informe do Servizo Galego de Saúde sobre a contratación de emerxencia de material de protección, servizos e equipamento realizada durante a crise sanitaria do Covid-19*”, documento remitido á *Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galiza pola crise da Covid-19*). Temos que sinalar con toda contundencia que se trata dunha información terxiversada, falaz, que non se corresponde coa realidade: en primeiro lugar porque o citado documento só recolle contratacións do ano 2020; en segundo lugar porque só recolle unha pequena parte dos contratos de emerxencia nese período; en terceiro lugar porque non aparece ningunha referencia sobre a principal empresa adxudicataria, Universal Support.

3) Non existe ningunha fonte de información pública que permita coñecer todos os contratos de emerxencia tramitados durante a pandemia pola administración autonómica. Os datos recollidos nos informes do Consello de Contas son parciais (tanto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no número de contratos como das contías e das empresas contratadas) e non coinciden con datos parciais que fixo públicos o SERGAS, nin cos datos parciais da consellaría de Sanidade e doutros departamentos da Xunta.

-Logo de ter acceso por diferentes vías como os informes elaborados polo Consello de Contas, o portal web da Consellaría, o portal Contratos de Galicia ou o documento nº 114 enviado á comisión de investigación) podemos constatar que nos caso das principais empresas adxudicatarias que son obxecto da presente investigación (UNIVERSAL SUPPORT, MAPE ASESORES, SIBUCU 360, ...) existen importantes discrepancias tanto no número de contratos como na súa contía.

A MODO DE EXEMPLO, DATOS RELATIVOS A UNIVERSAL SUPPORT (marzo 2020-outubro 2021)

	CONSELLO CONTAS		Web XUNTA-SANIDADE E SERGAS	
	Contratos	Contía	Contratos	Contía
Exercicio 2020	15	2.866.289,87	13	4.913.029,00
Exercicio 2021	28	8.849.163,00	6	10.413.106,00
TOTAL 2020-2021		11.715.452,00 €		15.326.135,00€

Esta empresa facturou mais de 15,3 millóns de euros por contratos de emerxencia entre abril de 2020 e outubro de 2021 principalmente por servizos de rastrexo da covid e información telefónica a persoas contaxiadas.

Só nas facturas por rastrexadores, a Xunta pagou 10,9 millóns de euros entre maio de 2020 e outubro de 2021. Fíxoo con 6 contratos a dedo, encadeando un con outro. A Xunta pagou polo servizo de rastrexo 4.814.759 euros só entre xaneiro e maio de 2022. E 2.950.452 entre xuño e outubro de 2021. Reiteradamente negouse a proporcionar a documentación destes contratos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo os datos aos que tivo acceso o Consello de Contas (ver cadro anterior), esta empresa facturou 11,7 millóns por contratos de emerxencia entre 2020 e 2021 (4,5 millóns de euros menos da cantidade que puido contrastar o Grupo do BNG a partir da documentación do SERGAS-Consellaría de Sanidade.

O grave é que a Xunta presentou alegacións ao informe do Consello de Contas mais non corrixiu a información sobre as cantidades contratadas con esta empresa, polo que podemos falar de ocultación de información ao Consello de Contas.

-Con respecto aos dous informes do Consello de Contas sobre a contratación do SERGAS e da Xunta durante a pandemia (*Informe de fiscalización do impacto da pandemia Covid-19 no ámbito de contratación do SERGAS*, con data do 27 de xullo de 2023, que comprende desde o 13 de marzo de 2020 ao 9 de maio de 2021; e *Informe de fiscalización sobre a aplicación dos ingresos do fondo extraordinario e a xestión económico-financeira da pandemia na CA de Galicia. Exercicio 2021*, con data do 14 de marzo de 2024), ningunha das persoas comparecentes rebateron as eivas e irregularidades recollidas nestes dous informes. Polo contrario, estas foron refrendadas polo conselleiro maior, sr Aladro, na súa comparecencia.

A modo de resumo incluímos a referencia do informe do Consello de Contas do 14 de marzo de 2024, páx 23, ao que tamén fixo referencia o conselleiro maior na súa comparecencia

en xeral a contratación de emerxencia analizada estivo directa ou indirectamente relacionada coa adopción de medidas para facer fronte á crise sociosanitaria derivada da pandemia, perseguindo as prestacións adquiridas a consecución de dita finalidade, no marco normativo establecido polo Real decreto-lei 7/2020 e o artigo 120 da LCSP. Porén detectáronse diversas incidencias, relacionadas basicamente con deficiencias nalgunhas memorias xustificativas, falta dun mínimo de concorrência e comprobación da aptitude e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

capacidade do adxudicatario, falta nalgúns expedientes dos antecedentes que soportan a adxudicación, falta de publicidade de parte das adxudicacións, ou desfases temporais superiores a un mes entre as datas de licitación e adxudicación dos contratos de emerxencia.

Con respecto á contratación de emerxencia, os informes do Consello de Contas inclúen as seguintes propostas de mellora, tal e como se recolle na comparecencia do sr Aladro:

Como recomendación de cara ao futuro o noso informe sinala que o desenvolvemento de plans de continxencia o suficientemente extensos evitaría que se producisen situacións de carencia de produtos e equipamentos esenciais.

Sen prexuízo de que a normativa reguladora non esixe a formación do correspondente expediente, debería primar sempre que sexa posible a utilización de procedementos contractuais tramitados por emerxencia permitan deixar constancia da solicitude de orzamentos que promovan a concorrência, acreditación da capacidade de solvencia e, no seu caso, a documentación relativa ás negociacións realizadas.

4) Concentración da contratación de emerxencia nun reducido grupo de empresas

O Informe do Consello de Contas do 14 de marzo de 2024, sinala na páx. 25

A maior parte da contratación de emerxencia realizada ao longo dos exercicios 2020-2021 correspóndelle ao SERGAS –con 669 contratos por un importe de adxudicación de 70,8 millóns de euros– e á Consellería de Sanidade –con 38 contratos por un valor de 16,2 millóns de euros–.

No exercicio 2020, once empresas concentran o 49,1% –practicamente a metade– do volume de adxudicación de emerxencia de todo o ano, a través da realización do 29,1% do número de contratos. No ano 2021, a contratación de emerxencia experimenta unha significativa redución tanto no volume de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

adxudicación como no número de contratos xestionados, cunha maior concentración de adxudicatarios –catro empresas concentran o 66,6% do volume de adxudicación a través da realización do 30,3% do número total de contratos–.

Cadro 19: Concentración de adxudicatarios de contratos de emerxencia da CA de Galicia. Exercicio 2020

Nome contratista (*)	Importe adxudicación (con IVE)	Nº contratos	% s/Total importe de adxudicación	% s/Total nº de contratos
Adxudicatarios > 2 millóns de euros (11 Empresas)	39.562.005,06	251	49,1%	29,1%
MAPE ASESORES, S.A.	10.004.510,00	16	12,4%	1,9%
MEDLINE INTERNATIONAL IBERIA, S.L.	4.856.472,26	56	6,0%	6,5%
PRODUCTOS SANITARIOS GALLEGOS, S.L.	4.698.861,37	56	5,8%	6,5%
INSTIT. DE ESTUDIOS CELULARES Y MOLECULAR	3.265.945,00	9	4,1%	1,0%
UNIVERSAL SUPPORT, S.A.	2.866.289,87	15	3,6%	1,7%
HORTAS SUMINISTROS, S.L.	2.642.933,00	13	3,3%	1,5%
PALEX MEDICAL, S.A.	2.372.397,29	10	2,9%	1,2%
GALMÉDICA, S.L.	2.336.588,62	5	2,9%	0,6%
CELTA INGENIEROS, S.L.	2.258.034,24	4	2,8%	0,5%
NACATUR 2 ESPAÑA, S.L.	2.221.594,00	21	2,8%	2,4%
TESIS GALICIA, S.L.	2.038.379,41	46	2,5%	5,3%
Adxudicatarios de 1 a 2 millóns de euros (12 empresas)	16.228.578,41	61	20,2%	7,1%
SIBUCU 360, S.L.	1.945.000,00	5	2,4%	0,6%
DISTRIBUCIONES Y REPRESENTACIONES BIOMÉDICAS DIREX, S.L.	1.529.019,81	4	1,9%	0,5%
AGENCIA GRÁFICA GALLEGA SLU	1.495.040,43	3	1,9%	0,3%
THENOMAQ GALICIA, S.L. EN CONSTITUCIÓN	1.447.550,78	3	1,8%	0,3%
CENTRO MÉDICO EL CARMEN, S.A.	1.384.580,00	7	1,7%	0,8%
ABBOTT RAPID DIAGNOSTICS HEALTHCARE, S.L.	1.350.000,00	2	1,7%	0,2%
LABORATORIOS HARTMANN, S.A.	1.291.242,00	27	1,6%	3,1%
HILL-ROM IBERIA, S.L.	1.275.471,40	3	1,6%	0,3%
INDRA SOLUCIONES TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, S.L.	1.207.736,09	2	1,5%	0,2%
CANON MEDICAL SYSTEMS, S.A.	1.207.175,00	3	1,5%	0,3%
CIVIS GLOBAL, S.L.	1.089.510,32	1	1,4%	0,1%
VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU	1.006.252,58	1	1,2%	0,1%
Adxudicatarios de 0,5 a 1 millóns de euros (13 empresas)	8.643.291,65	66	10,7%	7,6%
SUMINISTROS MÉDICOS DEL NORTE SAU	869.543,08	10	1,1%	1,2%
PHILIPS IBÉRICA SAE	820.807,21	3	1,0%	0,3%
DIS RIVAS, S.L.	818.968,82	12	1,0%	1,4%
CLECE, S.A.	710.387,31	7	0,9%	0,8%
3M ESPAÑA, S.L.	686.318,24	13	0,9%	1,5%
ESPOMASA POLIURETANOS, S.L.	679.000,00	2	0,8%	0,2%
MUSTEPS ESTABLECIMIENTO EN ESPAÑA	660.000,00	1	0,8%	0,1%
SASEGUR, S.L.	658.869,65	3	0,8%	0,3%
SANELEC LOGÍSTICA, S.L.	592.900,00	2	0,7%	0,2%
GAMMA SOLUTIONS, S.L.	563.646,00	1	0,7%	0,1%
GENERAL ELECTRIC HEALTHCARE ESPAÑA, S.A.	544.175,00	4	0,7%	0,5%
GETINGE GROUP SPAIN SLU	526.560,00	3	0,7%	0,3%
SUMINISTROS TÉCNICOS GALICIA, S.L.	512.116,34	5	0,6%	0,6%
Adxudicatarios < 0,5 millóns de euros (201 Empresas)	16.075.612,80	485	20,0%	56,2%
TOTAL	80.509.487,92	863	100%	100%





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cadro 20: Concentración de adxudicatarios de contratos de emerxencia da CA de Galicia. Exercio 2021

Nome contratista (*)	Importe adxudicación (con IVE)	Nº contratos	% s/Total importe de adxudicación	% s/Total nº de contratos
Adxudicatarios > 2 millóns de euros (4 empresas)	20.650.825,13	47	66,6%	30,3%
UNIVERSAL SUPPORT, S.A.	8.849.163,22	28	28,6%	18,1%
BIOREPOSITORIO IBERIA, S.L.	6.110.075,59	8	19,7%	5,2%
CLECE, S.A.	3.202.666,32	2	10,3%	1,3%
VIRCELL SPAIN, S.L.	2.488.920,00	9	8,0%	5,8%
Adxudicatarios de 1 a 2 millóns de euros (2 empresas)	2.709.648,20	12	8,7%	7,7%
MEDLINE INTERNATIONAL IBERIA, S.L.	1.456.088,20	11	4,7%	7,1%
FUJIFILM EUROPE GMBH SUCURSAL EN ESPAÑA	1.253.560,00	1	4,0%	0,6%
Adxudicatarios de 0,5 a 1 millóns de euros (7 empresas)	5.164.376,66	45	16,7%	29,0%
ABBOTT RAPID DIAGNOSTICS HEALTHCARE, S.L.	900.000,00	2	2,9%	1,3%
JEVASO, S.L.	820.000,00	2	2,6%	1,3%
PALEX MEDICAL, S.A.	781.950,00	6	2,5%	3,9%
TELEFÓNICA DE ESPAÑA-TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA	768.904,66	9	2,5%	5,8%
REX TRANSPORTE CORUÑA, S.L.	750.000,00	3	2,4%	1,9%
LOVUEXCO, S.L.	605.000,00	1	2,0%	0,6%
PRODUCTOS SANITARIOS GALLEGOS, S.L.	538.522,00	22	1,7%	14,2%
Adxudicatarios < 0,5 millóns de euros (24 empresas)	2.459.483,04	51	7,9%	32,9%
TOTAL	30.984.333,03	155	100%	100%

-Ningunha das persoas comparecentes deron explicacións convincentes sobre a contratación de emerxencia coas empresas UNIVERSAL SUPPORT, MAPE ASESORES, SIBUCU 360, así como as relacións entre esta última e MOONFF. Nin sobre os negocios entre FCS e Mape Asesores nos que tiveron unha participación determinante Alberto González Amador (Maxwell Cremona, socio de Fernando Camino en numerosas empresas) e Fernando Camino (Quirón Prevención e Mape Asesores).

Cabe sinalar que a maioría do Grupo do PP vetou en reiteradas ocasións, como parte do Plan de traballo e como resposta a posteriores solicitudes do Grupo do BNG, a comparecencia na comisión das seguintes persoas que resultan clave para coñecer aspectos fundamentais da contratación de emerxencia nos anos 2020-2021.

- Alberto González Amador (Maxwell Cremona)
- Fernando Camino Maculet (Quirón Prevención, Mape Asesores)
- Gumersindo Cachafeiro (Mape Asesores)
- Diego Mata Tojeiro (SIBUCU 360)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- José Ramón García (CEO de MOONOF, SIBUCU 360)

Este veto é difícil de explicar xa que se trata das empresas con maior volume de contratos de emerxencia nos anos durante a pandemia da COVID-19.

5) Falta de xustificación por parte do goberno galego da contratación con UNIVERSAL SUPPORT, a empresa máis beneficiada polos contratos de emerxencia con 15,3 millóns de euros entre maio de 2020 e outubro de 2021.

Este tema foi obxecto de preguntas reiteradas polo Grupo do BNG durante a fase de comparecencias. Varias das persoas comparecentes deron unha versión máis ou menos coincidente sobre como, cando e para que se contratou esta empresa, o cal chama poderosamente a atención porque algunhas das persoas que declararon isto non tiveron coñecemento nin participación directa dos feitos. Parece evidente que se elaborou e se compartiu unha explicación, que logo foi repetida por diferentes comparecentes. Porén este relato dos feitos ten como veremos varias incongruencias e contradicións.

- Aínda que as persoas comparecentes fan referencia ao SAMUR, dependente do concello de Madrid, non consta contrato de emerxencia desta entidade co grupo Konecta nin con Universal Support. Da información recabada parece deducirse que se están a referir á Comunidade de Madrid, que en nota de prensa do 20 abril 2020 fai referencia a un contrato de reforzo da atención telefónica coa empresa Konecta, similar ao contratado pola Xunta:

Con la expansión del virus, el volumen de llamadas entrantes continuó aumentando de forma exponencial, por lo que se hizo necesario gestionar un segundo centro de atención telefónica. Se contrató para ello a la empresa KONECTA BTO, S.L., que disponía de la infraestructura y de la capacidad precisa para reforzar el número de operadores telefónicos y su inmediata entrada en funcionamiento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Todos os comparecentes cando fan referencia a Universal Support realmente estanse referindo a Konecta, a empresa matriz con sede en Madrid que lle mercou en 2012 Universal Support ao Banco Popular. O grupo Konecta é unha multinacional que no ano 2020 tiña entre os principais accionistas o fondo británico *Intermediate Capital Group* (ICG), tamén accionista das residencias DomusVi... Un dos directivos de Konecta é Ignacio Cárdenas Botas, cuñado do daquela presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo.

Ignacio Cárdenas Botas era CEO de Sum Talk cando esta empresa foi mercada en setembro de 2019 por Universal Support. A partir desde momento incorporouse como director de e-commerce e retail ao grupo Konecta. Tendo en conta a súa relación co sector e o seu posto directivo en Konecta, parece lóxico pensar que tivese un papel relevante nas xestións entre a Xunta e o grupo empresarial no mes de marzo de 2020. Mais a pesar disto a maioría do Grupo Parlamentario Popular vetou a súa comparecencia na comisión de investigación.

E tamén se vetou a comparecencia na comisión do máximo responsable do goberno galego naquela altura, o sr Alberto Núñez Feijoo, que ademais era o xefe máximo do comité clínico... Segundo un dos comparecentes, o sr Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade nos primeiros meses da pandemia (até setembro de 2024), *“a importancia que ten o presidente da Xunta, un presidente da Xunta que era o maior especialista entre todos”*.

Por que razón a maioría do PP vetou a comparecencia do *“maior especialista entre todos”*? A este respecto débese ter en conta que Alberto Núñez Feijoo, presidente da Xunta e máximo responsable do Comité de crise, participou na decisión de contratar o grupo Konecta, do que era directivo o seu cuñado, polo que estaríamos diante dun caso claro de conflito de intereses.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-As persoas comparecentes, na explicación da contratación de Universal Support refírense a Konecta. Dan datos diferentes a respecto das persoas contratadas para o reforzo da atención telefónica. Mentres o que semella ser responsable directo da contratación fala da incorporación inmediata de 100 persoas, outros comparecentes falan de 70-80. Se comprobamos a información dos contratos trasladados ao Consello da Xunta nos meses de marzo e abril de 2020 temos que concluir que inicialmente o número de persoas contratadas foi moito menor, xa que as contías destes contratos son moi pequenas. As explicacións dadas por diferentes comparecentes parecen “fabricadas” a posteriori, e non de corresponden coa realidade dos feitos.

JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA, conselleiro de sanidade até o 7 de setembro de 2020, na súa etapa comezouse a contratación de emerxencia con Universal Support

Universal Support —como dixeron antes—. Bueno, Universal Support, non saben exactamente o grave problema que houbo nese momento, nese momento o maior problema que tiñamos era de comunicación cos cidadáns para informar das normas, de como ía a pandemia e do que había que facer. O 061 ampliou con persoal propio un teléfono novo para descartar e que o 061 seguira funcionando para os enfermos galegos que non eran covid. Coma sempre, bloqueouse, pasamos de 1.000 que recibían habitualmente o 061 a 5.800 en tres días. Había que buscar unha empresa en telemarketing, non que soubera de pandemia —porque ninguén sabía de pandemia—, Telemarketing nos puidera compor 70-80 traballadores en tres días a pleno funcionamento e coa información que nós en todo momento —nós, os profesionais—, loxicamente, informabamos e formabamos a ese grupo. Polo tanto, necesario nese momento —como digo—, a solvencia vese no día a día e Galicia saíu adiante.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Das comparecencias dedúcese que as xestións para a contratación por emerxencia de Universal Support non a fixo o SERGAS e tampouco a Consellaría de Sanidade. Fíxose desde a Fundación 061, tal e como explicou o sr Flores Arias, que en marzo de 2020 era o director do 061 e o 18 de setembro desde ano incorporouse ao novo equipo da consellaría de Sanidade como xerente do SERGAS

chegou un momento —e eu mesmo presente na sala de coordinación— en que vimos que as chamadas moitas veces non eran capaces de entrar, había moitas chamadas en colas, a xente loxicamente tiña esa demanda que non dabamos arreo e se fixo necesidade de facer unha contratación dalgunha empresa que tivese experiencia (...)

Exploramos o panorama nacional e, como lles digo, non había ninguén, soamente había unha empresa que leva moi pouco tempo —porque levaba pouco tempo a pandemia— facendo un labor que parece encaixar ou parecía encaixar co que nós necesitábamos aquí en Galicia, e esa empresa a través do Samur, concretamente, que é o Servizo de Emerxencias, neste caso municipal ou da Administración municipal, que en Madrid traballa e que ten o seu recoñecido prestixio. Recomendaron unha empresa que estaba empezando a traballar e que tiña, primeiro, dúas fortalezas que nós vimos como un valor, que era a capacidade de desenvolver unha estrutura de persoas necesaria. Nós queríamos ter en 48 horas uns 100 teleoperadores dispostos a coller as chamadas dos galegos que estaban en cola no 061. E, por outra parte, que tiña unha experiencia previa en canto ao mercado de telemárketing, puxémonos en contacto a través do Samur —como lles digo—, con esa empresa, e esa empresa asegurounos que si podía conseguir estes retos que nós lle plantexabamos. E así foi, en 48 horas tiñamos aquí en Galicia situados presencialmente eses 100 tele operadores que empezaron a dar resposta a cola de chamadas. (...). E así foi como comezou a relación con esta empresa que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

despois —non o sabíamos nese momento— se converteu nunha peza moi importante na xestión da covid en Galicia, e que os resultados non vou falar deles porque son obxectivables e non opinables.

*Bueno, continuouse —como lles dicía— durante certo tempo, fóronse engadindo novas encomendas, no soamente xa era información, senón que tiñamos xa outras cousas que ían aparecendo necesarias, que por parte xa da afamada Dirección Xeral de Saúde Pública, dos expertos epidemiólogos, dos expertos preventivistas, das autoridades sanitarias mundiais se ían facendo necesarias. Necesitabamos un sistema que detectara casos, un sistema que detectara contactos, un sistema que perseguise eses contactos, que lles chamase a todos e que lles explicase como tiñan que facer nas súas casas, no seu devir coa sociedade, etcétera, e que se seguise o cumprimento estrito das necesarias medidas que se estaban imponer. **E todo iso foi recaendo nesta empresa, que insisto que foi Universal Supor** —como ben saben—, e que se contratou por Emerxencias desde un principio, e que se mantivo durante os meses engadindo máis e máis traballo, collendo máis e máis experiencia dentro da forma rápida de coller experiencia que nese momento tiñamos imposto polos retos e polos tempos que nos impoñía a covid-19. E fixérono de acordo coa Dirección Xeral de Saúde Pública; fixérono de acordo co Comité Clínico.*

ALBERTO BAZ, subdirector de compras do SERGAS até decembro de 2020, posteriormente foi director económico do 061. Malia a súa responsabilidade en marzo de 2020, non participou na contratación de Universal Support

Universal Support. Eu a única participación que tiven nese expediente foi preparar o expediente para o Consello da Xunta, non é un expediente proposto pola nosa subdirección xeral. Agora, eu vin a memoria daquela, e acabo de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estar no 061, non é a experiencia sanitaria, estamos falando dun servizo de tipo sanitario atendido por sanitarios, estamos falando dun call center un servizo de operación telefónica atendido por locutores e operadores telefónicos. Non é necesaria, considero a experiencia no propio servizo de saúde.

LARA OTERO, Subdirectora de compras do SERGAS desde decembro de 2020, anteriormente actuou como xefa do Servizo de Contratación na Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia, 061 polo que debeu ter participación na contratación da empresa Universal Support-Konecta en marzo de 2020, cuestión á que non fixo referencia na súa intervención.

Na comparecencia anterior ao meu procesador Alberto Baz, deu conta —supoño— de como foi a tramitación no inicio da pandemia. Eu centreime nos procedementos que se levaron a cabo a partir de decembro de 2020 logo na miña incorporación á Subdirección de Compras.

En primeiro lugar, coa selección da empresa Universal Support, eu, cando se seleccionou esa empresa non traballaba na Subdirección Xeral de Compras ata o Servizo Galego de Saúde, pero si traballaba, coma si teño explicado, na Fundación pública Urxencias sanitarias de Galicia 061. O que pasou alí foi que as chamadas de información que facía a xente colapsou a liña pola que entraban tamén as chamadas de emerxencia, co cal había que crear unha nova liña, que era 900400116 para que se poida dar a información á cidadanía. A selección da empresa Universal Support, supoño, foi, supoño, non, foi provisional no momento inicial da pandemia e fíxose mediante un contrato de emerxencia; o 17 de marzo de 2020, buscouse unha empresa con experiencias noutras comunidades. Inicialmente estimábase que a prestación do servizo finalizaría en xullo, e dado o levantamento do estado de alarma e a situación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*sanitaria nesas datas, pero houbo —como todos saben— novos brotes nos meses de verán, e debido ao número de chamadas recibidas, que seguía sendo moi elevado, fíxose necesario continuar con esa prestación. E, por outra banda, cando se iniciou o proceso de desescalada e para cumprir cos criterios do Ministerio de Sanidade, todos debían contar cun plan de control da pandemia, baseándose no control das persoas positivas aos seus contactos para fronte a identificación dos casos de infección. **O sistema sanitario galego non contaba con recursos suficientes para asumir esa función, polo que se determinou que fose a mesma plataforma de call center que xa estaba creada, a que fíxese este seguimento ao rastrexo.***

JULIO GARCÍA COMESAÑA, conselleiro de Sanidade desde o 7 de setembro de 2020.

*E se fala de Konecra, mire, a fin de semana que se declara o estado de alarma, o comité clínico —que si tiña o presidente Feijóo e non tiñan outros presidentes—, estableceu a necesidade de abordar a xestión das chamadas da información que chegaban. Viñámolo facendo a través do 061, pero era certo que iso copaba naqueles momentos a capacidade do 061. E decidiuse buscar unha empresa no ámbito da telefonía. Eu non sei se vostede entende a diferenza entre unha persoa que fai de teleoperador e o que ten detrás. **Non fai falta solvencia técnica para que alguén lle diga o que ten que dicir por detrás. De feito, no 061 sacamos concursos e non se lle pide ser médico en emerxencias, pideselle solvencia técnica dende o punto de vista dun concepto. Ao mellor ese concepto non o teñen moi claro no Bloque. Ben, faise un estudo de cales son as empresas que teñen ese coñecemento e esta empresa está traballando curiosamente no Samur en Madrid. Fálase co Samur, ponse en contacto con***





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ela e esa empresa aos dous días tiña 75 teleoperadores traballando primeiro na información e na confirmación do caso e, posteriormente, no rastrexo.

A empresa da que falamos, a empresa deses rastrexadores tiña experiencia, díxeno claramente, tiña experiencia na xestión noutra comunidade autónoma coa que se contactou. E ademais puido dispoñer de 75 teleoperadores, isto foi un sábado o martes seguinte. Ese é o valor que tiña a empresa.

Despois para a maior abundamento, esa empresa foi, sacamos un curso en decembro de 2020, licitamos e se adxudicou en maio de 2021. Saíu adxudicataria esta empresa despois dun «proceso ordinario».

E ao revés, no caso dos rastreadores empezou pola emerxencia tamén co mesmo importe, saíu a licitación en maio de 2021 e esta empresa perdeu esa licitación.

-Grande parte das explicacións das persoas comparecentes céntranse na escolla de Konecta/Universal Support para o servizo de atención e información telefónica. Hai moi poucas referencias aos contratos con Universal Support para o servizo de call center para a detección de rastrexo de contaxios, que comezou en maio de 2020 e se prolongou até outubro de 2021 e que supuxo pagamentos por valor de 4.814.759,00€ só para o período xaneiro a maio de 2021.

En total Universal Support facturou entre marzo de 2020 e outubro de 2021 15,3 millóns de euros por contratos de emerxencia.

-Todas as persoas comparecentes que se refiren á prestación de servizos por Universal Support louvan o labor realizado por esta empresa, mais obvian as numerosas denuncias que se fixeron públicas naqueles meses en relación coa precariedade laboral, baixos salarios, descoordinación do traballo, falta de formación do persoal, etc. No caso do servizo de central de chamadas para seguimento dos contaxios (rastrexo da COVID), foi prestado por persoal de telemarketing, sen apenas formación e sen ningunha experiencia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

na xestión dunha grave crise sanitaria na que tiñan unha importante función para evitar contaxios.

6) Falta de información sobre a contratación con **MAPE ASESORES**. Tanto o Grupo Parlamentario do PP como as persoas comparecentes eludiron esta cuestión. A pesar de todo constatamos os seguintes feitos que deberían ser obxecto de estudo e investigación

Esta empresa viuse implicada no cobro dunha comisión de 1.973.000 euros por parte de Alberto González Amador, dono da empresa Maxwell Cremona, por intermediar na operación de compravenda de material sanitario entre FCS e MAPE.

Alberto González Amador, compañeiro sentimental da presidenta da Comunidade de Madrid, foi socio e ten intereses e negocios comúns con Fernando Camino Maculet, presidente de QUIRÓN Prevención e membro do Consello de administración de MAPE ASESORES. Camino foi un dos fundadores da empresa pantalla que González Amador utilizou en 2021 para levar a cabo parte da fraude coa que presuntamente cometeu dous delitos fiscais e outro de falsidade documental mediante unha trama de facturas falsas e testarros.

Segundo información publicada por elDiario.es:

Este directivo de Quirón es también una de las personas que creó la sociedad panameña que la pareja de la presidenta de la Comunidad de Madrid dirigió hasta 2022. Camino preside Quirón Prevención desde 2020. Es directivo del grupo sanitario desde 2015, cuando este gigante de la sanidad privada compró la mutua de la que era administrador, Frater Prevención. Esta empresa ya llevaba años contratando los servicios de Alberto González como consultor. Según el Registro Mercantil, Camino es desde 2019 miembro del consejo de administración de la gallega Mape Asesores, que en 2020 realizó un encargo de material sanitario de 42 millones con el que Alberto González se llevó 1.973.000 euros en comisiones que le pagó la empresa que suministró las mascarillas, la catalana FCS Select Products.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

[González Amador] pareja de Ayuso pagó medio millón a un alto cargo de Quirón por una empresa que facturaba menos de 30.000 euros (Alberto González Amador compró en 2020 a la esposa de Fernando Camino esa firma, sin empleados ni apenas actividad, tras ingresar dos millones por mediar en la venta de mascarillas a la gallega Mape, administrada por el mismo directivo de Quirón).

Gumersindo Cachafeiro, fundador e CEO de MAPE ASESORES, cualificou o cobro desta comisión como “estafa”:

“Para cualquier persona coherente, es una estafa... llamémoslo como queramos (...) Es una barbaridad”, pronuncia en declaraciones remitidas a elDiario.es en las que hace hincapié en que su compañía ha colaborado “siempre” con lo que les ha solicitado la Agencia Tributaria. (El Plural)

MAPE foi a principal adxudicataria de contratos de emerxencia no ano 2020. Facturou 10.717.307 euros. No mes de xuño de 2020 cobrou 6.038.750 euros da Xunta por 4 facturas de subministro de material sanitario. Nesas mesmas datas, González Amador cobraba unha parte da comisión por intermediar na venda dese material por parte de FCS a Mape. É evidente que o prezo de venda dese material se viu incrementado ao ter que repercutir o cobro da devandita comisión así como que existía unha conexión directa na operación entre dúas persoas que foron socios en diferentes empresas e negocios.

Porén, o boicot do Grupo Parlamentario do Partido Popular impediu o acceso a documentación relevante dos expedientes destas compras a MAPE así como a comparecencia na mesma dos directivos desas empresas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

La operación de la que salió la comisión de la pareja de Díaz Ayuso



Infografía publicada por *elDiario.es* cos vínculos empresariales entre Fernando Camino e Alberto González Amador.

-Falta de xustificación da contratación con SIBUCU 360 e MOONOF

Tanto o Grupo Parlamentario do PP como as persoas comparecentes eludiron esta cuestión. A pesar de todo constatamos os seguintes feitos que deberían ser obxecto de estudo e investigación específicos:

-Contratos de subministro de máscaras con Sibucu 360, empresa sen relación co sector sanitario vinculada coa sociedade Moonoff e o empresario José Ramón García, exCEO





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Blussens, e que, con catro traballadores e traballadoras, pasou de facturar 765.000 euros en 2019 a máis de 31 millóns de euros en 2020, multiplicando por dez os seus beneficios en tan só un ano.

-Sibucu 360 obtivo dous contratos entre o 25 de marzo e o 19 de xuño de 2020 por un montante total que varía en función das distintas fontes documentais da Xunta: nun informe figura un total de 1.945.000 euros e noutro 2.364.700 euros.

-Tampouco coinciden os desgloses dos tipos de máscaras e que, ademais, unha parte delas, concretamente as de tipo FFP2 modelo KN95, estivo afectada por unha alerta da propia Xunta a través do Instituto Galego de Consumo (IGC), por estar certificadas por un organismo italiano non autorizado para a certificación deste tipo de máscaras, co conseguinte risco para a saúde das e dos usuarios.

A pregunta que cabe facerse é: Por que logo desta alerta sanitaria por vender máscaras con certificados falsos, a Xunta seguiu contratando con esta empresa?

En relación con estes feitos, o Instituto Galego de Consumo incoou un expediente sancionador do a Sibucu 360 que na proposta inicial ascendía a 10.500 euros, pero que foi reducido posteriormente a tan só 600 euros.

PARTE CUARTA. CONCLUSIÓN XERAIS

1ª Sobre a vulneración dos dereitos democráticos

O Grupo Parlamentario do PP deseñou unha estratexia para entorpecer, boicotear e dificultar por todos os medios o funcionamento da comisión de investigación. Feitos relevantes desta estratexia foron: a imposición unilateral do plan de traballo, o veto ás solicitudes de documentación e comparecencias, a solicitude e envío de documentación absolutamente fraudulenta e incompleta, a entrega desta unha vez iniciada a comisión de investigación, a tramitación exprés das comparecencias e da fase de ponencia... Todo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

isto acompañado de continuas vulneracións dos prazos, dos procedementos regulamentarios e dos dereitos das deputadas e deputados. Por este motivo, o Grupo Parlamentar do BNG presentou numerosas solicitudes de revisión dos acordos adoptados pola maioría do Grupo Parlamentario do PP e diante da negativa deste, o Grupo Parlamentar do BNG decidiu solicitar amparo constitucional e interpoñer o oportuno recurso, ao considerar que existía unha flagrante violación do dereito fundamental a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos sinalados na Lei -artigo 23.2 da Constitución-, e niso na medida en que constriñen, coartan ou limitan, arbitraria e infundadamente, o seu “*ius in officium*”, o contido do seu dereito fundamental como representantes da cidadanía, delimitado pola norma regulamentaria, o acordo normativo que a integra ou completa e o propio uso parlamentario consolidado, e na medida en que dita decisión incide negativamente, restrinxíndoo, no contido nuclear ou esencial da súa función representativa, como é a función de control do poder executivo autonómico. O recurso, con Nº 9506-2024-J, interpúxose por un lado contra o acordo da Comisión adoptado na sesión do 8 de novembro de 2024 para a aprobación do Plan de traballo e por outro lado, contra o acordo de 18 de novembro de 2024 da Mesa da Comisión polo que se desestima a solicitude das deputadas e deputados do BNG relativa á reconsideración e revogación da aprobación do Plan de traballo da Comisión.

2º Sobre o documento de conclusións presentado polo Grupo Parlamentario Popular

O PP xa tiña feitas as conclusións antes de comezar a funcionar a Comisión

O Grupo Popular elaborou unhas normas e un plan de traballo a medida e ao servizo dos seus intereses, para non mover unha coma do que xa tiña decidido previamente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A mellor demostración de que as conclusións xa estaban escritas é que coinciden no fundamental co argumentario defendido nos debates sobre este tema nos plenos do 23 de abril e do 10 de setembro de 2024 así como da xuntanza da Deputación Permanente do 14 de agosto de 2024.

O BNG sostén e demostra que a proposta de Ditame que pretende impoñer o PP é un panfleto partidista que está cheo de falsidades e de interpretacións interesadas cuxo único obxectivo era dar por rematados os traballos da comisión coa máxima celeridade posíbel e que as irregularidades detectadas nos procedementos de contratación da Xunta de Galiza deixasen de ser parte do debate político e público.

Así mesmo, a proposta de Ditame do PP ten unha única finalidade: exculpar o goberno da Xunta do PP de calquera responsabilidade nos catro obxectos de investigación da comisión. Un obxectivo que non conseguiu, como demostramos no presente documento.

3º Sobre o alcance dos informes do Consello de Contas

Resulta importante aclarar o alcance da fiscalización do Consello de Contas, que se fai de maneira limitada e que se centra no cumprimento ou non dos procedementos de contratación previstos na lei.

Tal como sinalou o sr Aladro, “os traballos do Consello de Contas adoitan poñer o foco naqueles incumprimentos que afectan a principios básicos de contratación, como a transparencia, a concorrência ou a non discriminación e igualdade de trato dos operadores económicos”.

Non entra este organismo estatutario na investigación doutros elementos relevantes como as comunicacións coas empresas, os vínculos entre empresas, as relacións entre persoas que poden dar lugar a conflitos de interese, a posible información privilexiada e tráfico de influencias, etc. Na súa habitual tendencia á manipulación e terxiversación, o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PP utiliza premisas falsas para chegar a conclusións erróneas: “Ningunha das sospeitas vertidas nesta comisión por parte dos grupos da oposición supuxo ningún tipo de ilegalidade a xuízo do Consello de Contas”. E para confirmar esta afirmación utiliza a seguinte cita do sr Aladro: “Si hubiera algún tipo de ilícito penal que se derivara de cualquier fórmula utilizada como forma de malversación o forma de defraudación, hubiese sido remitido por el Consello de Contas a la Fiscalía. Y todo ello sin perjuicio de que todas nuestras actuaciones son remitidas al Tribunal de Cuentas, que evalúa la responsabilidad contable”.

-Varias das persoas comparecentes sinalaron, como resposta a afirmacións ou preguntas claramente orientadas no mesmo sentido polo PP, **que non houbo reparo de legalidade por parte do Consello de Contas**. O propio Ditame do PP recolle a seguinte cita enganosa “Xa foi realizada polo Consello [Unha auditoría sobre os contratos da Covid-19] concluíndo que os expedientes tramitados tiveron a necesaria xustificación do carácter de emerxencia mediante unha memoria destacando que *‘sen reparo de legalidade, incluso poñendo de manifesto que a mecánica seguida era plenamente xustificable debido á situación de normalidade á que había que facer fronte’*”

Podemos afirmar e demostrar que o Consello de Contas si fixo numerosos reparos en canto á tramitación dos contratos menores e dos contratos de emerxencia, que se resumen nos documentos do anexo 1.

4ª Sobre a contratación do Hospital Álvaro Cunqueiro.

O modelo de construción, PFI, elixido pola Xunta do Partido Popular para a construción e concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro supuxo pagar 470 millóns de euros máis do que ía custar o hospital que tiña en marcha o Goberno da Xunta formado por PSdG e BNG, mediante alternativa de obra pública a través da Sociedade Pública de Investimentos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Consello de Contas di literalmente. “*En termos económicos, a alternativa da licitación da obra por unha banda e a licitación de contratos de servizos por outra, é máis eficiente que o contrato de concesión realizado, XA QUE SE PODERÍAN ACADAR RESULTADOS SIMILARES A UN MENOR CUSTO. A diferenza estimada entre o importe da proxección de pagos de ambas alternativas é de 382.234.537 euros (sen IVE) e de 470.469.422 euros (con IVE). Pax 17*

Ao que hai que engadir que:

-Aumentou o perímetro da concesión aos hospitais Meixoeiro e Nicolás Peña para que a concesionaria prestara máis servizos non clínicos e polo tanto máis volume de negocio ao que hai que engadir os servizos comerciais directos: cafetería, aparcamento, tv, perruquería...

-Construíron menos superficie, arredor de 31 mil metros cadrados menos, sen que lle pagara á empresa nin un euro menos, mentres que o informe técnico básico e de execución elaborado polo xefe de servizo de obras e supervisión de proxectos do Sergas cuantifica en 30 millóns de € a minoración de custos.

-Non se lle descontou nin un € pola prestación de servizos en menos metros cadrados e menos camas (comidas, lavandería, limpeza...)

-Non se lle descontaron servizos que se viñan prestando nos outros hospitais e que se manteñen até 2029.

-A transferencia de riscos é máis que cuestionábel. A construción e financiamento tiña que realizarse a costa e ventura da concesionaria. Ampliouse o prazo de construción en 20 meses e buscáronlle financiamento.

O goberno do PSdG-BNG encargou estudos para poder tomar decisións a respecto do Alvaro Cunqueiro, a diferenza do goberno do PP que só se baseou no obxectivo de drenar recursos públicos cara unha UTE na que tiñan moitos intereses destacados





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

militantes do PP: Tomás Perez Vidal, accionista de Puentes, do que foi directivo; Agustín Hernández, Rodrigo Rato, presidente de Bankia que financiou o proxecto, Luis de Guindos alto directivo desde 2008 de Pricewaterhouse, que fixo os informes de viabilidade económico financeiro, escolleu á UTE, polo que recibiu 200 mil euros da Xunta, Telmo Martín, alcalde de Sanxenxo e deputado do PP no Congreso, ao que se lle subcontratou á súa empresa a construción do hospital.

5ª Sobre o abuso na contratación menor e o trato de favor a certas empresas

- Aprecíase un abuso do recurso á contratación menor, convertindo en ordinario un procedemento que polas súas características debe utilizarse de xeito extraordinario e subsidiario. Detectaronse numerosos casos de:

- Fraccionamento indebido do obxecto do contrato
- Vulneración dos límites cuantitativos e temporais

- Constatouse a usencia de planificación na actividade contractual, nomeadamente no que atinxe a provisión de servizos e subministros

- A Xunta de Galiza incumpre reiteradamente coa obriga de licitar en lotes, procedemento que facilitaría a concorrência das Pemes e autónomas e a especialización das ofertas.

- As irregularidades da Xunta de Galiza en materia de contratación pública implican unha xestión ineficaz dos recursos públicos, impiden a mellora na prestación dos servizos que reciben á cidadanía, ao tempo que limitan a transparencia e condicionan o desenvolvemento do tecido socioeconómico galego.

- O abuso por parte da Xunta de Galiza do recurso á contratación discrecional, sen licitación e concorrência tivo claras beneficiarias en empresas con evidentes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vinculacións con cargos e familiares de persoas relacionadas co Partido Popular (grupo Eulen; Allwork Vestuario Laboral; Gallaecia, Patentes y Marcas; Universal Support...)

6ª Sobre a contratación de emerxencia pola COVID-19

Se ben a contratación de emerxencia é un procedemento legal que aparece recollido e regulado na normativa de contratación pública, os informes do Consello de Contas, organismo que non tivo acceso á totalidade dos expedientes, son concluintes na constatación de eivas e irregularidades na utilización dos contratos de emerxencia

“detectáronse diversas incidencias, relacionadas basicamente con deficiencias nalgúnhas memorias xustificativas, falta dun mínimo de concorrncia e comprobación da aptitude e capacidade do adxudicatario, falta nalgúns expedientes dos antecedentes que soportan a adxudicación, falta de publicidade de parte das adxudicacións, ou desfases temporais superiores a un mes entre as datas de licitación e adxudicación dos contratos de emerxencia.

Da documentación parcial á que se puido ter acceso dedúcese o interese da Xunta en seleccionar determinadas empresas en funcións de vínculos familiares directos con altos cargos do PP, como é o caso de Universal Support, principal adxudicataria de contratos de emerxencia da COVID 19 ou MAPE ASESORES, segunda empresa adxudicataria pola contía dos contratos.

7ª Sobre os conflitos de interese

Malia os atrancos que a Xunta e o Grupo Parlamentario do PP puxeron en todo o proceso da comisión de investigación, da análise da documentación podemos constatar os seguintes casos de conflito de interese, pola participación dos seguintes altos cargos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do goberno galego en decisións das que se beneficiaron empresas nas que eran dirixentes persoas da súa contorna familiar

- Contratación con Universal Support (Grupo Konecta): conflito de interese do presidente da Xunta nos anos 2020-2022 polo feito de ser o seu cuñado, Ignacio Cárdenas Botas, directivo do grupo Konecta, que resultou adxudicatario por medio da empresa Universal Support de numerosos contratos de emerxencia aprobados polo Consello da Xunta presidido polo sr Núñez Feijoo.
- Contratación co grupo EULEN: conflito de interese do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo polo feito de ser a súa irmá, Micaela Núñez Feijoo, directora para a zona Noroeste, que inclúe Galiza, do grupo EULEN.
- Contratación co grupo EULEN: conflito de interese da xerente da Área Sanitaria de Santiago, Eloína Núñez, pola súa participación na adxudicación de contratos ao grupo EULEN, no que a súa curmá Micaela núñez Feijoo desempeña o posto de directora para a zona Noroeste, que inclúe Galiza.

CONCLUSIÓNS FINAIS

Conclusión 1ª: O Grupo Parlamentario do PP e o goberno da Xunta desenvolveron unha estratexia planificada para boicotear o traballo da Comisión de investigación, vulnerando os procedementos e os dereitos das deputadas e deputados.

Conclusión 2ª. O Grupo intentou por todos os medios converter a Comisión de investigación sobre a contratación da Xunta no período 2009-2024 nunha comisión de ocultación e de exculpación, obxectivo que non se corresponde coa realidade dos feitos acreditados por numerosos informes do Consello de Contas e mesmo pola escasa información de acceso público.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Conclusión 3ª. Malia a todas as artimañas e atrancos do Grupo Popular e da Xunta, existen probas abundantes e irrefutables das irregularidades e ilegalidades na contratación da Xunta no período 2009-2023. Os vetos de comparecencias e o boicot ao acceso á documentación aconsellan a ampliación da investigación iniciada e a realización de auditorías específicas sobre a relación da Xunta con determinadas empresas. O acceso á documentación que oculta á Xunta resulta determinante para poder concluír os traballos iniciados nesta comisión. Por este motivo resulta necesario retrotraer os traballos da comisión de investigación, procedendo á ampliación do Plan de Traballo, incluíndo no mesmo a solicitude de documentación e novas comparecencias, a fin de que se axuste ao obxecto e obxectivos que deron lugar á creación da Comisión.

Conclusión 4ª. O abuso e as ilegalidades comprobadas na contratación menor xera un ecosistema que beneficia a un grupo determinado e limitado de empresas, que logran drenar por esta vía centos de millóns de euros da administración autonómica galega. En moitos dos casos analizados púidose constatar que se trata de empresas con vínculos familiares e con relacións privilexiadas con dirixentes da Xunta e do PP. Este *modus operandi*, que resulta beneficioso para un grupo reducido de empresas, prexudica gravemente a moitas pequenas e medianas empresas galegas, pola vulneración dos principios básicos de contratación, como a transparencia, a concorrência ou a non discriminación e igualdade de trato dos operadores económicos.

Conclusión 5ª. A construción e concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro é un exemplo claro do asalto do neoliberalismo aos servizos públicos, de saqueo aos orzamentos públicos para engordar a conta de resultados de fondos de investimentos internacionais e de determinadas empresas privadas que teñen conexións con altos cargos do PP.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARTE QUINTA. PROPOSTA DE MEDIDAS A GARANTIR O FUNCIONAMENTO DEMOCRÁTICO, A TRANSPARENCIA, O LABOR DE CONTROL DO PARLAMENTO, A PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN, A REGULACIÓN DOS CONFLITOS DE INTERESE E MELLORAR A CONTRATACIÓN PÚBLICA

5.1. Relacionadas coa transparencia e o acceso á información:

- Cumprimento rigoroso da normativa sobre a publicidade das contratacións, realizándose en formato que permita a consulta da documentación do expediente e a explotación dos datos.

-En relación co disposto no artigo 9 do Regulamento do Parlamento, impulso dunha modificación normativa para que, no caso de incumprimento dos prazos e obrigas de acceso directo á información, este feito sexa avaliado pola Mesa do Parlamento e pola Xunta de Portavoces e dea lugar a unha comparecencia monográfica no Pleno do Parlamento sobre a materia, e á determinación de responsabilidades en caso de obstrucionismo ao labor parlamentario.

5.2. Referentes á contratación pública da administración autonómica.

-Reducir o emprego da contratación menor a situacións excepcionais, motivando expresamente a referida excepcionalidade no informe ou memoria da necesidade do contrato e procurando a existencia dunha mínima concorrência.

-Planificar a actividade contractual identificando tanto as necesidades recorrentes como aquelas que as de prestación por tempo superior ao ano, evitando a fragmentación e a indebida utilización da contratación menor, utilizando outras modalidades ou sistemas de contratación legalmente establecidos e que garanten a transparencia, publicidade e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concorrenza na licitación, e unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos recursos públicos.

-Desenvolvemento de plans de continxencia destinados a evitar situacións de carencia de produtos e equipamentos esenciais. Sen prexuízo de que a normativa reguladora non exixa a formación do correspondente expediente, na contratación de emerxencia, sempre que sexa posíbel, deberá constar a acreditación da capacidade e solvencia das adxudicatarias, así como da solicitude de diferentes orzamentos e, no seu caso, da documentación relativa ás negociacións realizadas.

5.3. Referentes á creación de mecanismos de loita contra a corrupción

Na súa comparecencia o conselleiro maior do Consello de Contas aclarou as función do Consello de Contas en relación coa prevención da corrupción: *“Desde o ano 2015 o Consello asumiu a función de prevención de corrupción, que comprende tanto a colaboración coas administracións na elaboración de instrumentos de prevención de corrupción, como a comprobación dos sistemas que se poñen en marcha, o asesoramento sobre os instrumentos normativos ou de fomento da sociedade civil e no comportamento ético nas súas relacións co sector público.*

O enfoque preventivo do modelo elixido deixa fóra as funcións de investigación ou de represión da corrupción, máis propias de oficinas antifraude”.

Tendo en conta as limitacións do actual sistema, propónse unha modificación normativa nas seguintes materias

- a) O desenvolvemento dun sistema eficaz de prevención de riscos de corrupción mediante a creación dunha Oficina Antifraude e de Prevención da Corrupción equiparable á existente noutras comunidades.
- b) Unha regulamentación clara e concreta dos conflitos de interese.

Finalmente, propónse dar traslado do presente voto particular ao Consello de Contas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANEXO 1. CONSIDERACIÓNS SOBRE A CONTRATACIÓN MENOR NOS INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS

INFORME DE FISCALIZACIÓN DA EXECUCIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERGAS. EXERCICIOS 2012 A 2017 (1642018-03). APROBADO EN SESIÓN DO PLENO DE DATA DE 16 DE XULLO DE 2021.

III. OPINIÓN

Agás pola excepción que se pon de manifesto a continuación, a execución dos contratos analizados cumpre en todos os seus aspectos significativos coa normativa aplicable.

- Máis alá da duración máxima permitida pola normativa (vixencia inicial, prórrogas contractuais e prórrogas por razóns de interese público) continuouse coa execución da prestación sen soporte contractual no 59% dos expedientes revisados, o que supuxo un 29% do importe total da mostra analizada, como se detalla no apartado V.3. PROLONGACIÓN “DE FACTO” DA PRESTACIÓN.

Sen que afecte á opinión manifestada, cabe destacar os seguintes aspectos relativos á execución dos contratos:

- Emprégase de forma sistemática a prórroga por razóns de interese público, cando esta debe de ter un carácter excepcional.*
- As modificacións contractuais non están suficientemente motivadas nos expedientes e, en ocasións, son de tal entidade que poderían cualificarse como prestacións substancialmente diferentes das orixinais e, por tanto, poderían ser obxecto de contratación independente.*
- A figura do responsable do contrato ten unha presenza residual no control da execución da prestación contratada*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

INFORME DE FISCALIZACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E DA CONTRATACIÓN MENOR DAS ENTIDADES INSTRUMENTAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA [1632018-02] APROBADO EN SESIÓN DO PLENO DE DATA DE 28 DE DECEMBRO DE 2023.

10.12.2. Representatividade da contratación menor nas entidades incluídas na mostraxe

Os contratos menores supuxeron o 95% do número total de contratos adxudicados polas entidades instrumentais e o 16% do importe total das prestacións contratadas no exercicio.

A relevancia da adxudicación directa fronte outros procedementos constitúe un indicador que alerta sobre o risco de utilización abusiva da contratación menor; mais non se pode considerar este indicio de forma illada, xa que nalgúns entidades pode responder ao escaso volume da contratación que tramita a entidade.

...

10.13. O importe adxudicado a través de contratos menores incrementouse, en termos absolutos, nos exercicios posteriores á entrada en vigor da LCSP (período 2018-2022).

A incorporación expresa na LCSP da obriga de planificación da actividade contractual (artigo 28.4), así como a introdución de procedementos alternativos para tramitar contratos de escasa contía, deberían limitar a utilización do contrato menor ás adxudicacións de prestacións que non teñan carácter recorrente e que respondan a situacións extraordinarias

A adxudicación directa incrementouse, en termos absolutos, nos catro exercicios posteriores á entrada en vigor da Lei. No 2019 aumentou un 33% e pasou a representar o 20% da totalidade da contratación fronte o 15% do ano anterior. No 2020 obsérvase





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha diminución con respecto ao exercicio anterior que se volve a incrementar nos anos seguintes. En termos relativos, o peso da contratación menor diminuíu ata o 15% e o 13% no 2021 e 2022, respectivamente, debido ao incremento do volume total da contratación.

Centrándonos nas entidades incluídas na mostraxe, cómpre resaltar que hai entidades nas que se observa unha tendencia decrecente na utilización contratación menor (AXI, PORTOS, CTC ou CRTVG) mentres que noutras chama a atención o importante incremento. É o caso de ATURGA ou XACOBEO, particularmente nos exercicios 2021 e 2022, pero o caso máis chamativo é o do CGSIB que pasou de 700,6 miles de euros adxudicados no exercicio 2018 a 15,9 millóns no 2019. No 2020 diminuíu ata os 10 millóns incrementándose no 2021 e 2022 ata os 11,90 e 11,58 millóns, respectivamente.

10.17. Evidenciouse a utilización irregular da contratación menor para atender necesidades recorrentes que deberon ser planificadas e licitadas a través doutros procedementos.

Da análise efectuada sobre os contratos incluídos na mostraxe, así como da revisión da base de datos do rexistro de contratos, detectouse que o 46% das entidades adxudicaron contratos menores ao longo do exercicio, ao mesmo ou a distintos adxudicatarios, para atender necesidades que se reiteran anualmente porque son inherentes ao desenvolvemento das competencias que teñen atribuídas. No anexo XVI detállanse as entidades e contratos nos que se verificou esta circunstancia.

Destacan pola súa contía as obras nas zonas portuarias de Portos de Galicia; os servizos de consultoría en materia de estradas na AXI; as obras de reparación do parque de vivendas do IGVS; os cursos de formación na AGASP; servizos de impresión no ISSGA; servizos de dirección de obras e actuacións de mellora en AUGAS ou a execución dos traballos de limpeza e prevención de incendios encomendados a SEAGA.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta práctica evidencia o incumprimento da obriga de planificación prevista no artigo 28 da LCSP e das regras do cálculo do valor estimado dos contratos. En particular, non se tivo en conta a previsión do artigo 101 no seu apartado 1046 referida aos contratos de subministracións e servizos que teñan un carácter de periodicidade e, no seu caso, a opción contemplada no apartado 1247 do mesmo artigo.

Asemade, é doutrina consolidada a través dos pronunciamentos das Institucións de Control Externo, dos órganos consultivos de contratación, así como da OIResCon, que non poden ser obxecto dun contrato menor prestacións que teñan carácter recorrente, de forma que, ano tras ano, respondan a unha mesma necesidade para a entidade contratante, cando poida planificarse a súa contratación e tramitarse polos procedementos ordinarios.

Neste sentido, a LCSP ofrece distintas alternativas. A disposición adicional trixésima terceira prevé unha solución específica para os servizos e subministracións nos que o número total de entregas ou prestacións incluídas no obxecto do contrato non se poidan definir con exactitude ao principio do exercicio por estar subordinadas estas ás necesidades da Administración.

No caso das obras que se realizan en distintas localizacións xeográficas (exemplo: obras de Portos de Galicia en distintas zonas portuarias) ou que afectan a distintos inmobles (exemplo: reparacións de vivendas de protección do IGVS), resultaría máis axeitado a tramitación dun procedemento aberto por lotes, nos casos de adxudicación simultánea, ou a celebración dun acordo marco, en caso contrario.

Cando se trate de contratos que non conteñan prestacións de carácter intelectual e nos que o valor estimado, calculando a totalidade dos que se prevén realizar no exercicio, non exceda de 80.000 euros (obras) ou 60.000 euros (subministracións e servizos) a alternativa máis áxil é o procedemento aberto simplificado abreviado previsto no artigo 159.6 da LCSP





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

10.19. Evidenciouse a adxudicación separada, mediante contratos menores, de prestacións entre as que existía un vínculo operativo que esixiría a súa licitación conxunta a través doutros procedementos.

Como resultado da revisión efectuada detectouse a tramitación de dous ou máis contratos menores con obxecto idéntico ou similar que se adxudicaron ao mesmo ou a distintos contratistas.

Analizouse a documentación deses expedientes para comprobar se concorrián os elementos que permitisen considerar esa actuación como un fraccionamento indebido do obxecto do contrato. Verificouse a concorrencia das seguintes circunstancias que permiten cualificar eses supostos de fraccionamento ilícito:

- A existencia dunha unidade operativa ou funcional, porque o obxecto dos contratos que se tramitaron de forma independente son inseparables para o logro dunha mesma finalidade ou resultan imprescindibles para o correcto funcionamento do que se pretende conseguir mediante a celebración do contrato.*
- O importe acumulado dos contratos que se tramitaron de forma independente excedía o límite cuantitativo que permite utilizar o contrato menor; polo que deberon adxudicarse a través doutros procedemento que garantisen os principios reitores da contratación.*
- O coñecemento polos órganos xestores da necesidade de celebrar a totalidade deses contratos para conseguir a finalidade que se pretende. Isto fíxose evidente nos supostos detectados en ATURGA, xa que constaban documentos (acordo de inicio ou unha memoria para tramitar a autorización e disposición do gasto) no que se mencionaban as distintas prestacións que resultaban necesarias para a consecución da finalidade. A aprobación do gasto efectuouse o mesmo día, incluía o importe total das prestacións e indicábase o orzamento da actuación incluíndo os distintos contratos menores.*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A proximidade ou identidade das datas nas que se tramitaron os ditos contratos, coa excepción dos supostos de redacción de proxectos nos que se advertiu maior distancia no tempo pola propia natureza da prestación.

Asemade, detectáronse outros supostos de contratación independente de determinadas prestacións que responden a unha mesma finalidade (organización dun determinado evento) nos que resulta máis controvertida a cualificación como fraccionamento indebido atendendo a determinados pronunciamentos doutrinais⁵¹. Independentemente da consideración ou non como fraccionamento, cando se trata dunha actividade que se vai desenvolver de forma planificada e coñecendo dende o inicio as prestacións que se precisan para cubrir a necesidade e o seu importe, resulta máis adecuada a contratación a través dun procedemento aberto mediante lotes que garanta os principios de publicidade, concorrência, transparencia e igualdade de trato.

No anexo XIX identifícanse os expedientes nos que se detectou o fraccionamento. Corresponden a 4 entidades (15% da mostraxe), evidenciándose, particularmente, na Axencia de Turismo de Galicia. O importe acumulado dos contratos menores afectados por este incumprimento ascende a 858.193 euros (6% do importe da mostraxe)⁵².

10.20. Evidenciouse a prestación continuada de servizos co mesmo obxecto e co mesmo contratista polo menos durante dous exercicios, incumprindo o límite de duración temporal dos contratos menores e as regras do cálculo do valor estimado.

O artigo 29.8 da LCSP establece que os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano ni ser obxecto de prórroga.

No 65% das entidades analizadas detectouse que se utilizou a contratación menor para atender unha necesidade continuada no tempo, vulnerando o límite temporal dun ano previsto na normativa. Este incumprimento verificouse fundamentalmente en contratos menores de servizos (maioritariamente de limpeza, mantemento ou asesoramento) que se reiteraron nos exercicios 2018 e 2019 e foron adxudicados ao mesmo contratista. Da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

revisión da base de datos do rexistro de Contratos do SPA constatouse que 44 terceiros continuaron facturando polo mesmo concepto a través de contratación menor nos exercicios 2020, 2021 e mesmo no 2022. Esta incidencia evidenciouse en 51 contratos que supoñen un importe global de 870.588 euros no exercicio 2018, ascendendo a 4 millóns de euros a contía acumulada no período 2018-2022. No anexo XVIII relaciónanse as entidades e contratos nos que concorreu esta circunstancia ofrecendo o importe global facturado polas empresas en cada un dos exercicios.

Con carácter xeral, o importe global facturado anualmente non excede o límite da contratación menor pero si o superou tendo en conta a suma dos importes facturados en todos os exercicios. Tratándose dunha necesidade continuada no tempo debeuse ter en conta o carácter permanente da necesidade e calcular o valor estimado do contrato atendendo á duración total prevista, o que excluíría a posibilidade de utilizar o contrato menor porque se supera a contía e porque non admite prórroga.

10.22. A solicitude de tres ofertas foi excepcional, os contratos menores adxudicáronse directamente sen efectuar unha mínima comparación de prezos e ofertas.

Dende o ano 2016, a solicitude ou consulta de máis dunha oferta non é unha esixencia legal na Comunidade Autónoma galega⁵⁷ e a LCSP prevé que os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

En 172 contratos (21%)⁵⁸ solicitáronse 3 ofertas. Hai unha entidade (CIXTEC) na que se cumpriu esta circunstancia en todos os contratos analizados, agás aqueles nos que só se podían prestar por un único empresario. RETEGAL asumiu a obriga de solicitar 3 ofertas para calquera contrato menor por importe superior a 6.599,99 € (sen IVE), sempre que sexa posible e CRTVG conta cun repertorio normativo de procedementos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*soporte e contratación que regula a esixencia de petición de ofertas en función de distintos limiares económicos*⁵⁹.

Aínda que non resulte obrigatorio coa normativa vixente, no mesmo sentido no que se manifestou a OIREscon, considérase que a solicitude de tres orzamentos constitúe unha medida antifraude e de loita contra a corrupción⁶⁰ ademais de favorecer a eficiencia coa consecución de mellores prezos. Cómpre sinalar que algunhas entidades solicitan 3 ofertas cando se trata de actuacións financiadas con fondos europeos porque as directrices dos proxectos financiados con eses fondos requiren o seu cumprimento. Porén resulta conveniente xeneralizar esta medida en todos os contratos independentemente do seu financiamento.

10.23. Con carácter xeral as entidades instrumentais cumpren coa obriga de publicar os contratos menores, mais observáronse restricións no acceso á información debido ás limitacións na explotación de datos que responden á configuración da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

A LCSP estableceu a obriga de publicar no perfil de contratante, cando menos trimestralmente, a información sobre os contratos menores, exceptuando aqueles de valor estimado inferior a 5.000 euros que se tramiten mediante anticipos de caixa fixa ou sistema similar (artigo 63.4). Esta obriga xa se recollía na Lei de transparencia e bo goberno de Galicia (vixente dende o 2016) polo que a publicación resultaba esixible con anterioridade á entrada en vigor da LCSP.

As entidades analizadas cumpren, con carácter xeral, coa obriga de publicar na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia a partir da entrada en vigor da LCSP. Soamente hai unha entidade (Xenética Fontao S.A.) que non publica ningunha información sobre a contratación menor.

A respecto dos datos que se publican, cumpren co contido mínimo esixido pola LCSP: obxecto, duración, importe de adxudicación e adxudicatario. Porén, naqueles casos nos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que se solicitaron 3 ofertas, non se ofrece información sobre o número de licitadores participantes, tal como esixe a Lei de Transparencia de Galicia.

Se ben se constatou un alto grado de cumprimento da obriga de publicación dos contratos menores, existen limitacións no acceso á información que non se poden atribuír ás entidades analizadas, porque responden á forma na que se incorporan os datos na Plataforma de Contratos. Son as seguintes:

- O filtro de busca que se atopa na páxina de inicio da Plataforma de Contratos (por licitacións e órgano de contratación) non ofrece resultados sobre os contratos menores. Para localizar os datos publicados hai que acudir á pestana de perfil do contratante de cada entidade, situada na cinta superior da portada da Plataforma, ou ben a través do Portal de Transparencia (transparencia.xunta.gal). Esta incidencia, que xa foi advertida noutras actuacións do Consello de Contas, indicouse tamén pola OIReSCon nos seus informes.

- Os contratos menores publicanse acoutados por bloques trimestrais e non resulta posible modificar a selección de datas. Para coñecer a contratación menor dunha entidade nun exercicio hai que facer varias buscas por trimestre sen que se poida obter unha relación completa dos contratos adxudicados durante un ano.

Os contratos pódense ordenar pola identidade do adxudicatario, como esixe a LCSP, pero non se pode filtrar a información dun terceiro en concreto.

- Non resulta posible exportar a información, porque non se cumpre a obriga de publicar en formato aberto e reutilizable tal como dispón a LCSP (artigo 63.1) e a LTBG (artigos 2 g) e 6.4).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

CONCLUSIÓNS

En relación coa contratación menor

6.12. *A información sobre a contratación menor que consta no Rexistro de Contratos do Sector Público Autonómico presenta incorreccións que afectan á calidade do dato e limitan á súa explotación e tratamento.*

6.13. *No exercicio 2018 as entidades instrumentais do sector público autonómico adxudicaron contratos menores por un importe global aproximado de 51,12 millóns de euros, que representou o 16% da contía total adxudicada nese exercicio.*

6.14. *Os contratos menores de servizos foron os de maior importancia cuantitativa. Representaron o 63% do importe total da contratación menor adxudicada no exercicio 2018. Da revisión dos expedientes incluídos na mostraxe extraéronse as seguintes conclusións que se sistematizan a continuación en atención aos obxectivos da fiscalización.*

Sobre a evolución da contratación menor no período posterior á LCSP

6.15. *O importe adxudicado a través de contratos menores incrementouse, en termos absolutos, nos exercicios posteriores á entrada en vigor da LCSP (período 2018-2022). Isto pon de manifesto que tras a promulgación da LCSP non se reduciu a utilización da contratación menor para situacións extraordinarias e que non se utilizaron os procedementos alternativos previstos na Lei para axilizar as contratacións de menor contía (aberto supersimplificado ou sistemas dinámicos de adquisición)*

Sobre a motivación da necesidade do contrato

6.16. *Todas as entidades, agás unha, cumpriron coa obriga de incorporar un informe no que se motivou a necesidade de celebración do contrato, pero non se xustificou a excepcionalidade da contratación menor amparando a súa utilización, con carácter xeral, por razón de contía.*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A invocación xeneralizada da contía como causa para utilizar a contratación menor evidencia que nas prestacións que non superan os límites cuantitativos non se está dando preferencia a outros procedementos máis respectuosos cos principios da contratación. Desta forma, convértese en ordinaria unha forma de tramitación que a lei prevé como excepcional.

Sobre o cumprimento dos límites cuantitativos

6.17. Con carácter xeral, as entidades respectaron o límite cuantitativo previsto no artigo 118.1 da LCSP considerados os contratos de maneira individual. Detectouse o incumprimento de límites en 14 contratos que suman un importe global de 455.027 euros (3% da mostraxe). O exceso do límite legal é mínimo (1 céntimo de euro) en 3 contratos pero en 11 superouse claramente.

Sobre o cumprimento do límite temporal

6.18. No 65% das entidades detectouse a superación do límite temporal dun ano mediante a prestación continuada de servizos que responden a unha necesidade permanente co mesmo obxecto e co mesmo contratista. Esta incidencia evidenciouse en 51 contratos que supoñen un importe global de 870.588 euros (6% da mostraxe) no exercicio 2018, ascendendo a 4 millóns de euros a contía acumulada por eses contratos no período 2018-2022.

Sobre o cumprimento da obriga de planificar as contratacións

6.19. No 46% das entidades (12) detectouse a utilización da contratación menor para contratar prestacións que responden a necesidades recorrentes que se reiteran anualmente e cuxo importe, calculado de forma acumulada, excedía o límite que permite adxudicar de forma directa. Isto evidenciou un incumprimento da obriga de planificar a actividade contractual e das regras de cálculo do valor estimado dos contratos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6.20. No 15% das entidades (4) detectáronse supostos de fraccionamento indebido do obxecto do contrato. Adxudicáronse de forma separada, mediante contratos menores, prestacións entre as que existía un vínculo operativo que esixía a súa licitación conxunta a través doutros procedementos. Este incumprimento evidenciouse en 62 contratos cuxo importe acumulado ascende a 858.193 euros (6% da mostraxe).

6.21. No 23% das entidades (6) detectouse a utilización irregular de contratos menores como contratos-ponte para garantir a continuidade dun servizo mentres non se resolvía a licitación a través doutros procedementos. O importe total deses contratos no exercicio 2018 ascendeu a 210.991 euros (2% da mostraxe). En dúas entidades verificouse unha prolongación no tempo da situación de transitoriedade que se trataba de solventar e concatenáronse varios contratos menores que acadaron un importe acumulado de 3.565.874 euros nun caso e 129.078 euros noutro.

Sobre a solicitude de ofertas para promover unha mínima concorrência

6.22. A solicitude de tres ofertas foi excepcional. Con carácter xeral, os contratos revisados adxudicáronse directamente sen efectuar unha mínima comparación de prezos e ofertas. Fóra daqueles casos nos que non resulta posible promover concorrência, se non se xustifica por que se elixe ese adxudicatario e non se contrastan outras opcións, ademais de perxudicar a consecución dun mellor prezo, constitúe un factor de risco para favorecer a unha determinada empresa.

Sobre o cumprimento da obriga de publicar os contratos menores

6.23. As entidades instrumentais, agás unha, cumpren coa obriga de publicar os contratos menores, mais observáronse restricións no acceso á información debido ás limitacións na explotación de datos que responden á configuración da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

INFORME DE FISCALIZACIÓN DA CONTA XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA EXERCICIO 2022 (1602023-01) APROBADO NA SESIÓN DO PLENO DE DATA DE 29 DE ABRIL DE 2024.

TRANSPARENCIA NA INFORMACIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

No que respecta aos contratos menores, existen debilidades na posta a disposición do acceso á información, que só permite a consulta trimestre a trimestre (limitada aos últimos cinco anos) e por órgano de contratación, o que impide unha explotación adecuada dos datos ofrecidos.

1) No exercicio 2022 o gasto total realizado nestes capítulos na actividade contractual acadou un volume de 643,60 millóns de euros. Dese importe, o 18,8% corresponde a contratos menores, incluídos os gastos menores, contratación directa, e procedemento negociado sen publicidade que non se derive dun acordo marco, é dicir, realizado sen ter tramitado previamente un procedemento en competencia de licitadores.

INFORME DE FISCALIZACIÓN DA CONTA XERAL DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE EXERCICIO 2022 (1802023-01) APROBADO NA SESIÓN DO PLENO DE DATA DE 29 DE ABRIL DE 2024

CONCLUSIÓNS SOBRE A PRESTACIÓN DE SERVIZOS SANITARIOS CON MEDIOS ALLEOS

57. No ano 2022 o Sergas segue a xestionar determinados servizos nos que non se emprega ningunha fórmula contractual, senón que se recorre de forma reiterada ás autorizacións de uso. Esta figura, que ten a súa orixe na lexislación sanitaria, carece de sustento para ser utilizada con esta finalidade e vulnera os principios esenciais da contratación pública (publicidade, concorrència, transparencia, etc.).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, debe engadirse a existencia dun volume considerable de gasto amparado en documentos contables ADOK que responderían a contratos menores. Porén, pola súa dimensión económica e reiteración, non poderían ter a dita cobertura, tratándose polo tanto de gasto orixinado de forma allea ao marco normativo en vigor.

58. Os contratos en vigor, anteriores á vixencia da LCSP, nacen de procedementos negociados cuxa xustificación non ten amparo nun criterio de natureza contractual que conclúa a imposibilidade de promover concorrência na oferta, senón que se apoian no sistema de planificación e ordenación dos servizos asistenciais do organismo autónomo. Esta ausencia de concorrência limita o proceso de licitación aos termos acordados polas partes nun procedemento negociado.

4. En canto á información relativa a contratación, Galaria, ADOS e ACIS inclúen a información ou ben de xeito directo ou ben mediante un enlace específico aos procesos de licitación. Respecto dos contratos menores non se ofrece información específica na web das entidades, senón que hai que acudir ao buscador de contratos menores no Portal de transparencia da Xunta o que dificulta o seu acceso. (páxina 119)

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DAS ENTIDADES INSTRUMENTAIS AUTONÓMICAS EJERCICIO 2022 [1902023-01] APROBADO NA SESIÓN DO PLENO DE DATA DE 29 DE ABRIL DE 2024

IV.4. TRANSPARENCIA DA INFORMACIÓN FINANCIERA

H) Falta de información sobre aspectos económicos e de xestión básicos

4.76. Información sobre o cumprimento da lexislación de contratos do sector público. As entidades sometidas ao PXCPG están obrigadas a ofrecer información sobre a contratación administrativa do exercicio, pero algunhas entidades non ofrecen esta información e nas que se inclúe este apartado, ofrecen información heteroxénea que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

difire en contido e alcance. Por outra banda, as fundacións e sociedades mercantís non ofrecen ningunha información sobre esta cuestión a pesar da súa consideración como poderes adxudicadores a efectos do TRLCSP.

INFORME DE FISCALIZACIÓN DO IMPACTO DA PANDEMIA COVID-19 NO ÁMBITO DA CONTRATACIÓN DO SERGAS [1802021-01] APROBADO NA SESIÓN DO PLENO DE DATA DE 27 DE XULLO DE 2023

CONCLUSIÓN

Procedementos contractuais para facer fronte ás necesidades da COVID-19

17. No período de marzo de 2020 a maio de 2021 a práctica totalidade dos procedementos contractuais para atender o impacto da COVID-19 foron tramitados por vía de emerxencia. Totalizan 148 expedientes que, a nivel de importe, concéntrase nun 47% nos SSCC do Sergas, estando distribuídos os restantes, de xeito moi desigual, entre as distintas áreas sanitarias.

18. A fiscalización abrangue os expedientes tramitados polos SSCC e os das áreas sanitarias da Coruña, de Santiago e de Vigo, representando o 71% do número total de expedientes e o 74% dos importes inicialmente estimados para o Sergas.

Xustificación da tramitación de emerxencia

21. Nas memorias dos SSCC non se pon de manifesto o procedemento a seguir, entendéndose, polo manifestado e pola mecánica seguida, que en todo caso son adquisicións realizadas de xeito directo e por contratación verbal, sustentándoas materialmente en pedidos ou ordes de compra xerados pola aplicación informática de xestión. É entendible a utilización deste procedemento nos primeiros momentos, dada as difíciles circunstancias en que se tiñan que xestionar os procedementos. Porén, coa normalización dos mercados bótase en falta a utilización de procedementos, incluso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dentro da vía de emerxencia, máis respectuosos cos principios que inspiran a contratación do sector público (certa publicidade, concorrência competitiva, elaboración de pregos ou fichas técnicas, etc.) e que non suporían retrasar indebidamente a satisfacción das necesidades.

23. Os expedientes da A.S. da Coruña comprenden un conglomerado pouco homoxéneo de adquisicións de material diverso, obras menores, reparacións, etc., chegando a implicar algún deles máis de 10 aplicacións orzamentarias distintas. Nalgúns casos non queda suficientemente razoado a súa vinculación directa coa protección das persoas e, polo tanto, a elección da vía de emerxencia, á marxe de que, en varios supostos, as compras son de escasa contía e poderían realizarse pola vía do contrato menor sen maior prexuízo.

Antecedentes relativos á preparación, adxudicación e formalización dos contratos e aspectos de boa xestión

28. Nos SSCC, nos supostos de subministracións de equipos e outro material sanitario inventariable, os expedientes cumpren con case todos os requisitos dunha tramitación normal (agás a publicidade), incluídos a solicitude de ofertas, informes técnicos, resolución de adxudicación, formalización de contratos e a constitución de garantías, estando acreditada claramente a capacidade. Nos restantes, relativos a subministracións de funxibles, non consta documentación relativa a antecedentes previos (peticións de ofertas, orzamentos, propostas de subministradores, acreditación de solvencia, etc.), non se dita ningún acto administrativo que soporte as adxudicacións nin se formaliza ningún contrato posteriormente.

29. Salvo excepcións puntuais, na A.S. da Coruña non se deixa constancia nos expedientes dos antecedentes que soportan as adxudicacións, máis alá da relación de pedidos ou ordes de compra realizados que acompaña a memoria, se ben comprende o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

extracto, por aplicacións orzamentarias, dos materiais e terceiros, así como os importes. Nos correspondentes á prestación de servizos carécese de elementos de xuízo que permitan coñecer o contido e cuantificación económica das prestacións.

30. Na A.S. de Santiago, os expedientes tramitados en 2020 contan con detalle informativo suficiente para a súa análise, en tanto que para os tramitados en 2021 non constan antecedentes de ningún tipo.

31. No relativo aos expedientes de emerxencia da A.S. de Vigo, non constan antecedentes que permitan analizar os aspectos relativos a este apartado. Á memoria xúntase unha relación de pedidos xa efectuados co detalle de adxudicatarios e importes. No caso das contratacións de servizos as memorias non indican ningún criterio que permita coñecer o procedemento seguido para a cuantificación e valoración das prestacións.

Publicidade da adxudicación

33. A tramitación de emerxencia non exime de dar publicidade ás adxudicacións dos contratos no perfil do contratante. Salvo nos expedientes de SSCC relativos á adquisición de equipamento médico e outro material inventariable, cuxas adxudicacións si figuran detalladas no devandito perfil, nos restantes expedientes incúmrese a dita obriga. Nos SSCC publicouse, nunha páxina web “ad hoc” relativa ao coronavirus, unha especie de fichas de execución dos contratos, así como unha resolución da Dirección Xeral de Recursos Económicos relativa a algúns contratos financiados con fondos Feder, sen que as ditas publicacións poidan suplir o disposto na normativa.

Execución dos contratos

36. Non existe constancia, no listado do Rexistro de Contratos, dos expedientes de emerxencia tramitados polas áreas sanitarias. Neste caso, salvo excepcións, as compras efectúanse antes da declaración de emerxencia e sen ningunha planificación, constando unha enorme cantidade de pedidos (en varios supostos ata 20 pedidos do mesmo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

produto na mesma data), ao parecer, coa finalidade de fragmentar a contía e tomalo como un contrato menor.

37. Na A.S. de Santiago, paradoxicamente a de maior volume de gasto, todas as adquisicións relativas ao capítulo II dentro do proxecto de gasto COVID-19 efectuáronse, en 2020, mediante pedidos directos a provedores non amparados en ningún expediente de emerxencia, coa conseguinte vulneración normativa en moitas das adquisicións e servizos contratados.

38. Tan só nos SSCC a contabilidade orzamentaria permite facer un seguimento da execución contable, se ben se observan diferenzas entre esta información e a que consta na relación do Rexistro de Contratos e na publicada no portal do coronavirus.

39. Da mostra de documentos contables levada a cabo nas áreas sanitarias detectouse, na da Coruña, a inclusión como gasto do proxecto COVID-19 de compras realizadas con bastante anterioridade á declaración da pandemia e do estado de alarma. Así mesmo, en todas elas obsérvase a existencia de gastos xa adquiridos e executados en 2020 para a súa imputación orzamentaria en 2021, coa conseguinte alteración contable do gasto real.

Santiago de Compostela, 31 de decembro de 2024

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 31/12/2024 12:32:18



Á Mesa da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu portavoz, e dos deputados e deputadas membros da Comisión, segundo o previsto no artigo 18 das normas de funcionamento, achega o seguinte **VOTO PARTICULAR**, en relación coas emendas rexeitadas formuladas polo Grupo dos Socialistas de Galicia, para a súa defensa en Pleno e para a súa incorporación, se é o caso, ao ditame aprobado na sesión desta Comisión o día 27 de decembro de 2024, (que inclúe a emenda do GPP que ampliaba e pormenorizada as conclusións con citas textuais de comparecentes e documentación)

VOTO PARTICULAR ÚNICO

Primeiro.- O proxecto de ditame presentado pola Ponencia e finalmente aprobado pola Comisión contén sólidas e irrefutables conclusións derivadas da documentación achegada e das distintas comparecencias desenvolvidas.

Non resulta procedente, en consecuencia, a pretensión de trasladar o debate ao momento da aprobación do Plan de Traballo o que desminte as reiteradas referencias por parte dalgúns grupos ao presunto veto de comparecencias e de documentación. Cómpre insistir en que sobre esta cuestión pronunciáronse unanimemente a totalidade dos Letrados do Parlamento de Galicia:

“O dereito a solicitar a creación dunha comisión de investigación, de conformidade co disposto no artigo 52.1 bis RPG, esgótase co seu exercicio. O seu funcionamento e os seus acordos acomodaranse ás disposicións que, con carácter xeral, se recollen no Regulamento do Parlamento para as demais comisións, sen prexuízo das especialidades contempladas no artigo 52 RPG para as comisións de



investigación. Polo tanto, os deputados e as deputadas solicitantes non se convierten en deputados ou deputadas de mellor condición que as restantes deputadas e deputados que formen parte da comisión creada simplemente porque foron os promotores do seu nacemento ... unha vez creada a comisión de investigación, tanto as normas de funcionamento como o plan de traballo e os outros acordos que deban tomarse, sométense ao principio democrático de adopción de acordos por maioría, de conformidade co recollido no artigo 84.1 do RPG.”

Adicionalmente cómpre lembrar que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego como o Grupo dos Socialistas de Galicia no que respecta ás solicitudes de comparecencia, negáronse a aceptar a proposta de transacción formulada polo Grupo Popular e, en consecuencia, a realizar incorporacións das súas propostas ao Plan de Traballo aprobado, afirmación incompatible cunha suposta imposición.

Polo tanto rexeitamos a utilización do termo “veto” para referirse ao lexítimo exercicio do principio de maioría que rexe a adopción dos acordos, como elemental principio democrático.

Segundo.- En relación coa documentación aportada á Comisión en virtude do Plan de Traballo aprobado sinalar que a mesma foi achegada en tempo e forma e de xeito completo.

Os grupos do BNG e do PSdG afirmaron que se ocultou información no debate previo á votación do proxecto de ditame elaborado pola Ponencia designada pola Comisión. Así, en relación a elección do modelo de colaboración público-privado asegurouse:

“Persisten en que o Goberno de coalición do Partido Socialista e BNG tiña tomada a decisión de facer, de construír o Álvaro Cunqueiro polo mecanismo dunha empresa mixta, cando non hai ningunha documentación que diga iso ... Entón non é certo que non houbese nada feito. En menos de catro anos, fíxose toda esta tramitación, que sabemos que leva moito tempo e só quedaba pendente a licitación e, polo tanto, o modelo de construción escollido polo Partido Popular, que pasar un modelo de colaboración público



privada, que o que significou, supuxo un maior custo, pagar moito máis por un hospital e que ademais ese hospital sexa propiedade da empresa concesionaria da UTE concesionaria ata o 2035 en que se acabe de pagar”

Na documentación aportada en virtude do Plan de Traballo aprobado pola Comisión e tamén a través das declaracións de varios dos comparecentes (nomeadamente do Sr. Fernández Rancaño) acreditouse que o goberno bipartito tiña decidido construír o novo hospital de Vigo a través dunha empresa mixta. En concreto corrobora este extremo a seguinte documentación aportada no Plan de Traballo como documentos 95 a 99:

- Documento 95. Proposta de colaboración e asesoramento legal para o deseño e articulación dun modelo xurídico-económico que permita afrontar a construción de catro novos centros hospitalarios sen incidencia nos obxectivos de estabilidade orzamentaria a que queda suxeita a Administración da Xunta de Galicia (Garrigues Abogados, abril do 2008) e documentación complementaria relacionada con este encargo.
- Documento 96. Informe sobre a definición e viabilidade do modelo xurídico para o financiamento, construción e explotación de centros hospitalarios por medio dunha sociedade mixta desde a perspectiva da desconsolidación orzamentaria (maio de 2008 Garrigues Abogados).
- Documento 97. Documento de conclusións do Informe sobre a definición e viabilidade do modelo xurídico para o financiamento, construción e explotación de centros hospitalarios por medio dunha sociedade mixta desde a perspectiva da desconsolidación orzamentaria (maio de 2008 Garrigues Abogados).
- Documento 98. Argumentario para apoiar a viabilidade do modelo xurídico para o financiamento, construción e explotación de centros hospitalarios por medio dunha sociedade mixta desde a perspectiva da desconsolidación orzamentaria (xullo de 2008 Garrigues Abogados).
- Documento 99 . Documento de síntese sobre a proposta do modelo xurídico para o financiamento, construción e explotación de



infraestruturas sanitarias por medio dunha sociedade mixta desde a perspectiva da desconsolidación orzamentaria (setembro de 2008, Garrigues Abogados).

Igualmente se verteron acusacións relativas a non ter sido aportada documentación contida no Plan de Traballo ou ter sido aportada de xeito incompleto ou directamente ocultar parte da mesma. Neste sentido aludiuse a un presunto informe de PriceWaterhouseCoopers (PwC) que non foi aportado “coa escusa da súa confidencialidade”:

“Igual que o informe de PWC que intentaron ocultar e que pon privado e confidencial. O que di respecto ao modelo de empresa pública é que se estrutura adecuadamente, pódese non consolidar a infraestrutura e o seu endebedamento nas contas públicas. É dicir, non é certo que fose a única forma de construír o Hospital Álvaro Cunqueiro a de entregarlle recursos públicos a empresas privadas. Igual que está demostrado que había dous informes de PWC, un sobre o que se fixo a exposición pública e que só tiña 21 páxinas e onde ao ámbito, o perímetro concesional soamente tiña estas concesións e logo o privado que poñía estas outras. Esta é a documentación que pretendeu ocultar o Partido Popular”

O devandito informe, elaborado no ano 2010, si forma parte de la documentación remitida ao Parlamento:

- Documento 101. “Estudio de Viabilidad Económico-Financiero de la Concesión de Obras Públicas para la Redacción del Proyecto Financiación, Construcción y Explotación del Nuevo Hospital de Vigo

En canto á presunta confidencialidade dese informe nada ten que ver nin coa Xunta de Galicia nin co Partido Popular. Ao contrario foi no seu día a propia PwC quen preguntada sobre si se podía facilitar a un terceiro acordou que non. Unha vez recibida a solicitude de acceso á información pública en base á Lei de Transparencia, na que se incluía ese estudo de PwC para a concesión do Novo Hospital de Vigo, e en estrito cumprimento do disposto no artigo 19.3 da devandita Lei, ao tratarse dun documento que non foi elaborado pola Administración senón por un terceiro e dado que no mesmo se contiña unha declaración de confidencialidade, concedeuse o prazo de quince días para a realización de alegacións,



sendo ratificado nese período o carácter confidencial do documento polos seus autores.

Non houbo ocultación de ningún tipo, nin se trata de que non se concedese o acceso ao documento porque "*o pedise a consultora*" senón que a resolución se adoptou previa estimación das alegacións formuladas no seo dun trámite previsto na normativa reguladora en materia de transparencia no seu artigo 19. No que se refire á remisión de documentación á Comisión de investigación, a resolución notificada ao particular solicitante da información non "*prexulga*" en absoluto nin determina que documentos se remitirán ao Parlamento para a súa análise, toda vez que dito envío se rexe polo Regulamento da Cámara (non pola Lei de Transparencia).

Santiago de Compostela, 31 de decembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 31/12/2024 12:16:24

Roberto Rodríguez Martínez na data 31/12/2024 12:18:08

Elena Candia López na data 31/12/2024 12:18:25

Carmen Pomar Tojo na data 31/12/2024 12:19:19

Raquel Arias Rodríguez na data 31/12/2024 12:21:00

Miguel Fidalgo Iglesias na data 31/12/2024 12:22:30

Julio García Comesaña na data 31/12/2024 12:22:43

Cristina Sanz Arias na data 31/12/2024 12:23:08



Ethel Vázquez Mourelle na data 31/12/2024 12:23:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

CSV: BGRISIRBQ/55AN6jM9-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Oscar Insua Lema, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a crise demográfica na comarca Deza-Tabeirós e Terra de Montes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise demográfica é unha realidade galega que os propios datos amosan anos tras ano, onde as defuncións superan os nacementos no noso país de xeito rutineiro segundo o INE, aínda que o desequilibrio territorial nesta cuestión é manifesto. A media de perda de habitantes entre o 2010 e o 2022 chegou ao 20,85% nos concellos de menos de 5000 habitantes, en comparanza co promedio nacional, que queda nunha cifra moito menor, achegándose ao 4% segundo datos recentes, o que explicita que se precisan políticas públicas que valoren as especificidades de cada zona en particular para paliar o problema.

É dese xeito como concellos rurais e de pequeno tamaño galegos, están nunha situación de declive poboacional que arrastran dende hai décadas, sendo máis grave na provincia de Lugo e Ourense, pero que tamén afecta xa, con datos preocupantes, ás zonas do interior de Pontevedra. É nesa área, onde se sitúa a comarca do Deza, Tabeirós- Terra de Montes que conta na actualidade con 68.662 habitantes, amosando un previsible decrecemento con respecto ao ano anterior.

A densidade de poboación é de 41 habitantes/km2 no Deza e de 52 en Tabeirós- Terra de Montes, a pesares de contar coa presenza de dúas grandes vilas que se manteñen por enriba dos 20.000. Os datos do Instituto Nacional de Estadística e do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

padrón municipal a 1 de xaneiro de 2024, aválannos para confirmar que nesta área se localizan os 4 concellos con menos habitantes por quilómetro cadrado da Provincia, cun grave descenso en número e un acusado envellecemento poboacional. Entre eles atópanse Dozón (16 hab/km²), Agolada (18 hab/km²), Rodeiro (20 hab/km²) e Forcarei (21 hab/km²), os dous primeiros os únicos da provincia que baixan dos vinte habitantes/km² e que de seguir así será xeneralizado, xa que todos teñen arredor do 40% da súa poboación cunha idade superior a 64 anos.

Os concellos máis necesitados de medidas urxentes reúnen catro características comúns: son municipios de menos de 5.000 habitantes, cun crecemento vexetativo menor ao 10% e unha taxa de variación da poboación entre 2016 a 2021 do 0%, a maiores dunha densidade do 20% ou inferior. Na devandita comarca, o consello de contas, pon o foco da despoboación nos concellos anteriormente nomeados tres dos cales, a excepción de Agolada que tivo un lixeiro crecemento poboacional de 28 persoas, perden habitantes, especialmente Dozón e Forcarei, cunha baixada de 3,2 e un 1,9 puntos porcentuais respectivamente, que pon en perigo a súa pervivencia no tempo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que medidas concretas se está a tomar nos concellos de Deza-Tabeirós/Terra de Montes para frear o acelerado ritmo de despoboación que afecta ao interior da provincia de Pontevedra e especialmente aos concellos con menos de 5.000 habitantes?

. Están os concellos anteriormente nomeados formando parte do grupo dos municipios en risco de despoboamento?

. Estanse a valorar os datos concretos destes concellos para coñecer os efectos das medidas tomadas ate o de agora para frear o despoboamento e modificalas no caso de ser necesario?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cre a Xunta de Galiza que está relacionado o problema do despoboamento destes catro concellos coa falla de servizos públicos básicos que sofren en todos os casos?

. Plantéxase restablecer os servizos sanitarios mínimos que foron minguando para combater a crise demográfica?

. Que tipo de medidas relacionadas co transporte público se están a tomar para garantir este servizo nestes concellos?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Oscar Insua Lema

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 23/12/2024 10:34:30

Óscar Insua Lema na data 23/12/2024 10:37:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Secundino Fernández Fenández e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a revacunación anual da lingua azul.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 7 de marzo de 2023 deuse comezo á vacinación obrigatoria da Lingua Azul en Galiza, levada a cabo por persoal dependente da Xunta tras a declaración de catro focos da enfermidade no noso país e coa previsión de vacinar 265.000 bovinos e 87000 ovinos dentro das zonas declaradas coma restrinxidas naquel momento e que logo foron avanzando até estenderse por todo o país.

A pesares de que a intención era que a vacinación se realizase de xeito gratuíto, isto non foi posible na súa totalidade, xa que moitos gandeiros e gandeiras tiveron que botar man de profesionais veterinarios privados que, unha vez o solicitaron, foron autorizados pola Xunta de Galiza para levar a cabo o acto clínico en cuestión, dado que o persoal dependente da Consellería, tanto o propio coma o de TRAGSA, non tiña capacidade de levar a cabo a campaña en tempo e forma, atrasando ou impedindo en moitos casos, o movemento de animais habitual no noso país, tanto a matadoiro coma con destino de vida.

A extensión da zona de movementos restrinxida dentro do país non axudou a que a vacinación se levase de xeito ordenado, atrasando incluso, a habitual campaña de saneamento que se leva a cabo dende hai anos en Galiza co agravante de que a tónica seguiu a ser a mesma o ano seguinte, no 2024, no que os gandeiros e gandeiras seguiron





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a ter que pagar en moitos casos a veterinarios privados para axilizar os trámites e as pautas vacinais e continuar a levar a cabo os movementos habituais das explotacións gandeiras, dos que depende en grande medida o resultado económico final de ditas empresas.

Malia que os problemas se sucederon a Xunta de Galiza, a través da Consellería de Medio Rural, fixo caso omiso as peticións de profesionais veterinarios e propietarios/as de explotacións, tanto de ovino coma de bovino no senso de levar a cabo o procedemento de xeito máis ordenado e eficaz para que ninguén tivese que sufrir os efectos da mala xestión sobre a vacinación da Lingua Azul, mais non obtiveron como resposta un comportamento diferente, nin unha maneira de actuar distinta. A realidade é que moitos gandeiros e gandeiras teñen que comezar de novo a pauta na actualidade dende o principio, é dicir, volver aplicar dúas doses a cada animal, debido a que en moitos casos non se cumpre coa pauta vacinal axeitada por tardanzas indebidas do persoal dependente da Xunta de Galiza, o que ocasiona graves problemas de manexo para os gandeiros e da lugar a un gasto indebido en doses que non se precisarían se o persoal que está a levar a campaña de vacinación a cabo fose o axeitado. Moitos propietarios prefiren actualmente, levar a cabo o procedemento de xeito privado e pagar polos servizos prestados que agardar pola Consellería de Medio Rural, xa que caen no risco de ter que volver comezar a pauta vacinal nos seus animais no canto de ter unha soa dose de recordo para que estes manteñan a inmunización de xeito correcto.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta escrita:

.Cal é o informe sobre o número de animais vacinados por persoal externo á xestión da Xunta de Galiza durante o 2023 e o 2024?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 23/12/2024 10:59:00

Sonia Vidal Lamas na data 23/12/2024 11:00:42

Secundino Fernández Fernández na data 23/12/2024 11:01:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a mellora do transporte terrestre de persoas na comarca do Baixo Miño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Desde que a Unión Temporal de Empresarios (UTE) de Lugove foi adxudicada pola Xunta de Galiza para xestionar o servizo de transporte público na comarca do Baixo Miño, os problemas vinculados á calidade do servizo foron en aumento, xerando unha situación insostible para os usuarios e veciños de toda a comarca.

O transporte público, que debería desenvolver un papel fundamental na mobilidade da poboación, especialmente no rural, viu minguada a súa capacidade para cubrir as necesidades básicas dos cidadáns. Ao longo dos últimos meses confirmouse reiteradamente o incumprimento dos horarios oficiais por parte da empresa concesionaria, o que xerou graves molestias aos usuarios, que se ven obrigados a agardar durante longos períodos, sen ter certeza da hora de chegada dos autobuses. Esta falta de fiabilidade nos tempos de tránsito non só crea incomodidade, senón que tamén afecta á planificación diaria das persoas, sobre todo das que dependen do transporte público para desprazarse aos seus lugares de estudo ou traballo.

A esta situación de incumprimento dos horarios súmase o problema da sobrecarga dos pasaxeiros nos autobuses. En numerosas ocasións os vehículos están totalmente cheos, o que obriga a moitos usuarios a permanecer nas paradas sen poder





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acceder ao servizo. O servizo non só non responde á demanda existente, senón que tamén está saturado, evitando que as persoas cheguen a tempo aos seus destinos, afectando tanto á súa vida persoal como profesional.

Outro aspecto alarmante é a redución da oferta nos horarios máis concorridos, sobre todo a primeira hora da mañá ou ao mediodía, o que está afectando especialmente aos que se desprazan ao campus universitario de Vigo (CUVI), aos centros educativos e aos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro. Ademais, o tempo de percorrido das liñas prolongouse considerablemente, con traxectos que duran moito máis do previsto, o que indica unha falta de planificación eficiente e unha inadecuada adaptación do servizo ás necesidades reais dos usuarios.

A pesar das reiteradas queixas e demandas presentadas polos afectados, polos colectivos sociais e veciñais, e polos grupos municipais do BNG nos diferentes concellos da comarca, a Xunta de Galicia amosou unha actitude de desatención absoluta, facendo caso omiso das propostas e solucións que se trasladaron dende diversas instancias. Esta falta de resposta institucional non fai máis que afondar na sensación de abandono que sente a poboación afectada, que observa como un servizo esencial como é o transporte público, lonxe de mellorar, vaise deteriorando progresivamente.

Un exemplo, son as diversas alegacións feitas ao anteproxecto XG883 (Comarca Baixo Miño) polo grupo municipal do BNG no Rosal, das que, so se tivo en consideración unha, que foi a de reforzar a liña das alumnas e alumnos que estudan no IES A Sagriña. Servizo, que actualmente esta sobrepasado, quedando algunhas usuarias na propia parada por non dispoñer de praza.

O transporte público nos diferentes concellos da Comarca non só é unha necesidade básica, senón que ten un papel estratéxico na mobilidade da poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto, resulta incomprensible que se xestione tan mal un servizo desta relevancia. A situación actual non só afecta aos cidadáns na súa vida diaria, senón que ten implicacións máis amplas para o conxunto da comarca.

O transporte público ineficaz contribúe á desigualdade territorial, dificultando o acceso aos servizos básicos e ás oportunidades laborais e educativas para quen non dispón doutro medio de transporte. É imprescindible, polo tanto, que se tomen medidas inmediatas para corrixir esta situación antes de que as consecuencias sexan aínda máis graves para os veciños e veciñas das localidades do Baixo Miño.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Coñece o Goberno Galego da mala situación do transporte público na comarca do Baixo Miño?
- Ten pensado o Goberno Galego exixir á UTE que xestiona este servizo que cumpra os horarios e que incremente os servizos nas horas máis críticas?
- Vai instar o Goberno Galego a que se cree unha liña directa que conecte os concellos do Baixo Miño co CUVI, así como o incremento das frecuencias?
- Vai instar o Goberno Galego a que se cree unha liña directa que conecte os concellos do Baixo Miño cos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro, así como o incremento das frecuencias?
- Ten pensado o Goberno Galego facer unha revisión dos tempos de viaxe para garantir que o transporte público colectivo sexa a opción máis óptima para as usuarias e usuarios?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que opina o Goberno Galego de que viaxeiras e viaxeiros queden en terra por falta de espazo e frecuencias insuficientes? Como pensa solucionalo?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/01/2025 10:12:07

Paulo Ríos Santomé na data 02/01/2025 10:12:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Montserrat Valcárcel Armesto e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as peticións que a Xunta de Galiza debe facer á Confederación Hidrográfica Miño-Sil coa intención de realizar melloras no río Tamuxe na parroquia de Loureza (Concello de Oia).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parroquia de Loureza, pertencente ao Concello de Oia, é unha parroquia con carácter rural, na que a actividade agraria e gandeira desenvólvese de xeito continuado dende hai xeracións. A súa situación xeográfica na parte baixa do val creado polo río Tamuxe, aflúente do río Miño, faina unha zona con alto valor ambiental e de biodiversidade.

Así e todo, nesta parroquia sitúanse as pozas de Loureza e da Bugalleira, así como as fervezas de Loureza, espazos naturais no río Tamuxe que son un atractivo turístico para o Concello de Oia.

No ano 2013 realizáronse unhas obras de levantamento dunha presa de terra e pedras e de arranxo dun rego innominado con formigón que servía historicamente para o abastecemento de auga de rego para as veciñas e veciños da parroquia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas obras resultaron nun expediente sancionador por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e a apertura dun proceso contencioso administrativo entre o Concello de Oia e dita Confederación que resultou nunha resolución negativa para o concello no ano 2017, coa conseguinte imposición dunha sanción en concepto de multa polo valor máximo para infraccións leves de 10.000€.

Paralelamente, como xeito de xustificar as obras como servizo de augas e rego ao conxunto da veciñanza da parroquia, o propio Concello de Oia no 2016 intentaba constituír a comunidade de regantes do Folón, mais segundo a propia resolución da Confederación Hidrográfica esta documentación nunca foi entregada a este organismo.

Con todo, a situación actual da zona desta presa do río Tamuxe atópase nun estado deplorable, debido, en parte, a que se substituíu a barreira de terra e pedras, pola cal se interpuxo a sanción, por terra, troncos de árbores e material plástico.

Cómpre realizar unha actuación de mellora nesta zona do río Tamuxe e dar unha solución á comunidade de regantes que demandan un uso da auga para o rego.

Actuacións deste tipo non son alleas no noso territorio como é o caso, na actualidade, da restauración do caneiro de Acea de Olga, no Concello de Lugo. Onde se desviará o curso do río Miño para solucionar o mal estado deste caneiro que xa acumula 10 anos nesa situación.

No entanto, vese preciso que a administración galega estableza un diálogo e demande á Confederación Hidrográfica os permisos necesarios para realizar as actuacións precisas para a mellora da actual presa tendo como criterios imprescindíbeis o respecto ambiental do medio e a seguridade para as persoas usuarias do río Tamuxe, xa que a actual “presa” é usada como zona de paso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Ten coñecemento o Goberno Galego do expediente sancionador incoado pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil ao Concello de Oia?
2. Ten coñecemento o Goberno Galego do estado actual da “presa” nesta zona do río Tamuxe?
3. Cre o Goberno Galego que se deben realizar actuacións que melloren o estado actual desta zona do río Tamuxe? Pensa comunicalo á Confederación Hidrográfica?
4. Pensa o Goberno galego tomar parte activa e dialogar coas administracións e organismos afectados para garantir a legalidade da comunidade de regantes do Folón?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Luis Bará Torres

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 02/01/2025 10:35:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/01/2025 10:35:45

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/01/2025 10:35:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o Plan de choque anunciado pola Xunta de Galiza para cumprir os prazos legais en materia de dependencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No último consello da Xunta de 2024 a Consellaría de Política Social anunciou un Plan de axilización e simplificación dos trámites de dependencia e discapacidade destinado a cumprir os prazos legais establecidos en materia de dependencia desde hai dezaioito anos.

Neste senso, anunciouse a bombo e prato unha batería de medidas encamiñadas a garantir que as valoracións de dependencia se realizarán nun período máximo de 6 meses, algo que fixa a Lei de dependencia desde 2006.

Entre as medidas anunciadas pola Xunta atópanse moitas que xa estaban previstas ou en aplicación, como a redución burocrática incluída no Decreto 142/2023 e a tramitación conxunta de dependencia e discapacidade prevista na Lei de acompañamento aos Orzamentos de 2025. Alén doutras que existen desde hai xa 18 anos como a creación dunha prestación económica vinculada á adquisición de servizos para aquelas persoas que se atopan no denominado limbo da dependencia, é dicir, persoas con grao recoñecido e dereito a servizo mais sen acceso a el por falta de prazos públicas dispoñíbeis.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste senso, a Xunta de Galiza non prevé actuacións de ningún tipo en dous ámbitos esenciais para garantir os dereitos das persoas dependentes e/ou con discapacidade, isto é: máis centros e prazas públicas nin máis persoal nas Equipas de Valoración e Orientación que unicamente manterán até 2027 o reforzo financiado con cargo aos fondos europeos PO FSE+ GALICIA.

Cómpre lembrar que Galiza é a cuarta comunidade autónoma con maior tempo de agarda na tramitación da dependencia. Neste senso, en abril de 2024 o tempo medio de resolución era de 371 días sendo Galiza o territorio onde máis se incrementara a demora. A finais deste ano 2024 o tempo medio situábase aínda máis lonxe, en 387 días.

Segundo o Observatorio Estatal da Dependencia, desde 2017 faleceran no noso País 6.500 persoas agardando pola tramitación das súas solicitudes, máis de dúas persoas ao día, a maior parte delas estaban á espera de acceder ao servizo ao que tiñan recoñecido dereito por lei.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Pode aclarar a Xunta en que vai investir de maneira concreta os 90 millóns de euros anunciados no marco do Plan de axilización e simplificación dos trámites de dependencia e discapacidade?

- Sen dotar de máis persoal do que xa hai as Equipas de Valoración e Orientación, como vai garantir o cumprimento dos prazos establecidos por lei de tramitar e garantir o acceso ao servizo de dependencia en 6 meses?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Tendo en conta que a principal causa de demora no cumprimento da lei de dependencia en Galiza está na falta de prazas públicas de residencia, centros de día e SAF, entre outros servizos, como vai garantir a Xunta que cumpre coas súas obrigas?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 02/01/2025 11:02:05

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2025 11:02:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a implantación do Plan galego de residencias libres de suxeicións.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En marzo de 2023 a Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Política Social, anunciou a implantación do Plan galego de residencias libres de suxeicións cuxo obxectivo é –segundo a propia Xunta– “darlle ao persoal das residencias máis ferramentas para a atención aos usuarios, crear espazos máis adaptados para facelos máis seguros e evitar así posibles caídas; e fomentar o uso das novas tecnoloxías para alertar de posibles incidencias que se produzan, coa creación das chamadas habitacións intelixentes nos centros”.

Un plan que comezou a aplicar, segundo a propia Xunta, nas residencias Torrente Ballester e Campolongo.

Porén, segundo puidemos comprobar desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego, as residencias de maiores públicas non dispoñían en decembro de 2024 nin dos medios, nin do material, nin da formación necesaria para levar a cabo as medidas previstas nese plan o que fai imposible poder cumprilo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas desenvolveu ou pensa desenvolver a Xunta de Galiza para garantir o cumprimento do Plan galego de residencias libres de suxeicións?
- Que orzamento destina o Goberno galego ao cumprimento deste plan?
- Que materiais van fornecer aos centros para dar cumprimento ás medidas previstas no plan?
- De que maneira vai garantir a Xunta de Galiza o cumprimento do plan nas residencias privadas?
- Que formación vai recibir o persoal das residencias de maneira presencial e telemática? Cantas horas e con que materiais?
- Vai ampliar os cadros de persoal a Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Ariadna Fernández González
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 02/01/2025 11:10:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2025 11:10:36





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O pasado decembro, organizado por CONFAPA Galicia, realizouse un coloquio-debate sobre acoso escolar, co obxectivo de visibilizar a terrible problemática do acoso escolar que acontece de soterrada no contexto das nosas aulas, contando cunha participación moi activa do alumnado.

Saíron a relucir algunhas cuestións nas que a Administración educativa debería reflexionar. Unha das máis relevantes foi a inadecuación dos protocolos de acoso á realidade dun alumnado con diferentes niveis de madurez e de capacidade para a xestión dunha incidencia de acoso escolar.

En moitas ocasións a perspectiva das persoas adultas respecto ao acoso impide a comprensión da percepción real das persoas implicadas nun caso de acoso escolar, en calquera dos roles posibles. Cousas tan básicas como que o funcionamento dos puntos laranxas, a estrutura e organización das charlas sobre acoso, a resolución de conflitos que iguala ao acosador co acosado, a problemática das distintas formas de acoso nos centros ou a actuación dos claustros na posta en marcha dos protocolos, foron postas de releve ao longo do debate.

A principal conclusión á que se chegou por parte das asociacións de Pais e Nais, representadas por CONFAPA Galicia, foi a necesidade de establecer o acoso escolar como un dos problema do sistema educativo, e establecer as estratexias, protocolos e procedementos reais e efectivos para loitar contra el.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 13:02:02
Nº Rexistro: 15949
Data envío: 02/01/2025 13:02:02.901

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que avaliación fai a Consellería da aplicación do protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar?
2. Ten a Consellería constancia do número de veces que se activou o protocolo? Cales foron as resolucións nos casos de activación?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 02/01/2025 12:51:50

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2025 12:51:59





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O pasado 11 de decembro a Consellería informou no Consello Galego de Universidades (CGU) do informe previo favorable da Secretaría de Universidades para a autorización do seu envío a verificación á ACSUG do grao de Dereito na Universidade Intercontinental da Empresa (UIE), para autorizar a súa implantación, unha vez sometido ao proceso de verificación, o próximo curso académico 2025-2026 e incorporación á oferta académica da Facultade de Administración de Empresas e Dereito da UIE, xunto co grao en Administración e Dirección de Empresas e o grao en Negocios Dixitais.

UIE imparte actualmente outro cinco graos, simultaneamente nos seus campus da Coruña e Vigo: entre os que se atopan Enxeñaría en Sistemas Intelixentes (unha especialidade de Enxeñaría Informática), Administración e Dirección de Empresas e Psicoloxía, que xa se imparten en todas, ou algunha como Psicoloxía, universidades públicas do SUG.

A estas titulacións únese agora Dereito que xa se imparte nas tres universidades públicas de Galicia e en 4 dos sete campus públicos da nosa comunidade.

Está claro que para a autorización das titulacións desta universidade privada non se seguen os mesmos criterios de complementariedade, titulacións non existentes e non duplicación que se esixen ás propostas de titulacións das universidades públicas, tendo en conta que o informe previo de envío a verificación é potestade exclusiva da Consellería, que unicamente informa ao





CGU do resultado. Esta situación é máis contraditoria cando ás universidades públicas non se lles autoriza incorporar estas titulacións e mesmo se lles impide incrementar as prazas nas titulacións de alta demanda xa implantadas que non cobren as necesidades da sociedade. Como denunciaron as universidades públicas no momento da autorización da universidade privada non se están utilizando os mesmos criterios de xestión e de calidade dentro do SUG o que dificulta o funcionamento e sustentabilidade do noso sistema público favorecendo á universidade privada.

O diferente trato do sistema universitario público e privado do SUG por parte da Consellería queda patente cando vemos que a UIE xa ten na súa páxina web o plan de estudos e xa se pode iniciar o proceso de inscrición cando aínda non está realizada a verificación, cuestión que non poden realizar as universidades públicas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales foron os criterios que avalaron o informe favorable a autorización de envío a verificación do grao de Dereito da UIE?
2. Que necesidade ou demanda social de Galicia cobren os novos titulados de Dereito da UIE que non estaban cubertos polas universidades públicas? Por que razón?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 13:03:14
Nº Rexistro: 15955
Data envío: 02/01/2025 13:03:14.652

Julio Abalde Alonso na data 02/01/2025 12:54:33

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2025 12:54:42

CSV: B6PIS7B9GJ15QNFNNV6-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57055

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 13:04:14
Nº Rexistro: 15960
Data envío: 02/01/2025 13:04:14.793

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No comezo do curso a situación do CEIP de Cernadas de Castro de Lousame, o único centro de primaria e ESO do concello, era altamente preocupante pola supresión de unha praza de especialista de Audición e Linguaxe e de un coidador dos dous asinados no curso 2023/2024.

Esta situación corrixiuse en parte pola incorporación aos centro do especialista en AL, pero non do coidador.

Neste CEIP de Cernadas de Castro están actualmente escolarizados 3 rapaces, un cunha enfermidade rara e dous con síndrome autista, cun alto grao de dependencia.

O curso pasado o centro dispoñía de dúas persoas coidadoras para os tres rapaces e neste curso solo hai un.

Está claro que un único coidador é totalmente insuficiente xa que os tres rapaces están escolarizados en distintos cursos e non coinciden nin na aula nin nos horarios escolares, o que supón unha deficiente asistencia aos rapaces e unha sobrecarga de traballo mais alá do esixible do único coidador/a.

Este problema non é un caso puntual e que xa máis centros fixeron as súas queixas e varias asociacións de nais e pais veñen queixándose da precariedade de recursos asinados, e incluso suprimidos, cara este alumnado con NEAE tanto de especialistas (PT e AL) como de coidadores. Aínda máis





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 13:04:14
Nº Rexistro: 15960
Data envío: 02/01/2025 13:04:14.793

dolorosa esta situación cando a Consellería publicita día tras día que o noso é un sistema educativo que ten unha maior taxa de nenos con necesidades especiais escolarizados do estado español o que require, polo tanto, un maior esforzo, mais alá das ratios, por parte de administración educativa para que a escolarización destes nenos se realice en condicións adecuadas de cada caso e non sexa mais que un slogan.

Por iso, o centro CEIP de Cernadas de Castro de Lousame precisa doutro coidador/a co fin de proporcionar unha atención de calidade ao alumnado do centro con alto nivel de dependencia.

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP a asignar ao CEIP de Cernadas de Castro de Lousame dun novo coidador/a, dado que este persoal é esencial para atender as necesidades educativas do alumnado matriculado no centro e para cumprir cos estándares de educación inclusiva e equidade?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 02/01/2025 12:56:40

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2025 12:56:48

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57057

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 13:05:30
Nº Rexistro: 15966
Data envío: 02/01/2025 13:05:30.012

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A novas publicadas recentemente son contundentes: a produción do ano 2024 na Ria de Arousa non chega a metade da produción do ano 2023 ou como titulaba un medio de comunicación en setembro do 2023 “La crisis del marisqueo hunde la facturación de las lonjas de Vilanova y Rianxo en más del 90 %.”

Esta crise pásalle factura sobre todo aos traballadores e traballadoras do marisqueo libre, tanto os que faenan a pé como en embarcación, e tamén aos pescadores de baixura e litoral: desde xaneiro do 2024 facturaron 33,45 millóns de euros, un 26 % menos que o ano pasado e un 37 % menos que a media do que vai de século, nin o incremento de prezos compensa a drástica redución de capturas cando o prezo do quilo de marisco este ano 2024 é un 43 % superior á media desde o ano 2000.

Ante todo este panorama a Consellería do Mar xa non nega a realidade: recoñece, por fin, que o cambio climático, as condicións ambientais e a contaminación están afectando a esta produtividade pero que escóndese tras xustificacións de estudos científicos, busca culpables noutras administracións e tras plans de competitividade e sustentabilidade do sector marisqueo que solo se coñece por notas na prensa.

As medidas e axudas que se anuncian non se plasman en convocatorias aos mariscadores e mariscadoras e cando se fan a carga burocrática é a tramitación fai que non chegar ou tardan en chegar aos afectados, por exemplo as axudas de 550 euros polos peches de 2023, aceleráronse por razóns





electorais do PP e cando estaban previstas para mais de 7000 beneficiarios escasamente chegaron a 4000, quedando sen abonar aproximadamente 2 M€ dos 4,5 inicialmente asignados.

Neste momento as axudas como consecuencias dos peches dos bancos do ano 2024 aínda non se sabe si serán tramitadas nin cando. No mes de novembro en Comisión parlamentaria aprobouse, por unanimidade, unha proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia que instaba a Xunta de Galicia a poñer en marcha de modo inmediata a creación dun fondo para ás axudas ás persoas traballadoras do mar afectados polos períodos de paralización da actividade, consensuadas entre a Xunta de Galicia e as confrarías, como consecuencia da baixa produtividade dos bancos marisqueiros.

Polo tanto, é urxente que a Consellería cree o fondo e poña en marcha a convocatoria que compense as perdas económicas debido aos peches dos bancos marisqueiros do ano 2024, estas axudas serán financiadas polo FEMPA, axilizando así a execución dos fondos europeos para evitar, como sucedeu na anterior período a non execución dos mesmos.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que nivel de coordinación e diálogo mantén a Consellería co sector marisqueiro extractivo para a posta en marcha das axudas necesarias para aos mariscadores/as afectados pola baixa produtividade das nosas rías?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 13:05:30
Nº Rexistro: 15966
Data envío: 02/01/2025 13:05:30.012

2. Que valoración fai a Consellería do desenvolvemento das axudas directas ao sector do marisqueo e do seu impacto na sustentabilidade do mesmo, sobre todo no número de postos de traballo?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 02/01/2025 12:59:12

Carlos López Font na data 02/01/2025 12:59:21

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

57060

@PSdeG



CSV: BGRISDRB3J5K4D4W6.2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARTICIPACION CIUDADANA

PREGUNTA DE INICIATIVA POPULAR

DESDE LA SUBDIRECCION DE LA AUTORIDAD GALLEGA DE PROTECCION AL INFORMATE, ¿SE ESTÁ PROCURANDO -DE MANERA EFECTIVA- LA IMPLEMENTACIÓN EFECTIVA DE LA LEY DE ALERTADORES EN GALICIA?

EXPOSICION DE MOTIVOS

Whistleblowing-whistleblowers en el combate a la corrupción, para ello entra en vigor en GALICIA LA “LEY DE ALERTADORES.” Que exige la IMPLEMENTACION DE CANAL DE DENUNCIAS, así como medidas de protección.

En Galicia, se crea la AUTORIDAD GALLEGA DE PROTECCION AL INFOMRANTE que depende de la VALEDORAD DO POBO.

EL ORGANIGRMA DE LA AGIP -<https://apigalicia.gal/gl/autoridade#organigrama>- SEÑALA como “.. Persoal da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI), Ricardo Pedro Ron Latas, Subdirector xeral, llamando la atención la “inexistencia” de DIRECTOR XERAL.

El personal al servicio de la AGPI se integra en la relación de puestos de trabajo de la institución del Valedor del Pueblo.

Para el nombramiento de estos, salvo ignorancia, implicó modificación del Reglamento de organización y funcionamiento del Valedor del Pueblo y el Acuerdo de la Mesa del Parlamento de Galicia, de 27 de mayo de 2024, por el que se modifica la RPT del Valedor del Pueblo.

La lectura del mismo, permite SEMBRAR DUDAS sobre el montante económico del que goza la INSTITUCION DEL VALEDOR DO POBO. LEÁSE modificación de crédito aprobada por la MESA DEL PARLAMENTO y a la FIRMA DE MIGUEL SANTALICES.

Llama la atención, ver:

“...2.1. Orzamento do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo...2.1.1. Modificacións orzamentarias...Concesión de dun suplemento de crédito no orzamento do Valedor do Pobo (doc.núm. 3444) Modificación nº 3/2024...“.....No informe favorable da Intervención xeral da Cámara sinálase que o financiamento dos 338.889,78€ da AGPI e os 7.900€ do baño ostomizado pode realizarse con cargo ao remanente de tesouraría da entidade que resultou de 825.724,46€ na liquidación do orzamento do exercicio 2023 aprobado pola cámara.....”

En definitiva el “baño osmotizado” que allí estuve, es una pileta en el baño de hombres, a no ser, que “·exista otra” en el baño de mujeres” pudiendo ser “necesario pedir explicaciones y “factura y albarán”.

Asimismo, el haber acudido a esta sede y ni tan siquiera ver “cartelería” ni un espacio concreto dentro del edificio VALEDORA DO POBO, aún genera más dudas, sobre el “cómo” se justifican las partidas.



La critica, lleva ahora, cuando se “pide memoria” de actuaciones de la AGPI

RICARDO PEDRO RON LATAS, es nombrado por “...RESOLUCIÓN do 29 de xullo de 2024 pola que se resolve o procedemento de libre designación do posto de subdirector/a xeral da institución, convocado mediante a Resolución do 5 de xuño de 2024....”

Las actuaciones del SUBDIRECTOR DE LA AGIP se dirigen -por lo menos del expediente 001 al 0014- a proponer “inadmitir” denuncias que se llevan -comunicado- por el CANAL EXTERNO, que -además- no se ajusta a la ley de alertadores.

Las resoluciones llevan la firma de la presidenta, esto es la VALEDORA DO POBOh haciendo “muy poco fiable” el trabajo de RON LATAS pues, lo mismo que INADMITE la AGIP es cursado a través de la VALEDORA DO POBO. Por ejemplo, en relacion con “...Comunicación admisión a trámite e inicio actuacións NºExp: Q/16378/24....”

En todo caso, se consta que “el mismo hecho” denunciado el mismo día en diversas instancias ha conseguido actuaciones SATISFACTORIAS frente al “desprecio” y “omisión de investigar” de la AGIP, por ejemplo, un caso que está siendo INVESTIGADO POR AESA y parte de una alerta que deriva en denuncia de la GUARDIA CIVIL. Lo mismo da cuenta CC 2 -FISCALIA DE OURENSE-.

Parejo a ello, entre medias, destaca que yo recepciono un procedimiento 000013 que “no era mío” y además, aun considerado SEN IDENTIFICACION do denunciante, a mí me llega, con intereses espurios. Tal cuestión, es “calificada” de error informática” por la dirección técnica de la AGIP. “....

Fijémonos la ultima comunicación de la AGIP “...Remítese notificación da recepción de comunicación relativa á Canle Interna do Concello de Bande co número de expediente 2024/CCE/00019....Rógase confirmación da recepción do presente correo electrónico....Saúdos.

TODO LO EXPUESTO, requiere una auditoria expresa sobre la “manera” y “criterios” para “por el mecanismo de libre designación a” a RICARDO PEDRO RON LATAS.

Además, al constar actuaciones en FISCALIA DE OURENSE, parejo a “inadmitir”, por ejemplo, DIL PREPROCESALES 273 -Fiscal TALLÓN- el alcance de la ANUENCIA se eleva a la “omisión de investigar delitos” o -simplemente trasladar información a FISCALIA, como marca el REGLAMENTO DE LA INSTITUCION.

RUEGO, A LA INSTANCIA PARLAMENTARIA actuaciones encaminadas a “controlar” la implementación de la LEY DE ALERTADORES a través de la AGIP y los mecanismos de “fomento” de la cultura de la transparencia.

Con las mismas, averiguar si se “usan correctamente” los recursos públicos haciendo esfuerzo en auditar:

-Tramitación de denuncias

-Análisis del trabajo realizado a razon de “Artículo 9. Funciones de la AGPI g) La elaboración y aprobación de un informe anual sobre la actividad de la AGPI, el cual se incluirá en el presentado anualmente por la valedora del Pueblo ante el Parlamento de Galicia, debidamente separado. Contendrá, al menos, el número y la naturaleza de las



comunicaciones presentadas, las que fueron objeto de investigación, su resultado y el número de procedimientos abiertos.

-SUPERVISION de la gestión del canal externo de comunicaciones.

-SUPERVISIÓN y ADVERTENCIA DE SANCION a las administraciones por INCLUMPLIMIENTO en crear canal de denuncias. Citese :

-CONCELLO DE BANDE Y CELANVOA que no se puede identificar en su pagina web a diferencia de CONCELLO DE MUIÑOS, en OURENSE o, el caso de DEPUTACION DE OURENSE a diferencia



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/01/2025 10:02:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 10:03:17
Nº Rexistro: 16011
Data envío: 03/01/2025 10:03:17.458

CSV: B6P1S1B2CqJEAN0016-Q
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

